

## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 44

**Sesión plenaria**  
17 de xullo de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 7. Proposicións non de lei

#### 7.1 10806 (11/PNP-001064)

##### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### **Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

#### 7.2 16478 (11/PNP-001606)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### **Francisco Rivera, Juan Carlos e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe formular a Xunta de Galicia á Deputación de Ourense derivadas das suxestións contidas no informe do Consello de Contas respecto da súa xestión económica e orzamentaria durante o exercicio 2018  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

#### 7.3 16680 (11/PNP-001626)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### **Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a reformulación que debe realizar o Goberno galego do modelo de atención primaria  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 152, do 09.06.2021

#### 7.4 17460 (11/PNP-001713)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### **Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno central da intervención pública da factoría de Alcoa, en San Cibrao  
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 158, do 23.06.2021

#### 7.5 17614 (11/PNP-001730)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### **Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para condicionar a nova concesión portuaria das instalacións do antigo Vulcano ao seu uso para actividade de construción ou reparación naval  
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 162, do 29.06.2021

#### 7.6 17662 (11/PNP-001733)

##### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### **Puy Fraga, Pedro e catorce deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da retirada do recurso interposto ante o Tribunal Constitucional respecto da reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia  
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 162, do 29.06.2021



## Punto 8. Interpelacións

### 8.1 14795 (11/INT-000865)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas posibilidades de traslado de Ence de Lourizan, na ría de Pontevedra.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 130, do 28.04.2021

### 8.2 16936 (11/INT-000986)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Queixas Zas, Mercedes e tres deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da presentación de candidaturas a Patrimonio da Humanidade pola UNESCO

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

### 8.3 17114 (11/INT-000995)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a política do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

## Punto 9. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

### 9.1 17895 (11/POPX-000037)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as previsións do presidente da Xunta para impulsar a reactivación económica de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 166, do 07.07.2021

### 9.2 17896 (11/POPX-000038)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas previstas polo presidente da Xunta para garantirlle un futuro digno á mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 166, do 07.07.2021

## Punto 10. Preguntas ao Goberno

### 10.1 17286 (11/POP-002243)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas e apoio previstas pola Xunta de Galicia ante o impacto das novas tarifas eléctricas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021



**10.2 14567 (11/POP-001972)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso presencial da cidadanía aos servizos financeiros básicos, en especial nos 45 concellos que carecen de oficina bancaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021

**10.3 7718 (11/POP-001023)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e catro deputados/as máis**

Sobre o impulso polo Goberno galego para exixirlle á empresa propietaria dos terreos da mina de Touro a elaboración e aplicación dun plan de restauración definitivo dos terreos e as augas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 20.01.2021

**10.4 17198 (11/POP-002240)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e catorce deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre o continuado atraso na tramitación da transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma no Congreso dos Deputados e de que non se materializasen aínda as bonificacións comprometidas das peaxes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021

**10.5 17885 (11/PUP-000195)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da campaña *Rachemos co Xacobeo* impulsada desde a organización xuvenil Galiza Nova contra a celebración do bienio xacobeo 2021-2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 166, do 07.07.2021

**10.6 17532 (11/POP-002276)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia para salvar os proxectos e postos de traballo da conserveira Thenaisie Provoté, do Grove

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 158, do 23.06.2021

**10.7 17887 (11/PUP-000196)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e tres deputados/as máis**

Sobre a sanción imposta polo Servizo Galego de Saúde a un facultativo xinecólogo do Hospital Comarcal de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 166, do 07.07.2021



**10.8 17891 (11/PUP-000198)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir unha asistencia sanitaria digna no centro de saúde de Seixo, no concello de Marín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 166, do 07.07.2021

**10.9 16941 (11/POP-002200)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da reestruturación dos distritos forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 155, do 16.06.2021



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá*

*O señor presidente comunica a inasistencia do deputado don Daniel Pérez López (BNG) e a súa delegación de voto para esta sesión no deputado don Daniel Castro López (BNG). (Páx. 12.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do presidente da Xunta para impulsar a re-activación económica de Galicia. (Punto noveno da orde do día.)**

*Intervención do autor: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 12.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 14.)*

*Réplica do autor: Sr. Caballero Miguez (S). (Páx. 16.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 17.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo presidente da Xunta para garantirle un futuro digno á mocidade. (Punto noveno da orde do día.)**

*Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 18.)*

*Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 19.)*

*Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 20.)*

*Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 22.)*

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno Galego ao goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol. (Punto sétimo da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 23.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 24.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Fernández Alfonzo (BNG). (Páx. 27)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 30.)*

*O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 33.)*

*O señor presidente (Calvo Pouso) pídlle ao señor Tellado Filgueira (P) que retire unha expresión referida ao Bloque Nacionalista Galego. O señor presidente retira a expresión do Diario de Sesións e chama o señor Tellado á orde. (Páx. 35.)*



**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe formular a Xunta de Galicia á Deputación de Ourense derivadas das suxestións contidas no informe do Consello de Contas respecto da súa xestión económica e orzamentaria durante o exercicio 2018.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Francisco Rivera (S.)* (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Tabarés Pérez (BNG)* (Páx. 40.) e *Sr. Ferro Iglesias (P.)*. (Páx. 43.)

*Nova intervención do señor Francisco Rivera (S.)* (Páx. 46.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a reformulación que debe realizar o Goberno galego do modelo de atención primaria.** (Punto sétimo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 47.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S.)*. (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 52.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Amigo Díaz (P.)*. (Páx. 55.)

*O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 59.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno central da intervención pública da factoría de Alcoa, en San Cibrao.** (Punto sétimo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 61.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S.)*. (Páx. 64.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Candia López (P.)*. (Páx. 67.)

*O señor Fernández Alfonso (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 71.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para acondicionar a nova concesión portuaria das instalacións do antigo Vulcano ao seu uso para actividade de construción ou reparación naval.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. González Iglesias (BNG.)* (Páx. 72.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Lago (S)* (Páx. 75) e *Sra. Egerique Mosquera (P.)*. (Páx. 78)





*Nova intervención da señora González Iglesias (BNG.) (Páx. 81.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da retirada do recurso interposto ante o Tribunal Constitucional respecto da reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 83.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 83.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 87.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 90.)*

*O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 92.)*

### ***Votación das proposicións non de lei***

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol: aprobada por 53 votos a favor, 19 en contra e ningunha abstención. (Páx. 95.)*

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe formular a Xunta de Galicia á Deputación de Ourense derivadas das suxestións contidas no informe do Consello de Contas respecto da súa xestión económica e orzamentaria durante o exercicio 2018: rexeitada por 33 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 95.)*

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre a reformulación que debe realizar o Goberno galego do modelo de atención primaria: rexeitada por 14 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 95.)*

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno central da intervención pública da factoría de Alcoa en San Cibrao: aprobada por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 96.)*

*Votación do punto 1 da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para condicionar a nova concesión portuaria das instalacións do antigo Vulcano ao seu uso para actividade de cons-*





trucción ou reparación naval: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 96.)

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para condicionar a nova concesión portuaria das instalacións do antigo Vulcano ao seu uso para actividade de construción ou reparación naval: *aprobada por 58 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 96.)

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da retirada do recurso interposto ante o Tribunal Constitucional respecto da reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia: *aprobada por 39 votos a favor, 14 en contra e 19 abstencións.* (Páx. 97.)

### ***Declaración institucional***

*O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre o brutal asasinato, o pasado día 3 deste mes de xullo na cidade da Coruña, do mozo Samuel Luíz Muñiz.* (Páx. 97.)

### ***Alteración da orde do día***

*O señor presidente anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente en adiantar o debate das pregunta 10.4. e 10.5* (Páx.)

**Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e catorce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre o continuado atraso na tramitación da transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma no Congreso dos Deputados e de que non se materializasen aínda as bonificacións comprometidas das peaxes.** (Punto décimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Calvo Pouso (P).* (Páx. 99.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 100.)

Réplica do autor: *Sr. Calvo Pouso (P).* (Páx. 101)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle).* (Páx. 102.)

**Pregunta de D. Borja Vereá Fraíz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre a valoración do Goberno galego respecto da campaña *Rachemos co Xacobeo* impulsada desde a organización xuvenil Galiza Nova contra a celebración do bienio xacobeo 2021-2022.** (Punto décimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vereá Fraíz (P).* (Páx. 103.)



Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 104.)

Réplica do autor: *Sr. Vereia Fraíz (P)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 105.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coas posibilidades de traslado de Ence de Lourizan, na ría de Pontevedra. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 107.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 110.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 114.)

### ***Debate acumulado de dúas interpelacións***

**Interpelación de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da presentación de candidaturas a Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. (Punto oitavo da orde do día.)**

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais. (Punto oitavo da orde do día.)**

Intervención das autoras: *Sra. Queixas Zas (BNG)* (Páx. 116.) e *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 119.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 123.)

Réplica das autoras: *Sra. Queixas Zas (BNG)* (Páx. 127.) e *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Universidade (Rodríguez González)*. (Páx. 131.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Marta Novoa Iglesias, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas de apoio prevista pola Xunta de Galicia ante o impacto das novas tarifas eléctricas. (Punto décimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 134.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 135.)

Réplica da autora: *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 136.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 137.)

**Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso presencial da cidadanía aos servizos financeiros básicos, en especial nos 45 concellos que carecen de oficina bancaria. (Punto décimo da orde do día.)**



Intervención do autor: *Sr. Francisco Rivera (S)*. (Páx. 138.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García)*. (Páx. 139.)

Réplica do autor: *Sr. Francisco Rivera (S)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García)*. (Páx. 141.)

**Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impulso polo Goberno galego para exixirlle á empresa propietaria dos terreos da mina de Touro a elaboración e aplicación dun plan de restauración definitivo dos terreos e as augas.** (Punto décimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 143.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 145.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións da Xunta de Galicia para salvar os proxectos e postos de traballo da conserveira Thenaisie Provoté, do Grove.** (Punto décimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 145.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 147.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 148.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 149.)

**Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a sanción imposta polo Servizo Galego de Saúde a un facultativo xinecólogo do Hospital Comarcal de Verín.** (Punto décimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Francisco Rivera (S)*. (Páx. 150.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 151.)

Réplica da autora do autor: *Sr. Francisco Rivera (S)*. (Páx. 152.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 152.)

**Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir unha asistencia sanitaria digna no centro de saúde de Seixo, no concello de Marín.** (Punto décimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 153.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 154.)

do autor: *Sr. Ríos Santomé (BNG)*. (Páx. 155.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 156.)

*Remata a sesión ás seis e seis minutos da tarde.*



*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reanudamos a sesión co punto de preguntas para resposta do presidente.

Antes debo comentar —foi aceptado pola Mesa agora— que xustifica a súa inasistencia, conforme o disposto no artigo 84.7 do Regulamento e delega o seu voto para esta sesión o deputado don Daniel Pérez López, e delega o voto na deputada dona Ana Pontón Mondelo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? É que me puxeron Daniel Pérez López, é un erro. Ben, corriximos sobre a marcha, Daniel Castro. Ben, pois a Presidencia autoriza isto. Daniel Castro López.

Comezamos, logo, coa pregunta neste caso de D. Gonzalo Caballero Miguez, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do presidente da Xunta para impulsar a re-activación económica de Galicia**

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

«La Xunta descarta mantener el refuerzo de profesorado contratado para la pandemia. Galicia, a la cola en gasto social por habitante, según el índice DEC 2020», o informe dos directores e xerentes de servizos sociais. «Centos de persoas reclaman en Santiago máis persoal e medios para residencias de maiores». «Sanidade avisa que as citas presenciais en primaria non volverán ao nivel prepandemia e calcula que farán falta dous anos para destascar as listas de espera». «Feijóo pecha 600 camas de hospital neste verán coa pandemia en situacións máis complexas».

E, como isto, os cidadáns saben que hoxe en Galicia para atopar unha cita en atención primaria hai que esperar, ás veces, ata 15 días. Listas de espera en atención primaria, o nunca visto en Galicia, que hoxe hai que esperar 18 días máis de media segundo os datos oficiais da consellería para poder entrar en quirófano ou oito días máis para unha atención por un especialista.

É o momento, señor Feijóo, de apostar polos servizos públicos e pola reactivación de Galicia. E, ao longo dos últimos nove meses houbo unha Comisión de reactivación económica, social e cultural en Galicia á que vostede lle deu as costas. Vostede, señor Feijóo, non asistiu á comisión de reactivación, incluso onte non se dignou a vir a este Parlamento a votar o ditame da comisión de reactivación, e os destinos do fondo de consenso. Ese fondo de consenso de 115 millóns de euros ao que vostedes non lle deron ningún destino ata o mes de xullo; durante seis meses deste ano, houbo 115 millóns de euros que estiveron gardados nas contas da Xunta de Galicia, no seu colchón, señor Feijóo. Mentres os galegos e as galegas non podían pegar ollo en tantas circunstancias complexas na terceira onda da pandemia, a Xunta de Galicia gardou os cartos e non os puxo nin á disposición da cidadanía nin á disposición dos concellos.



E onte mesmo vostede faltou a ese ditame, non estivo á hora de votar nin do debate das resolucións desa comisión de reactivación. É por iso que cando vemos que o Goberno da Xunta carece de política industrial, que non hai ningunha medida importante para impulsar a industria do noso país e para que vostede, que ten as competencias industriais lle dea solución aos problemas que hai na Mariña, en Ferrolterra, na Costa da Morte, no naval, que cando vostede ten as competencias en política económica non sabe que facer cos fondos europeos e seguimos sen rumbo. Que non hai impulso para a política de emprego, que rexeitan o Plan de emprego xuvenil, que con dez millóns de euros plantexamos para darlles emprego a máis de tres mil mozos e mozas galegas neste ano.

Os cartos no colchón do señor Feijóo, os cartos na Xunta de Galicia, e os galegos sen cartos cando a xunta recibiu este ano máis de 1.100 millóns de euros extraordinarios.

Tendémolle a man, señor Feijóo, e estamos decepcionados de que, a pesar da vontade de consenso e acordo que amosamos para conseguir pular conxuntamente ante a crise de maior envergadura, o Partido Popular optase polo unilateralismo e que, hoxe mesmo, vostede prefira vir a este Parlamento soamente á sesión de control, pero non onte a pactar, a acordar e a impulsar a reactivación de Galicia. Non podemos perder seis meses máis.

O Goberno da Xunta de Galicia non pode deixar orfos os galegos e as galegas. Non lles poden dar as costas a tantos cidadáns que teñen tantas dificultades. Recoñezan que son incapaces de facer unha política económica para protexer a xente. Recoñezan que non saben que facer con tan inxente cantidade de fondos que chegaron á Xunta de Galicia. Recoñezan que perderon seis meses sen poñer os fondos nin na reactivación, nin nas mans dos galegos e das galegas. E recoñezan que acaudalar fondos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...na Xunta de Galicia, no momento de maior crise económica, social e industrial do noso país nunha situación de pandemia é unha falla de respecto aos galegos e galegas que necesitan eses fondos.

E é por iso que lle volvemos a tender a man para chegar a acordos, para reconstruír Galicia, non quede na súa responsabilidade perder unha oportunidade histórica e póñanse a buscar acordos de país para sacar adiante unha situación tan complexa, temos un proxecto alternativo ao do Partido Popular, pero temos a responsabilidade de saber que, fronte á inacción do PP, que fronte á falla de compromiso cos servizos públicos, é necesario...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...reorientar esas políticas e buscar unha liña de acción que protexa os galegos e galegas.

E dicímolo porque pensamos nunha situación tan complexa na que aínda poden vir moitas curvas ao longo dos próximos trimestres. E queremos que o Goberno de Galicia acerte, porque Galicia necesita o mellor para os galegos e para as galegas.





Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Lamentablemente, señor Caballero, non quere aceptar vostede en sede parlamentaria a realidade dos feitos. Galicia é a comunidade autónoma con máis profesores por alumnos de España. Galicia foi felicitada polo Goberno de España pola xestión da pandemia. E as residencias de maiores en Galicia foron dos sistemas sociais con menor mortalidade de España. Esa é a realidade dos feitos.

Señoría, vostedes non pediron a miña comparecencia no ditame, e por iso non fun, nin o BNG, nin o Partido Socialista. Sorpréndeme que nos acuse de non gastar os fondos, que o queríamos era consensualos. Se gastamos os fondos antes do consenso, seríamos criticados por cínicos, e vostede utiliza aquí un plantexamento cínico de dicir que non gastamos os fondos que queríamos consensuar con vostede.

Señor Caballero, o Partido Socialista votou a favor das cinco epígrafes froito dunha transacción co Partido Popular e abstivéronse en todo o resto dos epígrafes do documento. E, cando chegan á votación final, votan en contra. A este tipo de plantexamentos fariseos estamos acostumados.

Señoría, vir aquí á Cámara e dicir que temos moito diñeiro e non o gastamos é outro fari-seísmo puro; 828 millóns de euros deixou de transferir o Goberno de España a Galicia por razóns ideolóxicas e por razóns partidistas, 828 millóns de euros que nos correspondían como mínimo de acordo cos criterios da poboación axustada, que son os únicos criterios que están vixentes, pero segue vostede plantexando que teño que copiar o seu modelo. ¿Cal é o seu modelo? Esta semana fixo un ano das eleccións autonómicas, o seu modelo foi o último, o peor votado nas urnas, e pídeme vostede que non só renuncie ao modelo que foi aprobado nas urnas, senón que ademais copie un modelo inexistente. Un modelo no que para Galicia hai menos e para os seus socios, Cataluña e outras comunidades autónomas, o diñeiro que lle corresponde a Galicia vai para aí.

Pero, señoría, ¿exactamente cal é a súa proposta? Non a coñecemos. De todos eses fondos que vostede di que chegan a Galicia, ¿sabe cantos pagaron? 31 millóns de euros. Deses mil e pico millóns —outra falsidade— vostedes pagan 31 millóns de euros e din que aínda non executamos o presuposto. É, cando menos, sorprendente, señoría. Onte quedou claro que somos a Administración pública de Galicia que mellor executa o presuposto.

Señoría, fomos a comunidade autónoma nesta pandemia que mellor pagou aos provedores, na metade de tempo que na medida de España. Reactivamos a nosa economía cunha reestruturación do noso presuposto de 3.000 millóns de euros. Pasamos tres plans de rescate e



financiamos as decisións en materia de saúde pública de restrición de horarios con máis de 500 millóns de euros.

Señoría, fixemos un Comité Clínico que segue traballando e segue tutelando a pandemia con criterios profesionais, sanitarios e médicos. Fixemos un Comité Económico que concretou os proxectos do Next Generation e que están presentados ao Goberno central, impulsamos o diálogo social, fixemos ese fondo de consenso para intentar que vostedes se sumaran á reactivación económica. É a primeira vez en 40 anos que un Goberno con maioría absoluta lle propón á oposición consensuar un gasto de 115 millóns de euros. Nin sequera se poñen de acordo entre vostedes. Pero imos seguir traballando, señoría; pero non me pida, por favor, que utilice o modelo que foi rexeitado nas urnas, o modelo do Partido Socialista de Galicia.

Por favor, pídame que cumpra...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...o ditame do Parlamento e acéptoo. Pídame que siga traballando por Galicia e seguirei; o que non podo, en ningún caso, é plantexar cuestións absolutamente cínicas e hipócritas, vindo aquí a dicir que tende a man e dende que son presidente vostede non tendeu a man nin un minuto.

Máis nada e moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, presidente.

Réplica, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Perplexo, quedo perplexo co nivel de argumentación do presidente da Xunta de Galicia.

Dinos o presidente da Xunta de Galicia que non vén ao Parlamento a votar a comisión de reactivación nin a estar no debate porque non o chamamos; non ten obrigas lexislativas, se non se lle chama non vén. O debate máis importante para a reactivación e ausente, a votación do ditame que, segundo el, dá tanta solución e non vén. E ¿que é o que nos di o presidente da Xunta de Galicia? Non se preocupen; eu, como Rita Barberá, como Camps, como Cifuentes, como Aguirre, como Ayuso, eu gaño as eleccións e, polo tanto, podo reducir 600 camas nos hospitais, podo iniciar o curso académico despedindo os profesores, podo recortar os servizos sociais en Galicia, podo facer o que queira porque para iso gañei as eleccións, por certo, cun nivel de votación do 48 % dos galegos con dereito a voto.

Sexa respectuoso, señor Feijóo, coa realidade do país, non lles dea as costas aos galegos e ás galegas que están tan preocupados e non intente vostede dicirlles que, cando pide unha cita no médico de cabeceira en atención primaria e lles din que ten que ser telefónica para dez días despois, vostede vailles responder: non se preocupen, que eu teño a maior absoluta, que se hai que esperar polas listas de espera, para iso me votaron. Con nós non conte así, señor Feijóo; a política é dar resposta aos problemas dos cidadáns, non é verse no espello do





Partido Popular e dicir: que grandes resultados temos, porque xa os tiveron outros moitos representantes do PP en moitos lugares e o tempo pasa para todos, señor Feijóo.

E quéroullo dicir con respecto, por suposto, a unha maioría que hai do Partido Popular, pero dicímoslle que poña os fondos nas mans dos galegos e das galegas, que poña as mans nos fondos dos concellos, que non lles dea as costas aos concellos de Galicia que estiveron a primeiro nivel respondendo fronte á pandemia a carón dos cidadáns.

Eu sei que a vostede non lle gusta o municipalismo galego, eu sei que vostede rexeita dos concellos de Galicia, e non me estraña, porque a última operación que acaban de facer en política municipal foi volver ao Goberno municipal de Ourense, porque dicían que non había indicios de corrupción, e a xuíza acaba de dicir onte que hai indicios de malversación, de delitos (*Aplausos.*), e vostedes están nese Goberno, explique o seu municipalismo, señor Feijóo.

A realidade do país é que vostedes perderon seis meses, que nestes seis meses non puxeron esa cantidade de fondos que están na xunta, máis de 1.100 millóns de euros extraordinarios, que se reparten en función de criterios obxectivos, pero vostede, que é o rei do cinismo e do fariseísmo, vostede que é capaz de dicir que hai que quitar as máscaras e logo quitarse e poñerse enriba da mesa protestando cando as hai que quitar. Vostede que dicía en outubro pasado que non ían chegar as vacinas a Galicia ata o segundo trimestre de 2021. Vostede, señor Feijóo, sabemos que é un mestre dese cinismo dende as políticas da Xunta de Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** E querémoslle dicir que os galegos e as galegas necesitan un Goberno que reactive o país, pasaron seis meses deste ano sen que houbera política económica para a reactivación, sen que deran solucións aos problemas industriais de Galicia en Ferrolterra, na Mariña, na Costa da Morte, no naval, sen que vostedes puxeran os fondos á disposición dos concellos e da cidadanía, sen que fortalezan os servizos públicos e volverán a ter a man tendida do PSdG, aínda que a rexeiten, porque o que vai vir por diante pode ser aínda moi complexo e é necesario sacar a Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...adiante. Somos unha oposición leal, pero non podemos ben-dicir nin dar complicidade a este Partido Popular que ao longo de todo este ano fracasou nas súas políticas e ao cinismo e ao fariseísmo dun presidente da Xunta que pode dicir a, b ou c...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...ou gardar os cartos mentres os galegos e galegas...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...están orfos... (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Caballero, terminou o seu tempo.

Peché da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Certamente, o tempo pasa moi rápido, señor Caballero; xa verá a rapidez do paso do tempo.

O que si está claro é que me sorprende que vostede considere que o resultados das urnas é un resultado rexeitable, simplemente porque vostede se converteu na última forza do Parlamento.

É sorprendente que veña vostede aquí a falar de execución presupostaria. Nós recibimos do Goberno central 629 millóns de euros e gastamos 90 millóns de euros máis. Ese é o resumo do resumo do que recibimos. ¿Por que gastamos 90 millóns de euros máis? Porque dedicamos o 43 % dos 170 millóns de euros a sanidade e porque dedicamos máis de 160 millóns de euros a educación. E vén vostede, simplemente, a dicir que non se executan os presupostos, cando resulta que, lamentablemente, non nos chegou o diñeiro transferido polo Goberno de España para xestionar a covid. E tamén vén vostede a plantexar non sei canto diñeiro de fondos. Pero, ¿de verdade que vostede non entendeu aínda que non é o delegado do Goberno? ¿Pero non se decata de que, cando esta comunidade autónoma recibe 828 millóns de euros máis, non pode o Partido Socialista botar peito dicindo que nos mandan unha morea de car-  
tos cando resulta que nos mandan 828 millóns de euros menos do que nos corresponde?

Señoría, é sorprendente que vostede aínda lidere o Partido Socialista. Pero non teño, pódollo asegurar, ningún interese en que deixe de facelo; pero, ¡home!, un pouco de sentido común, se non, pónllelo vostede moi fácil aos seus opositores, que, desde logo, non están neste grupo parlamentario.

Non se reactivou a economía, e resulta que Galicia é a comunidade autónoma onde máis se reduciu o paro nos últimos doce meses. Non se reactivou a economía, e resulta que en materia de produto interior bruto, Galicia leva nos últimos doce meses unha redución do 2,9 % e España unha redución do 4,2 %. Non se reactivou a economía, e estamos á cabeza das exportacións do país. Non se reactivou a economía, e melloramos 35.000 afiadados á Seguridade Social. Non se reactivou a economía, e estamos en todos os récords de superar a crise económica producida pola pandemia.

E vén vostede a falar-me dos problemas que temos no naval, o problema que temos no naval é o problema de Ferrol, que non ten as fragatas cando tiña que empezalas no ano 2018 e estamos no ano 2021. (*Murmurios.*) O problema do naval é que a SEPI non pon un euro no estaleiros galegos. O problema da Mariña, como se fora Alcoa unha responsabilidade do Goberno da Xunta, e di que si, claro, se lle dá igual. A 80 euros o megavatio e resulta que o problema de Alcoa é a Xunta de Galicia e non a súa incapacidade por unha política enerxética competitiva.

Pero, señor Caballero, ¿onde vive vostede?, ¿vostede onde vive? Na carretera da Coruña, alí en Madrid ou vive aquí entre a xente e entre o pobo. escoitar ao Partido Socialista falar do



naval e falar da Mariña lucense, iso si que é perplexo. Pero, señoría, se os cartos que mandan, nin sequera se poden executar. Os plans de rescate da Xunta de Galicia solicitárono 80.000 persoas, cobrou o 93 % dos solicitantes, unha media de 4.150 euros, e os 200 millóns que mandaron polo plan de rescate ao Goberno, preséntanse 4.000 porque non se poden cumprir os requisitos. Acabamos de ampliar o prazo ata setembro, a ver se alguén os pode cumprir. E, ¿por que non se poden cumprir os requisitos? Porque, para cobrar un euro do Goberno central, hai que acreditar ter débedas; é dicir, aqueles que pagaron co seu peto as débedas, eses non teñen dereito a axudas. É dun cinismo galopante.

Señor Caballero, lamento profundamente que vostede queira axudar a Galicia, cando realmente o que vostede quere é...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA:** ...axudarse a si mesmo.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

**Pregunta ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo presidente da Xunta para garantirlle un futuro digno á mocidade**

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señorías, estamos inmersas nunha crise de enormes proporcións que nos afecta a todos e a todas, pero moi especialmente á mocidade.

A covid veu agravar un punto de partida que xa era nefasto porque xa son demasiadas as xeracións de xente moza deste país ás que vostede, señor Feijóo, o único que lles ofrece é paro, precariedade ou emigración. E os datos son contundentes e demostran que a xente nova ten peores expectativas de vida que os seus pais e nais e que teñen que seguir collendo as maletas, como facían os seus avós e as súas avoas.

A taxa de paro xuvenil é do 27,3 % segundo o último dado da EPA, ¿sabe canto é en Alemaña, señor Feijóo? Do 6 %. A afiliación á Seguridade Social dos menores de 29 anos caeu un 41 %. Só un 30 % da mocidade ten traballo. O 56,8 % teñen un contrato temporal e cun salario que, en moitos casos, chega a ser ata un 63 % máis baixo que a media salarial de Galiza.

En consecuencia, emanciparse é misión imposible para a maioría da xente nova deste país e por iso temos a segunda taxa de emancipación máis baixa de todo o Estado español.

Desde 2009 emigraron 325.000 galegos e galegas, o 42 % tiña menos de 35 anos; e isto nun país que ten unha crise demográfica que se agudiza día a día. Cada vez somos menos e máis vellos. Entre outras razóns, señor Feijóo, porque as súas políticas expulsan a mocidade deste país. E hoxe miles de galegos e galegas desenvolven o seus proxectos vitais fóra, forman familias fóra e teñen fillos e fillas fóra.



A precariedade, o paro e a emigración non son problemas da xente nova, son problemas de país e teñen, desde logo, que ser resoltos, porque necesitamos a vitalidade da xente nova para ter unha Galiza con futuro.

E que esteamos como estamos é responsabilidade súa e de 30 anos do Partido Popular, pero vostede, en lugar de poñerse as pilas para darlle un futuro á mocidade, xa estamos vendo o que fai nesta pandemia: cero medidas para protexer o seu emprego. Iso si, dedicouse a criminalizalos durante a pandemia, mesmo intentando culpabilizalos dos contaxios, un ataque que foi sen ningún fundamento, como demostraron os cribados masivos que se fixeron no seu momento.

Despois tamén vostede usa a atalaia que ten como presidente da Xunta para tratar e mesmo emprender unha campaña precisamente contra os mozos e mozas que están denunciando o paro, a precariedade e a emigración.

Señor Feijóo, a mocidade deste país merece moito máis que traballos mal pagados que non lles permite chegar a final de mes, merecen condicións de traballo dignas, merecen poder emanciparse e que lles permitan realizar o seu proxecto de vida aquí, por iso lle pregunto, señor Feijóo, cales son as propostas do seu Goberno para darlle un futuro digno á mocidade galega. Porque é evidente que necesitamos os mozos e mozas para que Galiza teña futuro. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Agradezo moito, señora Pontón, que vostede compare con Alemaña, agradezo moito que lle gusten as políticas da CDU alemá, do Partido Popular, sería bo que o BNG anotara esta intervención fantástica, preto do Día da Patria Galega, sería bo que vostedes dedicaran a Patria Galega a lembrar as políticas de Alemaña en materia laboral, en materia fiscal, en materia de servizos públicos. É certo que o BNG ás veces di cousas moi sorprendentes.

Mire, señoría, o noso primeiro obxectivo coa xente moza é que sexa unha xente moza libre, non adoutrinada *(Murmurios.)*. Non, comprendo que a vostedes iso do adoutrinamento lles molesta, pero é certo. Un sistema educativo libre, aberto e non ideoloxizado, ese é o obxectivo número un; o segundo é buscar oportunidades de emprego, e o terceiro obxectivo, por suposto, é establecer políticas e estratexias para a xuventude.

Efectivamente, temos o sistema educativo máis equitativo de España. Cando vostedes gobernaban, o fracaso escolar era do 25,6 %, agora é da metade. Temos un 55 máis de prazas de formación profesional, cun 85 % de empregabilidade nesas prazas. 13.000 alumnos cando vostedes gobernaban tiñan clases en galego, español e inglés, hoxe superan os 100.000. En educación dixital, somos a primeira comunidade autónoma en educación primaria.



E, efectivamente, volvo reiterar: a comunidade autónoma con máis profesores por alumno e a comunidade autónoma máis accesible nos estudos universitarios; 200 millóns de euros aforraron as familias galegas para que os seus fillos poidan ir á universidade. E a única comunidade autónoma, por certo, en que o transporte interurbano é gratuito, con máis de 300.000 rapaces con menos de 21 anos que poden ir de Vigo á Coruña ou de calquera outra cabeceira de comarca a unha universidade gratis. (*Aplausos.*)

Señorías, a mocidade é o futuro de Galicia, e por iso imos seguir traballando con prioridade máxima.

Fala vostede do paro, no último ano o paro entre menores de 30 anos baixou un 31,7 %, o dobre que en España. En España o paro reduciuse un 16 %, en Galicia un 31,7 %. Pero dende que chegamos ao Goberno, dende o ano 2009 ata o de agora, o paro en menores de 30 anos reduciuse un 65 %, e fala vostede do paro. Incluso vén aquí outra vez con outra falacia, a falacia na que vostedes seguen insistindo, que é a da Galicia emigrante; señoría, pero ¿por que mente no Parlamento? ¿Por que colle e di que de Galicia se foron trescentas e pico mil persoas, pero non di que chegaron 419.800? ¿Por que non di que o total da poboación de Galicia do ano 2009 ao ano 2020 se incrementou, entre as saídas e as entradas, cun saldo positivo de 72.000 persoas? E, ¿por que oculta á mocidade galega que entre 16 e 34 anos saíron de Galicia 144.000 rapaces, pero entraron con esa mesma idade 160.000? ¿Por que non di que o saldo positivo entre saídas e entradas en Galicia é 72.000 no saldo global e 16.000 entre 16 e 39?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ¿Por que quere este planteamento lúgubre do noso país?

Mire, é unha educación libre e non ideoloxizada. Máis oportunidades para o emprego e plans de xuventude concretos.

Mire, señoría, apostar pola ideoloxía antes que nada, adoutrinar a mocidade galega e incluso intoxicala con datos que son falsos é impropio dun partido que representa unha porcentaxe non menor da poboación galega.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, creo que quen ten que aprender da dereita alemá é vostede e o seu partido, non eu. Entre outras cousas, porque é, precisamente, esa dereita quen illa a extrema dereita en Alemaña (*Aplausos.*), mentres vostedes aquí pactan co racismo, coa xenofobia, co machismo e cos que están en contra de Galiza. Quizais, señor Feijóo, estaría ben que vostede tomara nota e que mirara un pouco máis para os que están mellor e non para os que están peor.



Porque levamos moito tempo con vostede, cada vez que hai un problema, mirando a ver se hai alguén que está peor, e é que así é imposible avanzar, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

E cunha manipulación dos datos e da realidade que é terrible, eu non lle preguntei nin polo sistema educativo, nin pola universidade, pregunteille por que está pasando o desemprego no noso país. E teima en dicirnos que a xente nova non emigra. Pero, señor Feijóo, ¿non se dá conta de que a emigración é un problema gordísimo, pero que teñamos un presidente que minimiza iso convértese nunha hecatombe para Galiza, porque non vai poñer ningunha medida para solucionalo? (*Aplausos.*) ¿Pero como pode vir aquí a dicirnos que temos mellores taxas de paro?, ¿sabe por que temos menos paro en Galiza? Non porque a xente nova teña máis emprego, porque coa emigración baixa a taxa de paro e iso explica (*Aplausos.*) a situación que temos. E é unha vergoña que o presidente da Xunta veña aquí a utilizar a emigración para querer maquillar o problema económico, o problema social e o problema demográfico de futuro que significa que siga emigrando a xente nova deste país.

Veñen miles de persoas, dinos, ¿non?, sen embargo cada vez en Galiza hai menos xente. É que non se sostén de ningunha maneira. E o que menos se sostén, señor Feijóo, é que vostede veña sempre a este Parlamento a non responder as preguntas, a ignorar cal é a lóxica do debate democrático e a querer pasar por diante do que significa dar contas neste Parlamento.

Nós preguntámoslle por un problema gravísimo, que é o desemprego. Vostede hai poucos días dedicouse a atacar mozos e mozas deste país que denunciaban precisamente a precariedade, e fíxoo co único que lles é capaz de ofrecer, que é con manipulación.

Nós, claro que defendemos o sector da hostalaría; quen non o defende é vostede, que tardou nove meses en poñer nin un só euro no medio dunha crise (*Aplausos.*). Quen non defende a mocidade deste país, señor Feijóo, é vostede, que é incapaz de poñer sobre a mesa ningunha proposta en positivo; vén aquí coa bronca, coa manipulación de sempre. E a mocidade deste país merece un respecto, e nós poñémoslle propostas sobre a mesa, poñemos en marcha un plan de emprego xuvenil, porque non sei se é consciente, señor Feijóo, de que se perderon 15.000 empregos entre a xente nova, e que só 2 de cada 10 mozos recuperaron ese emprego.

Poñamos en marcha un plan de emprego xuvenil que lles dea futuro a eles e que lle dea futuro a Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Apostemos polo IMNOGAL como unha política de captación e retención de talento, poñamos en marcha políticas de vivenda.

En definitiva, señor Feijóo, imos recibir moitos fondos dos Next Generation. Utilice eses fondos para que unha nova xeración de galegos e galegas non teña que emigrar; desde logo, será moito mellor que metelos nos petos das multinacionais, que parece que é o que vostede quere. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.





Peche da pregunta, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Está claro que á señora Pontón lle gustan as políticas de Alemaña, a min tamén, xa coincidimos en algo. Teña coidado coa Constitución alemá, porque na Constitución alemá os partidos independentistas non poden estar no Parlamento. Teña coidado co modelo federal alemán, señoría, porque os *länder* teñen unha cuestión indiscutible, que é a defensa da unidade da nación alemá. (*Aplausos.*) Sería bo, señoría, que vostedes agora celebrándoo tamén fagan ese pronunciamento, sería moito máis fácil entenderse.

Fala vostede da xente que sae de Galicia, pero non mira vostede a xente que entra no país; e vostede omite que cando saían máis mozos de Galicia era cando vostedes gobernaban. No ano 2007, 14.000; no ano 2008, 13.274. Isto, evidentemente, non lles interesa. Non lles interesa dicir que o paro xuvenil baixou un 65 % dende o ano 2009 ao ano 2020; é dicir, cando vostedes gobernaban había moito máis paro xuvenil que agora, iso non lles interesa. Non lles interesa simplemente porque a vostedes non lles interesa o país. Interésalle ese país minoritario que vostedes representan. Pero a min interésame o país no seu conxunto.

A mocidade non responde ao BNG, nin responde ao Partido Socialista nin responde ao Partido Popular de Galicia, a mocidade é libre para elixir, é libre para formarse, é libre para ter unha opinión e é libre para votar. E, cando á xente nas enquisas se lle pregunta, á mocidade, como ve Galicia, pois é dos sectores da poboación que a ve con máis optimismo. Probablemente, señora Pontón, é porque a mocidade pensa por si mesma. Cando baixa o 65 % do paro dende o ano 2009 ao ano 2021, de 16 a 34 anos, vostede cre que isto é un fracaso.

Repasando o programa electoral do BNG no seu bloque de mocidade, extraín tres conclusións: primeiro, expulsar Ence da Ría de Pontevedra; segundo, insubmisión á Lonce; e, terceiro, españolización do sistema educativo. Estas son as propostas do BNG á mocidade do país.

Mire, señoría, vaia cambiando de idea; a mocidade do país é moi intelixente, moito máis libre e moito máis independente na formación da súa personalidade do que vostedes plantexan. A xuventude ten as miras postas en cuestións moito máis amplas que o nacionalismo. Vivimos, sen dúbida, tempos moi difíciles para ser mozos e por iso apostamos pola universidade, pola formación profesional e polo traballo e polo emprego. Vivimos, señoría, nunha situación complexa para a mocidade. Por iso o que non imos é nin manipulala nin mentirlle.

Se o saldo migratorio 2019-2020 é o mellor dos últimos doce anos, celebrémolo. Se ilusiona ver a diminución á metade do fracaso escolar, celebrémolo. Se incrementamos un 55 % as prazas de FP, fagámolo. Señoría, ilusiona ver como no último ano Galicia foi a comunidade que máis reduciu o desemprego en menores de 30 anos. Emociona ver como este país é capaz de financiar ao 100 % os autobuses interurbanos para que a xente se poida mover en toda Galicia sen pagar. Pero non sei por que se avergoña, se nos gobernos onde están lle cobran a todo o mundo o 100 % do prezo á xente xove e á xente moza. 40.000 persoas acaban de recoller o carné mozo, ¿por que? porque é interesante, porque o utilizan. Incentivos de máis de 3.000 euros para a contratación de mozos e mozas.



Señoría, o problema do país é a natalidade.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Fixemos unha comisión contra os problemas demográficos do país e o BNG levantouse. Trouxemos ao Parlamento unha lei, a primeira lei de España contra o reto demográfico e o BNG votou en contra. Plantexamos a primeira Lei da xuventude no ano 2012 e o BNG votou en contra. Pero, señora Pontón, polo menos nesta sesión de control sacamos algo a favor. O BNG está a favor das políticas da CDU alemá.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, presidente.

Continuamos coa orde do día; neste caso, pasamos xa a proposicións non de lei, punto sétimo.

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para A Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol**

Presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Miguel Ángel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*

*Emenda de adición*

*Debe engadirse como segundo punto da parte resolutiva o seguinte texto:*

*<<2.- Instar á Xunta de Galicia a que demande a todas as administracións públicas, especialmente ao Goberno de España, a firma dun Pacto de Estado por Ferrol que dea unha resposta conxunta aos problemas da comarca, protexa o emprego e o tecido industrial e garanta un futuro para Ferrol, Eume e Ortegal.>>)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonso, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:*

*Emenda de adición*

*Engadir o seguinte texto na parte resolutiva:*



«O Parlamento insta a Xunta de Galiza, en relación coa carga de traballo en Navantia ría de Ferrol, a esixir do Goberno do Estado:

1. A entrada da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia, tal como se contempla no Estatuto de Autonomía de Galiza e na Lei de fomento do sector naval de Galiza.

2. A constitución dun Centro tecnolóxico do sector naval.

3. A posta en funcionamento dunha mesa de traballo conxuntamente co goberno do Estado, e as federacións sindicais con representación no sector, para a elaboración e posta en marcha dun plan para a diversificación e recuperación de actividades no centro de Navantia ría de Ferrol, no que se inclúan os seguintes aspectos:

3.1 Impulsar un plan específico para recuperar a construción naval civil en Fene.

3.2 Garantir a participación directa de Navantia ría de Ferrol e da Fábrica de Turbinas nos proxectos da eólica mariña.

3.3. Impulsar un plan específico para introducir a Fábrica de Turbinas no sector das tecnoloxías para a descarbonización da mobilidade marítima.

3.4. Construír novas infraestruturas para obra nova e reparacións: talleres, diques, elementos de elevación, etc.

4. Garantías de que os proxectos de eólica mariña flotante nos que participe Navantia se realizarán no centro de Fene, mantendo a participación maioritaria de Navantia na UTE con Windar ou calquera outra empresa, e paralizano de xeito inmediato o plan da dirección de Navantia para ceder as instalacións de Fene á empresa privada Windar.»

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, presidente.

Bo día a todos.

Ferrol atravesou unha situación dramática, unha situación dantesca, pero curiosamente parece importarlle máis ben pouco ao Partido Socialista e ao Bloque Nacionalista Galego. Nos últimos meses os ferroláns fomos testemuñas dunha sangría laboral que vive a industria auxiliar do sector naval, centos de traballadores perderon o seu emprego ao longo dos últimos meses, auxiliares do naval, pero tamén auxiliares da central térmica das Pontes, abocados, exactamente á mesma situación, ao seu despedimento e a un horizonte francamente complexo, francamente difícil.

Unha situación que ten unha responsabilidade directa —directa non, directísima— no Goberno de España, Goberno de España que é titular dos estaleiros públicos da ría de Ferrol, e Goberno de España que é o responsable da decisión última que provoca o peche das centrais térmicas no noso país.



Basta saír á rúa para comprobar a situación de declive económico, industrial e laboral de Ferrolterra, unha realidade ante a que este grupo, o Grupo Parlamentario Popular, non vai caer, dende logo, na resignación, nós non imos ser indiferentes como algúns pretenden nesta Cámara.

E por iso volvemos unha vez máis a esta Cámara a denunciar a situación de abandono na que o Goberno central ten o estaleiro Navantia na ría de Ferrol e, en xeral, toda a comarca de Ferrolterra. Un abandono consciente, un abandono deliberado para acabar cun dos pulmóns industriais máis importantes de Galicia. É certo que a crise que vive a comarca non é algo novo, é unha crise cíclica que vimos arrastrando dende os anos 80, dende as primeiras reconversións do sector naval impulsadas por gobernos tamén socialistas.

Dende hai anos arrastramos problemas económicos, problemas laborais, problemas demográficos, pero, mentres dende o Goberno Galego e o Partido Popular de Galicia se fai todo o posible para facerlles fronte a eses problemas, o que atopamos é que doutro lado o Goberno de España non se involucra na busca de solucións, máis ben todo o contrario.

En apenas tres anos de mandato, Pedro Sánchez pechou a central térmica das Pontes, unha mina de ouro para a comarca do Eume en termos económicos. Paralizou os investimentos no estaleiro, perdeu contratos millonarios coa Armada de Estados Unidos ou Grecia e deixou sen carga de traballo os estaleiros de Navantia en Ferrol. Paralizou o proxecto das fragatas F-110 listos para iniciarse no ano 2018, cando aprobamos uns orzamentos que contemplaban as partidas necesarias para iniciar ese proxecto, un proxecto que podía comezar no verán de 2018 e hoxe, no verán de 2021, nada hai enriba da mesa, nada hai sobre as fragatas F-110 nos talleres de corte de chapa do estaleiro.

Este ataque ao naval, este ataque tamén á térmica das Pontes non é illado, é un ataque que ten tamén repercusións con ese ataque á industria electrointensiva, que afecta tamén á comarca de Ferrolterra, que afecta tamén ao porto de Ferrol-San Cibrao.

Somos conscientes da enorme dificultade que implica a recuperación dunha comarca tan debilitada como a de Ferrolterra. Dende o Goberno galego e dende este grupo, comprendemos que esta é unha tarefa colectiva e por iso propuxemos, xa hai algúns meses, a posta en marcha dun pacto de Estado para que todas as administracións traballasen da man para buscar solucións á complexa situación das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.

E abriuse un proceso de diálogo, diálogo cos principais axentes económicos e sociais presentes na comarca de Ferrolterra, buscando comprometer todas as administracións na activación de medidas, con prazos e orzamentos concretos, dirixidas á recuperación e á transformación industrial das tres comarcas.

Durante a primeira ronda de contactos, que tivo lugar no pasado mes de maio, a Xunta mantivo encontros con alcaldes das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, a Xunta mantivo contactos cos principais sindicatos da comarca, con asociacións empresariais, con axentes de I+D+i, e o resultado de todos eses encontros é este documento: “Pacto de Estado por Ferrolterra; 100 medidas dirixidas á recuperación de Ferrolterra”, 100 medidas que implican a



Administración central, o Goberno autonómico, o Goberno provincial e os concellos das tres comarcas. Ese é o obxectivo, colaborem os todos nun pacto de Estado que ten unha folla de ruta consensuada cos alcaldes, consensuada cos sindicatos, consensuada cos axentes económicos. E chégase a este documento, este pacto de Estado foi remitido ao Goberno central, foi remitido ao Goberno central nada máis ser aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, logo dun traballo intenso, que temos que agradecer ademais as aportacións de todos os alcaldes. O certo é o único que temos que dicir sobre isto é que, dous meses despois de remitir este documento ao Goberno de España, de remitirlle unha carta ao presidente do Goberno de España, a Pedro Sánchez, dous meses despois de que o presidente da Xunta se reunira coa vicepresidenta Nadia Calviño, e que entre os asuntos tratados nesa xuntanza se incluíra ese pacto de Estado por Ferrolterra, dous meses despois a resposta do Goberno é silencio absoluto. E eu o que lle pido aos partidos que conforman a oposición nesta Cámara e que son Goberno en España, cando menos o Partido Socialista, porque o BNG non se sabe moi ben cal é a relación que ten, é unha relación de amor/odio, depende do día, eu o que lle pido ao PSdG PSOE é que nos diga que ocorre, ¿por que o Goberno de España non se involucra neste pacto de Estado que contén medidas fundamentais para recuperar a comarca de Ferrolterra? Non pode haber pacto de estado sen Estado. Non pode haber recuperación da comarca de Ferrolterra se non se implica o Goberno de España, que é o titular dos estaleiros públicos da ría de Ferrol, que é quen pode adoptar medidas que afectan ao sector enerxético tan presente na comarca de Ferrolterra.

Nós non imos rendernos, a Xunta desenvolveu un traballo importante e a Xunta vai seguir adiante co pacto de Estado, vai seguir adiante cos compromisos contemplados neste pacto de Estado e pactados cos alcaldes da comarca, pactados cos axentes económicos. Pero, ¿que pasa co Goberno de España?, ¿por que nin sequera contesta o Goberno de España? ¿É tal a indiferenza? ¿Pinta tan pouco o PSdG PSOE no conxunto do PSOE nacional? ¿É que lles dá exactamente igual que en Ferrol se vaian centos de traballadores ao paro, que dependen deses estaleiros públicos?

Nesta iniciativa pedimos a construción dun barco ponte, un barco que permitiría dotar de carga de traballo inmediata os estaleiros da ría de Ferrol. E, ¿por que? Porque o traballo de enxeñaría esta feito. E, polo tanto, que chegue o aceiro e que se inicien os traballos de corte de chapa e os traballos nos talleres. E iso daría ocupación inmediata a toda a industria auxiliar de Ferrolterra. Que se encargue un barco ponte, levámolo pedindo anos, anos nesta Cámara. E aquí o PSdG PSOE cando pedimos o barco ponte ¿que fixo? Votar en contra, porque dixo que non era... primeiro dixo que a Armada non o precisaba, a realidade é que meses despois a Armada encargou ese barco, pero non nos estaleiros de Ferrol, senón nos estaleiros do sur. Esa é a traizón permanente do Goberno de España ao sector naval público galego e esa é a traizón do PSdG-PSOE, que, en vez de defender ante o seu propio partido os intereses de Galicia, calan a boca e convértense en cómplices dese abandono absoluto.

¿Que pedimos na nosa iniciativa? A construción inmediata, o encargo inmediato dese barco ponte. ¿A Armada española precisa ese barco? Si, si ¿Pódese facer en Ferrol de forma inmediata á volta do verán? Si, si. O BNG caeu na trampa naquilo da transformación do buque Galicia, supoño que hoxe non nos falará daquilo, porque foi un ridículo espantoso, que representa e exemplifica á perfección o pouco que pinta o BNG e o pouco que o PSOE respecta



o BNG. O PSOE diríxese ao BNG para pedirlle os seus votos para que non governe o Partido Popular en todos os sitios. O BNG acepta, con sorte consegue unha acta de concelleiro, por exemplo, de Promoción Económica nas Pontes e logo convértese en cómplice de todo o que faga o Partido Socialista. Pero, á hora da verdade, o BNG non pinta nada; o PSdG PSOE rise del, goberna con el para as cuestións aritméticas pero non pinta nada. O BNG só é útil para os membros do BNG, pero o BNG non é útil para Galicia e o BNG non é útil aos traballadores do sector naval que ao longo dos últimos meses perderon o seu traballo, diso falamos.

Na nosa iniciativa autoemendada, propoñemos dirixirnos ao Goberno de España para demandar a construción dese buque ponte e propoñemos tamén instar novamente o Goberno de España a sumarse a este pacto de Estado por Ferrol...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...non pode haber pacto de Estado sen o Estado.

E nós o que lle pedimos ao Goberno de España é algo tan básico como que responda a correspondencia recibida. Se o presidente Feijóo se dirixe ao presidente do Goberno de España...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...e lle traslada a situación de Ferrol, e o presidente do Goberno de España nin sequera contesta, ¿que podemos pensar os ferroláns?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

Señor Fernández, cando vostede queira.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Bo día.

Desculpen, estaba despistado.

Ben, a Estación de Bioloxía Mariña da Graña, na ría de Ferrol, pertencente á Universidade de Santiago de Compostela, enviou un orzamento ás administracións para realizar un estudo recompilatorio, un estudo documental previo á realización do estudo integral para a ría de Ferrol. A realización deste estudo recompilatorio foi acordado nunha reunión celebrada entre todas as administracións con competencias na ría, as tres confrarías da ría e a propia Estación de Bioloxía Mariña da Graña. O orzamento é de 3.569,50 €, 3.569,50 €, e foi enviado hai mes e medio. A autoridade portuaria aceptou a súa parte, a Xunta non contesta.





A Xunta é a día de hoxe —hai que dicilo claramente— o principal atranco para a rexeneración da ría de Ferrol. É a principal responsable como titular das competencias, titular en exclusiva e, polo tanto, principal responsable da situación da caída da produción, das demoras e dos atrancos para que poidan sequera comezarse os seus estudos previos. *(Aplausos)* Pero este abandono, esta falta de compromiso para coa rexeneración da ría de Ferrol non é unha excepción, é a norma, porque o mesmo podemos dicir da situación das Pontes, cero euros nos orzamentos da Xunta para a reactivación das Pontes. E o mesmo coa situación de Navantia, cero euros nos orzamentos da Xunta para Navantia.

O Partido Popular aínda onte se atreveu aquí a ondear a bandeira dos biocombustíbeis para a central térmica das Pontes; hai que ter valor. A xente no fío da navalla, xa con cartas de despido na man ou a piques de chegar, xa con cartas de traslado, que se van facer efectivas de xeito inmediato, e vostedes seguen como se non pasara nada, igual que hai ano e medio, e sen comprometer un peso. Esa é a verdade, poderán botarlle a culpa vostedes a quen queiran, pero non poden ocultar que son vostedes Goberno, o Goberno galego, e que este Goberno, o noso Goberno, non só non compromete nin un euro dos seus orzamentos para a transición enerxética, senón que leva ano e medio vendendo fume, e agora cando a crise comeza a ter nomes e apelidos, cando o persoal afectado reclama do seu Goberno reunións e solucións, o único que dan é a calada por resposta. O Goberno de Feixoo non existe para As Pontes.

En canto aos problemas de Ferrol, soluciónanse segundo vostedes cun BAM, a perda dun terzo da poboación, unha situación que non se deu en ningún outro lugar do Estado español, as peores ratios e envellecemento de poboación activa, de desemprego de todas as cidades galegas soluciónanse —segundo o Partido Popular de Feixoo— cun BAM. Outra bandeira de conveniencia, como a dos biocombustíbeis.

Fíxense que en Ferrol dáse unha situación moi particular. Cando un fala coa xente do sector naval: empresas, persoal, técnicos, directivos, directivas, todo o mundo ten claras dúas cousas. A primeira: oxalá puideramos facer barcos, despois veñen os peros, é certo, os hándicaps, temos custos fixos moi elevados para competir no mercado civil, non temos produto para o mercado actual, non se pode competir cos fabricantes asiáticos, non temos instalacións, etcétera. Todos teñen algo matizable de real. Pero a coincidencia é unánime: oxalá puideramos facer barcos. Porque non hai comparación en postos de traballo en nivel tecnolóxico, na variedade de actividades que concorren na construción dun buque, na riqueza que produce na zona. Non hai comparación con ningunha outra actividade, de aí que o declive económico, social e demográfico da comarca desde que se impuxeron as restricións estaba cantado.

Por iso calquera pacto ou proposta para Ferrol que reincida ou que signifique manter as restricións non é de recibo, é fume, retórica barata. A reactivación de Ferrol pasa pola reactivación de Navantia, e un Goberno que non se implique con Navantia é un Goberno que non se implica con Ferrol.

En Ferrol temos constatado o que significan as restricións á produción: crise estrutural e declive demográfico. A construción militar non é abondo para reactivar a comarca, e non é



abondo, sequera, para manter a saúde financeira da empresa. O mercado militar é un mercado cautivo, moi limitado e moi competitivo, aínda máis que o civil, no que as capacidades de negociación e a influencia política dos estados son determinantes. Onde cada vez máis os compradores esixen que se fabrique no seu territorio, e, por se fose pouco, veñen de aparecer, precisamente, dous novos competidores no mercado internacional, dificilmente superábeis: China e os Estados Unidos, que son os que se van facer cos contratos de Grecia.

O futuro do sector naval en Ferrol pasa necesariamente pola diversificación e por competir en todos os mercados sen restricións; o contrario é manter a agonía ata que, definitivamente, non quede absolutamente nada. E iso é o que levan facendo PP e PSOE desde os anos 80. O señor Tellado oculta deliberadamente en todas as súas intervencións que foi un Goberno do PP o que constituíu a actual Navantia, por exemplo, e que foi un Goberno do PP o que redactou o actual plan de empresa.

E o camiño para ser competitivos é outra cuestión —a segunda— sobre a que coincide todo o mundo no sector: ten que haber unha aposta política decidida, igual que nos demais países do mundo que teñen construción naval; sempre, en todos os casos, contan co respaldo, dun xeito ou doutro, dos gobernos, en todos os casos. Todo comeza polo recoñecemento do sector como un sector estratéxico que hai que impulsar. No noso caso tamén ten que ser así, precisamos unha aposta decidida polo sector, por Navantia, unha aposta por mellorar as infraestruturas, por cambiar o marco de axudas a nivel da Unión Europea, sobre todo unha aposta pola tecnoloxía e os produtos de alto valor engadido.

Por iso a nosa teima por facer da Unidade Mixta de Investigación Navantia-Universidade da Coruña un centro tecnolóxico de carácter permanente con financiamento estable. É incríbel que, rematando o actual convenio este ano 2021, aínda non estea o futuro da UMI asegurado. Isto dá unha idea do escaso grao de compromiso da Xunta de Galiza co sector e coa innovación. E nada disto aparece nin se menciona no seu pacto por Ferrol.

A proposta para o sector naval é que o Estado contrate un BAM, nada de que o Goberno galego se implique en Navantia, nada de recuperar actividades, nada de impulsar un centro tecnolóxico de carácter permanente para o sector.

En canto á transición enerxética, o mesmo: nada de implicarse nunha solución urxente para o persoal afectado polo peche da térmica, nada de implicarse no impulso de iniciativas industriais na vila das Pontes, nada de favorecer un cambio cualitativo no papel que veu xogando Galiza como mera produtora de electricidade para ser tamén provedora de tecnoloxía, nada de condicionar a instalación de parques eólicos a que traian proxectos industriais asociados, nada de rexenerar a ría de Ferrol, nada de impulsar dunha vez por todas o Plan reitor de usos do Parque das Fragas do Eume, nada de poñer en valor o patrimonio arqueolóxico, etnográfico e cultural da comarca.

O seu Pacto de Estado por Ferrol redúcese a que a Xunta manteña un papel residual na vida política económica galega e da comarca de Ferrol, un papel nin testemuñal, meramente residual. Unha proposta que, vindo do partido maioritario, do partido que dá soporte ao Goberno galego, produce vergoña allea.



Non imos ser indiferentes —di o señor Tellado—. ¿Canto diñeiro consignou a Xunta para As Pontes? Cero. ¿Canto diñeiro consignou para Navantia? Cero ¿Canto para rexenerar a ría? Cero. Se non é indiferenza, parécese moito. A súa é unha proposta, basicamente, unilateral, non consensuada no máis básico, unha proposta basicamente autocompracente e autoxustificativa co papel que están a xogar. Unha proposta que exime o Goberno de Feixoo de calquera responsabilidade coa gravísima crise das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, cando son precisamente os 12 anos, 12 anos de Goberno de Feixoo a principal causa desta situación. (*Aplausos.*) 12 anos dun Goberno sen proxecto de país, auditado dun pequeno grupo de empresas onde as persoas non somos máis que danos colaterais. A perda de poboación e as persoas expulsadas do sector naval, do sector enerxético, ou do traballo na ría, os peches de Siemens Gamesa, de Poligal e de tantas outras son a medida do seu éxito como gobernante. Non contén co BNG para ocultar as súas responsabilidades nin para apoiar pactos trampa con bandeiras de conveniencia para que todo siga igual.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Pois estamos aquí outra vez falando da necesidade de dotar de carga de traballo Navantia. Unha vez máis, aproveitan vostedes esa necesidade obxectiva para alimentar o relato de que hai un malvado Goberno central que conspira contra Galicia e unha xunta do PP que defende Galicia contra esa malvada conspiración, un retrato falaz pero eficaz, porque acende un instinto básico dese animal humano do que falaba Félix Rodríguez de la Fuente, o instinto de defensa, do que calquera mamífero —e todos somos mamíferos incluíndoos a vostedes— está sobradamente dotado.

Pero se o señor Feijóo —como dicía un compañeiro meu hai anos— mente coa mesma naturalidade coa que respira, como vendedor de crecepelos, señor Tellado, ten vostede moi pouca credibilidade, comezando polo feito de que ten mentido agora mesmo dicindo que nos opoñemos á construción dun BAM en Ferrol, cousa que non fixemos, xa votamos reiteradamente a favor da construción dun BAM en Ferrol. En todo caso, se vostedes coa súa formidable maquinaria propagandística, pagada con cartos públicos, repiten machaconamente que hai un inimigo exterior que trata de quitarnos o noso, e que os problemas de Navantia Ferrol son tan sinxelos que se arranxan dun plumazo no próximo Consello de Ministros —como repiten tamén—, pois ¡miren que ben! E que mundo de bos e malos pintan, no cal vostedes son moi bos e o resto somos moi malos. Pero as cousas son moi diferentes e moito máis complexas. E a atribución de todo o malo que ocorre en Galicia a un perverso inimigo exterior que nos causa sufrimento gratuito porque supostamente tería algún tipo de fixación contra nós é unha absoluta falsidade, ademais dun disparate e unha contribución á deterio-



ración das institucións, do clima político e, en suma, do Estado do que formamos parte, mal que a algúns lles pese.

Esa falacia de que España nos rouba na que viven instalados desde hai tres anos —casualmente desde hai tres anos— é tan mentirosa e tan destrutiva como o España róubanos dos separatistas cataláns. E ademais, difundindo esa falacia, vostedes contribúen a que Galicia permaneza alienada, alienada e non á fronte a causa dos seus problemas, que en parte son vostedes mesmos despois de 36 anos de gobernos narcotizantes da dereita; 34, perdón, non son 36. E non o digo por Marcial Dorado. Gobernos narcotizantes da dereita.

A realidade é que en Galicia hai problemas industriais importantes froito da conxuntura, pero tamén da falla absoluta de planificación, e a realidade é que vostedes teñen plenas competencias en materia de política industrial, aínda que parezan descoñecelo insolitamente, que non as exercen.

Barreras ten problemas moi graves, ¿por culpa do Goberno de Pedro Sánchez? É evidente que non. Vulcano quebrou, ¿por culpa do Goberno de Pedro Sánchez?, pois obviamente non. Centos de empresas galegas, non decenas, centos de empresas galegas deslocalizáronse ao norte de Portugal nos anos nos que en España gobernaba o señor Rajoy e Feijóo aquí. ¿Iso tamén é culpa do Goberno de Pedro Sánchez?, pois é moi claro que non.

Cando Gamesa se deslocaliza ao norte de Portugal, facendo o mesmo que fixeron eses centos de empresas galegas durante anos, ¿é culpa do Goberno central? Evidentemente non.

O fiasco de Pemex, que ía construír 22 barcos en Galicia e unha base loxística en Punta Langosteira e reflotar Barreras, todos eles obxectivos incumpridos, ¿é culpa do Goberno de Pedro Sánchez? Obviamente non.

¿É culpa do Goberno de Pedro Sánchez que o señor Aznar prorrogase 25 anos a concesión da AP-9 no ano 2000? Pois creo que non.

¿É culpa do Goberno de Pedro Sánchez que o Ministerio de Fomento do Goberno do señor Rajoy nos anos 2016 e 2017 fixese unha desfeita nas obras do AVE ocasionando sobrecostos e atrasos nalgúns casos de máis de dous anos, como puxo branco sobre negro un demoledor informe do Tribunal de Contas do Estado? Pois evidentemente non.

E algunhas destas cousas que veño de expoñer —e moitas máis— son culpa dos gobernos do PP no Estado e outras son culpa dos gobernos do PP na Xunta, pero moitas delas non son exclusivamente culpa deses gobernos, porque a realidade é sempre máis complexa.

E eu non vou practicar o nefasto deporte de botarlle a culpa de todo a vostedes, como fan vostedes con nós, infantilizando o nivel da política, poñéndoa ao seu nivel, señor Tellado. Degradando o nivel da nosa democracia e fozando nese lodo da antipolítica que propicia a aparición de extremismos de todo tipo, algúns dos cales están presentes no Grupo Parlamentario Popular de Galicia, na chamada sección Vox da que vostede forma parte.



Pero si é evidente que as cousas negativas que pasan nunha Galicia que leva gobernada por vostedes 34 dos 40 anos de autonomía son moito máis responsabilidade súa que dun Goberno que leva na Moncloa tres anos cunha precaria maioría parlamentaria e que tivo e ten que facer fronte á maior crise sanitaria e económica da democracia.

E ¿saben vostedes que está a facer ese Goberno central nesa crise con esa precariedade parlamentaria en Galicia? Onte mesmo autorizar o gasto para bonificar as peaxes da AP-9, unha bonificación histórica que vai implicar 2.300 millóns de euros ata o ano 2048, que corrixe o regalo que nos fixo Aznar de ampliar a concesión nada máis e nada menos que 25 anos, cando as autopistas construídas na mesma época que a AP-9, remataron xa os seus prazos de concesión ou van rematalos nos próximos anos. Esa si que foi unha aldraxe, unha auténtica aldraxe a Galicia, e vostedes aplaudían coas orellas. Vostedes crearon o problema e nós dámoslle solución a ese problema. Puideron facelo vostedes durante sete anos co señor Rajoy, pero nin se lles pasou pola cabeza pedirlle unha rebaixa dunhas peaxes que levan sendo excesivas durante décadas. En troques, si que o fai un Goberno progresista, un Goberno socialista; isto é un feito, non é unha opinión, é un feito histórico netamente positivo para Galicia, acadado por un Goberno progresista.

E ¿saben vostedes o que fixo ese Goberno progresista en 2018? Aprobar a execución e liquidación do programa das fragatas F-110, cousa que vostedes non fixeran. ¿Saben vostedes que fixo ese Goberno tamén? Aprobar en novembro de 2019 un préstamo a Navantia por 1.638 millóns de euros para construír esas fragatas, un programa de 4.325 millóns que implica o maior investimento industrial da historia de Galicia, que o actual Goberno sacou do caixón no que o tiña metido o Goberno de Rajoy. O Goberno de Rajoy, por unha cuestión duns mísiles, que *El Correo Gallego* —que non é un medio socialcomunista, nin bolivariano, por poñer un exemplo— resumiu en novembro de 2018 así: «*El Gobierno admite que Morenés frenó por interés personal las F-110 de Ferrol*». Por *interés personal*, señor Tellado. E subtitulaba dicindo que *El Correo* lle adiantou en 2013-2014 «*las maniobras del exministro para favorecer a sus empresas con perjuicio a Navantia*». —Creo que quere dicirme algo o señor Tellado, a ver se despois mo di con máis calma—. *El Correo*, señor Tellado, non un medio comunista.

E a verdade é que o dos mísiles de Morenés é moi feo, moi feo, pero poden vostedes negalo; o que non poden negar son os números, porque fronte aos seus contos están as contas de Navantia, que son públicas; e a vostede soaranlle a chino mandarín, pero, mire, teño aquí as de 2011 e as de 2017. Pódeas consultar, e as do medio tamén. Insisto: soaranlle a chino mandarín, pero din moitas cousas. Porque falan do patrimonio neto, o patrimonio neto é o valor contable dunha empresa, non ten por que coincidir co valor de mercado, pero reflicte, en teoría a imaxe fiel do patrimonio dunha empresa. E o valor patrimonial de Navantia no ano 2011, é dicir, o que deixou o Goberno de Zapatero, era de 222 millóns de euros. O patrimonio neto, pola contra, en 2017 era negativo, de -653 millóns de euros. É dicir, un buraco de 800 millóns de euros, que despois dos anos que pasou o señor Rajoy na Moncloa quedou metido en Navantia, despois de ter ese ano 2017 as maiores perdas da historia: 296 millóns de euros.

E durante os seus mandatos foron acumulándose perdas multimillonarias. En 2012: 43 millóns, en 2013: 106 millóns, 2014: 27 millóns, 2015: 166 millóns, 2016: 229, ata chegar ao





récord de 2017. Iso foi o que deixaron vostedes, unha empresa quebrada cun récord de perdas e o novo Goberno central reduciu esas perdas á metade no ano 2019 a 144 millóns de euros, a metade que vostedes en 2017, pero veu a pandemia e a crise económica, e todos os países ven reducidas as súas capacidades financeiras como consecuencia dos gastos extraordinarios que teñen que afrontar. E quen ten que desembolsar un 20 % do seu PIB nun ano para paliar os efectos da pandemia está en enormes dificultades para construír buques militares, a pesar do cal o programa das fragatas F-110 segue adiante.

A realidade é que o que deixaron 7 anos de gobernos do PP en España para o naval de Galicia foi unha Navantia en situación de insolvencia, quebrada, mantida con vida artificialmente polo Estado. E o chamado caso Pemex, sen falar dos mísiles outra vez do señor Morenés, o chamado caso Pemex que se resume no señor Feijóo anunciando antes dunhas eleccións que Pemex ía construír 22 buques en Galicia que logo quedaron en 2 e que ía situar unha base loxística de Pemex para toda Europa, en Punta Langosteira, da que nunca máis se soubo, caso, por certo, que está sendo investigado...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ:** ...en México.

E, reitero, se non fora —e remato, señor presidente— se non fora polos mísiles de Morenés, en Navantia habería carga de traballo, señor Tellado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Unha vez máis o señor Arangüena demostra que hai unha relación inversamente proporcional entre a soberbia e a pouca vergoña.

Mire, falou vostede de todo menos do pacto do Estado, e de se o Goberno de España vai sumarse ou non. Falou vostede de todo menos dos traballadores de Ferrolterra que durante os últimos meses perderon o seu posto de traballo. ¿De verdade que vostede se sente representante do Partido Socialista Obrero y Español? A realidade é que vostede só se representa a si mesmo e probablemente un pouquiño ao señor Caballero, e nada máis.

Mire, entendo que esta semana vostede non queira falar das Pontes, porque se falamos das Pontes ten medo de que lle fale dese presunto pucherazo que promovía o seu compañeiro Valentín González Formoso e que vostede tan duramente denunciou publicamente.





Miren, vostedes gobernan en España co apoio deses que vostedes critica que di que practican o discurso de España nos rouba. Non veña aquí a facer demagogia. Mire, a Ferrol non lle rouba ninguén, pero a Ferrol si lle roubaron o futuro gobernos socialistas que aprobaron reconversións navais dende os anos 80 e que mandaron ao paro moitísimas persoas e que destruíron milleiros de postos de traballo. E esa lousa sempre pesará sobre o Partido Socialista Obreiro Español. Esa é unha realidade.

Vemos que se lle fixeron longos os 10 minutos porque falou de todo menos da iniciativa, e do pacto de Estado vostede non falou absolutamente nada.

Mire, sobre as fragatas F-110, levan vostedes gobernando dende xuño de 2018, dende xuño de 2018. ¿Sabe que pasou unha semana antes de que vostedes chegaran ao Goberno a través dunha moción de censura? ¿Sabe o que pasou? O que pasou foi que o Goberno de Rajoi aprobou uns orzamentos xerais do Estado que consignaban 250 millóns de euros para esas fragatas F-110. Levan vostedes gobernando tres anos, tres anos, ¿que gastaron nas fragatas F-110? Nada, nada, esa é a realidade. Vostedes escúdanse nesa falacia dos mísiles do señor Morenés, que, se vostedes cren que hai un delito, vaian a un xulgado, pero non a utilicen como coartada para non facer nada durante os últimos tres anos nos que vostedes están á fronte do Goberno. Porque a realidade é que os estaleiros da ría de Ferrol son 100 % públicos e dependen do Goberno de España, das EPI, a responsabilidade é 100 % do Goberno de Pedro Sánchez, esa é unha realidade incuestionable.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, señor Fernández Alfonzo, son vostedes cómplices, son vostedes cómplices do que acontece, porque vostedes o fixeron presidente do Goberno, vostedes firmaron un pacto da vergoña, ese pacto entre Ana e Adriana, no que falaban do sector naval, pero ao final vostedes non pintan nada, porque vostedes son un partido calzonazos, que fan o que lles manda o Partido Socialista, apoian o Partido Socialista a cambio de nada, partido calzonazos nacionalista e galego.

Mire, claro que o BAM é unha solución a curto prazo, e as fragatas F-110 unha solución a longo prazo. Claro que o BAM resolvería o problema de forma inmediata. Claro que o BAM resolvería o problema de forma inmediata, por moito que a vostedes lles moleste, porque a súa proposta alternativa era a transformación do buque Galicia, unha proposta coa que vostedes fixeron o ridículo estrepitosamente, porque hai un mes, cando debatíamos a mesma iniciativa e a presentaba o meu compañeiro José Manuel Rey, vostede seguía nesta tribuna defendendo a transformación do buque Galicia. E ¿sabe que pasaba ese mesmo día? Que os seus socios ese mesmo día levaban o barco aos estaleiros de Andalucía. Vostedes non pintan nada, son un partido [calzonazos] (*Expresión retirada do Diario de Sesións por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) ao servizo do Partido Socialista Obreiro Español e ao servizo do señor Pedro Sánchez.

Mire, Ferrol nace no século XVIII ao servizo da Armada Española, por moito que lles moleste, da Armada Española. E ¿para que? Como sede dun arsenal militar e como sede duns estaleiros ao servizo do Estado, que ¿sabe que fan? Barcos de guerra. E iso é o que sabemos facer e diso levamos vivindo séculos, séculos.



A min o que me molesta é que o Bloque Nacionalista Galego está calmadiño, tranquilo, ás veces saen a queimar un par de rodas por aí para dicir que non hai carga de traballo, e que os traballadores despedidos se sintan representados por vostedes, pero o certo é que nunha situación moitísimo mellor que esta, nos anos de Goberno de Mariano Rajoy, vostedes incendiaban Ferrol porque non había carga de traballo. Había máis que agora. ¿E agora vostedes onde están? Vostedes están agachados, calados, gobernando co Partido Socialista alí onde poden. Son reféns do Partido Socialista, téñense convertido vostedes nun partido calzonazos.

A nosa proposta —e por iso non lle imos aceptar a súa emenda— a nosa proposta ten dúas partes.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Pedir a construción dun BAM que daría carga de traballo inmediata e pedir ao Goberno de España que se sume a este pacto de Estado.

Señor Arangüena, fale cos... —bueno, se aínda lles collen o teléfono, anden con coidado porque igual llo collen e o cesan—...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...chame vostede os seus compañeiros de partido en Madrid e pida que o señor Pedro Sánchez conteste a carta remitida polo presidente da Xunta instando a participar neste pacto de Estado...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...que resolvería moitísimos problemas dunha comarca tan dependente, tan dependente do Goberno de España.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Tellado.

Pasamos á...

Si, dígame, señora Rodil, ¿para que quere o uso da palabra?

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Si, en base ao artigo 76.3 do Regulamento, en alusións que afectan ao decoro e á dignidade do meu grupo parlamentario. Pediríalle ao señor Tellado que retire do *Diario de Sesións* a palabra ou concepto de partido calzonazos.

Se alguén non ten argumentos para defender as súas posicións e ten que insultar, o seu sitio non é o Parlamento de Galiza. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Si, silencio. Silencio, silencio. Grazas.

Señor Tellado, eu pediríalle... supoño cal era a intención, pero a verdade é que non quedou moi ben... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estou falando eu. ¿Quere vostede tamén?

Pediríalle que retirase a palabra «calzonazos» coa que se refería ao Bloque Nacionalista Galego.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Eu se a estas alturas a palabra «calzonazos», despois de todo o que lles temos que escoitar a estes señores, se considera un insulto, a verdade é que a sensibilidade da pel do nacionalismo galego chama poderosamente a atención.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Seguro que atopa vostede... *(Murmurios.)*

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Presidente, non só o retiro, senón que o reitero.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ¿Como? *(Risos.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois xa estou eu para tomar as decisións, non se preocupe.

Ben, vamos pedir que se retire das actas e ten unha chamada... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Oian, están moi nerviosos. É verdade que a pel ás veces é moi fina. Estou a falar e estou dicindo que se retire e o chamo á orde. Déixenme acabar de falar, porque é verdade que a pel moitas veces é moi sensible nalgúns casos e noutros non, *(Murmurios.)* e noutros non. Estou a pedirlle ao señor Tellado que a retire, non a retirou e dixeran que pedín que non constase no *Diario de Sesións* e chamo á orde o señor Tellado. Pero estou a facelo eu porque é a quen me corresponde, é a quen me corresponde. ¿Vale? Entón, cando acabe de facer o que teña que facer, vostedes poderán ter unha opinión, pero déixenme facer o meu traballo. Porque é verdade que ás veces parece que estamos moi sensibles, ¿vale? Continuamos.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e cinco máis, sobre as demandas...

Silencio, por favor. Silencio. *(Murmurios.)*

¿Señor Vega, quere vostede falar fóra? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, pois, home, está falando. Pero estou pedindo silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estou pedindo silencio.



**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Carlos Francisco Rivera e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe formular a Xunta de Galicia á Deputación de Ourense derivadas das suxestións contidas no informe do Consello de Contas respecto da súa xestión económica e orzamentaria durante o exercicio 2018**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas e, para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Grazas, presidente

Bo día a todos e a todas, deputados e deputadas.

Hoxe imos falar da Deputación. Cando o señor Tellado —agora ausente— falaba de pucherazos, non sabemos moi ben a que se refería. Pucherazo foi o que se deu na Deputación de Ourense no ano 2010 cando se afiliaron un cento de militantes para lle poder votar e facer presidente o actual (*Aplausos.*) inquilino desa institución. Iso si que foi pucherazo, dado que ademais foi inhabilitado como consecuencia dese tipo de acción o expresidente, o señor José Luis Baltar.

Bueno, imos falar do informe do Consello de Contas da Deputación de Ourense, informe do Consello de Contas que facía unha fiscalización selectiva das contas da Deputación de Ourense do ano 2018. Un informe absolutamente demoledor, un informe que amosa que o clientelismo, o nepotismo, o enchufismo e a dedocracia son os sinais de identidade da Deputación de Ourense. Unha institución que dende o Grupo Socialista na Deputación de Ourense, dende o PSdeG de Ourense levamos anos denunciado —ás veces en soidade, todo hai que dicilo—, dado que esta institución non é máis nin menos que un instrumento ao servizo único e exclusivo do Partido Popular, unha institución absolutamente clientelar, un entramado político, institucional e económico do que se benefician única e exclusivamente aqueles que son afíns a este Partido Popular, lonxe loxicamente de ser unha institución democrática e ao servizo do conxunto da provincia, como tería que ser o seu obxecto.

No ano 2020 un grupo de deputados socialistas da Deputación Provincial presentou no Consello de Contas un inxente conxunto de documentación que amosaba o que finalmente recolle o Consello de Contas no seu informe de fiscalización.

É verdade que este labor de oposición que levamos feito dende o Partido Socialista ao longo de moitos anos non ten sido nada fácil, porque ten sido combatida, rebatida con campañas e contracampañas polo Partido Popular naquela provincia, utilizando o seu poder mediático, o seu poder institucional e político para facer campaña de difamación e campañas de descalificación persoal contra os portavoces do partido naquela provincia. Pero, aínda así, o Partido Socialista segue denunciando todos os desmáns da Deputación Provincial de Ourense, que se recollen ademais neste informe de fiscalización do Consello de Contas.

Un informe que non amosa outra cousa que un absoluto descontrol da deputación no manexo dos fondos públicos, facendo desta provincia, ou facendo que nesta provincia, única e exclusivamente siga pervivindo ese caciquismo intemporal que dende hai décadas estraga e



esmaga a posibilidade de desenvolvemento da provincia de Ourense. Unha provincia que perde poboación continuamente, que nos últimos 50 anos perdeu 140.000 habitantes, 50 anos dos cales 40 anos na deputación está hexemonizada polo Partido Popular e por unha única familia. Unha provincia onde hai neste momento 10.000 pensionistas máis que cotizantes, nunha provincia onde hai unha brecha salarial enorme entre o que son os núcleos urbanos e os concellos de 1.000 a 5.000 habitantes, 7.000 euros de diferenza o salario e a renda media dun cidadán que vive na capital respecto dun que vive nun concello de 1 a 5.000 habitantes, que son os concellos inmensamente maioritarios na provincia de Ourense. E unha provincia que perde —insisto— poboación a pasos axigantados. Hai unha proxección do IGE para os próximos 15 anos que pon de manifesto que na provincia de Ourense se vai perder nalgunhas comarcas practicamente o 30 % da poboación: Terra de Caldelas, Terra de Trives, Baixa Limia, Ribeiro e Viana, o cal pon de manifesto que nesta provincia a acción política e as políticas desenvolvidas pola deputación ao longo dos últimos 40 anos, lonxe de axudar ao seu desenvolvemento, o que teñen feito é afogala e estragala e expulsar os seus cidadáns da propia provincia pola falta de oportunidades.

Un informe de fiscalización que pon de manifesto un xeito de facer as cousas á marxe evidentemente da lei, dío o propio informe de fiscalización do Consello de Contas. Unha conta que presenta a deputación diante do Consello de Contas que non se estima rendida porque ten defectos de tal magnitude que impiden que esa conta sexa tida en conta. Un informe con aparencia de contabilidade que non é outra cousa que..., en fin, unha conta que non obedece realmente aos datos económicos da propia deputación.

Unha deputación que no ano 2018 fixo modificacións de crédito por importe de 30 millóns de euros; é dicir, ese orzamento, que o señor presidente da deputación anuncia constantemente como a institución que primeiro presentou o orzamento no conxunto do Estado español, non vale absolutamente para nada porque finalmente o executado non coincide co orzado.

Un informe que contén graves anomalías e reflicte graves anomalías no que ten a ver co pago das facturas, coa falta mesmamente de inventario de bens na deputación, coa falta de provisión de contías para posibles preitos xudiciais. E un informe —e isto xa é o definitivo— que amosa o que todos coñecemos dende hai moitos anos, que é o nepotismo na adxudicación do diñeiro público da deputación.

O 84 % das subvencións son concedidas a dedo nominativamente, especialmente, como é lóxico, para os concellos gobernados polo Partido Popular; 8 de cada 10 contratos, é dicir, o 80 % dos contratos, son adxudicados, son contratos menores sen concorrência competitiva nin publicidade. Deses o 70 % son adxudicados a 5 empresas ligadas ao Partido Popular, e deses algunha empresa encadea a través de contratos menores ao longo do ano 2018, en concreto dúas empresas, máis dun millón de euros en contratación.

Contratación que tamén está posta en tea de xuízo polo informe do Consello de Contas, cuestiona as mesas de contratación pola falta de imparcialidade, amosando que non hai os preceptivos informes de ausencia de conflitos de intereses e unha deputación que en definitiva fai —en fin— desa institución, un Partido Popular que fai desa institución unha institución



propia e ao servizo dos seus propios intereses, como amosa o feito da contratación que o propio Consello de Contas reflicte no seu informe: o 71% do persoal da deputación, persoal laboral, polo tanto persoal contratado tamén a dedo pola propia institución, vinculados basicamente os contratados —como é lóxico— a familias e afíns ao Partido Popular. *(Aplausos.)*

Un persoal ademais que se ve gratificado de xeito absolutamente extraordinario en función da vontade da súa presidencia sen a máis mínima regulación a respecto dos incentivos que se aboan e sen o máis mínimo control sobre a existencia de conflitos de interese.

Bueno, pois esta é a situación que existe e que dimana e emana do Informe de fiscalización do Consello de Contas do ano 2018. E diante desta situación nós entendemos que este Parlamento se ten que pronunciar respecto do modelo implantado nesta deputación, dado que esta deputación manexa diñeiro público, diñeiro basicamente proveniente de transferencias do Estado, pero tamén da comunidade autónoma, e tamén da participación nos tributos do Estado e nos tributos como o IVE e o IRPF. E unha institución respecto da que o Partido Popular, e especialmente o señor Núñez Feijóo, non pode dende logo mirar para outro lado, tendo en conta que o propio señor Núñez Feijóo no seu día intentou tamén cambiar este modelo no ano 2010 sen conseguilo, pero entendendo tamén que o señor Núñez Feijóo neste momento está reo da deputación, como amosa o feito de manter un pacto letal na cidade de Ourense con tal de que non governe o Partido Socialista á conta de manter unha rede clientelar e unha rede caciquil a través da deputación única e exclusivamente para garantir os votos cando toque nas eleccións.

Polo tanto, diante deste modelo —que nós criticamos ao longo de moitos anos e que o informe do Consello de Contas ven a pór e a revelar de xeito oficial—, o Grupo Socialista con esta iniciativa o que pretende basicamente é que se cambie o modelo. E para iso o que pedimos é que este Parlamento aprobe tamén —ou demande neste caso— á deputación a aprobación dun plan único de cooperación cos concellos, do mesmo xeito que existe nas provincias de Lugo, Pontevedra e A Coruña, onde de dedique un terzo do seu orzamento a investimentos aos concellos, investimentos que os propios concellos poidan decidir de acordo coas súas necesidades. Un plan único de cooperación que existe noutras provincias, onde se adican importantes cantidades de orzamento a este. E, en tanto en canto iso non acontece, cando menos que a Deputación Provincial de Ourense suplemente o actual Plan provincial de obras...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** ... que permita —acabo xa, medio minuto— suplementar esas contías ridículas que algúns concellos reciben ao longo do ano e que non superan a cantidade de 50.000 euros.

Ademais, pedimos nesta iniciativa que se establezan criterios obxectivos na asignación das subvencións, criterios equitativos na asignación das subvencións, criterios xustos na asignación das subvencións e criterios de concorrência competitiva e...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Francisco Rivera. Grazas, terminou o seu tempo xa. Mire o reloxo, por favor. *(O señor Francisco Rivera pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si,





grazas, todo iso, xa está entendido, coñecen os deputados, está por escrito. (*O señor Franciso Rivera pronúncianse palabras que non se perciben.*) Grazas, grazas, señor Rivera, por favor, terminou o seu tempo xa. Pero mire o reloxo, por favor, non lle quero, non lle quero, non me gusta a min cortarlle a palabra a ninguén, pero, por favor, sexan un pouco colaboradores, mire o reloxo.

(*O señor Franciso Rivera pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Home, mire o reloxo, ¡como un minuto! Entón, eu vexo mal, eu debo ir ao oculista, porque eu aí vexo un minuto multiplicado por dous. Terei que ir graduar a vista, seguro, xa estou na idade.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Iago Tabarés.

**O señor TABARÉS PÉREZ:** Xa está, señor presidente, non paralice o Pleno pola miña culpa. Xa estamos preparados.

Ben, a verdade é que este... ¿Xa está? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah!, vale, vale.

Bueno, a verdade é que é un bo epílogo este último Pleno deste período de sesións deste ano, pois é un bo epílogo falar de Ourense, e falar de Ourense nos termos en que temos que falar, nos termos desta proposición non de lei, porque son practicamente os termos que cada vez, tres de cada catro veces que se amentou Ourense neste Parlamento, nesta Cámara, era por un feito negativo, por un feito dunha falcatuada do PP ou algunha discriminación da Xunta de Galiza.

Así, por exemplo, falamos polo transfuguismo do Partido Popular, a vulneración do pacto antitransfuguismo, amentouse Ourense polos casos de Viana do Bolo, de Castrelo do Miño. Tamén se amentou Ourense por outro feito negativo, como foron as represalias ante as protestas polos recortes de servizos públicos, como é o caso do paridoiro de Verín. Pola supresión de frecuencias do AVE, os prezos abusivos do traxecto de Ourense, era das poucas veces nas que tamén se amentou Ourense; que, por certo, a liña do AVE no está rematada, a liña non digan que o proxecto vai empezar este 2021, porque o AVE que cercena a cidade de Ourense, que entra pola metade, non é o AVE definitivo, ese fora o que deseñara Manolo Cabezas e Núñez Feijóo, pero non é o finalmente aprobado. Polo tanto, o AVE, estará aprobado cando se faga a variante exterior, non o deamos por finalizado antes de tempo.

E tamén falamos de Ourense cando amentamos obras públicas máis pensadas para outras finalidades que para atender as necesidades da cidadanía.

Ou tamén falamos de Ourense moitas veces polos seus cambalaches co Goberno letal de Ourense. Que, por certo, non sei se teñen previsto devolverlle a honra a Jácome ou devolverlle a dignidade á institución (*Aplausos.*) á que están mancillando, simplemente por manterse na deputación, na deputación da que falaremos a continuación.



Ben, hoxe tampouco é excepción, amentamos Ourense tamén por feitos negativos. Por certo, negativos máis non novidosos. Bueno, como poden imaxinar, do Grupo Parlamentario Socialista, porque xa foi a postura na Comisión 3.<sup>a</sup> do Bloque Nacionalista Galego pois votaremos a prol desta iniciativa. Mais eu gustaría, un pouco por iniciativa, tamén un pouco pola intervención, facerlle algunha consideración para que corrixan ao mellor un involuntario erro no que incorren e incluso sendo inxustos coas súas propias compañeiras socialistas.

Eu, en primeiro lugar, non entendo se están un pouco confundidos de adversario político, da alternativa política, pero, ben, eu niso xa non entro. Pero, en todo caso, a loita contra a contratación na Deputación Provincial de Ourense non empezou en 2020 co señor Villarino, xa empezou a finais do século pasado na Deputación de Ourense con Alfredo Suárez Canal; despois no Parlamento de Galiza, tamén con Alfredo Suárez Canal; e moitos outros, mesmo con compañeiros socialistas, como co, por exemplo, finado Miguel Cortizo. Non, esa loita non é nin recente senón que é de vello.

E, sobre as campañas, tamén non lle quero restar mérito aos seus compañeiros, nese caso compañeiro, de executiva comarcal, pero a campaña máis brutal contra unha socialista, máis inxusta, máis indigna, que a sentou nun banquillo, en concreto do Penal 2, foi contra Áurea Soto, contra Áurea Soto e de refilón contra Paco Rodríguez, e tamén inxustamente —mesmo en privado recoñecían os do PP— contra algún militante socialista, militante nacionalista. E iso non foi de Baltar, nin da CIG, nin da CIA; iso penso que teñen que mirar a casa, por iso quero recoñecerlle ese mérito de campañas difamatorias, agresivas e indignas, neste caso creo que llo teñen que recoñecer a un compañeiro seu. A Deus o que é de Deus e a quen corresponda o que corresponde.

En todo caso, é que non podo, porque me doeue politicamente e doeume tamén profesionalmente pola inxustiza que apreciei nese procedemento penal, finalmente absolto na Audiencia Provincial de Ourense.

Ben, como dicía, votaremos a favor, non só polos incumprimentos e a falla de transparencia que detecta o Consello de Contas, senón tamén polas groseiras evidencias de arbitrariedades e ilegalidades. A rendición de contas é tan brutal, é tan denigrante, que o Consello de Contas considera a conta non rendida.

Os orzamentos que aproba son unha tomadura de pelo ano tras ano, como reflicte o Consello de Contas neste informe e noutros anteriores, as modificacións, faise unha aprobación de orzamentos que despois é modificado nun 35 % dos créditos iniciais que despois nin sequera se executan, simplemente o que se reservan é licenza para caciquear.

Como falaba o compañeiro socialista, o 84 % das subvencións son a dedo; o 90, practicamente o 90 % das subvencións son a través dun sistema distinto ao ordinario, o que a lei prevé como ordinario. Seguen un sistema en que o extraordinario o converten en norma xeral. É dicir, dedocracia sen xustificar e sen explicar a razón desas subvencións, de tantas subvencións nominativas.

O 80 % dos contratos son a través de contratos menores sen fiscalización e sen control, o 80 %. E ¿como chegan a iso? Moi fácil: ou ben trocean o contrato ou ben incluso infrinxen o límite cuantitativo, todo para saltar os controis que marca a lei.



Por certo, resultado, resultado que dos contratos de obra o 24 % de todos os contratos de obra adjudicados pola deputación van á mesma empresa. ¿Casualidade? Como diría o outro: non o creo.

E o certo é que tamén é mala sorte, porque, como di o propio Consello de Contas, as poucas veces que sacan un contrato a licitación, teñen tan pouca experiencia, que incorren tamén en arbitrariedades e ilegalidades como que non se sabe por que están a conceder as baixas temerarias. Nos aproximadamente tres últimos anos, duplicaron o custo, o importe, a masa salarial de contratos laborais temporais. E tal é o descontrol na contratación de persoal da Deputación Provincial de Ourense, que o número de traballadores que lle comunican ao Tribunal de Contas difire en 100 —en número de 100— do que lle comunican ao Consello de Contas. É dicir, ao Tribunal de Contas danlle un número de cadro de persoal totalmente diferente en cando menos 100 persoas do que lle comunican ao Consello de Contas.

Pero, miren, con todo e con isto, o problema democrático que nós entendemos máis grave é que isto non é novidoso, non é novidoso e o presidente da deputación —por iso tiña que saber que cousas raras pasaban— xa foi condenado por prevaricación continuada, por un delito de prevaricación continuada pola contratación de persoal.

Polo tanto, ao mellor iso que dicía Fraga de que os do PP aprobaban as oposicións porque ían mellor preparados, ao mellor resulta que non, se non que era por esas políticas prevaricadoras e esas políticas clientelistas. Quen foi alcalde de Ourense durante 12 anos vaise sentar no banquillo por prevaricación e malversación para responder dun delito polo que lle piden sete anos de prisión, non de inhabilitación, de prisión.

Pero había máis indicios non só de consentimentos de que hai alcaldes que contratan polo concello con empresas propias, e seguen sendo alcaldes, e Núñez Feijóo sábeo e respáldao. Hai investigacións da OLAF, da Unión Europea —ou houbo—, que non foron adiante e que a deputación no tivo que devolver dez millóns de euros simplemente por prescripción; é dicir, que esa malversación, ese clientelismo era, incluso, denunciado por institucións da Unión Europea, non polo Bloque Nacionalista Galego.

E incluso existen informes do Consello de Contas de 1998 ou de 2005 que practicamente reproducen o mesmo que reproduce ou que indica este informe de 2021 sobre a conta de 2018. É dicir, que están tolerando e están consentindo, mesmo están fomentando, amparando e agora negociando con Jácome o mantemento deste sistema corrupto e, dende logo, absolutamente ilegal.

E, por certo, creo que ao mellor agora o tempo lles permitiu poder examinar un pouco máis o asunto, non vale a desculpa da Comisión 3.<sup>a</sup>, de autonomía municipal, porque tanto o Estatuto de autonomía, que ao mellor xa lle deu tempo a ler, como a Lei de administración pública de Galiza, como a Lei de bases de réxime local, atribúen á comunidade autónoma a tutela financeira das entidades locais. Por tanto, o que se lle pide é perfectamente legal, posíbel e democraticamente esixíbel.

Por certo, as consecuencias de todo isto, como falaba o compañeiro socialista: perdemos po-  
boación, aproximadamente nos últimos 20 anos a un ritmo de cinco diarios, e, por certo,



hai que corrixir seguramente tamén un erro involuntario do presidente da Xunta. Dende que el goberna, Ourense perdeu 23.500 mozos e mozas de entre 14 e 30 anos. O certo é que pode ser que, efectivamente, non teña razón Castelao e o galego non protesta, emigra, ou que agora non sexa así, senón que teña razón Manolo Rivas, senón que o galego —ourensán neste caso— non protesta, simplemente non nace. Pero o certo é que perdemos durante estes últimos 20 anos a ritmo de 5 cidadáns e cidadás diarios.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tabarés.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario Popular, señor Ferro.

**O señor FERRO IGLESIAS:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Contan que Einstein cando coñeceu a Chaplin lle dixo: «admírote moito porque, sen dicir unha soa palabra, todo o mundo te entende». E Chaplin que lle replicou: «Pois creo que ti es máis grande porque todo o mundo te admira sen entender nin unha soa palabra das que dis». (*Aplausos.*)

Isto é simplemente para intentar achegar posturas, sobre todo neste tema tan trillado, tan falado, tan visto, tanto en Ourense como agora en Santiago polo que vexo. Creo que podemos achegar posturas ou definirnos claramente, polo menos. A ver se hoxe o podemos conseguir.

Por certo, o PP de Ourense no ano 2010, e moi mal non debeu escoller cando aínda seguimos tendo o mesmo presidente, noutros partidos os cargos son máis efémeros.

Miren, como moi ben saben, a Xunta de Galicia non ten competencias, señor Iago Tabarés, non ten competencias sobre os procesos de contratación e subvencións que levan a cabo nin as entidades locais nin as deputacións provinciais. Os órganos competentes tanto na tramitación da adxudicación dos procedementos de contratación pública como de concesión de subvencións son as respectivas deputacións provinciais. A Xunta de Galicia non ten nin competencias nin intervéñen neste tipo de procesos nin na Deputación de Ourense nin en ningunha das demais deputacións provinciais galegas. Non é a Xunta de Galicia senón a lexislación vixente a que ampara os procesos de contratación e concesión de subvencións das deputacións e dos concellos.

Ademais as deputacións provinciais gozan de autonomía local recoñecida na Constitución española e na Carta europea de autonomía local de 1985. Efectivamente, no artigo 141 da Constitución establécese que a provincia é unha entidade local cuxo goberno e administración corresponde ás deputacións, pero cun matiz fundamental, que é que se lles recoñece



autonomía. Pola súa banda, a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, en desenvolvemento da Constitución concreta esa autonomía engadindo que será para a xestión dos seus intereses.

E na mesma liña a Carta europea de autonomía local de 1985, ratificada por España en 1988, entende por autonomía local *«el derecho y la capacidad efectiva de las entidades locales de ordenar y gestionar una parte importante de los asuntos públicos en el marco de la ley bajo su responsabilidad y en beneficio de sus habitantes»*.

Como se ve, as entidades locais, nomeadamente as deputacións provinciais, na súa actuación están amparadas pola autonomía local para a xestión dos seus intereses dentro do marco das súas competencias. E, polo tanto, cando levan a cabo eses procesos de contratación e concesión de subvencións dentro das súas competencias actúan con autonomía sometidas á lei por suposto e baixo a súa responsabilidade.

A maiores disto, o noso ordenamento xurídico prevé mecanismos de control para as entidades locais, con independencia do control que xa fan os xulgados nos termos da Constitución, porque, loxicamente, a súa autonomía non é ilimitada e existen mecanismos de control, mecanismos internos de fiscalización xurídico-económica sobre a legalidade dos seus actos, que fan os secretarios e os interventores destas entidades; e mecanismos externos a través da fiscalización económica, financeira e contable do Consello de Contas, Tribunal de Contas, a través da institución do Valedor do Pobo no relativo ao control do cumprimento das obrigas en materia de transparencia e información pública. E, sumado ao anterior, as deputacións provinciais están sometidas á fiscalización tamén por parte dos políticos, dos deputados e das deputadas que integran os propios plenos das deputacións.

Polo tanto —insisto— nin a normativa aplicable en materia de subvencións públicas nin a aplicable en contratación pública dá a posibilidade de efectuar máis control dos que acabo de indicar. A Xunta só pode fiscalizar actos que invadan as súas competencias e o cumprimento de condicións e criterios no caso de subvencións ou contratacións que se convocan e adxudican dende a propia Administración autonómica. Por iso a Xunta non pode valorar ou analizar como se están a cumprir ou deixar de cumprir os actos ou procesos adoptados no seo das deputacións provinciais e no resto das entidades locais. Isto, como sabe, sería unha inxerencia na autonomía local sen sentido nin fundamento ningún máis aló dun intervencionismo inaceptable no sistema democrático que temos.

Señor Rivera, na súa proposición non de lei tamén queda claro que están obcecados con que a Deputación de Ourense faga o mesmo que as demais deputacións galegas. Para vostedes o milagre dos pans e dos peixes é o plan único, con iso solucionamos todo. Están sempre comparando as catro deputacións galegas e saben perfectamente que non teñen comparación nin semellanzas nin por extensión, nin por habitantes, nin por número de municipios, nin sequera por orzamentos, e moito menos, e loxicamente como todos saben, nin moito menos polos seus gobernos.

As deputacións galegas só se parecen nunha cousa: os seus gobernos, os seus, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, gobernan na Deputación de Lugo, na Deputación de





Pontevedra e na Deputación da Coruña. E gobernan á súa maneira, ao seu xeito e parece que a Deputación de Ourense, os de Ourense non podemos gobernar desa maneira. Somos un Goberno lexítimo, lexitimado polos ourensáns e, polo tanto entendemos a cooperación cos concellos, entendemos como é a nosa provincia, non ignoramos as súas peculiaridades e singularidades do noso territorio e gobernamos así.

Mire, voulo dicir claramente para pechar este tema. Nós non queremos o seu único plan, non o queremos. Nós queremos moitos plans, moitos plans de cooperación municipal cos concellos, moitos plans de cooperación coas mancomunidades, coas seis que temos. Plans de acción social, plans para o desenvolvemento empresarial, comercial, turístico, tecnolóxico... Plans para a prevención e loita contra incendios forestais. Recordoullo onte aquí o conselleiro do Medio Rural: a Deputación de Ourense, a única deputación galega que firmou o convenio con Medio Rural para mercar tractores desbrozadoras. Plans de accións culturais, plans contra a seca, plans de servizos de emerxencia.

Miren, a Deputación de Ourense escoita, analiza e prioriza as súas políticas en base ás peticións que recibe; o contrario é repartir cartos e punto.

A Deputación de Ourense, como saben, ademais aposta por moitos servizos que as outras deputacións non prestan: a recollida do lixo, a xestión das vías provinciais, a xestión directa, o financiamento dos GES na parte que terían que achegar os concellos, o Consorcio Contra Incendios, é a única xestión que coopera na xestión do ciclo da auga, máis aló da dotación de infraestruturas. Ofrecemos programas de empregabilidade, axudas á mocidade, natalidade, Ben Ourense, rede de auditorios e un longo etcétera.

Tamén foi a única deputación que axudou os autónomos nesta situación de pandemia, a pesar de que algúns o quixeron evitar.

Mire, hai que ter un pouco de ousadía, por non dicir outra cousa, para vir aquí falar da Deputación de Ourense como unha deputación de clientelismo e nepotismo, cando Sánchez, o noso Goberno central: «*Sánchez investirá un 20 % menos en Galicia, pero disparará un 52 % o diñeiro para Cataluña*». E o titular de abaixo, o segundo titular: «*Las comunidades gobernadas por los socialistas, entre los territorios donde más crece el presupuesto*». Pero isto non é nepotismo, isto non é dedocracia, isto non é nada diso que ten a Deputación de Ourense.

E, mire, non imos falar das contratacións, señor Rivera, eu non quero entrar a falar das contratacións de persoal nin na Deputación de Ourense nin no seu concello de Verín.

Mire, o Consello de Contas di moitas cousas, pero moitas cousas tamén doutros concellos, non só da Deputación de Ourense. Nós non as imos mencionar. Pero tamén di que a Deputación de Ourense prestou a colaboración necesaria para realizar os traballos de campo, achegou a documentación necesaria, cumpriu cos prazos de requirimentos en forma e prazo, e, como dixo onte no estrado un compañeiro noso de todos, aínda que é do meu partido, as recomendacións do Consello de Contas hai que velas como positivas porque nos deben obri-  
gar a mellorar, que é o noso obxectivo, seguir mellorando.





Ademais non hai reparos de legalidade formulados por Intervención, cumprimos o principio de estabilidade orzamentaria, endebedamento, regra de gasto, período de pago a provedores; todos os contratos están publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público, todos, sen excepción, todos contan con informes favorables dos servizos de Secretaría e Intervención. E as subvencións nominativas son perfectamente legais, as da Deputación de Ourense e as das outras deputacións galegas.

O que queda claro, señorías, con esta PNL é que vostedes predicán sempre unha cousa cando están gobernando e a contraria cando están na oposición.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ferro.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Grazas, presidente.

Si, bo día novamente.

Señor Ferro, eu que lle teño, como ben sabe, aprecio persoal, xa lle dixen na comisión que fixo vostede un papelón e hoxe acaba de repetilo. Eu... en fin, cando me fala de contratacións e me cita o concello de Verín, eu non sei... En fin, hai que ter un pouquiño de pudor para este tipo de cuestións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai que ter un pouquiño de pudor, hai que ter un pouquiño de pudor porque eu teño aquí 250 persoas afiliadas, vinculadas ao Partido Popular que traballan ou traballaron na Deputación de Ourense. ¿Quere que lle empece con nomes e apelidos, porque igual algún se senta nesta Cámara? *(Aplausos.)* Igual algún se senta nesta Cámara.

E pódolle facer unha táboa de Excel... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio, por favor.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Non sei se a señora Candia ten algo que dicir, se está no debate. *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)*

Podemos facer unha táboa de Excel nomeadamente relacionando os netos, fillos, primos, sobriños, cuñados, cuñadas, noras, noros e demais familiares vinculados do Partido Popular á Deputación de Ourense. Por tanto, é lamentable, é lamentable que vostede veña aquí *(Aplausos.)* cun caso absolutamente fabulado, fabulado, a establecer algún tipo de comparación ao respecto. E por respecto a vostede non vou dar algún dato, porque, en fin, non é obxecto desta iniciativa.

En relación coa iniciativa, coa fiscalización que fai o Consello de Contas das propias contas da Deputación do exercicio 2018, non é un feito illado, porque recentemente o *Diario Oficial de Ga-*



licia o día 5 de xullo publicaba a listaxe de subvencións concedidas na Deputación de Ourense neste ano, no ano 2021, nos primeiros catro meses. E adiviñe vostede do 1.200.000 euros case quen levou 1.050.000: 18 concellos do Partido Popular. *(Aplausos.)* 140.000 euros leváronos 4 concellos en que non goberna o Partido Popular. Pero é que eses 18 concellos do Partido Popular suman 20.000 habitantes e os 4 concellos, 18 concellos do Partido Popular suman 20.000 habitantes, e os 4 concellos que non son do Partido Popular suman 24.000 habitantes.

Polo tanto, o que está facendo a Deputación é asignar os cartos públicos a dedo aos concellos do Partido Popular independentemente das necesidades do conxunto da cidadanía, en función loxicamente de onde viva e quen governe nese concello.

E iso é o que nós denunciámos. Por iso traemos este tipo de iniciativas aquí, e vostede di que están malladas e trilladas. E máis que van estar, e máis que van estar, e máis que van estar porque nós imos seguir insistindo en que é necesario democratizar unha institución como é a Deputación de Ourense, onde se asignan os cartos a dedo, en subvencións e en contratos. Contratos —que non o digo eu, que o di o Consello de Contas—, oito de cada dez contratos son adxudicados sen publicidade nin concorrência competitiva. Deses 80 % dos contratos o 70 % van a cinco empresas e, casualidade, jas cinco empresas están ligadas ao Partido Popular! Mesmamente unha empresa dun fillo dun alcalde do Partido Popular. *(Aplausos.)* Mesmamente empresas que a través de contratación menor levan máis de 1 millón de euros, o cal é absolutamente ilegal como amosa o informe do Consello de Contas.

E, diante desta situación, en fin, unha situación por certo que non todos os alcaldes do Partido Popular en Ourense comparten, porque tamén hai alcaldes do Partido Popular que se ven ninguneados pola propia deputación na asignación de fondos públicos.

Polo tanto, eu invito este Parlamento a que repense e lle dea unha volta, especialmente ao Grupo Popular, en relación co que está sucedendo na provincia de Ourense. E se temos algunha posibilidade de que isto, en fin, cambie, polo ben da cidadanía e dos que vivimos alí. Porque, como isto siga así, e acaba de dicilo o deputado do BNG e compañeiro, cinco habitantes menos cada día durante moitos anos e o que proxecta os institutos oficiais, o IGE, é que en quince, vinte anos, nalgunha comarca, nomeadamente nalgunha comarca dalgún deputado que se senta tamén nesta Cámara, xa non quedará ninguén. Mesmamente, aínda que hoxe a esas comarcas as inchen de subvencións dende a deputación.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Francisco Rivera.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a reformulación que debe realizar o Goberno galego do modelo de atención primaria**

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

#### *Emenda de modificación*

*Na introdución do punto 1, substituír o texto que vai desde «atención primaria» até «no informe» polo seguinte texto: «incluíndo as conclusións expostas no informe e as das 15 comisións do Consello Técnico de Atención Primaria,»*

#### *Emenda de substitución*

*Substituír o texto do apartado a1) polo seguinte:*

*«a1) A incorporación á Carteira de Servizos de Atención Primaria das categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral e descolapsar as listas de espera a empezar por: persoal de psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos...»*

#### *Emenda de substitución*

*Substituír o texto do apartado c1) polo seguinte:*

*«c1) Pór en marcha de inmediato a carteira de servizos de todas as categorías profesionais de Atención Primaria, enfermería, matronas, fisioterapia, psicólogo@s clínic@s, traballador@s sociais... tal como se recolle na Lei 44/2003 de 21 de novembro de ordenación das profesións sanitarias (LOPS), que lles permite ter, como persoal cualificado e preparado, capacidade e autonomía na toma de decisións, na prescrición e na atención e seguimento dos procesos de saúde das persoas doentes, para contribuír a unha mellor calidade asistencias e a desconxestionar as axendas de medicina de familia.»)*

E, para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

Vese que falar da Deputación de Ourense non era tan importante como cambiar unha votación onte, que non houbo que esperar por ninguén. Non había no PP ninguén que quixera vir falar diso.

**O señor PRESIDENTE:** Volve vostede sobre un tema que xa foi suficientemente explicado. Non volva para atrás sobre asuntos que non teñen... Vaíamos coa primaria, que é un tema que si que é interesante. Tire para adiante.

**O señor TORRADO QUINTELA:** É interesante. ¿Quere esperar por alguén para que veña ao debate?

**O señor PRESIDENTE:** Vostede mesmo, eu deixo o reloxo e, se lle vale así, pois terminamos.



**O señor TORRADO QUINTELA:** Non, non, é vostede aquí o que está alterando votacións e pasando o Parlamento polo forro.

**O señor PRESIDENTE:** Eu, perdoe, non alterei ningunha votación.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Si. Señor presidente, ¿pode permitirme falar?

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Xa sabemos o que é vostedes e o que fai vostede e por que o fai.

**O señor PRESIDENTE:** E vostede ten unha especial inquina que cada vez que sae aquí trata vostede de que eu entre en controversia con vostede e eu non teño ningún interese en entrar en controversia con vostede.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Non o parece.

**O señor PRESIDENTE:** Xa lle expliquei convenientemente a quen lle tiña que explicar onde cales foron os motivos polo que eu fixen o da votación. Xa está explicado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Si, si. Non, non...

**O señor PRESIDENTE:** Tranquilo, que este minuto despois non llo contarei.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Non, pódeo contar que tería razóns abondo.

**O señor PRESIDENTE:** Vamos á primaria.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor Bal..., señor Santalices, ¡perdón! Foi sen querer, en serio.

**O señor PRESIDENTE:** Xa, xa, todo é sen querer pero...

**O señor TORRADO QUINTELA:** Tranquila que están falando os maiores agora.

Graciñas.

Descúlpeme, señor presidente. Non esperamos por ninguén, ¿non? Moi ben.

¿Podo xa?

*(Interrupcións.) (Murmurios.)*

É unha cuestión de respecto, estou esperando; están vostedes falando e eu espero. Se queren dicir algo máis... Podemos.



*(Interrupcións.) (Murmurios.)*

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor! Eu creo que hai un tema importante que é...

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, por favor!

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

«Sanitarios de atención primaria en Galicia ao límite»; «non podo máis, nin durmo de noite». Falan de máis de 55 pacientes ao día e que á pandemia, que é evidentemente un problema, únense os problemas habituais de falta de persoal. Poderíamos citar esta noticia do mes pasado, da semana pasada, de febreiro, de novembro pasado, de marzo pasado, de 2019, de 2018. Se vostedes buscan palabras semellantes e noticias en Galicia, atoparán que probablemente estas noticias se repiten sistematicamente.

O Partido Popular tende a ningunear este debate, como algúns outros, e a dicir que iso non é certo e que son anécdotas do sistema. Bueno, a realidade é que, se vostedes lles preguntan aos profesionais, que seguramente que o fagan, saben que isto é a realidade e, mentres estamos atendendo este sistema de primaria que está languidecendo profundamente, nós seguimos aquí intentando petar nun muro que o único que pretende dicir é que a culpa sempre é doutros e que o están facendo moi ben.

Eu plantéxolles a seguinte cuestión, trasladeillo varias veces sobre algunha posibilidade de facer este tipo de debates con profesionais sanitarios. Nunca recibín ningunha resposta; non digo que recibira a negativa, non recibín nunca ningunha resposta.

Pero o que nós plantexamos é bastante sinxelo. Non estamos no tempo de estudar o que hai que facer. Pasou esa época. Todo o mundo coñece o que hai que facer, non lle fagan caso ao que diga este partido, non lle fagan caso ao que diga este deputado, que non é o relevante, se o que queremos é afrontar unha realidade que temos diante. Fáganlle caso ao que digan os profesionais. Pero é máis, propoñémoslle hoxe a través dunha iniciativa, moi parecida a algunha que propuxemos no seu momento, facerlle caso ao que di a propia Xunta de Galicia, porque hai unha curiosidade peculiar: a Xunta de Galicia afirmou hai poucos anos que había que estudar cal era a situación da primaria e cales eran as vías de solución. Encargou algúns informes, encargou algúns estudos, algún deles estratexicamente moi ben plantexado e non lles fixo caso nunca. Gardounos nun caixón porque evidenciaban que a política de recursos humanos, a política de atención primaria da Xunta de Galicia está sendo absolutamente lamentable nos últimos 10 anos, en termos xerais na última década

¿Que é o que plantexamos? O Partido Socialista propón dende hai tempo e reafirma a súa intención de defender que é necesario acordar un modelo de atención primaria para o que hai que poñer recursos e un modelo de reformulación. E non pretendemos basearnos en



nada que non sexa aquilo que a propia Xunta de Galicia defende, porque a Xunta de Galicia di defender aquilo que os seus informes emiten, e, por tanto, nós o que dicimos é: se vostedes teñen as análises feitas, se lles encargaron a especialistas recoñecidos facer algunha análise da situación da primaria, ¿por que agora mesmo non imos ser capaces de acordar facer o que nos indicaron facer? E isto sería bastante sorprendente, se non é porque a Xunta en realidade acaba votando en contra de si mesma.

Miren un xadrecista coñecido, primeira metade do século XX, dicía que a táctica é facer aquilo que toca facer cando se sabe o que hai que facer e a estratexia é facer o que hai que facer cando non se sabe o que hai que facer. Bueno, non estamos en tempo de estudar, estamos en tempo de actuar; tarde, probablemente tarde.

¿Que necesitamos? Necesitamos reverter unha liña estratexia clarísima que o sistema sanitario galego está vivindo nos últimos anos, que ten que ver con algo basicamente como o seguinte, que é unha concentración de recursos. Vostedes plantexaron unha concentración —intentaban ser sibilinos, pero probablemente non mediron que era demasiado obvio—, unha concentración de servizos que ten que ver no sistema, que pretende basicamente facer perder capilaridade á primaria, derivar recursos da primaria, hoxe en primaria hai 1.000 profesionais menos que hai dez anos, e derivar recursos de primaria para os hospitais. Pero nin sequera para todos os hospitais, nin sequera para todos os hospitais, porque cando vemos os hospitais vostedes non derivaron os recursos para todos, senón só para os das grandes cidades, e foron abandonado os hospitais das comarcas. Algún deles recuando un pouco, como en Verín, despois do lamentable episodio —por certo, a ver se son capaces de entender que o que pasa en Verín é evidente para todo o mundo, que hai unha persecución, a ver se son capaces de enténdelo—. A partir diso, vostedes o que están é concentrando todos os recursos sanitarios descapilarizando a primaria, abandonando os hospitais comarcais e centrándoos nalgún tipo de atención sanitaria dos hospitais das grandes cidades. Que está ben que teñamos un bo sistema nalgúns servizos, que o temos, pero é imprescindible que neste país non sexamos procíclicos en termos de perda de poboación, en termos de perda de servizos, en termos de fixación de poboación no rural, en termos de servizos públicos alí onde son tamén moi necesarios.

E, por tanto, con este problema da primaria, temos esta situación, porque a realidade que estamos afrontando é: ¿hai ou non hai moitísimos profesionais de primaria que teñen 50 citas ao día?, que son seis minutos por paciente. Esta é unha realidade ou hai alguén que sexa capaz de defender que isto é unha anécdota? Porque esta é a verdade que temos nos centros de saúde. Podemos —fíxenlles tamén a proposta— sortear dez centros de saúde de Galicia, escollemos entre todos os que hai, escollemos dez, e imos e coñecemos cal é a realidade de cada un deses dez, e verán que é imposible defender o que vostedes defenden aquí defendelo alí, porque é improbable, porque non é certo que eses problemas non existan, están aí. E nós defendemos unha proposta que cremos sensata, en termos concretos, seguramente afinable. Nós temos a defensa disto que propoñemos, pero entendemos que sería posible falalo.

En termos de persoal, ¿que necesitan os profesionais sanitarios sobre todo en primaria? Tempo, non poden atender en seis minutos cada paciente, a correr e, despois, parte do que





xa non sería a súa xornada laboral, visitar pacientes nas súas casas, planificar saúde comunitaria, intentar facer algo de formación ou investigación. Vostedes fártanse de pedir agora un MIR extraordinario de primaria, e ¿quen forma eses MIR se non hai titores?

Necesitamos ter unha capacidade de organizar a primaria, organizar a primaria non supón que vostedes veñan aquí a dicir que está moi ben organizada, supón que teñamos xerencias de atención primaria, pero non xerencias que sexan un carguiño que lle poñan a alguén, senón que teñan recursos para poñer andar algúns mecanismos, porque se non é imposible. Necesitamos inapelablemente darlles aos profesionais a capacidade de desenvolver toda a formación que teñen, dous anos e medio, dous anos e medio van dende que o Goberno do Estado reverteu o decreto do Partido Popular e este Goberno do Estado permitiu a prescrición de enfermería. A vostedes que lles gustan os *rankings*, ¿saben cal é a última comunidade autónoma de España en recoñecerlles ás enfermeiras que aínda non o fixo? Galicia.

As enfermeiras deste país, en España poden facer moitas cousas que en Galicia non poden, entre elas prescribir algún tipo de medicamentos; en Galicia non poden, ¿por que?, porque vostedes se negan, están vostedes bloqueando, ¿non confían na enfermería de Galicia? Nós si, defendemos que hai que facelo. Defendemos que os profesionais de primaria non teñan que andar pedíndolle permiso a ninguén para facer unha proba ou para solicitar unha proba e que teñen capacitación para solicitala e para interpretala. Non son médicos de segunda, como vostedes os tratan. Necesitamos defender todas estas cousas e os nosos profesionais para que non se repita que os profesionais sigan dicindo que teñen 50, 55, 60 pacientes ao día e vostedes veñan aquí dicir que isto é invención do Partido Socialista. Non é un debate para gañarlle ao Partido Socialista nin é un debate para gañarme a min, que non é nada o importante. É un debate para trasladar e para ser capaces de modificar. Aínda así vostedes seguramente —e hoxe lamento ter que adiantalo xa— estarán en contra, porque vostedes ao final falar, falan moito, pero á hora de votar votan sempre o mesmo: hai que facer, hai que estudar, imos ver como van falar das comisións que están en marcha e levan tres anos e aínda non se sabe para que en realidade, e ao final non imos ter ningunha capacidade de reacción. Dirán que investiron moito e seguramente dirán que a culpa é do Goberno do Estado, como case todo. Pero, ao final, a realidade é que vostedes teñen que defender realmente se se están crendo neste sistema ou non porque a vedade é que polo de agora non o parece.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Quedoulle aí un documento.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.



Sen que sirva moito de precedente, vou coincidir co presidente do Parlamento en que a situación da atención primaria é un tema ben importante. E, dito isto, tamén o insto a que llo faga ver ao seu grupo e que se ocupen (*Aplausos.*), que se ocupen dende o Goberno da Xunta de darlle solución. Porque, dende logo, a estas alturas o clamor de que a atención primaria avanza cara ao precipicio de xeito imparable xa é xeneralizado; profesionais, poboación, en xeral están vendo como o piar da asistencia sanitaria pública, que ten que ser a atención primaria, e non está cumprindo para nada esa función. E as probas da progresiva descapitalización da atención primaria son múltiples e evidentes. É tamén evidente que antes da chegada da pandemia tiña moitas patoloxías previas, e postas de manifesto neste Parlamento de xeito reiterado e de xeito reiterado topamos co muro do Partido Popular; e posto de manifesto pola poboación, que non hai máis que asomarse aos medios de comunicación e ver como un día si e outro tamén son múltiples os lugares do noso país onde a veciñanza se bota á rúa demandando un servizo do que se lle está privando.

É tamén unha evidencia que foi das áreas máis prexudicadas pola política orzamentaria do Partido Popular, de 12 anos de recortes en atención primaria, e incluso este ano 2021 medrou por debaixo da media da Consellería de Sanidade, e evidentemente por debaixo da media do orzamento. En Galiza o investimento per cápita en atención primaria está moi por debaixo xa non da media doutros sistemas de saúde fóra do Estado español, senón por debaixo da media do Estado español. E o déficit de profesionais en atención primaria froito desa posición ideolóxica de ir deteriorando este sistema de saúde e non ter implementado medidas nin orzamento, encontrámonos con déficits de profesionais dun xeito flagrante. E temos que volver repetir cal é a situación, por exemplo, de matronas, que elas mesmas a través da súa asociación teñen denunciado que no prazo de 5 anos se van xubilar o 70 % das que están en activo, un auténtico drama. Ou no caso das enfermeiras, que temos a ratio á cola de todo o Estado español e non falemos xa da Unión Europea ou doutras comparativas.

¿E isto a que está dando lugar? A que a resposta á situación de demanda sanitaria se está facendo co sobreesforzo de profesionais que están atendendo a atención ordinaria, os crónicos, os agudos, facendo seguimento de todas as persoas que pasan a covid nos seus domicilios e cribados; e estamos vendo como esta nova quinta onda está a supoñer un aumento de casos exponenciais, que se están atendendo desde a atención primaria, ademais de estar atendendo as vacinas, non co mesmo persoal, senón con moito menos persoal. É dicir, unha auténtica situación que están, efectivamente coincido co señor Torrado, en que podemos ir a calquera medio de comunicación onde vemos que están dicindo non aguantamos máis, non aguantamos máis, que está a atención primaria ao bordo do colapso.

Ese hospital máis grande, que neste momento estase dicindo que non hai risco de colapso hospitalario, pero si hai risco e moito de colapso da atención primaria do noso país.

E se algunha lección nos deixou a situación previa e agora visibilizada con toda crueza durante a pandemia, durante a covid, foi a necesidade de ter un sistema básico de saúde, como é a atención primaria, ben dotado e con profesionais suficientes, e demostrouse que non o temos, demostrouse que non o temos e que o persoal leva sufrindo eses anos de precarización, de temporalidade, de saturación e que está farto, están fartas as profesionais de que se fagan soflamas do importante, dos recoñecementos, de medallíñas ou de premios, pero que non se



faga absolutamente nada por mellorar as súas condicións laborais nin por dotalos de máis recursos nin de máis profesionais. Entón as soflamas están moi ben, pero o que hai que facer é dotalos de recursos e aumentar o número de profesionais para que deixen de estar exhaustos e para que a poboación teña a atención sanitaria que demanda e que ademais precisa.

E, dende logo, a situación do persoal ten consecuencias na atención sanitaria da poboación. É dicir, consecuencias para en que condicións fan o seu labor os profesionais, e ten consecuencias para a atención sanitaria que está recibindo a poboación.

Primeira consecuencia: dificultade de acceso aos centros; a falta de profesionais o que fai é que haxa unha dificultade para acceder aos centros de saúde. Dificultades para solicitar cita: 15 días, 20 días para ter unha cita en atención primaria vai totalmente en contra do que ten que ser a atención primaria, que é proximidade e inmediatez, que é o que ten a atención primaria. E dende logo neste momento iso está saltado polos aires. Semanas de demora para ter unha cita en moitos casos telefónica para que logo lle digan a ver se poden ter unha atención presencial. ¿Que está tendo como consecuencia? Que non hai continuidade na asistencia, que hai veces que hai galegos e galegas no noso país que para un mesmo proceso de saúde o ven 4, 5, 6 e ata 8 profesionais diferentes, porque cada día está un distinto e así, dende logo, non hai xeito de ter unha asistencia sanitaria cun mínimo de calidade.

E mentres isto ocorre, ¿que está pasando? Que a xente que pode están contratando seguros de saúde, están acudindo á sanidade privada, que é a folla de ruta que ten o Partido Popular detrás destas actuacións que está levando a cabo de deterioración da sanidade pública.

Medran os profesionais que solicitan suspensión de chamadas na lista de espera, porque lles ofrecen mellores condicións na privada ou noutros sistemas de saúde no Estado español ou de fóra do Estado español, porque non están dando solución.

Dende logo, no BNG coincidimos claramente en que é preciso tomar medidas para dispoñer dos profesionais, de recursos e capacidade de tomar decisións que permitan atender todas as demandas da poboación e ter unha atención primaria de calidade.

Presentamos unha emenda a esta proposición non de lei que presenta o Partido Socialista no primeiro aspecto, que é que se vaia a outro modelo de atención primaria e se tomen medidas, pero incluíndo as contempladas nese informe por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde, mais tamén as conclusións do Consello Técnico de Atención Primaria, tamén creado desde a Xunta de Galiza, desde a Consellería de Sanidade, hai máis de dous anos, onde estiveron e están traballando máis de 200 profesionais constituídos en 15 comisións técnicas, que, segundo o publicado no DOG, ten como misión avaliar as necesidades de recursos humanos, da capacidade resolutiva e carteira de servizos da atención primaria, da xestión dos procesos asistenciais, de relación á atención primaria e hospitalaria. Dende logo cremos que hai que ter moi en conta o traballo de todos estes profesionais, que, ademais, dun xeito desinteresado e sen cobrar nada, porque a día de hoxe non sabemos se os 16 expertos do outro informe o fixeron previo ou pospago, pero o que está claro é que estes máis de 200 profesionais o están facendo dun xeito altruísta, só pensando en mellorar a atención primaria.



O segundo aspecto da emenda que presenta o BNG vai na dirección de que cremos, as dúas outras emendas e que xa é tempo de tomar decisións concretas que son posibles e son precisas.

E a primeira é que non hai xa que ir demorando, nin facer dun xeito progresivo e ir avaliando a incorporación doutros profesionais, senón que cremos que a incorporación á carteira de servizos de atención primaria doutras categorías profesionais é imprescindible facelo xa. E empezar polo que poñemos na emenda, que é por persoal de psicoloxía; e volvo dicir aquí que está máis que demostrado por moitos estudos que o 30 % das consultas en atención primaria teñen a ver nalgunha medida coa saúde mental, entón se incorporamos psicólogos clínicos á atención primaria estaremos sacando o 30 % das demandas dos médicos de familia. Co cal un mecanismo, unha alternativa que se pode facer de xeito inmediato, porque hai psicólogas clínicas suficientes para poder contratar, e que dá unha resposta no inmediato. Igual terapeutas ocupacionais, igual logopedas, igual traballadores sociais ou igual podólogos, que son necesarios para descolapsar —insisto— esas listas de espera nos médicos de familia, mais tamén para dar unha mellor calidade asistencial.

E a outra emenda que presentamos é para substituír un dos apartados da iniciativa, que di que se fomente a ampliación de funcións e capacidades. Cremos que tampouco é o momento xa de estar na fase de fomentar, senón que hai que poñer en marcha de inmediato as carteiras de servizos de todas estas categorías profesionais que están determinadas por lei, que teñen esa capacidade de poder facelo, cualificación, preparadas, capacidade e autonomía para tomar decisións na prescrición e na atención e seguimento dos procesos de saúde das persoas, sen ter que estar secundarizados por que antes pasen polo médico de familia.

Co cal con estas medidas no inmediato é posible dar unha resposta que signifique descolapsar os profesionais e descolapsar a atención á poboación, co cal cremos, dende logo, que é posible facelo, só falta vontade política evidentemente, e esa vontade política é a que o Partido Popular ten demostrado que non ten, ten demostrado que non ten ningunha vontade política de poñer en marcha medidas como se contempla na iniciativa e que, dende logo, cremos que coas propostas do BNG...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...mellorarían e que, dende logo, van nese camiño de que a atención primaria sexa de verdade ese eixo vertebrador que se necesita e non soamente que estea no papel.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Bos días, señorías.



Moitas grazas, presidente.

Eu quixera comezar dicindo que desde hai días coñecemos o feito de que precisamente mañá, día 15 de xullo, comparece a directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria, a petición propia, para informar sobre as reformas iniciadas pola Xunta na atención primaria e sobre as que está previsto emprender partindo das conclusións aprobadas polo Consello Técnico de Atención Primaria.

A sanidade pública ten que ser unha prioridade para calquera goberno e así o é, e así o ten demostrado ao longo xa destes 12 anos o Goberno da Xunta de Galicia. Galicia é unha das comunidades autónomas que avanzou máis fondamente no desenvolvemento da súa sanidade. A atención primaria é unha prioridade fundamental para o Goberno do Partido Popular, consciente de que é a porta de entrada do sistema sanitario e o seu eixo fundamental.

Señor Torrado, o Partido Popular non tende a ningunear ningún debate da sanidade, para ninguneo visualice vostede o primeiro minuto da súa intervención nesta PNL.

Vostede dixo que tiñamos 1.000 profesionais menos. Temos 594 profesionais máis na primaria que no ano 2009. Contamos cuns profesionais que posúen unha formación excelente, que cada vez conta con máis ferramentas que fan que a súa capacidade resolutiva sexa cada día maior. E eu podo entender que vostedes, que están na oposición, queiran formar algarabía, pero permítanme que non comparta as súas afirmacións e as súas aseveracións que vostedes tan gratuitamente fan desprestixiando a sanidade galega e faltando á verdade.

Non sei exactamente, señor Torrado, cal é a finalidade da súa PNL solicitando propostas que xa se están facendo desde o Goberno da Xunta de Galicia. Ultimamente tennos afeitos a presentar iniciativas que van a remolque da propia acción do Goberno galego.

E, mire, desde a Consellería de Sanidade fixéronse grandes esforzos para que a atención primaria de Galicia non quedara atrás e lograra evolucionar e ser ese eixo vertebrador do sistema de saúde e poder posicionarse dunha maneira destacada como un claro referente no contexto nacional e mesmo internacional.

O modelo actual da atención primaria, pese á crise que está a vivir nos últimos anos e da que o Goberno galego foi consciente, aportou ao sistema proximidade, accesibilidade, xustiza social, profesionalidade e orde ao total do sistema sanitario.

Vostedes no seu primeiro punto instan a Xunta de Galicia a iniciar no ano 2021 —estamos na metade de xullo— unha real e decidida formulación da atención primaria. ¿Ignoran acaso que desde o Servizo Galego de Saúde se preocupan e se ocupan dos problemas acuciantes que nun servizo tan dimensionado acontecen? E é por iso que, non escapando aos problemas que vén tendo a atención primaria nos últimos anos, se implementou xa hai tempo o Plan galego de atención primaria 2019-2021. Porque o problema, señorías, sempre é facer unha diagnose precoz, unha boa diagnose, e así se fixo desde a Consellería de Sanidade. E así, non agora, que tamén, senón hai anos desde a consellería, coñecedores de que se contaba cunha atención primaria excelente, accesible e decisiva, dotada de profesionais competentes, pero





non é alleo a que sofre as tensións derivadas da falta de profesionais para cubrir ausencias con axendas moitas veces sobredimensionadas, cunha remuda xeracional, con prexubilacións e xubilacións de facultativos, e todo isto sumado á falta de novos profesionais para poder contratar, e, a maiores, inmersos nun cambio sociodemográfico cara á cronicidade e a patoloxías múltiples propias do envellecemento da poboación.

Isto fixo necesario que o exitoso modelo co que se contara evolucionara e se introduciran cambios para seguir disfrutando dun sistema de saúde excelente. E de novo, ante esta difícil situación, señorías, a Consellería de Sanidade decidiu actuar e iniciar un proceso máis participativo de atención primaria, sen antecedentes na nosa comunidade, e posiblemente en ningunha outra, para desenvolver propostas de solucións aos problemas detectados.

Contouse con profesionais que traballan no día a día nos centros de saúde para que propuxesen medidas de mellora para a primaria, e ao longo de 21 reunións en grupos de 10 e 12 persoas, 123 profesionais de diferentes categorías traballaron durante máis de 150 horas para preparar medio millar de propostas, en concreto 525. Un plan de propostas e máis de 200 accións, con diálogo e decisións compartidas. E así se xestou cun grupo de expertos sanitarios o documento estratéxico e de xestión por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde, cuxo obxectivo é o de establecer a visión para o fortalecemento da atención primaria en Galicia nos próximos anos.

Por certo, nós e desde a Consellería de Sanidade fáiselles caso aos informes, e precisamente unha das redactoras é a responsable agora da planificación da futura atención primaria, que é, como lle comentei ao inicio da intervención, a que comparecerá mañá na Comisión 5.<sup>a</sup> para explicar polo miúdo o que desde esta dirección xeral se está facer e que a bon seguro nos vai aportar importante información. Por certo, esta dirección xeral de nova creación imaxino que a consellería a crearía consciente, como lle comentaba anteriormente, dos cambios necesarios que a sociedade actual demanda. Unha sociedade que cada vez máis camiña cara a unha medicina máis proactiva.

Mire, onte votamos o ditame emitido pola Comisión de reactivación económica social e cultural de Galicia —por certo, votaron en contra tanto o BNG como o PSOE— e vimos que un dos elementos chave para a recuperación económica, social e cultural pasa por apoiar en todo o necesario os servizos públicos de saúde. Precisamente, unha das conclusións deste ditame propón a renovación da normativa reguladora da atención primaria e a mellora na provisión de prazas, dous aspectos que xa se incluían no documento “Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde”, e, por suposto, a comisión insta a avanzar no reforzo dos recursos humanos. E, como vostedes saben, a taxa de reposición imposibilita a convocatoria de miles de prazas que se atopan en situación de interinidade e que podían pasar por esta adxudicación en propiedade. Tamén reclamamos a formación, esa realización dunha convocatoria extraordinaria de probas MIR para contar con máis médicos que posibiliten cubrir todas esas demandas.

Eu preguntaría-lle, señor Torrado, se teñen previsto vostedes desde o Partido Socialista de Galicia forzar o Goberno central —do seu mesmo partido, conxuntamente co apoio do BNG— a que cumpra estas propostas.





E outro feito importante que lle quero recordar para ter en conta é que vostedes veñen de aprobar un real decreto para reducir a temporalidade no sector público, pero curiosamente resulta que esta norma non é de aplicación en dous dos ámbitos onde maior temporalidade se rexistra, é dicir, na sanidade e na educación. Isto pódeno ver no BOE recente do 7 de xullo de 2021. Se de verdade queren ser útiles, teñen na súa man corrixir esta situación e instar os seus compañeiros de partido de Goberno en Madrid a evitar a exclusión do persoal sanitario e educativo.

Mire, eu xa finalizo, falan de recortes, pero os datos desméntenos. O presuposto de sanidade incrementouse nun 21 % respecto do 2009, temos 473 millóns máis que o ano pasado. Os recursos para o persoal sanitario incrementáronse en 154 millóns, un 8,5 % respecto do ano pasado. Empreguen as cifras que vostedes empreguen, a realidade é teimuda e o gasto de sanidade incrementouse cos gobernos do Partido Popular. Pero, claro, a súa memoria é selectiva; de feito, non escoitei ningunha crítica sobre que o Goberno de España invista 104 millóns de euros menos en Galicia. Pero, sen embargo, seguen a falar de recortes. E volvo recordar que o orzamento deste ano conta con máis e 150 millóns para contratos de reforzo, para novas prazas, para carreira profesional e para contratos de continuidade.

Tampouco lles escoitei falar das medidas de estabilización coas OPE anuais ou concurso de traslado anual. Tampouco faláron do incremento de prazas de área sanitaria, con máis de 700 creadas en dous anos. Tamén esquecen as melloras retributivas no ámbito da maternidade. Tampouco falan da creación de novas categorías, como o sistema ADO ou técnico de dietética e nutrición; e outras categorías nas que se está a traballar, así como na definición de novas carteiras de servizos no ámbito de atención primaria. Esqueceron tamén falar do Plan galego de saúde mental 2020-2024, 121 psiquiatras no 2008, para 195 no 2019 e 249 no 2024.

En canto á investigación, xa se comentou neste hemicycle o convenio colectivo que vai regular o labor dos seus traballadores con importantes melloras na parte retributiva e que ademais as partes cos sindicatos acordaron que estes efectos sexan de aplicación desde o primeiro de xaneiro deste ano.

E volven co mantra da privatización, a pesar de que os datos dos consellos de contas demostran que o Sergas destinaba máis porcentaxe do seu gasto a concertos coa privada cando gobernaban vostedes, un 6 %, e gobernando o PP nunca se pasou dun 5 %.

E, con respecto ao punto no que solicitan a comparecencia do conselleiro de Sanidade, saben vostedes que non hai ningún problema. De feito, á parte da comparecencia do mes de novembro do ano pasado, no que vai de ano, compareceu neste pleno tres veces. E está disposto, seguro, a vir a comparecer cantas veces vostedes requiran.

Miren, o certo é verdade é que fronte a un Goberno central que se esconde, nós temos unha Xunta que dá a cara...

**O señor PRESIDENTE:** (Calvo Pouso) Remate, por favor.

**A señora AMIGO DÍAZ:** ...—termino xa— e, fronte a unha posición que fai propostas sen criterio, nós temos un Goberno estable que goberna con garantías.



A sanidade desmantelada da que vostedes falan non tería resistido de ningunha maneira unha pandemia desta virulencia e así o fixo. Somos a comunidade autónoma con menor taxa de mortalidade da península e iso, desde logo, non é por casualidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da proposición non de lei, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Quero agradecer o ton do debate, a pesar das discrepancias. Sobre as propostas do Bloque Nacionalista Galego, creo que basicamente o que a señora Prado traslada é que había que concretar máis ou que non lle gusta a formulación. Nós entendemos que está basicamente formulado como nós dicimos. Quero dicir que interpretamos que a nosa proposta é máis concreta do que ela traslada.

Non imos aceptar as emendas, non porque non esteamos de acordo, porque se teñen debatido e se teñen votado e nós temos votado a favor deses textos, senón porque substitúen cousas que nós consideramos que son importantes; sobre as propostas do BNG xa as temos votado cando as presenta o BNG, pero non queremos que esas propostas substitúan as nosas, que si cremos que son importantes. Pero, en todo caso, creo que a formulación do debate indica que evidentemente coincidimos maioritariamente, a pesar das discrepancias dalgunhas posturas, pero en termo xeral vimos coincidindo habitualmente.

Creo si, permítame, creo que o informe do que estamos falando hoxe da atención primaria, feito en 2018, eu creo que si que está pagado; é certo que non se sabe como, porque a Conselleira de Sanidade, os orzamentos que ten, como di o Consello de Contas, son bastante opacos e non se poden fiscalizar. Pero, vamos, entendo que a xente que fai ese tipo de traballos cóbraos e supoño que os cobraría, quero supoñer, non teño ningunha información, pero creo que si.

Sobre a posición da señora Amigo, eu creo que tampouco é cuestión de estar debatendo sempre as mesmas cousas. Vou intentar cambiar un pouco a maneira que teño de facer este debate, intentar entrar en todo, vou centralo nunha cuestión, non vou dicir fan vostedes propostas sen criterio. Todo o que propoñemos hoxe están no informe que vostedes encargaron, así que se é sen criterio dígallo aos do informe, pero nós non...

En todo caso, para intentar trasladar un debate parlamentario e non facer disto unha sucesión de monólogos, ou por interpretar o que nós cremos que é un debate parlamentario, voume centrar nunha cuestión de persoal, os datos, os datos de persoal e a taxa de reposición para intentar trasladalo. Mire, vostede di aquí que é mentira, di é mentira que haxa mil profesionais menos na atención primaria dende hai dez anos, hai —anotei dixo— 594 máis —non sei se foi o dato exacto que dixo—.



Vamos ver se somos capaces de aclarar, polo menos, onde discrepamos. Orzamento de 2009, atención primaria, 9.610; orzamento de 2021, atención primaria, 8.535. Vostede pode dicir o que queira, pero os orzamentos din isto: 9.610/8.535, facemos unha resta e xa está. Porque é importante non vir aquí dicir calquera cousa, porque hoxe di 594 máis e mañá pode dicir 17.000 máis e outro día pode dicir 37 millóns menos. Pero é o que din os orzamentos. Logo un pode ter unha posición de estar a favor do que di un documento, outro, a favor dunha estratexia ou outra, pero non se pode mentir, porque é o que din os orzamentos.

Claro, ¿que interpretación fago eu diso? Que vostede está facendo unha trampa, supoño que sabendo que a fai, que é contar o persoal estable de calquera momento que lle interesa e agora comparalo co persoal eventual. É dicir, que está vostede comparando persoal estatutario de hai dez anos con alguén que ten hoxe un contrato dun día, e non é comparable, ¿ou é comparable, señora Amigo? Non é comparable.

Se hoxe —que non se pode, non se debe e non hai probablemente maneira operativa de facelo— retiráramos de repente por un momento todo o persoal que non é estatutario do Sergas, ¿con canto quedaríamos? Con menos que hai dez anos. Pero fíxese que é normal, pola taxa de reposición, porque non é posible dicir que a taxa de reposición impide contratar máis e logo dicir que hai máis xente contratada, porque se hai máis xente contratada de maneira estable agora estatutariamente é ilegal, traballando, iso é o que lle digo eu, traballando. Pero traballando quere dicir, e iso é o que nós defendemos sempre, que están traballando moitas veces con contratos de horas e de días, e non pode ser, porque eses contratos de horas e de días sen ter que tocar nada a taxa de reposición, e vou agora a iso, poden ser en vez de días, poden ser dun ano ou de ano e medio. Serían eventuais, pero non é a mesma eventualidade un ano que un día, e vostede contabiliza contratos dun día e equipáraos a profesionais que levaban 40 anos no sistema, e iso é trampa, iso déalle as voltas que queira, métase comigo o que queira, iso é trampa. Non hai outra maneira de facelo.

Taxa de reposición, vostedes, que mantiveron e aumentaron a taxa de reposición ata o punto que nunca se aumentou neste país, e mantivérona aí durante anos e agora piden que se retire, e nós estamos a favor de que se retire. Sabe vostede que non é fácil, pero sabe vostede que o defendemos. Tamén lle digo, a taxa de reposición xa foi sometida a votación na Comisión de reconstrución no Congreso dos Deputados e vostedes votaron en contra. E xa saben vostedes que, señora Amigo, vostedes votaron en contra, e sabe vostede que no debate de orzamentos xerais do Estado puideron ter emendado. ¿Fixeron algunha emenda sobre isto? Non.

Polo tanto, non faga trampas. Vostede vén aquí a dicir algunhas cousas para botar a culpa, pero logo non traballa nese sentido, nin presentaron esas emendas, nin votaron a favor, nin a puxeron, nin a eliminaron cando vostedes gobernaban; é máis, aumentaron máis que ningún.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Polo tanto, non faga trampas, porque, se facemos trampas, os debates non valen para nada, e nós non queremos iso, igual vostede si.



Por tanto, vamos intentar debater as cousas, aínda que sexa para intentar plantexar en que dis-crepamos para outro día poder debater ben, pero non faga trampas, porque vostede sabe que está facendo trampas, e é un pouco triste debater con alguén que sabe que está mentindo, sobre todo xa non polo debate que o empobrece, senón porque vostede seguramente tamén está sen-tido que está facendo un debate empobrecedor e non o merece nin a Cámara nin vostede.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezaioito deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno central da intervención pública da factoría de Alcoa, en San Cibrao**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

*Emenda de modificación*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que xunto co Ministerio de Industria, o Comité de Empresa de Alcoa e os sindicatos formulen unha folla de ruta unificada de cara ao encontro que a ministra de Industria celebrará proximamente con responsables da multinacional do aluminio en Pittsburg, para desbloquear o proceso de venda da factoría.»

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Bo día de novo.

En xuño de 2020, hai máis dun ano, Alcoa confirmaba o que todos e todas tiñamos en mente: convocaba formalmente o comité de empresa da planta de San Cibrao para comunicarlles a súa intención de realizar un ERE.

Desde ese momento, desde o minuto un, tanto o BNG como toda a comarca da Mariña tive-mos claro que a solución pasaba por unha intervención pública. Clarísimo. Había tres razóns de peso, tres razóns moi evidentes.

A primeira, porque, como se di no argot financeiro, Alcoa San Cibrao era demasiado grande para deixala caer. A comarca da Mariña e a provincia de Lugo non poden permitirse a desa-



parición desta fábrica con todo o que representa en postos de traballo directos, indirectos, inducidos e todo o fluxo económico que alimenta.

A segunda, porque se trata dunha produción estratéxica; é dicir, non só hai demanda para o seu produto, senón que é fundamental para o conxunto da economía asegurar que esa demanda se atende. Hoxe mesmo está na prensa que tres grandes empresas galegas do sector do aluminio clientes de Alcoa amplían o seu negocio e as súas instalacións.

E terceira, o exemplo da Coruña e Gijón. Ninguén quería, nin os sindicatos, nin o persoal, ninguén na comarca da Mariña estaba disposto a pechar en falso un conflito que pode significar a supervivencia de toda unha comarca.

Tres razóns de peso, tres razóns unanimemente compartidas. A solución para a planta de Alcoa na Mariña tiña que garantir o futuro da actividade, o futuro do emprego e, polo tanto, o futuro da comarca enteira. E o único xeito de garantir esa seguridade, de despexar as incógnitas e os temores, é involucrar os gobernos de verdade. Non só na mesa de negociación como mediadores ou facilitadores, senón como partícipes e garantes do futuro.

A entrada da SEPI é a única solución viábel, a única real, a única que non pecha en falso o conflito, a única que non deixa no aire o futuro da comarca.

Inexplicabelmente, 400 días despois seguimos sen solución para A Mariña. O Goberno do Estado, o que ten a dirección da SEPI, non quere dar o paso. Algunhas voces pretenden defender a inacción do Goberno caricaturizando as organizacións e as persoas que apostamos pola intervención da SEPI: que se somos comunistas, que é moi fácil pedir, pero moi difícil gobernar e cousas polo estilo. Argumentos que todo o mundo —non se enganen—, todo o mundo recoñece como argumentos de mal pagador, argumentos do que lle quere escapar ao problema.

¿O porqué? Non está tan claro, polo menos na Mariña. Seguramente en Madrid haberá graves e profundas razóns de Estado, moi evidentes para quen habita nos ministerios, pero aquí lembramos perfectamente que en Italia o Goberno interveu a planta de Alcoa en Portovesme para salvala e poñer en marcha un plan industrial, e sabemos que hoxe está funcionando, e non era un Goberno comunista.

E lembramos tamén perfectamente que, cando unha empresa ten a consideración de estratéxica, cando é demasiado grande para caer, mesmo un ministro tan pouco sospeitoso de ser comunista como Luis de Guindos é capaz de ordenar unha intervención e colocar unha nova dirección á fronte. Aí está o caso de Bankia.

E iso é o que precisamos aquí: vontade política, decisións claras e solucións. Alcoa San Cibrao é unha fábrica da que depende toda a comarca da Mariña e iso supera calquera consideración de estratéxica, é moito máis que iso. É o dereito dos cidadáns e das cidadás a asegurarse o seu futuro a través dos seus gobernos e das súas institucións. Esta é a consideración que todos e todas debemos facer, se temos dereito ou non a dispoñer dos instrumentos públicos, chámese goberno, chámese SEPI, para en momentos de crise coma este solucionar os problemas das persoas.



Aínda lembramos ben a cantidade de diñeiro que no seu día os gobernos comprometeron con Alcoa cando lles venderon as fábricas. Hai moito investido nesas fábricas, hai moito en xogo co seu futuro.

E no BNG temos claro que temos dereitos, que non estamos dispostos a que nos traten como cidadáns e cidadás de segunda clase, temos que facernos valer e facernos respectar.

Desde aquel primeiro día, desde aquel anuncio de Alcoa téñense promovido moitas iniciativas a favor da intervención pública da fábrica. Neste mesmo Parlamento, no Congreso dos Deputados, na Deputación de Lugo e en todos os concellos da comarca, sempre as votacións unánimes a favor. Por iso resulta aínda máis inexplicable que o Goberno do Estado poida ter decidido negarse a unha intervención da SEPI que se lle está reclamando por unanimidade. Máis aínda cando os acontecementos que se foron sucedendo nas fábricas da Coruña e de Gijón non fan máis que confirmar as peores previsións.

Xusto agora, á luz deses acontecementos, cando parece máis necesaria esta intervención pública para poder espantar os fantasmas e os temores, a negativa do Goberno estatal é como un xerro de auga fría. Non merecemos isto. O persoal da fábrica e a xente da Mariña non merecen este trato. O Goberno debía ter moi presente, máis que ninguén, que, de non ser pola posición valente e solidaria do persoal da fábrica e da xente da Mariña, hoxe a estas alturas a fábrica estaría pechada. A convicción e a unidade que amosaron e que manteñen desde hai 400 días non se ve todos os días. Tal é a evidencia de que a súa loita é necesaria, tal é a evidencia de que o futuro da fábrica e da comarca van da man. O persoal da fábrica e os veciños e veciñas da Mariña estiveron e están á altura das circunstancias. Non podemos consentir agora que o Goberno do Estado se descolgue da solución e deixe tirada toda unha comarca. O Goberno debe estar dando solucións, non enredando, debe estar asegurando o futuro da actividade, o futuro do emprego e o futuro da comarca.

A reforma laboral que aprobou o Partido Popular e o actual Goberno mantén vixente fai que un ERE contra unha gran empresa como Alcoa sexa unha loita aínda máis desproporcionada que aquela outra de David contra Goliath. A Mariña gañou a primeira batalla grazas a que se autorresponsabilizaron do seu futuro, dando un exemplo de dignidade e afouteza. Non é a primeira vez que o pobo galego ten que autorresponsabilizarse e facerse cargo en solitario dos seus problemas. Están na memoria de todos e todas as imaxes da xente quitando chapote coas mans cando a marea negra do *Prestige*, ou as imaxes da xente apagando os lumes que cercaban as súas casas con todo o que tiñan á man.

Quedan aínda batallas por dar, se cadra as máis complexas; garantir o futuro da fábrica, dos empregos e da comarca é unha loita na que debemos ter os gobernos do noso lado, non é unha opción, é a súa obriga.

Por iso o BNG solicita deste Parlamento unha nova manifestación de vontade política a favor dunha solución definitiva e inequívoca para a fábrica de San Cibrao, unha solución que pasa necesariamente pola intervención da SEPI.

Agardamos contar co apoio de todos os grupos da Cámara.





Máis nada polo de agora e obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Alfonso.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Lamento e láméntoo profundamente —créame, portavoz do Bloque Nacionalista Galego—, lamento profundamente que o BNG lle comprara o discurso a Alcoa, e ben, é que coincide o BNG co Partido Popular, e coinciden exactamente con esas cartas que envía Álvaro Dorado. Estanlle a facer, tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Popular, o traballo sucio a Alcoa. Porque dende logo o que non se pode obviar é que, cando facía referencia o portavoz do Bloque Nacionalista Galego a que, dende logo, a unidade deses traballadores e desa comarca lograra vencer nun primeiro momento a Alcoa nese expediente de regulación de emprego, eu coincido que a unidade dos traballadores foi fundamental, que o papel dos representantes legais dos traballadores foi fundamental, pero dende logo para tombar un ERE tamén foron fundamentais os papeis das administracións, e digo a da Xunta de Galicia e a do propio Ministerio de Industria, con eses informes xurídicos tamén para poder tombar o ERE. Por iso eu digo que agora é fundamental manter esa unidade entre o comité de empresa, entre as distintas administracións, Xunta de Galicia e o Goberno central. Dende logo, como saíu tamén da reunión da semana pasada, ¿non?, na que se dicía que marquemos unha folla de ruta para que a ministra nesa reunión que vai ter proximamente en Pittsburgh —porque se anteriormente valía que Rajoy se reunira en Pittsburgh, valerá tamén que Reyes Maroto se reúna tamén— e que lidere dende logo ese posicionamento, que ten que ir consensuado, como non pode ser doutro xeito, co comité de empresa e, dende logo, coa Xunta de Galicia e co Ministerio de Industria, porque eu creo que agora mesmo iso é o fundamental.

E lamento profundamente que cingan todo única e exclusivamente a unha intervención. Agora tamén me estraña moito o posicionamento do Partido Popular, que nalgúns casos incluso en contra dos criterios ou do posicionamento da propia Xunta de Galicia, adoptando uns posicionamentos prosoviéticos, adoptan a postura dun intervencionismo total da economía. Pero increíble, increíble que na nosa comarca, que houbo outras empresas que tamén pecharon, que houbo outras empresas que tamén están a pasar por dificultades, neses momentos non se pide a intervención desas empresas. E falo hai anos de Ecar en Mondoñedo, podo falar de Muebles Hermida en Lourenzá ou do Costiñas en Alfoz. Entón hai traballadores de primeira e hai traballadores de segunda dende logo para o propio Partido Popular.

Polo tanto, eu creo que agora é o momento de volver a mostrar esa unidade para dende logo derrocar Alcoa.



É certo que o Goberno en setembro de 2020 fixo a oferta vía SEPI, pero hai que dicir tamén que naquel momento había unha negociación con Alcoa que agora non hai, naquel momento había un único comprador e agora hai seis. Polo tanto, a cuestión é moi distinta e foi o propio Goberno central o que ofreceu a intervención da SEPI. Polo tanto, a situación é moi distinta porque, claro, vostedes que agora lle compran o argumento totalmente a Alcoa, eu quero lanzar unha pregunta. ¿Teñen vostedes a seguridade... —lánzoo ao BNG e ao Partido Popular—, teñen vostedes a seguridade de que Alcoa agora mesmo nestes intreos quere vender? Pregunto, porque está a obter grandes beneficios. ¿Quere vender Alcoa neste momento? Vostede cren *a pies juntillas* o que di Álvaro Dorado nas súas cartas e lamento profundamente que tanto o BNG como o Partido Popular lle fagan o traballo sucio á multinacional Alcoa.

A verdade é que me dá moita máis pena por parte do Bloque Nacionalista Galego; xa sabemos que o Partido Popular é un experto en oportunismo político, defenden *a pies juntillas* o posicionamento da multinacional Alcoa e danlles dende logo as costas aos traballadores e traballadoras de Alcoa, e, dende logo, aos veciños e ás veciñas da Mariña e mais, por ende, aos de toda a provincia de Lugo. Porque a min paréceme insólito que Alcoa, que en setembro non quixo vender, agora pida a intervención vía SEPI e tanto o Partido Popular como o Bloque Nacionalista Galego lle compren ese discurso.

Eu digo que hai que non cinguir todo a unha única posibilidade, estamos cinguindo todo á posibilidade de salvar Alcoa á intervención, estamos poñendo..., vostedes poñen todo... apostan todo o diñeiro a esa única solución, eu o que digo é que hai que explorar diferentes posibilidades e así saíu tamén da reunión que se mantivo a semana pasada.

Dende logo, o Partido Popular e o Partido Popular na provincia de Lugo tennos acostumados, é que está máis preocupado polos intereses de Alcoa, de Alcoa, que non dos traballadores e da súa familia. E, dende logo, o Partido Popular en Galicia, e nomeadamente en Lugo, están a darlles as costas a estes traballadores.

É certo, o Goberno do PSOE, a ministra de Industria dende logo é a que está a liderar estas negociacións, é a que está a convocar as últimas mesas multilaterais e é a que vai ir a Pittsburgh, esperemos con esa folla de ruta consensuada para intentar desbloquear a venda de Alcoa.

E nós dende o Partido Socialista estivemos sempre a carón dos traballadores, non dende xuño de 2018, anteriormente na Mariña houbo moitísimas manifestacións —ás que, por certo, o Partido Popular nin se lles vía— e é certo que outros partidos políticos estabamos aí a carón dos traballadores.

Polo tanto, creo que é o momento de deixar intereses partidarios a un lado, é o momento de deixar o oportunismo político de lado e traballar todos e todas xuntas para buscar que se garanta dende logo o mantemento deses postos de traballo. É o momento da política con maiúsculas, do compromiso e dos feitos, e non de enredos aos que nos ten acostumados o Partido Popular.

Non fixeron absolutamente nada cando estaban a gobernar en Madrid, agora todo son presións, agora todo é dar leccións do futuro da industria en Galicia. Pois ben, ben poderían em-



pezar, señorías da bancada do Partido Popular, instando a Xunta de Galicia, dende logo, a que asuma as súas competencias en política industrial, como reconece o noso Estatuto de autonomía, que parece que vostedes descoñecen ou non lles interesa lelo.

Polo tanto, nós presentamos esa emenda no sentido do que saíu tamén na reunión da semana pasada entre comité de empresa, entre sindicatos, entre Xunta de Galicia e entre o propio Goberno central no que estaba a ministra de Industria. E a emenda di: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, xunto co Ministerio de Industria, o comité de empresa de Alcoa e sindicatos, formulen unha folla de ruta unificada de cara ao encontro que a ministra de Industria celebrará proximamente con representantes da multinacional do aluminio en Pittsburgh para desbloquear o proceso de venda».

Creo que é niso no que debemos centrar os nosos esforzos, créame e así estou segura de que dende logo o Goberno central non vai abandonar os traballadores e as traballadoras de Alcoa, e que, se é necesaria esa intervención, esa triangulación vía SEPI, dende logo que se vai buscar o mecanismo para que esta intervención ou esa triangulación se faga do xeito legal.

Creo que agora toca fixar unha posición común, e digo que é o mellor fixar unha posición común, porque vimos que cando imos unidos é o único xeito de derrotar Alcoa, que é o inimigo, porque non quere vender. Está dándolle voltas á tortilla pero non quere vender. Vostedes compráronlle o argumento de que están decididos a vender, e vemos que cada vez Alcoa inventa unha escusa, levamos como mínimo, levamos moitos anos con este problema, pero como mínimo dende que presentaron o expediente de regulación de emprego. Naquel momento, en setembro de 2020, facíaselle unha oferta e Alcoa non quixo. Agora que hai seis posibles compradores é cando Alcoa fai esta esixencia que lamento, volvo insistir, profundamente que o Bloque Nacionalista Galego comprara ese discurso.

Tamén se dicía que o Goberno se comprometera a que entrara a SEPI, foi o que ofreceu en setembro de 2020, pero por aí anda a circular un documento que non é certo que asignara o Goberno central. Respectamos loxicamente o que asinaron o comité de empresa con Alcoa, pero ese documento non está asinado polo Goberno central.

Polo tanto, reitero, non debemos facerlle o traballo sucio a Alcoa. Alcoa ten que negociar en serio porque agora quero vender, despois non quero vender, primeiro non me interesa vía SEPI, agora quero vía SEPI, e iso é darlle voltas á tortilla, iso é poñer paus nas rodas, porque non está nada claro...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...que Alcoa queira vender.

Polo tanto —e remato, señor presidente—, volvamos á unidade, busquemos esa folla de ruta para marcarlle á ministra nesa negociación, nesa conversa que vai ter en Pittsburgh, para desbloquear o futuro de Alcoa, para desbloquear o mantemento, a venda para facilitar que se manteñan eses postos de traballo porque, dende logo, os que somos da Mariña sabemos que nos xogamos moito.



Pola miña parte nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Otero.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Candia López:.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Grazas.

Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Correspóndeme a responsabilidade de defender o pronunciamento e a defensa deste asunto representando o grupo do Partido Popular, que só busca o mantemento dos postos de traballo na Mariña e que nesa comarca se siga fabricando aluminio privado.

Xa lle anuncio ao propoñente o noso voto favorable, non só na forma, como puidera ser o debate de hoxe, pero moi especialmente no fondo, que é nese traballo para conquistar os dous obxectivos que citei.

Intentarei ser construtiva en todo o debate porque, coincidirán comigo, os que vivimos na Mariña creo que o sabemos, en que os traballadores de Alcoa están bastante cansados de moitos titulares, esixen feitos, aburridos de moitos debates, que, como ben dicíamos aquí, acaban con acordos unánimes pero que despois non se cumpren.

Eu vou reproducir, se mo permiten, porque estaba alí, aínda era deputada provincial, pois nunha manifestación que se produciu, concretamente o 26 de febreiro do ano 2020, porque aí se cadra, aínda que coincido moito nos argumentos que expuxo o voceiro do BNG, si que hai determinadas datas sobre todo e feitos que me gustaría puntualizar.

Voume circunscribir a esa data, unha concorrencia moi masiva, cuantitativamente; entraron na Deputación de Lugo, dirixíndose ao presidente do Partido Socialista de Lugo ao berro de socialistas de pacotilla; non o dixo Elena Candia nin o dixo o Grupo Popular. Pero despois de escoitar a señora Otero, ademais de producirme un impacto negativo e triste, non teño máis que sensacións de incredulidade. Hai que ter, dende logo, moito valor para volver ao seu concello, a Burela de Lugo, e dicir o que dixo hoxe aquí.

Non contextualizo no verán de 2020, non o contextualizo no verán de 2020 porque todos sabemos por que chegamos ata aquí, porque non tiñamos un prezo da enerxía competitivo, porque o megavatio entre o 13 e o 17 que estaba a 35 euros máis ou menos pois a partir do 18 empezou a dispararse, como ben puntualizou o presidente na intervención da mañá, chegando a 80 euros. É dicir, a fabricación de aluminio non era sostible. Fabricación de aluminio que, coincidindo con todas as circunstancias da covid e por conseguinte tamén na publicación no *Boletín Oficial do Estado* acabou sendo, como todos tamén coincidimos e defendemos,



unha actividade esencial, porque despois tamén aclararei algunhas empresas que citou a señora Otero.

Necesitabamos un marco lexislativo estable. O que pasou coa aprobación do Estatuto por parte do Partido Socialista é un insulto á democracia, á intelixencia da xente e, indubidablemente, causou uns prexuízos que nos levou a esta situación.

Mire, non o di o Partido Popular, díxoo tamén o Partido Socialista; de feito, emendouse a si mesmo. Preséntase un borrador do Estatuto: «O PSOE incluírá alegacións do comité de Alcoa no Estatuto electointensivo». Incluíu as alegacións, pero despois non lles fixo caso. «Adriana Lastra asegura que el Estatuto electointensivo dará estabilidade a Alcoa», 17 de abril do ano 2019, con foto, visita a Asturias. Bueno, non temos que citar o que pasou coa Coruña e Avilés.

Reyes Maroto confirma que: «El Estatuto electointensivo llegará a tiempo para salvar Alcoa», 25 de maio de 2019.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señora Otero, silencio.

¡Silencio!

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Prefiro ler para que non interpreten que estou alterando a realidade.

Si tamén aí, permítame o voceiro do BNG, aínda que coincida na súa defensa, que eu creo que o Bloque Nacionalista Galego aquí, e ao mellor faino no segundo turno, estaría ben que explicara realmente que negociou no seu momento para apoiar o presidente Sánchez, e dígollo sen acritude, e dígollo porque me interesa realmente, porque a súa voceira con moitísima contundencia o día 10 de decembro do 2019 avisa a Sánchez: «Se quere o noso voto, ten que dar unha solución ás electointensivas». Tampouco o di Elena Candia. Isto é o contexto nunha situación onde, como digo, os traballadores están francamente cansados de debates políticos e están cansados de titulares. E agora, efectivamente, necesitan que se actúe.

Realmente hai un acordo e hai unha solución que valía a todos. A señora Otero di que lle vale ao Bloque Nacionalista Galego e ao partido Popular. Ao Grupo do Partido Socialista neste mesmo Parlamento, en todos os concellos onde se debaten esas mocións, vota a favor desa solución.

Non vou entrar a analizar se uns pedían totalmente a nacionalización, se ao final co esforzo de todos e co traballo que unha vez máis e cada vez que teña ocasión de falar deste tema poño en valor o traballo e a entrega dos representantes dos traballadores, das familias, que levan unha loita, coincido co voceiro do BNG, cunha gran xenerosidade, pensando realmente no emprego, no mantemento do emprego na Mariña e non exclusivamente nunha conta ou nunha cifra negociada nun despido.

E iso é froito dunha gran xenerosidade, que sufriron moitísimas presións e que, indubidablemente, non podemos abandonalos. Agora, en teoría, estaba fácil, hai empresas interesa-





das na compra, e dicía a señora Otero: «E, se foi Rajoy a Estados Unidos, a Pittsburgh, ¿por que non vai poder valer que vaia a ministra?» Señora Otero, eu dígolle: ¿como non foi antes? Como non foi antes se levamos con esta situación dende o ano 2018 e Alcoa leva anunciando que vai pechar e non houbo un membro do Goberno de Pedro Sánchez, que tamén lle digo, ten a importancia suficiente como para que o propio presidente, como no seu momento fixo Rajoy, asuma a responsabilidade de darlle unha solución a unha comarca, porque, indubidablemente, non son os mil postos de traballo ou os 500 directos e os que poidan ser indirectos, é unha comarca dun emprego, ademais, cun bo nivel adquisitivo e que xera moita riqueza na comarca.

Mire, en teoría, estaba enfocado, como lle dicía. A solución era unha intervención provisional; a SEPI, non lle vou aquí a recordar, porque agora como Ábalos non está, vostedes pasan páxina, cortan cabezas e parece que a cousa non pasou, pero a SEPI tivo un protagonismo nos últimos tempos non moi claro nin desde logo tampouco algo para poñer no currículo do Goberno de Sánchez nos últimos tempos. Non sei en que acabará a historia, pero está aí, indubidablemente. Quero dicir que a SEPI soubo actuar cando se necesitou. Home, eu xa sei que ao mellor a aeroliña era moito máis importante que Alcoa, pero vostede, os alcaldes do Partido Socialista na Mariña e os votantes do Partido Socialista na Mariña teñen a obriga de trasladarlle a Pedro Sánchez que para a Mariña Alcoa é tan importante como esa aeroliña que lle preocupaba a Ábalos. Eu, sinceramente, creo que é moito máis.

Tiñamos isto centrado, e agora resulta que unha mañá, como nos suele informar, porque creo que sería moi importante, e iso confírmalo dunha maneira moi recorrente o comité, porque vostede di: lidera a ministra... Se aínda sabe vostede que a semana pasada para que convocaran algunhas reunións tiveron que convocar unha manifestación, e a golpe de manifestación anunciada a ministra convocaba a reunión.

Iso foi recorrente en todo este proceso. Parece ser que vai viaxar a Pittsburgh e o comité dille: poña en común co comité unha folla de ruta por escrito. ¿Por que non o fai? Falta de transparencia. E, claro, con todo o que está pasando, que vostedes mesmos foron a Alcoa e reuníronse cos traballadores e dixéronlles: non se preocupen, en breve vai saír o estatuto, cando sabían que, ademais, o estatuto tal como saía non ía arranxar nada. Entón, é normal que a xente non confíe na palabra, os feitos desdinos constantemente, por iso piden unha documentación. ¿Por que non pon en común con toda a unidade de acción que vostede cita?, que eu coincido que é a única maneira de saír ben desta crise, tan importante que é con unidade, pero para haber unidade ten que haber lealdade entre as persoas que se sentan na mesma mesa, ten que haber información. Non podo estar dicindo unha cousa na mesa e fóra a contraria. ¿Por que a SEPI agora onde dixo digo agora di Diego? ¿Por que —e remítome a este 17 de xuño, onde dunha maneira pois sorprendente, como dicía, e dende logo que enristeceu e preocupou aínda máis— anuncia que se retira deste proceso. Vostede agora di que é que Alcoa non quere vender. Eu non sei, ao mellor vostede ten moita máis información, eu non a infravaloro; home, evidentemente, non coincido en moitas das barbaridades que dixo e, créame sinceramente, creo que vostede tampouco as pensa. Creo que vostede pisa mañá Burela e con algún traballador, se lle reproduce a súa intervención de antes, non a defenderá, non pode defendela, indubidablemente. Pero, bueno, vostede fai aquí o seu papel, é normal e recoñézolle, ademais, que neste punto en concreto ten un papel moi complicado.





Pero vamos, vamos sacar o que nos une, como din. Constantemente estamos en bucle, avanzamos e damos un paso atrás, avanzamos e damos un paso atrás. Ao minuto resultado, a SEPI parece que non ten confirmado que vaia intervir, que cando era un acordo, que é o que hoxe traemos aquí, e que hoxe reiteramos aquí. Eu trasladei o voto favorable dos meus compañeiros. Creo que debemos cumprilo e creo que é unha garantía.

Evidentemente, para controlar Alcoa... E non se ofende —ben sabe— quen quere, senón quen pode, a min nese aspecto comprenderá que non me ofende. Pero é indubidable que necesitamos controlar a Alcoa —a SEPI, jeh!—. Ademais, necesitamos non cometer os mesmos erros que se cometeron na Coruña e Avilés.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** E entrar a SEPI para nós é unha garantía.

E fágolle esas dúas peticións: que continúe a SEPI, que é practicamente o que pon o acordo. E unha reflexión que a min certamente me traslada preocupación: ¿por que abandonaron os traballadores nas últimas concentracións? ¿Por que non hai ningún membro do Partido Socialista? Eu estaba nas manifestacións do 12. (*Murmurios.*) Si, estaba...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** ...nas manifestacións do 12 e non falte á verdade, porque xa o dixo varias veces e non falte á verdade, porque iso é moito máis grave aínda do que dicía, pero bueno. ¿Por que o Partido Socialista abandona as manifestacións? É unha petición precisamente a eses alcaldes.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Mire, dentro de menos de dous anos imos pedir a confianza dos veciños e veciñas, creo que un alcalde do Partido Socialista ten moito poder... Bueno, tamén o Bloque, evidentemente, que se mañá lle anuncia ao presidente da deputación que abandona a confianza na Deputación de Lugo, pois indubidamente todos se poñerían moi nerviosos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas...

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Así que utilizemos todos os mecanismos que temos ao noso alcance, sigamos construíndo a unidade e deixémonos de moito teatro, señora Otero,...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Candia.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** ...que a Mariña merece... (*A señora Candia López pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas. (*Aplausos.*)



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Moi boas de novo.

Hai que ter valor para vir defender un volantazo semellante do Goberno e acusarnos aos demais de comprar o discurso de Alcoa. (Aplausos.) Empezando por aí, é duro de dirixir.

Moi brevemente, señorías. Non imos aceptar a emenda do Partido Socialista porque, como xa dixen, o que pretendemos con esta iniciativa é unha declaración inequívoca a favor da intervención. E non temos garantía, máis ben ningunha polo que acabamos de escoitar aquí, de que a posición que leva a ministra a Pittsburgh sexa esta. Unha posición unanimemente manifestada unha e outra vez en todas as institucións representativas: concellos, deputación, Parlamento galego e Congreso dos Deputados. E unha posición aínda ratificada na asemblea de traballadores e traballadoras o luns.

Consideramos honestamente que unha nova manifestación neste sentido a favor da intervención é moi necesaria e será a mellor mostra, a mellor proba de cal é a posición na Galiza e na Mariña e cal debe ser a posición do Goberno do Estado a este respecto.

Estamos pola intervención, si, aínda que sexa temporal para evitar os problemas provocados por solucións intermedias e falidas xa probadas nas fábricas da Coruña e de Gijón. Estamos pola intervención porque é a solución que está dando froitos en Italia ante un problema semellante precisamente coa mesma empresa. Estamos pola intervención porque é obriga do Goberno protexer o investimento e os recursos públicos entregados ás diferentes empresas que foron titulares das fábricas da Mariña e que hoxe lexitimamente o persoal da fábrica e os veciños e veciñas da Mariña consideran propio. Estamos pola intervención porque é unha empresa estratéxica e porque toda unha comarca depende dela.

E, finalmente, estamos pola intervención porque os galegos e galegas tamén temos dereito a que os gobernos se impliquen na resolución dos nosos problemas. Cos nosos cartos rescátanse bancos e autoestradas, cos nosos cartos vanse pagar os fondos que cheguen da Unión Europea, así que consideramos que temos todo o dereito do mundo, como mínimo tanto como o que máis, a que os gobernos utilicen os instrumentos e os recursos públicos na solución dos nosos problemas. (Aplausos.)

Non soa nada ben que a ministra e o PSOE agora nesta Cámara faga como se non soubera cal é a posición unánime —insisto— de todas as institucións representativas e do persoal da fábrica. Non soa nada ben que a ministra e vostede agora nesta Cámara chame a consensuar unha folla de ruta como se non estivese xa clara cal debe ser esa folla de ruta. Por iso entendemos moi necesaria esta manifestación unánime do Parlamento galego. Os argumentos son coñecidos, coidabamos nós que compartidos; 400 días dan para moito, sobre todo para aclarar conceptos e para situar a cadaquén onde corresponde.

Chamamos o Goberno do Estado a executar a vontade unánime e democraticamente expresada a favor da intervención. Chamamos o Goberno do Estado a situarse onde corresponde.



E remato instando a Xunta de Galiza a promover un novo marco competencial a favor de Galiza. A posición da Xunta neste caso, como noutros, léase Barreras, Endesa ou Navantia, léase Lei de costas, léase reparto de fondos, é queixarse do que fai ou deixa de facer o Goberno do Estado, sobre todo cando goberna o PSOE, pero nunca baixo ningún concepto reclama con todas as consecuencias solución a esa falta de competencias. Nunca unha demanda para mellorar o ámbito competencial e as regras de financiamento.

É por isto, por causa deste asumir acriticamente o que veña, o que nos manden, que a Galiza de Feixoo carece de peso político para facerse valer e facerse respectar no escenario do Estado. Unha carencia, unha rendición sempre segura e sempre previsible que pagamos todos e todas, galegos e galegas.

Así que chamamos a ministra a atender as nosas esixencias, as da Mariña e as do persoal da fábrica; e chamamos tamén todas as forzas políticas e o pobo galego a tomar nota de como unha ministra pode arrancar para Pittsburgh levando un recado non consensuado con ningún aquí na Galiza. Precisamos poder político na Galiza para marcar a nosa propia folla de ruta e para poder executala sen interferencias con voz propia. E precisamos novas regras de financiamento que nos provean da capacidade para impulsar aquelas políticas e decisións que nós consideremos estratéxicas ou críticas. A soberanía vai destas cousas, precisamos soberanía para afrontar o que veña como mellor nos conveña.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Alfonso.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Pasamos á seguinte iniciativa.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para acondicionar a nova concesión portuaria das instalacións do antigo Vulcano ao seu uso para actividade de construción ou reparación naval**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non se presentaron emendas a esta iniciativa e, para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora González Iglesias.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** Moitas grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

5.700. Estes son os empregos industriais que segundo a enquisa de poboación activa se destruíron en Vigo no último ano; 7.000 traballadoras e traballadores menos dende o ano 2009.

Vigo está atravesando unha profunda crise industrial con actividades, como o sector naval, nun punto límite.



Nesta situación resulta totalmente inxustificable a pasividade e a inacción do Goberno galego. En 12 anos de Goberno do partido Popular foi incapaz —non queremos pensar que é que non quixo— de poñer en marcha un plan industrial nin para Galiza, nin para Vigo, nin para o sector naval.

Como consecuencia, temos un sector naval que perdeu peso no mercado mundial e no Estado. No ano 2020 perdemos o liderado da actividade naval no Estado a favor de Asturias, que nos superou tanto en contratos asinados como en actividade ponderada.

En Vigo esta crise do sector naval ten dous protagonistas principais, Barreras e Vulcano, e moitos protagonistas secundarios: a industria auxiliar, os traballadores e traballadoras, o propio sector naval do país, etc.

Onte mesmo coñeciamos que a SEPI negou o financiamento que tiña solicitado Barreras. Previsiblemente, se se cumpre o que nos dixo o señor Conde, o conselleiro, neste Parlamento, tampouco recibirá axuda da Xunta de Galiza, xa que estaba condicionada á concesión desa axuda estatal.

Hoxe seguimos con noticias na prensa sobre Barreras moi preocupantes, unhas noticias que fan saltar todas as alarmas. Falan de liquidación, de concurso, de ERTE e de destitución do consello de administración do estaleiro.

Pero as declaracións do conselleiro aínda preocupan máis. Segue coa teima de poñerse de perfil, segue sen enfrontar os problemas e limitase a repetir a mesma letanía de sempre, a única saída é que Barreras poña sobre a mesa un plan de viabilidade, sen aportar ningunha solución para unha empresa estratéxica para Vigo e para a súa comarca.

O BNG levamos meses pedindo que a Xunta de Galiza se poña á fronte desta crise. A solución para Barreras non é seguir enchendo os petos dos accionistas privados con diñeiro público, sen control sobre ese uso de diñeiro e sen garantías de que se inviste e se xestiona ben.

O BNG levamos meses reclamando a intervención pública de Barreras para garantir o futuro do estaleiro e da construción naval na ría de Vigo. Porque a desaparición de Barreras arrastrará moitas empresas auxiliares e destruírá moitos empregos e postos de traballo.

Son precisas políticas activas de apoio ao sector que permitan estabilizar a carga de traballo e manter o emprego. Políticas que teñen que vir da man do Goberno galego que ten as competencias en materia de industria. ¿Será que o presidente Feijóo e o conselleiro Francisco Conde están esperando que ocorra un milagre que resolva a crise de Barreras e do sector naval? No BNG non lle cremos moito nos milagres, cremos no traballo e na defensa dos intereses da Galiza e dos galegos e das galegas.

É o momento para políticas valentes e decididas que apuntalen un sector estratéxico para Galiza e para Vigo. A Xunta de Galiza ten que poñerse á cabeza da estratexia industrial para o sector naval vigués e galego, ten que convocar a mesa do naval e deseñar unha folla de ruta que permita recuperar o peso que a construción naval galega tivo no mercado mundial até non hai moito.



No caso de Vulcano, a pelota está no tellado do Partido Popular e do Partido Socialista. O futuro deste centenario estaleiro depende dos representantes que teñen os dous partidos non Consello de Administración do Porto de Vigo.

Vulcano atravesou, como xa falamos moitas veces neste Parlamento, un procedemento concursal de liquidación que rematou coa compra do estaleiro por parte de Marina Meridional, pasando a denominarse San Enrique. Durante todo o proceso concursal da unidade produtiva, a Autoridade Portuaria de Vigo, presidida por aquel entón por Enrique López Veiga, desenvolveu unha intensa ofensiva administrativa e legal co obxectivo de evitar a continuidade da actividade da construción e reparación naval nos terreos de Teis, e destinalas, como declarou nalgũa ocasión, a outros usos, concretamente os referidos á loxística de contedores.

Durante todo o proceso en Vigo, as organizacións sindicais, as organizacións empresariais e a sociedade civil mostraron a seu rexeitamento a calquera uso distinto á actividade naval nas instalacións de Vulcano, xa que este estaleiro, xunto con Barreras, son fundamentais para a industria naval viguesa.

Vulcano tiña a concesión do dominio portuario até o ano 2027, concesión que resulta imprescindible para o desenvolvemento da actividade do estaleiro, xa que representa o 40 % das instalacións e inclúe o acceso á lámina de auga.

Co nomeamento de Jesús Vázquez Almuíña como presidente da Autoridade Portuaria ábrese unha nova oportunidade para evitar a desaparición do estaleiro, mais as primeiras decisións que tomou o novo presidente non son moi tranquilizadoras.

A finais de abril iniciou o expediente de extinción de concesión administrativa da antiga Vulcano, que foi aprobado definitivamente polo Consello de Administración do Porto o pasado 25 de xuño, aínda podendo manter a concesión até o 2027 e así facilitar a viabilidade do proxecto dos novos propietarios. Ademais, aínda que Vázquez Almuíña en abril declarou non descartar a posibilidade dunha autorización temporal que permita a continuidade da actividade do estaleiro, a realidade é que esta está paralizándo esta actividade ao impedir o uso da lámina de auga. O pasado 18 de xuño a Autoridade Portuaria de Vigo non permitiu a entrada do barco Sanco Sea, da ONG Open Arms, no estaleiro de Teis para a súa reparación a pesar de que Capitanía Marítima xa concedera o permiso.

Difícilmente poderá o estaleiro recuperar a súa actividade e difícilmente poderán volver ao traballo as persoas que están na súa casa sen ingreso, nunha situación precaria, xa que esgotaron as súas prestacións por desemprego, se non se permite o uso das instalacións, aínda que sexa de forma temporal até a nova concesión.

A situación do estaleiro é crítica, os traballadores están pedindo o apoio de todos os partidos políticos, das institucións, do Goberno do Estado, da Xunta de Galiza e do Concello de Vigo e dos colectivos e a sociedade civil de Vigo para salvar o estaleiro. Pero a solución está nas súas mans, nas mans do Partido Popular e do Partido Socialista. Vostedes son os que teñen os representantes no Consello de Administración do Porto de Vigo, vostedes son os que teñen voto no Consello de Administración do Porto de Vigo, vostedes son os que toman as decisións



no Porto de Vigo. Permitan que as gradas de Teis volvan ter barcos e que as familias que dependen dos empregos do estaleiro teñan o seu futuro garantido.

Vigo é moito máis que luces e albergues. Vigo é moito máis que políticas de propaganda e inauguración. Vigo é unha cidade industrial que quere facer coches e construír barcos, que quere emprego para a nosa mocidade que impida que teñan que emigrar. As viguesas e os vigueses precisamos que o Concello de Vigo e a Xunta de Galiza deixen as súas liortas partidistas nas que Vigo é a única que perde e traballen da man pola cidade e polas viguesas e vigueses.

O Partido Popular e o Partido Socialista teñen a oportunidade de poñerse do lado da cidade de Vigo, da industria e do emprego. Apoien esta iniciativa e posiciónense, e voten no Consello de Administración do Porto de Vigo para que o concurso para a concesión portuaria do antigo estaleiro Vulcano estea condicionado ao uso para a actividade da construción e reparación naval, e que se permita o uso da lámina de auga, mentres este concurso non se resolva, ao estaleiro San Enrique para que poida continuar a súa actividade e que o persoal que está no paro poida reincorporarse ao seu posto de traballo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora González.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, ten a palabra a señora Otero Lago.

**A señora OTERO LAGO:** Moitas grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

A verdade é que custa e hai que se armar de valor, doe mesmo falar en pasado de Vulcano, dun estaleiro como Vulcano. Iso primeiro, porque aquí hoxe do que se trata é de poñer nomes e apelidos, e lamentar que esta mañá aquí o presidente da Xunta de Galicia, cando lle preguntaban pola crise industrial, polo sector naval, nomeadamente por Vigo e por Vulcano e por Barreras, como vén facendo nos últimos anos, parece que o sector naval de Vigo xa non existe. Cando falamos no debate do Estado de autonomía do Naval sempre botamos balóns fóra, non falamos das nosas competencias e xa dende hai anos non interesa evidentemente falar de Barreras ou falar neste caso de Vulcano. Porque hai novas todos os días, hoxe mesmo, dicía a compañeira, temos esas preocupantes en relación ao cese de todo o Consello de Administración da Barreras. Agora xa ese gran capital inxectado que trouxeron da man con alfombra vermella os investidores mexicanos de Pemex; eu lembro a ir a esa posta en escena, pois tamén sae na prensa que está entre as nove empresas do mundo máis endebedadas, ademais dos casos de corrupción que todos coñecemos.

E dicía que hai que falar con nomes e apelidos, porque falar do sector naval deste país, a nivel estatal e mesmo a nivel internacional, é falar do sector naval vigués, e é falar de Vul-





cano e é falar de Barreras tamén. E hoxe imos falar de Vulcano e de verdade con todo o respecto para as persoas, as 70 familias que agora mesmo están na súa casa, despois de recibir os enganados, cando se falaba de que ao mellor era unha liquidación controlada porque había investidores. Decía a Xunta que había varios investidores e quedaron sen nada, están agora mesmo na casa. Así que eu animo a que todas e todos falemos hoxe de Vulcano.

E dicía con nomes e apelidos, cando falemos do sector naval e das competencias que ten a Xunta de Galicia en materia de industria neste Estatuto de autonomía.

E falando de nomes e apelidos, e dun estaleiro, dicía, centenario, falemos de 1919 cando hoxe se chama San Enrique de novo, pero que foi un home chamado precisamente Enrique, que xunto con unha persoa, un enxeñeiro belga que era moi coñecido en Vigo, aínda que era belga, chamábanlle o francés, puxeron en marcha un primeiro taller, e ¿por que é importante ese primeiro taller? Porque era un taller de reparación e construción de caldeiras de vapor para a industria do ferrocarril e para a frota galega pesqueira, que de aí todo ese bo facer e esa traxectoria fixo que aínda hoxe en día os mellores caldeireiros profesionais a nivel internacional pois sexan os caldeireiros do metal de Vigo. Moitos por desgraza tiveron que emigrar nestes anos. Pois tan só dez anos despois de crear ese taller de construción, desas caldeiras de vapor, pois medra tanto o negocio que é cando acadan esa concesión na praia do Espiñeiro, en Teis, onde constrúen un taller moito máis grande e un varadoiro, que chegou a ter máis de 750 traballadores directos, así ata os anos 80. E, señora Egerique, non vou facer unha historia, pero ¿por que? Porque igual ao señor López Veiga, que vostedes colocan á fronte da Autoridade Portuaria, terían que lembrarlle, ou á Xunta de Galicia cando anima a unha liquidación controlada, os cen anos de historia de Vulcano, porque hoxe temos que falar (*Aplausos.*) en pasado de Vulcano desta historia. Un estaleiro que no ano 86, como sabe, tamén lla podemos contar ao señor López Veiga, o Merca, neste caso, Fernando Santodomingo, o enxeñeiro naval, cun crédito de 1.000 millóns de pesetas para a súa viabilidade vinculada a coller excedentes doutras empresas como, por exemplo, a antiga Ascon. Pois ben, en todo este tempo Vulcano supera unha guerra civil, a reconversión naval, diversos concursos de acredores, tamén nomearei o *tax lease*, claro que si, en honra á verdade, pero porque vostede cada vez que fala de Vulcano falará do *tax lease* hoxe tamén, pero supera a guerra civil, unha guerra, reconversión naval, concursos de acredores, a compra e logo a quebra dun estaleiro como o de Xuliana, diversos concursos, expedientes de regulación de emprego. Pero, ¿saben o que nunca fixeron as traballadoras e traballadores? —e falemos en masculino porque é un sector fundamentalmente masculinizado—: nunca deixaron de non entregar e de non rematar un pedido. Nunca, mesmo agora cando se lles anima a ir a unha liquidación controlada e a Xunta lles di que hai investidores, mesmo coa desconfianza despois dos meses que padeceron, remataron o último buque. E agora ¿onde están? Na súa casa. E ¿que están pedindo? Efectivamente, garantías e non máis mentiras, porque de verdade que hai que ter unha frialdade para manter a belixerancia que tivo o señor Enrique López Veiga contra a actividade naval de reparación e construción naval, contra a antiga Vulcano e os seus traballadores, os 70 que quedaron, hai que ser moi frío para estar apostando despois destes cen anos que repasaba de historia porque é importante, por poñer aí contedores. Hai que ter unha frialdade e con sentido desde este Goberno da Xunta de Galicia que se puxo dende o primeiro lugar non só de perfil, como dicía, senón no momento final enganando os traballadores. (*Aplausos.*)



Unha belixerancia que mesmo leva a nivel legal. Había varios investidores non un, di a Xunta de Galicia, dillo ao comité de empresa, que todos tranquilos. Entra en liquidación Vulcano e non hai ningún. Contrátase e encárgase a KPMG que vai encontrar tamén investidores pero non aparecen, pero cando aparece un, non da man da Xunta de Galicia, evidentemente, ten que vir o xuíz do Mercantil de Pontevedra a dicirlle ao señor López Veiga que a unidade produtiva ten que ir vinculada á concesión para manter aí a actividade e os postos de traballo. Ten que vir un xuíz a dicirnos isto. E agora parece que rebaixamos o ton, o novo presidente da Autoridade Portuaria, o señor Vázquez Almuíña, rebaixa o ton, pero hai uns días a empresa Marina Meridional ten unha xuntanza na Autoridade Portuaria, todo é moi bonito e o que se atopa tamén é unha letra pequena, porque do que lle están a propoñer agora é a falar nesa concesión temporal é de reducir espazo e con menos espazo do que tiña Vulcano cobrar máis taxas das que pagaba Vulcano. Esa é a aposta que temos polo sector naval con nome e apelidos de Vigo. Poñer contedores e facer un recheo estimado de entre 80 millóns de metros cadrados e 250 millóns de metros cadrados, e contedores onde teñen traballado máis de 1.000 traballadores. Esa é a aposta que ten a Xunta de Galicia. Así que hoxe díganlles a esas 70 familias, pero tamén ás ducias que están paradas na industria auxiliar, cales son os plans.

Evidentemente, o Partido Socialista si aposta por unha concesión a longo prazo que blinde a construción e a reparación naval como toda a vida neses terreos, nesa antiga praia do Espiñeiro. Claro que si, dende logo que si, e que se faga, ademais, axiña.

Aquí hai que poñer as cartas sobre a mesa, pero falemos do *tax lease* e de Pedro Sánchez; igual lles dicimos iso as 70 familias, igual lles dicimos iso, señora Egerique. Así que, como dicíamos, son máis de 5.000 traballadores, a verdade é que bailan as cifras porque é difícil, pero tamén dicía o señor Tellado que había que saír á rúa a dar unha volta.

Para rematar, eu quero animar a dar unha volta e non por unha comarca, senón vou dicir dous barrios, por Bouzas e por Teis, por Guixar, porque hai uns anos de verdade que impresionaba, impresionaba pasar por alí ás sete da tarde ou ás tres; e digo ás tres ou ás sete porque historicamente os traballadores do metal e do naval nomeadamente traballaban oito horas ordinarias pola mañá e tres pola tarde de velada, saían ás sete, coas fundas manchadas, os venres rebentados; pero esas horiñas extra que se pagaban mellor boa falta facían, boa conta delas daban as familias do sector dos traballadores do naval, e sei do que falo, a final de mes. E o comercio tamén, o comercio vigués cando o naval era, por desgraza, o que era e o que xa non é.

A verdade é que impresionaba poñerse en Guixar e ver saír todos eses traballadores e agora ver Vulcano pechado, dicía e falar en pasado é algo que doe, ten que doer. Entón, falemos do naval, falemos do naval vigués e animo o conselleiro de Industria e o presidente da Xunta Alberto Núñez Feijóo, que leva anos non querendo pronunciar ese nome, semella, de esteleiro de Barreras e de Vulcano, que veña aquí e que fale do sector naval vigués nomeadamente, porque falar do sector naval galego, permítame, igual que se falamos do sector naval a nivel europeo ou español, é falar do sector naval de Vigo e falar de Vulcano e falar de Barreras.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Otero.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten a palabra a señora Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Bos días.

Grazas, presidente.

Comezarei facendo unhas anotacións á intervención da señora Otero, que é a única que falou en pasado de Vulcano, a señora González Iglesias, eu a miña intención é falar de futuro en Vulcano. A historia está escrita, por suposto, todos coñecemos o apego e a nostalxia que nos dá Vulcano no Barrio de Teis e en Bichita a importancia para todas as familias, coñecémola absolutamente todos. Creo que Enrique López Veiga bastante mellor que nós as dúas, porque foi un conselleiro de Pesca, un vigués que traballou moito polo naval. Non hai ningunha, creo, ningún factor, ningunha cuestión que poña enriba da mesa que o Grupo Parlamentario Popular non traballara a prol e a favor do sector naval; que o presidente da Xunta Alberto Núñez Feijóo non traballara a prol do sector naval; e que lembre vostede, que seguro que saberá tamén moi ben porque estaba alí en Vigo, cando as gradas estaban baleiras no ano 2012, cando unha política da Xunta de Galicia e de aposta certa e certa e con millóns de euros enriba da mesa fixo que houbera carga de traballo nas gradas do naval de Vigo. Como a política da Xunta de Galicia do Partido Popular, tanto do Partido Popular a nivel nacional como do Partido Popular de Galicia, é a favor do naval, do sector privado e do sector público do naval, porque tamén hai que pensar en Navantia, non se olvide vostede de que estamos na defensa de todos os galegos e como, como viguesas as tres, debemos defender aquí o sector naval e non falar de nostalxia e de historia, porque somos deputadas e temos unha responsabilidade, e é intentar buscar unha solución para Vulcano que agora xa ten algo de luz ao final do túnel, señora Otero. *(Aplausos.)*

Realmente, indo á intervención, porque isto vén ao fío dalgúns debates que xa tivemos, vostede di que eu sempre falo do *tax lease*, non tiña pensado falar do *tax lease* hoxe. Porque hoxe o *tax lease* non vén a conto, sacouno vostede a colación realmente porque foi Almunia, un socialista, o que meteu o *tax lease* en Vigo e fíxolle unha zancadilla moi grande ao sector naval e moito dano, e grazas tamén ao Goberno de Alberto Núñez Feijóo o *tax lease* quedou eximido dos impostos e dos pagos do sector naval.

Mire, no mes de novembro de 2020 debatemos na Comisión 6.<sup>a</sup>, señora González Iglesias, unha PNL sobre Vulcano, que presentara vostede mesma, cunha serie de puntos que non puidemos aprobar. Eu expliquei daquela por que non o faciamos e expliqueino entón, fareino tamén agora. Expuxemos o noso argumento, que sempre é o mesmo, sempre foi o mesmo, e o tempo dános un pouco a razón, porque vostedes daquela pedían á Xunta e pedíanlle á Autoridade Portuaria unha serie de actuacións dubidasas no ámbito legal, xa llo dixeramos naquel momento. Pouco máis que unha intervención ao Consello de Administración do Porto de Vigo, que ten a súa independencia e a súa lexitimidade para tomar as decisións. Pedían acatar a sentenza da Audiencia Provincial e retirar ou desistir do procedemento instado no Tribunal de Conflitos, saltando os propios informes da Avogacía do Estado.



Como vostedes comprenderán, nós non iamos apoiar iso porque está sempre o respecto á lei. E eu mesma no debate díxenlle que apoiar o sector naval e o emprego, sobre todo o emprego, si, pero que intervencionismos, non. E vostedes coñecen perfectamente a política de apoio ao sector naval do Partido Popular e da Xunta de Galicia.

O traballo é fundamental en todas as empresas. A señora Otero falaba antes e poñía en dúbida uns traballadores ou outros traballadores, que se intervencionismo non ou intervencionismo si. Eu creo que o Partido Socialista, como sempre, está perdido e dependendo de que empresa fale ten un discurso ou ten outro. Nós temos sempre o mesmo.

Daquela, no mes de novembro, o PSdeG navegaba e segue navegando, como sempre, eu vin que agora a señora Otero non puxo ningunha solución para Vulcano. Ten vostede tamén como deputada do Partido Socialista un compromiso, e o Goberno de España ten un compromiso que non está cumprindo en ningún caso co sector naval en Vigo.

Mire, dicía unha cousa en cada lugar. O entón delegado do goberno, daquela Javier Losada, dicía que si, que había que respectar o que dicía a Autoridade Portuaria. Os deputados da comisión dubidábano, non sabían moi ben o que dicir. O alcalde de Vigo e mais o delegado da Zona Franca non asistiron ao Consello de Administración porque non se querían mollar con este tema. Polo tanto, un espectáculo, un esperpento e unha falta de compromiso por parte do Partido Socialista co sector naval e, como se vén de comprobar, ultimamente coa SEPI.

Nós e a Xunta de Galicia, e o Grupo Parlamentario Popular e o Partido Popular en Vigo, que eu creo que non hai ningunha dúbida, estivemos sempre no mesmo sitio, estivemos sempre apoiando os traballadores. E daquela tiñamos unha posición que era: defensa do sector naval sempre, sen simplificar ou reducir o debate a un estaleiro ou a dous, aínda que é verdade que Barreras e Vulcano son fundamentais en Vigo, non nomeou Armón, Rodman, Cardama, Freire... Traballan, son estaleiros privados que traballan. A min gustárame tamén meter todas as empresas do sector naval que funcionan, porque a xestión dun estaleiro é tamén un feito complicado e nós como Partido Popular e como Xunta de Galicia non imos intervir. Agora, axuda sempre se prestou, tanto aos estaleiros navais como se fai ás auxiliares, con liquidez para que manteñan sempre os postos de traballo á marxe de quen estea á fronte de cada estaleiro.

E daquela tamén dicíamos que había que agardar ao ditame do Tribunal de Conflitos de Xurisdición para determinar o procedemento que se debería seguir en relación coa concesión dos terreos da extinta Vulcano. E tivemos ese debate no mes de novembro, eu lembro un debate vehemente e ademais con expoñer os argumentos enriba da mesa. E si é verdade que ás veces custa votar en contra dalgunhas cousas, pero nós dixemos non á intervención e si a respectar os tempos legais.

¿Que pasou despois? Chega abril e os titulares da prensa informan nos xornais e din: «O Tribunal de Conflitos tomba a concesión de Vulcano e dálle a razón ao Porto de Vigo, que é como darlle razón á Avogacía do Estado». Non vou dicir aquí nin partidos nin non partidos, daquela era presidente Enrique López Veiga e o que fixo foi seguir os informes da Avogacía do Estado e as votacións do Consello de Administración, que ten unha lexitimidade e unha independencia para tomar as decisións.



Hoxe nesta PNL vostedes volven facer o mesmo, pero na situación na que nos atopamos agora. Por unha parte, piden que a concesión do Porto de Vigo blinde a súa actividade á acción naval e á actividade naval, totalmente de acordo, e ademais iso xa está en marcha; nós estamos de acordo dentro da lei que haxa actividade naval en Vulcano e que Vulcano sexa sempre Vulcano, por suposto, con estes tempos e antes da Guerra Civil e despois da Guerra Civil e no século XXX tamén. ¡Oxalá poida haber traballo alí dentro de moitísimos anos!

E, por outra parte, piden vostedes interferir de novo nas accións da Autoridade Portuaria sen coñecer a fondo, que é un pouco a dúbida que temos aquí, como debe actuar conforme a lei. A intención, a vontade pola nosa parte é total de que se siga traballando, pero hai que saber como se fai, se se pode permitir sen máis, porque vostedes poñen no texto: «Pedirlle á Autoridade Portuaria permitir o uso da lámina de auga mentres o concurso non se resolva». Pero iso ten unha serie de matices e unha serie de esixencias que eu creo que tamén convén aclarar.

O máis importante —insisto— e sábeno, señora González Iglesias, diríxome a vostede porque falou do futuro de Vulcano; a señora do Partido Socialista, a señora Otero, falou de pasado e de nostalxia, pero non puxo ningunha solución enriba da mesa. Insisto en que o máis importante, á marxe dunha empresa ou outra, é manter o emprego.

A Xunta sempre apostou por manter o emprego, e cando falla un estaleiro, como dixen antes, sempre estivo para axudar as empresas auxiliares, para manter os postos de traballo en Vigo e a súa comarca, que no fondo e o fin é ese. Porque a realidade viguesa e a nostalxia que podemos ter nós con Vulcano é que realmente arredor do sector naval creceu a cidade. E temos ese carácter certamente tamén porque ese sector naval deulle carácter á cidade, e nós necesitamos que a xente se dedique preto do mar aos traballos e á industria que ten que ver co mar. E o naval é un puntal fundamental en Galicia e en Vigo, e non poña vostede en dúbida que este grupo parlamentario está apoiando sempre ese sector. Iso é incuestionable.

¿Onde estamos agora e cara a onde imos con referencia a Vulcano? Unha serie de precisións, como dicía. En primeiro lugar, o Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo aprobou na súa última reunión, como dixo vostede, o 25 de xuño, a extinción definitiva de Vulcano, que fora en 2009. Actualmente está traballando na redacción do prego de condicións que rexerá o concurso da nova concesión. En terceiro lugar, nun prazo aproximado de dous meses sacarase a concurso o novo prego. E ese novo concurso valorará un proxecto sólido orientado á construción e reparación naval, que xere emprego e reactive a economía de Vigo e a súa área metropolitana. Por iso o punto número 1 é incuestionable, porque iso xa está blindado por parte do Consello de Administración da Autoridade Portuaria.

¿Que pasa entón? Ata a adxudicación da nova concesión, que podería facerse efectiva nun prazo de 6 ou 8 meses, os actuais donos do estaleiro San Enrique poderán presentar unha solicitude de autorización provisional para seguir facendo uso da zona de dominio público portuario, tanto a lámina de auga como a zona de terra. E, polo tanto, nese caso, en canto se presente a solicitude, xa que o señor Vázquez Almuíña, o actual presidente do Porto está en contacto tanto cos donos do estaleiro como cos traballadores, estudarase esa autorización e, se o Consello de Administración da Autoridade Portuaria o valora e cumpre os requisitos necesarios, farase ese traballo.





Por iso digo que é a puntualización e o matiz do segundo punto, porque no fondo do asunto estamos de acordo. Nós o Grupo Parlamentario Popular, vostedes do Bloque Nacionalista Galego e o propio Consello de Administración e o presidente do Porto. Agora, hai que puntualizar que, para que utilicen agora mesmo esa lámina de auga e esa zona portuaria, teñen que presentar esa solicitude e ten que ser validada polo Consello de Administración da Autoridade Portuaria.

Mire, xa llo dixen en novembro e voullo dicir aquí con toda a sinceridade, cunha carta de servizos chea de verdade e con resultados, señora Otero, cun Goberno de Alberto Núñez Feijóo, conselleiros de Industria que trouxeron traballo e osíxeno a Vigo enchendo as gradas. Cun alcalde de Vigo que pasou de perfil absolutamente co sector naval, que o único que fixo ben foi declarar persoa non grata a Almunia nun Pleno municipal, porque puxo o *tax lease* enriba da mesa e deuse conta do dano que fixera.

Polo tanto, con proxectos de futuro da Xunta de Galicia orientados á investigación, ao I+D+i, ás novas tecnoloxías, de verdade por parte da Xunta ao sector naval. Dicía eu é importantísimo Vulcano neste momento e dicíalle en novembro, é importante que todas as partes traballemos nunha mesma dirección.

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Ten que ir terminando, señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Polo tanto, hoxe é o mesmo, é unha cousa importante, evitar o ruído innecesario e as friccións; podemos ter debate, pero aquí hai xa pasos dados que non había no mes de novembro, señora González Iglesias. Nós imos apoiar esta iniciativa e Vulcano, se se segue coas políticas que se teñen que facer, se se cumpren os prazos, se todos temos a intención de que haxa traballo naval en Vulcano, volverá a haber traballo en Vulcano. Agora pídolle, señora...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...González Iglesias, que evite o ruído innecesario e as friccións.

E, señora Otero, creo que vostede debería falar de...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...futuro de Vulcano e non de pasado como falou en toda a súa intervención. (Aplausos.)

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Polo Bloque Nacionalista Galego, autor da proposición non de lei, señora González Iglesias.

**A señora GONZÁLEZ IGLESIAS:** Moitas grazas, presidenta.





Señora Egerique, nada máis lonxe da intención do BNG que interferir, sempre que se estea facendo algo, ¡eh! E eu sempre que escoito falar das políticas industriais do Concello de Vigo, eu que, como moitos dos que estamos aquí somos nais e pais de fillos adolescentes, vénme á cabeza —eu ademais teño tres, teño de todo— este fillo mal estudante que cada vez que chega cun suspenso á casa sempre culpa de que a profesora lle ten manía. ¡Ah!, ou lle comeu os apuntes o can e non puido estudar o suficiente para o exame. Imos ver... (*Aplausos.*) O Partido Popular leva facendo política de parches e de arranxar os problemas que están xa... É dicir, o que dicía antes, poñendo diñeiro cando as empresas están nunha situación de crise. Non hai un plan industrial para o sector naval nin de Vigo nin de Galiza dende hai 12 anos que se leva reclamando e que leva reclamando o *cluster* que está gobernando o Partido Popular. E iso é o que demanda o BNG, que se sente co *cluster* porque ademais dicía vostede que hai máis estaleiros. Pero quen di que Vulcano e Barreras son fundamentais para que a industria naval teña futuro na ría de Vigo non é o BNG, ¡eh! É o *cluster* do naval, son eses mesmos empresarios dos que vostede fala os que din que Barreras e Vulcano son fundamentais e estratéxicos para a industria naval da ría de Vigo, non somos nós.

A Xunta de Galiza non pode estar —díxeno antes e volvo repetilo—, para que o naval en Vigo e no país teñan futuro, non pode estar a carón de..., apoiando... ten que estar tirando do carro. Nós que somos de país rural e que sabemos o que é tirar do carro, se non tira e non traza un plan de futuro para o sector naval, imos seguir poñendo parches cada vez que aparecen os problemas e ese non é o futuro. Eu tamén falo de futuro, señora Egerique, como vostede. Eu creo que é fundamental e que podemos sacar adiante o sector naval do noso país, pero para iso fan falta políticas decididas e valentes, e iso é o que ten que facer a Xunta de Galiza. E iso é o que están demandando non só os traballadores e as traballadoras do sector, senón tamén o *cluster*.

E volvo a repetir, é que aos vigueses e ás viguesas dános moito noxo esta liorta que teñen concretamente o Concello de Vigo e a Xunta de Galiza. Alguén, e volvo repetir, isto póñome en plan nai dos meus fillos, alguén ten que parar isto. Alguén ten que sentarse e dicir temos que traballar conxuntamente. Porque os que levamos anos vendo como é a política de Vigo —e temos aquí unha anterior alcaldesa, ¡eh!—, sabemos que Vigo non vai avanzar se non traballamos da man. E botándonos a culpa uns aos outros, que ademais, fíxense, eu creo que non é casual, creo que lle vai moi ben a calquera dos dous partidos esa pim, pam, pum e ese «a culpa non é miña, a culpa é dos demais», isto é cousa da Xunta e isto é do Concello. Desa maneira cada un estamos ao noso e Vigo perde, como dicía.

Dá igual, o presidente da Xunta de Galiza ten que sentarse e limar todas esas asperezas e traballar por Vigo. Os que somos de Vigo e as que somos de Vigo vemos como Vigo está perdendo con esas liortas, e o naval é un dos sectores que está perdendo con esas loitas. Estou de acordo en que o alcalde non está facendo o que ten que facer, non está tirando da industria do país. Alude a que non son as súas competencias, que son da Xunta; tamén é certo, pero un alcalde que vela polo bo futuro dos seus cidadáns tira de quen faga falta para ter emprego na súa cidade. Pero a Xunta ten que dar o primeiro paso e sentarse e facer que Vigo funcione.

De todas as formas, dicirlle que me alegro de que, por fin, vexan que Vulcano é fundamental, de que as gradas de Teis teñen que estar, os terreos de Teis teñen que seguir sendo para a



construción naval. Esperemos que non haxa ningún cambio de ultima hora, porque estamos bastante acostumados a que de repente pasen cousas e as cousas cambien. Pero tamén é fundamental que nestes oito meses, mínimo, que se vai tardar en adxudicar a nova concesión se poida traballar, e terá que ser con solicitude, como xa dixo o empresario que ía facer, pero ten que haber o compromiso da Autoridade Portuaria e do Consello de Administración, que volvo a repetir, no que están os dous partidos, porque o presidente do Porto non decide unilateralmente, é o consello o que vota e decide, os que apoien esa iniciativa.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora González.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da retirada do recurso interposto ante o Tribunal Constitucional respecto da reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia**

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei:

*Emenda de modificación*

*Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que reformule a modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia que foi tramitada polo Pleno do Parlamento de Galicia, para equiparala de maneira exacta á modificación da Lei 16/2010 de saúde pública das Illes Balears, toda vez que o propio Goberno de Galicia ten considerado publicamente que son lexislacións semellantes e así, con esta equiparación, poder superar o posible problema de inconstitucionalidade da normativa galega que está sendo estimado no Tribunal Constitucional.»*

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, presidente.

Bos días, boas tardes, señorías.

Estamos, como saben vostedes, vivindo en España o que todos chamamos a quinta onda da pandemia, unha onda que ten certamente diferenzas coas anteriores dado que boa parte da poboación, sobre todo a que ten máis risco, está vacinada, e, polo tanto, a súa incidencia é en xente nova, que afortunadamente non leva consigo unha ocupación hospitalaria tan impor-



tante. Sen embargo, é unha onda que nos recorda que a pandemia segue aquí, que as autoridades teñen que seguir loitando contra a pandemia, e que os efectos da pandemia, aínda que menos graves no ámbito da saúde, no ámbito concreto da hospitalización e o acceso ás UCI segue sendo moi grave para a hostalería, para o turismo, ou mesmo para a actuación dos funcionarios que se encargan da seguridade pública. E por iso creo que é conveniente falar de como estamos combatendo a pandemia unha vez máis desde o punto de vista xurídico.

Ben, como vostedes saben, desde que se levantou o estado de alarma, que permitía ás autoridades autonómicas de forma delegada adoptar as medidas sanitarias pertinentes, medidas que afectaban..., e isto é natural pola propia natureza dunha pandemia que esixe o confinamento e o tratamento e a non convivencia de persoas que se poden transmitir entre si o virus, pois levaban consigo certamente algunhas restricións ás liberdades e aos dereitos fundamentais, con maior ou menor intensidade ao longo de toda a pandemia.

Pero o certo é que na actualidade, nesta quinta onda, estamos nun novo contorno no que a autoridade sanitaria, basicamente as comunidades autónomas que teñen a competencia transferida en sanidade interior, teñen que combater a pandemia única e exclusivamente coas leis sanitarias, é dicir, coa Lei orgánica 3/1986, de medidas especiais de saúde pública; tamén coa Lei 14 extraordinaria de 1986 de sanidade; e mais as leis autonómicas sanitarias que prevén actuacións en defensa da saúde pública.

O marco orgánico, é dicir, a Lei orgánica 3/1986, como xa temos dito en moitos debates, é un marco parco, inconcreto e insuficiente. Lembro que o artigo 3 di literalmente que: «*Con el fin de controlar enfermedades transmisibles, la autoridad sanitaria, además de realizar las acciones preventivas generales, podrá adoptar las medidas oportunas para el control de los enfermos, de las personas que estén o estuvieran en contacto con los mismos enfermos y del medio ambiente inmediato, así como las que se consideren necesarias en caso de riesgo transmisible*». É dicir, está falando de medidas oportunas, daquelas que se consideren necesarias en caso de risco transmisible, o cal evidentemente é o mesmo que non dicir practicamente nada.

Por iso, varias comunidades autónomas, destacando Galicia no tempo, xa antes de comezara o verán, é dicir, hai xa bastante máis dun ano, o que están é pedindo unha reforma da lei orgánica, pediron de distintas maneiras, na Conferencia de Presidentes, por carta ao presidente, a través dos grupos parlamentarios no Congreso, pediron a reforma desa lei orgánica para darlles instrumentos ás autoridades sanitarias, ás autoridades autonómicas, instrumentos regulados que limiten a actuación dos poderes públicos, pero á súa vez permitan aos poderes públicos combater a pandemia. E como saben, a dita petición, pese a que primeiro se dixo que si, díxoo o presidente, díxoo a vicepresidenta, díxoo a Comisión de Reconstrución do Congreso, e mesmo hai compromisos do propio antigo ministro de Sanidade, finalmente non se modificou a Lei de saúde.

A consecuencia inmediata foi que as Cortes, podemos entender formalmente que entenden que a Lei orgánica xa marca o contido do que debe ser a loita contra a pandemia e, polo tanto, as comunidades autónomas, dado que ese é o marco común e as comunidades autónomas teñen capacidade de desenvolvemento lexislativo da normativa estatal, pois poderían actuar e aprobar normas específicas que desenvolvesen esta parquedade da lei orgánica.



De feito, eu creo que é un erro, o erro non é que o diga eu, se imos por exemplo ao que di o Consello de Estado, di que: «*La Ley orgánica 3/1986 podría resultar insuficiente para hacer frente, de acuerdo con los principios constitucionales de eficacia administrativa y seguridad jurídica, a las necesidades a las que se enfrentan las autoridades sanitarias pertinentes*».

E tamén o dixo o Tribunal Supremo, nun das veces que se tivo que pronunciar sobre decisións das comunidades autónomas. Dixo: «*Las dificultades jurídicas serían mucho menores, tanto para la Administración sanitaria como para las salas de lo contencioso-administrativo, si existiera una regulación suficiente articulada de las condiciones y límites en que cabe restringir o limitar derechos fundamentales en emergencias o catástrofes como la actual*».

Como dicía, ante esta parquedade e esta inacción lexítima do Goberno de España e da maioría que goberna, que manda ou que ten maioría no Congreso, o certo é que moitas comunidades autónomas, e non só a galega, aproveitaron esa competencia en materia de sanidade interior, que está recoñecida no artigo 33.1 do Estatuto de autonomía, para elaborar a súa propia reforma da lei sanitaria e para axustala ás necesidades de loita contra unha pandemia.

En Galicia fixémoslo a través do grupo; como saben, rexistramos o 19 de novembro do ano pasado unha proposición de lei, que foi finalmente aprobada o 23 de febreiro. Pero, como dicía, non foi a única; Aragón ten normas semellantes, o País Vasco promoveu unha norma semellante e, finalmente, Baleares aprobou un real decreto, este xa non semellante, senón basicamente idéntico. Todas elas, por certo, comunidades gobernadas polo Partido Socialista que o que fan é o mesmo que fixo Galicia, desenvolver a Lei orgánica de saúde para cubrir ese vacío legal denunciado polo Tribunal Supremo e o Consello de Estado. En definitiva, para evitar o que moita doutrina constitucionalista ten denunciado como o Goberno dos xuíces, que se instaurou en España con consecuencias non sempre positivas, como acabamos de ver no caso dos rapaces contaxiados nas viaxes de fin de curso ás propias Illas Baleares. E tamén como vemos con certas incongruencias entre as decisións que adoptan os distintos tribunais superiores de xustiza.

A reforma da Lei galega de saúde tivo un debate, lexítimo. Hai quen está de acordo co que se propón e hai quen pode obxectar o seu contido. Pero é unha cuestión á parte de se é constitucional ou non é constitucional. Eu quero recordar que no trámite parlamentario non houbo ningunha obxección, nin por parte loxicamente de quen ten a obriga de facela, que son os letrados da Cámara, nin por parte do propio Goberno de España, que noutros trámites lexislativos ten advertido a posibilidade de que houbera inconstitucionalidade a través da correspondente carta de cooperación, de acordo co que se prevé na lexislación de cooperación administrativa.

O que fai o Goberno unha vez publicada é pedir información ao Consello do Estado sobre tres motivos: o Consello descarta dous completamente, abre a porta a un recurso, exclusivamente para que o Tribunal Constitucional delimite o alcance e competencia do desenvolvemento lexislativo das comunidades autónomas, aínda que unicamente, pese á primeira intención do Goberno de recorrer practicamente toda a lei, se circunscribe a un artigo, o 38.2, sobre o que o Consello de Estado dicía que non parece que as medidas contempladas no artigo 38.2 da Lei 8/2008 de Galicia sexan distintas das que se veñen aplicando por todas as autoridades sanitarias estatais e autonómicas ao amparo da Lei orgánica 3/1986.



Finalmente o Goberno, sen poñerse en contacto coa comunidade autónoma, como prevé a Lei do Tribunal Constitucional para negociar a interpretación ou a eventual modificación da lei no seu posible aspecto de inconstitucionalidade, presenta un recurso de inconstitucionalidade pedindo e aplicando o artigo 161.2 da Constitución a suspensión inmediata da lei. E basicamente faino con dous argumentos: a capacidade de desenvolvemento, que non cuestionan nin en Aragón, nin en Baleares; e o contido específico da lei.

De aí a sorpresa que cando vemos que se aproba un decreto —decreto, non lei— en Baleares, basicamente o artigo 32 está copiado. Eu vou deixarlle á presidenta da Cámara co rogo de distribución a todos os grupos da comparación dos dous artigos. Por exemplo, hai un que di que en particular poderán adoptarse as seguintes medidas preventivas.

«*Sometimiento de las personas enfermas a tratamiento adecuado*». O que di o artigo 49 bis apartado 2, letra b do decreto balear é: «*Sometimiento de las personas enfermas a tratamiento adecuado*». É literal.

O seguinte, que é o que prevé os confinamentos, diferénciase en dúas palabras, é un parágrafo longo. Na galega di: «*Que se pode confinar a xente nun lugar adecuado para tal fin*». A balear di: «*Para esta finalidade*». A galega di que «*Se separará das demais persoas*». A balear di que «*Se separará doutras persoas*». Esas son as únicas diferenzas deses artigos.

¿E que di o recurso de inconstitucionalidade? Di que «*Estas medidas de control de las personas enfermas, como el aislamiento en domicilio, el internamiento en centro hospitalario, o el aislamiento o internamiento en otro lugar adecuado a tal fin...*», que son literalmente idénticas nos dous textos lexislativos, na lei galega e no decreto de Baleares, resulta que son de acordo co recurso do Goberno, «*que afecta al artículo 19 da Constitución en cuanto establece de manera vinculante limitaciones a la libertad de movimientos de los ciudadanos en las circunstancias citadas sin tener capacidad para ello. Además del artículo 17 de la Constitución española. Ello sin la cobertura de la ley orgánica*». O que se di da lei galega non se di da lei balear, e resulta que a lei galega se recorreu nun prazo inmediato practicamente e non se fixo nada co da balear.

No propio recurso o que di o Goberno de España é «*que trata de mantener la coordinación general de la sanidad, reduciendo las disfunciones que, de subsistir, impedirían o dificultarían respectivamente la realidad del sistema sanitario español*».

Ben, nós o que entendemos é que precisamente este recurso de inconstitucionalidade contra a lei galega, que non se presenta contra ningunha norma autonómica, e nomeadamente contra unha que é idéntica porque foi trasposta copiada da galega, é o que provoca que existan disfuncións e contradicións no sistema público de sanidade. Porque a realidade é que Baleares ten a lei en vigor e Galicia tena suspendida, cando din o mesmo, como acabo de explicar.

O recurso é a principal contradición e disfunción do sistema, e por iso pedimos nesta proposición non de lei

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.





**O señor PUY FRAGA:** ...pedimos que se retire o recurso ou, cando menos, que se retire a petición de suspensión do recurso, e con iso, máis alá do propio contido da lei e das medidas que se prevén na lei, o que estamos é defendendo as competencias e a dignidade desta Cámara, que é tanto como dicir a do país que esta Cámara representa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Puy.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día, case boa tarde.

Boa tarde, señor conselleiro, agradézolle que estea no debate.

Como din ás veces nalgunhas entrevistas, alégrome de que me faga esta pregunta *(Risos.)*, que se di jocosamente, porque así podemos debater. Porque, sinceramente, o outro día houbo unha pregunta neste Parlamento que vostede, señor Puy, fixo sobre o conselleiro que, permítame a decepción, foi probablemente o espectáculo máis bochornoso que eu vin dende o tempo que eu levo aquí. É certo que onte xa lles gañou a burda manipulación do Parlamento, xa van de segundos, pero, en todo caso, foi bastante espeluznante. A verdade é que me decepciona porque eu teño unha altísima consideración, sígoa tendo en realidade, evidentemente, por vostedes dous, porque os debates parlamentarios que vostedes protagonizan hai que recoñecer, máis alá das discrepancias, que teñen... sempre é un desfrute poder observarlos, incluso ás veces participar. Pero neste caso é un debate falaz, construído para ese relato da guerra e non da solución, porque vostedes están niso, en construír un relato da guerra, da guerra contra o Estado. Impórtalles máis estar en guerra contra o Estado que resolver o problema.

Baséase esa falacia en tres cuestións. Primeiro, en que están vostedes mentindo; segundo, en que están sendo hipócritas; pero hai unha terceira que é que aínda temos unha oportunidade de construír algunha cousa e nós imos estar nesa parte. E vou intentar detallar por que.

A primeira é que vostedes menten, menten cando din, como se fora unha cousa que se medira ao peso, que son leis idénticas. Menten. Xa o das comparativas en termos numéricos case como se fora cunha folla de Excel ou cun sistema de autocitas xa é complicado. Un experto xurídico, señor Puy, como é vostede, sabe que ademais poden coincidir moitas palabras, pero hai algunhas, os matices, os detalles que son o que leva á cuestión. Xa sabe aquilo de que todos os varóns son varóns, pero non todos os varóns son baróns. Fíxese vostede que incluso a diferenza só é ortográfica. Pero, en todo caso, menten con claridade. Poderíamos explicar varias cuestións, moitas sobre a necesidade que inclúe de acreditar unha PCR ne-





gativa ou unha proba negativa, que na lei galega non está claro para algunhas posibilidades, como por exemplo estaríamos resolvendo agora a cuestión do ocio xa que a situación é distinta. Pero, mire, voume parar en dúas. Unha delas porque foi notoriamente máis mediática, e a outra, permítanme, porque me parece moi interesante dende o punto de vista de como unha lei, como si fai a balear e non fixo a galega, afronta cuestión que tamén teñen que ver con algo máis que un debate etéreo que ao final non resolve a pandemia.

A primeira, a vacinación. Vostedes plantexan que isto é idéntico, unha lei que outra. E vamos ir a esa diferenza. Non é idéntico plantexar, como fan vostedes na lei galega, que é posible vacinar ou obrigar a vacinar toda a poboación que facelo como fai a lei balear, que plantexa a posibilidade de que grupos determinados nun momento determinado poidan ser obrigados. Por exemplo, ¿que pasa se hai que obrigar todos os profesionais da sanidade pública a vacinarse? Como fai Francia, parecería razoable. Ou forzar a que non poida entrar nunha residencia de maiores ninguén que non estea xa vacinado, parecería razoable. Ou incluso, incluso, se é posible, que non o sei, pero pode ser un debate interesante, plantexar que os nenos que non estean vacinados non poidan ir a unha gardería; incluso non só sobre a covid, senón con calquera outro elemento, con calquera outra enfermidade. Cuestión que plantexou o señor Feijóo hai un tempo sobre outro tipo de patoloxías e que pode ser razoable, pero non a toda poboación, porque a xente ten dereito, e eu creo que quen non se vacine é un irresponsable, é un insolidario, pero ten dereito incluso a equivocarse. O noso labor como políticos é convencelos, pero teñen dereito a non vacinarse. E hai que respectar as liberdades individuais tamén dos que se equivocan. Por iso non podemos obrigar a vacinar todos, e iso é unha diferenza moi grave que fai que a lei non é idéntica.

Segunda cuestión. Xa que son idénticas, señor Puy, vostede que seguro coñece a lei e entregouna aquí, eu tiven oportunidade de lela tamén seguramente con menor rigor xurídico. ¿Onde está na lei galega a limitación de prezos das PCR? Porque non a encontrei. Seguro que hai alguén aquí que por algunha cuestión fixo nalgún momento durante todo este ano e medio unha PCR ou un test de antíxenos, seguro. ¿Canto lles custou se o fixeron vía privada? Pode que non, pero pode que houbera alguén. ¿Canto lles custou? Seguro que saben de alguén que a fixo. A lei balear impide a especulación e limita o prezo das PCR, limita o prezo das PCR e dos antíxenos. Ah, isto de limitar que alguén se forre coa pandemia na lei galega non está, ¡eh! ¿Ou si? Non está. Xa non son tan idénticas. Ve, señor Puy. Xa non son tan parecidas. Polo tanto, hai unha mentira evidente e unha falacia, que é que son idénticas. Non o son, son parecidas. Claro, non van tratar sobre os créditos das cooperativas, pois non, tratarán sobre como afrontar unha pandemia, pero ¿ve como non son idénticas? Pero vou volver sobre isto ao final con respecto á nosa emenda que creo que podemos incluír algunha cousa.

Segunda, vostedes fan un exercicio de hipocrisía e para iso non vai falar o Partido Socialista, vai falar o señor Lafuente Mir, sobre como se está regulando isto; o señor Lafuente Mir é o seu voceiro do Partido Popular en Baleares. Di ao respecto da constitucionalidade, diso que vostedes defenden tanto, que é a lei balear. Di: «*Hay que recordar que los derechos y deberes y libertades de los ciudadanos que están en el título I de la Constitución solamente pueden ser regulados por leyes orgánicas*». E cualifica esa normativa balear de inconstitucional.



Sobre a necesidade de normativa: «Las medidas para seguir combatiendo la covid actualmente tienen perfectamente cobertura legal en la Ley estatal 2/2021, de medidas urgentes de prevención». Din vostedes en Baleares que non fai falta marco lexislativo novo, din vostedes en Baleares. Non o digo eu, dino vostedes.

«La prueba más evidente de que este decreto ley no cuenta con la necesaria justificación de urgencia y necesidad es que no hay que cambiar urgentemente la Ley de salud pública del año 2010». Vostedes.

«Facultan confinamientos, facultan confinamientos perimetrales, confiscaciones de bienes sin definir exactamente...». Es más, una de las cosas que dicen es: «No definimos concretamente el procedimiento» que di a lei balear; increíble —expresa— para vulnerar los derechos fundamentales no se define exactamente el procedimiento, irónico requisito es un informe de la Dirección General de Sanidad». Permítame outra diferenza: na lei galega nin iso. Nin iso. «Yo creo que no tiene fundamento jurídico de ningún tipo para este tipo de intervenciones tan potentes que están afectando a los derechos y libertades fundamentales de la gente». Din vostedes sobre o que agora queren utilizar para construír un relato. E non lles leo máis por non ser moi agresivo, que non quero facerlles moito dano. «Por tanto, es que no nos dejan más remedio que votarles un no». E engade: «Un no categórico enorme, un no categórico enorme en defensa de los derechos y libertades de los ciudadanos porque ustedes desde el 9 de mayo —que entrou en vigor o decreto en Baleares— hasta el miércoles pasado estuvieron vulnerando los derechos y libertades de los ciudadanos de la comunidad autónoma». Engadido no Diario de Sesións: Aplaudimentos do Partido Popular.

¿Por que necesitan caer tan baixo? O que vostedes van a Baleares a dicir que é inconstitucional, que é indigno, que vulnera dereitos, que non é necesario, veñen aquí para dicir con tal de montar un relato que se o Goberno do Estado os persegue, se van acabar sendo vostedes Nelson Mandela. ¿Por que tanta hipocrisía? ¿Por que é necesaria tanta mentira?

E, por último, vamos ver se somos capaces de sacar un acordo. Vámoslle propoñer un acordo ao Partido Socialista. (*Murmurios.*) Gústalles a lei balear porque din que é idéntica á galega, gústalles. Fagamos a mesma. Collamos a lei galega e modifiquemos iso, que non é nada, que son detallíños, que non importa porque ao peso practicamente é a mesma, ¿non? Cambiémoslo, se son nada, se é nada iso débese de facer moi rápido, ¿non? Cambiémosla. Teñen todo o noso apoio, todo. E esa normativa que para nós vai ata o límite do posible, e igual é moi dura, pero vai ata o límite, por dentro do límite —que é unha diferenza importante de matiz—, esa normativa que vai ata o límite por dentro ten todo o noso apoio. Eu estou convencido persoalmente, verémolo politicamente, pero eu estou convencido de que, se existe ese cambio, non haberá recurso de inconstitucionalidade. Estou plenamente convencido porque si que sería a mesma lei. Claro, ¿que pasa? Que para facelo vostedes teñen que cambiar a lei galega porque non é a mesma, non é a mesma cousa. E, se vostedes se negan a esta emenda, que é utilicemos a lei balear para homologar a lei galega, se vostedes se negan, estarán recoñecendo que non a queren cambiar porque non é a mesma. Así que vostedes agora teñen a oportunidade de elixir, se é a mesma, utilicemos esa, porque se é a mesma e vale, utilicemos esa. Se non utilizamos esa, será que non é a mesma, e será entón que a vostedes o que lles importa é a guerra. Porque a solución está diante. Parécelles que é idéntica a lei balear, collamos esa; parécelles incluso que é boa; bueno, a vostedes, porque o seu portavoz en Baleares di que hai inconstitucionalidade e todas esas cousas.



Nós mantemos o mesmo criterio en Baleares e aquí, válenos, válenos aquela, válenos esta, podemos ter algunha diferenza, obviamente, pero válenos... e sobre todo se vai haber acordo. Agora vostedes opinaban unha cousa alí e agora opinan unha distinta. ¿Vanse poñer de acordo dalgunha maneira? Ou, polo menos, non lle fagan caso aos seus compañeiros de Baleares, defendan a Galicia, fagamos unha lei que poida ser aplicada. Collamos a lei balear, vostedes din que é a mesma. Agora teñen que votar, se é a mesma ou todo isto era unha milonga. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Iria Carreira.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Grazas, señor presidente.

Moi bo día a todos e a todas.

E, sen que sirva de precedente, permítanme comezar concordando co voceiro do Partido Popular e saudalo tamén na súa incorporación a unha vella reclamación, xa non do BNG, senón de todo o nacionalismo galego: esixir soberanía e autogoberno para Galiza, e a capacidade de decisión aquí.

Concordamos na necesidade de ter ferramentas para xestionar os nosos recursos, tamén os nosos servizos, ferramentas ademais que non poden ser requisadas ou retiradas a golpe de decreto coma se, en vez de competencias exclusivas, tivésemos unha especie de diploma que pode ser revogado cando as circunstancias non sexan as ideais. Porque isto foi o que pasou hai un ano cando neste Estado, o Estado máis descentralizado do mundo, faltou tempo para que o Goberno do PSOE puxese orde, deixase claro que as cousas importantes, como unha crise sanitaria, se deciden en Madrid e aquí queda unha copla para que nos vaíamos consolando e pouco máis. Así que, benvidos a ese reclamo do autogoberno. Vale máis tarde ca nunca e máis aínda despois de pasar unha década sen solicitar ningunha competencia do Goberno do Estado.

Tamén todo sexa dito de paso, tamén é unha mágoa que lles acorde demandar autogoberno e bater forte no peito só para dicir: é que nas Baleares non lles din nada.

Mágoa que só lles acorde mirar por este país só cando poden dicir que a culpa é do PSOE, e que non lles acorde cando vostedes poden esixir ese autogoberno, como Goberno que son, que non lles acordase tampouco cando gobernaban en Madrid e puideron ter cedido esas competencias. Mágoa que só lles acorden as comparativas para isto e non para mellorar as deficiencias que si que existen na sanidade galega. Porque por mágoa durante todos os meses nos que nos quitaron as competencias en sanidade, non lles acordou este autogoberno. Porque, por mágoa, vostedes atópanse absolutamente cómodos e confortables na premisa de que xestione Madrid e despois aquí xa presentaremos as queixas.

Cando no Pleno anterior se falou deste mesmo tema, entre o voceiro do Partido Popular, o conselleiro agora ausente nesta especie de soliloquio que ten ás veces o Goberno galego co



seu propio grupo parlamentar, utilizáronse cualificativos como para dicir que o recurso de inconstitucionalidade presentado polo Goberno supón un agravio á lexitimidade deste Parlamento, que era un uso partidista que claramente supoñía un sectarismo á hora de gobernar.

A min a verdade é que non me deixan de resultar curiosos estes termos cando esta maneira de proceder está inventada polo grupo que agora presenta a queixa, porque abonda con botar man da hemeroteca para ver que o Partido Popular tamén no seu momento presentou un recurso de inconstitucionalidade contra máis de 100 artigos do Estatut de Cataluña, que despois resulta que tiñan copias idénticas nos estatutos de Andalucía, de Aragón, de Castela-A Mancha, do País Valenciá e tamén das propias Illas Baleares, e non recorreu ningún deles, algún deles incluso foi impulsado polo propio Partido Popular. Que curioso tamén que daquela non lles acordara que esta maneira de proceder era partidista, sectaria e que podería supor un agravio á lexitimidade do Parlamento catalán á hora de legislar. E que curioso que tamén que saquen unhas normas da manga para este xogo e que agora se queixen delas cando se lles poñen en contra.

E o peor de todo é que non podemos pretender enganarnos pensando que nalgún momento prima neste xogo a sanidade ou o benestar das pacientes, porque vostedes como Goberno prefiren continuar neste tipo de debates, neste tipo de confrontamentos en lugar de mellorar realmente a sanidade pública. Porque mentres continúan argumentando e embarullando fóra destas paredes, continuamos cos mesmos problemas de sempre, continuamos cunha atención primaria afogada, abafada, infradotada, á que non dubidaron en poñerlle cada día unha pedriña máis enriba.

Debateuse hai unha hora ou algo máis acerca da situación da atención primaria, preguntáranlle despois ao señor conselleiro tamén pola situación que se está a dar no concello de Marín, permítanme tamén lembrar o Centro de Saúde da Guarda, onde hai uns meses caeu un falso teito, que leva a maior parte deste 2021 traballando coa metade das prazas de medicina asignadas ao centro, e que o señor conselleiro, consciente da situación, porque a realidade non se pode negar, o que dixo é: «oxalá puideramos facer algo por solucionalo». Ou, por poñer un exemplo máis recente, o de Oia, que está vendo como outra vez volve a quedar sen o servizo de pediatría, onde non se cobren as baixas das médicas. Ou de calquera outro sitio, porque esta é a constante que teñen para a atención primaria, o desleixo sistemático.

Falaba o señor Puy da quinta onda da pandemia, e a certa alegría que nos pode levar a pensar que non se está soportando unha presión hospitalaria tan grande. A presión hospitalaria, dixo antes a miña compañeira Montse Prado, estase soportando en atención primaria. Non sei que fai o Goberno tamén para solventala.

Sen monopolizar coa situación da atención primaria, que nos dá, que nos dá para un par de plenos, podemos falar do peche, ou do bloqueo, de camas hospitalarias: máis de medio milleiro neste verán, que vén dar unha conta de máis ou menos de 1 de cada 10 que queda inoperativa. Nun verán, ademais, coma este, onde se acumulan demoras e atrasos despois do impacto da pandemia. Porque seguimos en pandemia. Peche que ademais seica se fai para



respetar os dereitos das traballadoras, proporcionarlles así o período vacacional que lles corresponde. Curiosamente contrasta co que está a suceder, porque se están a denegar permisos e vacacións dese persoal. Aí nin lles acordaron as competencias nin o autogoberno, e simplemente apostan pola xestión a custo cero e tira millas.

Se non hai persoal para continuar co funcionamento medianamente normal durante o período estival, péchanse unidades. Se aínda así non chega o persoal contratado, denéganse permisos. Iso a verdade é que si que é unha xestión eficaz, e ademais sen ningunha fisura no plan.

¿Por que, á hora de compararse con outros territorios, tampouco non miran as ratios de enfermeiras por habitante, de pediatras por habitante, de matronas por habitante, de camas hospitalarias por habitante? ¿Por que só buscan a comparación para facer —como dicía a miña compañeira— o conto daquelas estudantes que recorren a *é que o profe me ten manía* e por iso non o podemos facer?

Díxenllelo ao comezo, concordamos na necesidade de ter máis autogoberno, máis capacidade de actuación sobre os nosos recursos, sobre os nosos servizos, pero ese autogoberno non pode ser demandado só función de quen estea en Madrid. Non vale que simplemente se reduza a un cántico de serea só cando queren confrontar neste xogo bastante estéril.

Precisamos soberanía para xestionar os recursos, os nosos servizos e poñer todas as medidas precisas para mellorar a calidade de vida da poboación. E no caso da sanidade, que é o que nos atinxe neste tema, comézase por reforzar a sanidade pública galega con máis persoal, con máis recursos, con máis orzamento, para que realmente poidamos mellorar esa calidade de vida que mencionaba. Porque o que realmente supón un agravio é a postura que poñen de ofendidos cando teñen a sanidade como a teñen a día de hoxe.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Carreira.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Grupo autor da proposición no de lei, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Grazas, presidente.

Señor Torrado, eu non sei se caemos moi baixo o conselleiro de Sanidade e máis eu nunha pregunta, do que estou seguro é de que aínda non chegamos ao seu nivel, porque o que foi hoxe vergoñento e bochornoso foi a súa intervención *(Aplausos.)*, na que directamente, fronte a papeis que demostran a literalidade de artigos que están recorridos no caso de Galicia e que non están recorridos no caso de Baleares, vostede segue negando a evidencia, que é que o mesmo artigo que lle acabo de ler, o recurso está recorrido no caso galego e está vixente en Baleares sen que vostede diga absolutamente nada. Non diga que non, mire os papeis, porque vostede creo que vén aquí falar sen ver un papel, simplemente cun único papel diante, e Sánchez e Madrid fano ben, e moitas veces equivócanse tamén.





Mire, a manipulación é dicir o que fixo o PP en Baleares; en Baleares aprobouse un decreto lei e o que se votaba era se se tramitaba como proxecto de lei ou se convalidaba directamente, e o PP o que fixo foi pedir que se tramitase como proxecto de lei. Aínda están en prazo de emendas e xa veremos as emendas que presenta o Grupo Popular. Di que non. Mire..., non vou negar as evidencias, pero é así. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, o que é certo é que o Goberno de España non convocou a comisión bilateral cando se publicou a lei, non pediu informe ao Ministerio de Sanidade para pedirlle informe ao Consello de Estado, pediu un informe de urxencia ao Consello de Estado que o propio Consello de Estado lle di que non constan as razóns desta urxencia en relación cun recurso que vence no prazo de tres meses. Isto é o que di Consello de Estado en relación coa celeridade do Goberno de España en recorrer a lei de Galicia.

A lei de Galicia publicouse o 26 de febreiro e aos 36 días, o 6 de abril, xa estaba presentado o recurso de inconstitucionalidade. O decreto lei de Baleares publícase o 7 de maio e segue vixente a día de hoxe. Os mesmos artigos que vulneran a Constitución de acordo co que di... señor Torrado, non diga que non, se quere, vólvollo a ler. Un artigo que di o recurso que vulnera o 19 da Constitución, é o que di: «*Sometimiento de las personas enfermas a tratamiento adecuado*», Letra B, artigo 38.2, número 2 da lei galega. (*Murmurios.*) B, «*Sometimiento de las personas enfermas a tratamiento adecuado*». E o que di o recurso é literalmente, que o que di aquí, o que lle estou lendo é inconstitucional. En Galicia está suspendido e en Baleares non está suspendido. Se vostede quere dicir que non, pois mire, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) eu escoiteille moitas cousas raras sen levantar a voz, agradézolle que faga o mesmo. (*Aplausos.*)

Pero é que incluso lle vou dicir máis, se vostede leu o recurso que presenta o Estado, fala de dúas cuestións: fala dos contidos concretos, e no recurso explicita contidos idénticos dunha lei e doutra que están recorridos en Galicia e non en Baleares, pero tamén di que o principal é cuestionar se temos simplemente a capacidade de desenvolver a lei orgánica nestes termos, e iso é tamén perfectamente aplicable non só a Baleares, senón tamén a Aragón e ao País Vasco, porque están restrinxindo dereitos. ¿Ou é que me di vostede que en ningunha das leis autonómicas se di que hai que corentenar alguén cando pode contaxiar os demais? ¿Iso non é unha restrición de dereitos? Exactamente o mesmo.

Polo tanto, cuestionan o principio da capacidade lexislativa das comunidades autónomas, pero só a de Galicia, e non a de Baleares, non a do País Vasco, non a de Aragón; e tamén os contidos. E cando os contidos son idénticos aos de Galicia... Porque vostede dime que copiamos a lei de Baleares. Pois claro, por exemplo: «*Todas las medidas de control de las personas que estén o hayan estado en contacto como cuarentena en domicilio o en otro lugar*», que vostede dixo que era unha deriva autoritaria deste Goberno, está literalmente no artigo de Baleares, o único que cambia nese artigo é que onde pon «*la separación será en otro lugar adecuado para tal fin*», na de Baleares pon, «*para esta finalidad*»; e onde pon na de Galicia «*la separación de las demás personas*», pon «*la separación de las otras personas*».

¿Vostede está de broma cando me di que copia isto para que me quiten o recurso? Pois con iso reflicte claramente que o recurso é un acto de sectarismo (*Aplausos.*), porque se as palabras que acabo de ler son inconstitucionais, o que estamos vendo é un acto de sectarismo.





A única diferenza que hai no tema das vacinas é que na galega pon «*Sometimiento y medidas profilácticas de prevención de la enfermedad, incluida la vacunación e inmunización, con información en todo caso de los posibles riesgos relacionados con la adopción o no adopción de estas medidas*». ¿Que di a de Baleares que temos que copiar?: «*Sometimiento a medidas profilácticas de prevención de la enfermedad, incluida la vacunación, para determinados colectivos, o la inmunización con información en todo caso de los posibles riesgos relacionados con la adopción*» ¿Que é o que di o recurso? Que non se pode tampouco facer ningunha inmunización, porque inmunización non son determinados colectivos.

Non, home, a ver. Mire, señor Torrado, realmente lamentable. (*Murmurios.*) Porque vostede podería vir aquí e dicir que o Goberno de Baleares ten derivas totalitarias, autoritarias, bolivarianas, que queren implantar un réxime de estado de alarma, pero parece que dúas palabras fan que sexa moi demócrata o Goberno socialista de Baleares e o de aquí non.

E dicíalle, non sei que baixo caemos, pero desde logo aínda non chegamos ao seu nivel, señor Torrado. (*Aplausos.*)

Conclúo, señora Carreira, agradézolle o apoio do Bloque, é unha pena que o Bloque incluso cando apoia ao PP teña que criticar algo, neste caso cousas de hai varias décadas que non teñen nada que ver coa Lei de saúde, nin da capacidade lexislativa desta Cámara. Pero en todo caso, hai un erro que cometeu, eu desde logo levo no autonomismo toda a vida e no soberanismo nunca, e non confundamos autonomismo con soberanismo, porque nós somos unha forza autonomista e vostedes son unha forza soberanista. Entón, eu doulle a benvida a vostedes ao autonomismo se deixan o soberanismo, as dúas cousas á vez é complicado.

O Estado autonómico no que nós cremos baséase nos principios de lealdade e cooperación, aquí non houbo lealdade impugnando sen comisión bilateral a lei...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...e non houbo cooperación, porque non se tratou de chegar a un acordo na comisión bilateral.

Señor Torrado, este é un caso evidente de utilización partidaria e instrumentalización das institucións en contra dun Goberno dunha forza política, que é o Partido Popular, por parte doutro partido, que é o Partido Socialista que non impugna as mesmas normas cando son aprobadas por gobernos da súa cor. Iso é lamentable, tan lamentable como que neste contexto o PSOE de Galicia siga apoiando o Goberno de España.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

¿A emenda non a acepta? Non, pero teño que...

Procedemos... como xa vexo que están todos os deputados, (*Risos.*) por suposto, o dereito máis grande dun deputado é votar.



***Votación das proposicións non de lei***

Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, iniciativa de don Miguel Ángel Tellado.

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol.*

Pide a votación por puntos e non lla acepta. Non se aceptou tampouco a emenda, polo tanto votamos tal como está.

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; votos en contra, 19.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Juan Carlos Franciso Rivera.

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe formular a Xunta de Galicia á Deputación de Ourense derivadas da suxestións contidas no informe do Consello de Contas respecto da súa xestión económica e orzamentaria durante o exercicio 2018.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado.

¿Para que quere a palabra? Pide a votación por puntos. ¿Acepta? Non lla acepta. Volvemos comezar entón a votación.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Marina Ortega Otero, sobre a reformulación que debe realizar o Goberno galego do modelo de atención primaria.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 39; abstencións, 19.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que a levou o señor Fernández Alfonso.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre a demanda por parte da Xunta de Galicia ao Goberno central da intervención pública da factoría de Alcoa en San Cibrao.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de dona Carme González.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*¿Si? ¿Perdón? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*Piden a votación por puntos. ¿Acéptase a votación por puntos? ¿Acéptalla? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*¿E que puntos quere separar? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Hai 2 só. Ben, pois entón... Ben, non sabía.*

Votamos o punto primeiro.

*Votación do punto 1 da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para condicionar a nova concesión portuaria das instalacións do antigo Vulcano ao seu uso para actividade de construción ou reparación naval*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia queda aprobado este primeiro punto.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o punto segundo.

*Votación do punto 2 da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para condicionar a nova concesión portuaria das instalacións do antigo Vulcano ao seu uso para actividade de construción ou reparación naval*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia queda aprobado tamén este segundo punto.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, iniciativa de don Pedro Puy.

*Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Pedro Puy Fraga e catorce deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno central da retirada do recurso interposto ante o Tribunal Constitucional respecto da reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia*

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*Non se aceptou a emenda.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 14; abstencións, 19.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** E agora vou dar lectura a unha declaración institucional que me fan chegar os grupos e que di:

### ***Declaración institucional***

«Ante o brutal asasinato, o pasado día 3 deste mes de xullo na cidade da Coruña, do mozo Samuel Luiz Muñiz, de 24 anos, o Parlamento de Galicia EXPRESA:

A súa condena e repulsa polo vil asasinato de Samuel, que foi cometido con asaño e crueldade.

A súa solidariedade e apoio á súa familia, ás súas amizades e persoas achegadas e aos seus compañeiros, compañeiras e residentes no Centro da Terceira Idade Padre Rubinos, no que prestaba os seus servizos profesionais.



A súa condena de calquera tipo de violencia, sexa esta puntual ou continuada; explícita ou implícita; verbal, psicolóxica ou comportamental; e sexa cal sexa a súa motivación, a violencia é sempre repulsiva e reprochable.

Porque a violencia só xera máis violencia e porque todos e todas somos parte dunha sociedade democrática incompatible con calquera tipo de expresión violenta ou cargada de agresividade.

Sabendo, ademais, que a tolerancia cero coa violencia é a única maneira que temos para educar as novas xeracións, que serán quen de interiorizar unha mensaxe construtiva de convivencia pacífica que respecte a todas as persoas.

O Parlamento expresa tamén seu recoñecemento ao comportamento heroico dos cidadáns senegaleses, que non dubidaron en acudir ao auxilio de Samuel Luiz Muñiz tentando deter o seu linchamento, poñendo en risco a súa propia integridade física. O Parlamento de Galicia recomenda que o Goberno de España, atendendo ao excepcional compromiso cívico amosado por estes cidadáns, aborde a regularización da súa residencia en España, valorando axeitadamente os méritos que concorren na súa persoa.

A súa confianza nos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado e na Xustiza, xa que fican por esclarecer as causas últimas do acontecido no asasinato de Samuel e por iso se fai preciso que sigan investigando en profundidade os feitos para que non queden impunes.

Porén, segundo as testemuñas, no asasinato de Samuel vertéronse expresións homófobas que, con independencia da cualificación penal dos feitos, o Parlamento de Galicia quere condenar, alén de lembrar a importancia de desterrar da nosa sociedade o odio á diversidade sexual.

Eliminar desde as violencias máis sutís e normalizadas, como as brincadeiras e expresións degradantes, até calquera forma de violencia física ou psicolóxica, é unha responsabilidade diaria que nos interpela a toda a sociedade.

O Parlamento de Galicia comprométese a facer todo o que estea nas súas mans para contribuír a unha sociedade máis pacífica na que a convivencia quede libre do mínimo signo de violencia porque, en definitiva, calquera de nós pode ser Samuel.» *(Aprobada por asentimento.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

E agora que estamos todos aquí queríalles comentar moi brevemente un asunto. E é que hoxe á mañá estiveron aquí neste Parlamento a coordinadora para España do Euromelanoma, que é a xefa do Servizo de Dermatoloxía do Hospital de Pontevedra, e o xefe de Dermatoloxía do Hospital Clínico de Santiago, o doutor Hugo Vázquez Veiga, e piden, como o están facendo nos últimos anos, a nosa axuda para que lles axudemos a difundir a importancia da protección do sol. Estánnolo pedindo, son 193 casos os que se levan diagnosticados en 6 meses e piden que lles botemos unha man. E a man consiste nunha información que eu



lles trasladarei a todos os deputados para que, a través das redes sociais, poidan etiquetar o que eles nos piden sobre a prevención polo asunto do sol. Eu xa me etiquetei, puxen unha pequena que me puxeron aí, pero vóullelo difundir a todos vostedes porque é algo que nos están pedindo. Somos representantes elixidos pola sociedade, se nos piden que lle botemos unha man, ímosllela botar.

Moitas grazas.

E continuamos coa orde do día. (*Murmurios.*) (*Pausa.*)

### ***Alteración da orde do día***

Substanciamos agora unha alteración na orde do día, que é unha pregunta ao Goberno.

**Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e catorce deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre o continuado atraso na tramitación da transferencia da AP-9 á Comunidade Autónoma no Congreso dos Deputados e de que non se materializasen aínda as bonificacións comprometidas das peaxes**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor CALVO POUSO:** Grazas, presidente.

Señora conselleira, cando este grupo rexistraba esta pregunta hai xa semanas facíámolo porque estabamos realmente preocupados ante todo o que estaba a suceder co que tiña que ver coa Autopista do Atlántico: atrasos reiterados no Congreso para tramitar esta iniciativa que, ademais, tivemos a honra de defender no Congreso dos Deputados. Ata en 15 ocasións se demorou a convocatoria da Comisión de Transferencias.

Tamén estabamos preocupados pola falla de información sobre a materialización das bonificacións nas peaxes, para que puideramos pagar menos por circular pola autopista.

Xullo, este mes no que estamos, era o último prazo dado polo ministro de Fomento ao presidente Feijóo e non había noticias ningunha acerca do asunto, e esta fin de semana soubemos o porqué.

Dicía que presentamos esta pregunta movidos pola preocupación e o mesmo motivo nos fixo incluíla na orde do día desta sesión. E menos mal, porque o sucedido na fin de semana, co cese abrupto do ministro, desde logo non nos tranquilizou, senón que nos dá máis inquietude.

Parece ser que había desencontros no Goberno, e non o digo eu, dicíao o propio señor Ábalos. Recorde que aquí en Santiago de Compostela, nun acto do partido, dicía que el viñera para quedar e non o botaba ningún. Pois moi ben, parece que non estaba moi acertado.

Pero volvendo ao asunto, o que nos preocupa é a transcendencia que ten a autopista AP-9 para Galicia, que é incuestionable, pois vertebrada o noso territorio, e todos os grupos deste





Parlamento, todos os grupos temos reivindicado que a Xunta poida asumir a titularidade e as competencias sobre a autoestrada, para unha mellor xestión máis beneficiosa para os galegos. Iso, en principio, pois criamos que todos os grupos defendiamos o mesmo, polo menos así o dixemos. Fixemos todo o necesario e agora estamos á espera de que o Goberno cumpra os seus compromisos.

Onte abrían os periódicos dicindo que era unha boa noticia que o Goberno autorizaba unha serie de orzamentos para poder pagar eses descontos na autopista. Ben, eu non creo que fora tan boa noticia, porque o orzamento, en teoría, xa estaba metido nos presupostos xerais do Estado. Pero, en fin, tamén nos enteramos a través dos medios de comunicación de que o propio delegado do Goberno xa nos está a dicir que en xullo non van ser esas peaxes e non van cumprir coa palabra dada; que a ver se hai sorte e se pode facer en agosto. Isto dicíao o delegado do Goberno onte mesmo nos medios de comunicación.

A nós, loxicamente, todas estas noticias preocupánnos e queríamos saber cal era a opinión da Xunta de Galicia, cal era a súa opinión con respecto a esta situación. Se vostedes teñen algún tipo de información a maiores quería que nola fixera chegar a todos os deputados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Calvo.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Ethel María Vázquez Mourelle.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Pois, señoría, dende logo que os compromisos non están só para anunciarse, os compromisos están para cumprirse e por iso dende o Goberno galego queremos que as bonificacións das peaxes se apliquen xa, queremos que as bonificacións das peaxes da AP-9 beneficien xa os galegos, e queremos que o Goberno de España aplique xa esas bonificacións que comprometeu para o mes de xullo. Anuncios tras anuncios pero o que queremos os galegos son feitos.

O certo é que estamos acostumados ao Goberno de España, do Partido Socialista, de Pedro Sánchez, a cambios de criterio, a desdicirse, a contradicirse. Eu agardo que o cambio no Ministerio de Transportes non signifique postergar estas bonificacións na AP-9. Porque o certo é que levamos nove meses, nove meses dende aquel anuncio e, polo tanto, agardando dende o pasado mes de outubro que se aplicaran xa as bonificacións na AP-9, que había que agardar aos orzamentos do ano 2021; os orzamentos do ano 2021 entraron en vigor, hai 63 millóns de euros este ano pero o certo é que eses millóns non chegan a Galicia. Nin chegan a Galicia nin chegan aos galegos, e o que pasa en Galicia é que en xaneiro nada de rebaixas, ao revés, soben as peaxes da AP-9, é a autoestrada que máis sobre en Galicia cando vemos como outras baixan.

A última data comprometida entre o anterior ministro Ábalos e o presidente da Xunta foi xullo, que nese mes se aplicaban esas bonificacións.



Nós cremos —e practicamos— na lealdade institucional e cremos na palabra dada, pero o certo é que estamos xa en tempo de desconto, quedan 17 días para que acabe o mes de xullo e enterámonos polos medios de comunicación. Enterámonos polos medios de comunicación que en xullo non vai ser. Polo tanto, a través dos medios de comunicación infórmasenos dun incumprimento do Goberno de España.

Ao principio dicían que precisaban tempo e logo que a concesionaria estaba en contra, o que había que imaxinar xa de entrada, e trasladouse con moita pompa a autorización desa axenda de gasto, pero o certo é que é un trámite máis de moitos trámites que aínda hai pendentes. Polo tanto, hai trámites pendentes e hoxe os galegos seguimos pagando o mesmo que onte, a pesar dese anuncio, como o que parecía que xa hoxe entraban en vigor as bonificacións, hoxe os galegos pagamos o mesmo que onte polas peaxes da AP-9, e restan trámites. Tamén polos medios de comunicación nos enteramos desa bonificación do 20 % dos vehículos pesados, que non chega, é insuficiente. A liberación da peaxe en Redondela do ano 2018: están pagando por esas obras compensatorias que non chegan, e polo tanto estamos cansos de agardar por esas peaxes da AP-9 e, dende logo, é irrenunciable e prioritario, calquera avance é benvido pero o que non aceptamos é que se nos cole pola porta de atrás un incumprimento do Goberno de España. Eu xa non sei se vai chegar antes, ou máis ben máis tarde, a bonificación da AP-9 que a alta velocidade a Galicia.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Réplica, señor Calvo.

**O señor CALVO POUSO:** Moitas grazas, señora conselleira.

A verdade é que estamos preocupados, preocupados porque vemos que a rebaixa nas peaxes prometida por todos, polo Partido Socialista, non vai chegar. Agora poñerán de desculpa, loxicamente, a chegada dun novo titular á carteira de Fomento, pero, dende logo, en xullo xa non vai ser e en agosto xa veremos. E xa veremos se acaban cumprindo.

Pero tamén nos preocupa porque isto se está a reproducir co debate que tivemos no Congreso dos Deputados. Alí o mesmo secretario xeral do Partido Socialista defendía a necesidade de traspasar a titularidade, porque quen podía xestionar mellor a AP-9 era Galicia, e, sen embargo, hai poucas semanas enterámonos de que, cando se presentaron as emendas á tramitación no Congreso, o Partido Socialista, o mesmo do secretario xeral que dicía aquilo no Congreso, cambiou a súa opinión e di que o importante son as rebaixas, e que, polo tanto, o que se pode trasladar é a capacidade de xestión pero non a titularidade. É dicir, que a Xunta de Galicia poida poñer os sinais nunha situación, nun punto quilométrico distinto ao longo da AP-9, pero non quere que xestionemos a AP-9. E isto, dende logo, a este grupo parlamentario preocúpanos, preocúpannos eses cambios de opinión, que non é exclusivamente da área de infraestruturas, senón que hoxe mesmo viamos o que pasaba con Alcoa, que cambian de opinión, porque dende o Goberno cambian de opinión e o Grupo Socialista en Galicia, que é unha importante sucursal do Partido Socialista da Moncloa,



pois, loxicamente, acepta todas e cada unha desas propostas e non expresa cal é a opinión de Galicia.

Nós queríamos preguntar se, de levarse a cabo ou de propoñerse finalmente unha transmisión da titularidade nesa forma que propón o Grupo Socialista no Congreso dos Deputados, se a Xunta de Galicia está disposta a aceptar esa transmisión tal cal fixeron eles nas emendas, ou se pola contra imos seguir defendendo o que defendemos sempre, hai anos, antes, agora e seguiremos defendendo no futuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Calvo.

Peche desta pregunta, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Pois o certo é que todo o relacionado coa AP-9, as bonificacións e a titularidade, é unha crónica dun despropósito, e o certo é que empeza a lembrar un pouco ese conto de nunca acabar da alta velocidade a Galicia. Non vou a entrar en máis *dimes e diretes* sobre esta cuestión, levamos nove meses agardando por esas bonificacións e vemos constantes cambios de criterio e cambios de data do Goberno central despois de nove meses.

E falabamos de consenso e de traballar conxuntamente, pero, bueno, o certo é que as palabras por parte do Goberno de España as leva o vento, e o que tamén nos preocupa, á parte dese incumprimento das bonificacións da AP-9, tamén é esa cuestión sobre a transferencia da AP-9.

Despois desa tramitación do proxecto de lei orgánica, tras tres meses encallada despois de 15 prórrogas, nin máis nin menos que 15 prórrogas, despois de que o Partido Socialista en Galicia falara dun fito histórico, aquí todo o mundo se desdía e non pasa nada por parte do Partido Socialista aquí en Galicia. Porque o certo é que está xogando un papelón, un papelón, porque mezclar as bonificacións da AP-9 coa titularidade, e as bonificacións da AP-9 son complementarias e son compatibles coa transferencia da titularidade. Iso é máis que evidente e, polo tanto, o que está a acontecer con esa emenda no Congreso é unha fraude, é un timo, e o certo é que é un engano a este Parlamento. Un engano a este Parlamento porque foi claro o clamor social, o consenso político e social para esa transferencia desa titularidade, que se votou claramente de xeito contundente.

Polo tanto, vemos unha falta de vontade política polo Partido Socialista para cumprir o prometido. E na Xunta de Galicia non imos mudar de postura, imos estar onde sempre estivemos, antes, agora e tamén despois, defendendo os intereses de Galicia, os intereses lexítimos de Galicia. Seguiremos estando onde estivemos sempre, exixindo as aplicacións desas bonificacións das peaxes, e exixindo á nova ministra que cumpra coa palabra dada. Non queremos que se nos cole unha vez máis un incumprimento pola porta de atrás, e reivindicando



esa transferencia da AP-9 en condicións xustas, cos recursos necesarios e coas obras programadas e comprometidas.

Non pedimos máis que os demais, pero tampouco pedimos menos, pedimos exactamente o mesmo que outras comunidades autónomas, que vemos que se aceptaron por parte do Goberno de España, e polo tanto nós defendendo os intereses de Galicia. Levamos 17 días agardando, restan 17 días para esas bonificacións que vemos que se vai incumprir, e nós, dende a Xunta de Galicia, o proceso de tramitación de transferencia agardamos que siga adiante, outorgando a titularidade a Galicia. Porque o que non se pode pretender por parte do Partido Socialista é que Galicia estea sen control efectivo da AP-9, e estea sen capacidade de decisión da AP-9, porque a AP-9 ten que ser dos galegos.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Pregunta de D. Borja Vereá Fraíz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular, sobre a valoración do Goberno galego respecto da campaña *Rachemos co Xacobeo* impulsada desde a organización xuvenil Galiza Nova contra a celebración do bienio xacobeo 2021-2022**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor VEREÁ FRAÍZ:** Grazas, presidente, vicepresidente.

Son moitos os debates sobre o Xacobeo que estamos tendo nesta Cámara, e o posicionamento deste grupo parlamentario e da Xunta de Galicia é evidente, un movemento cultural único, un evento cultural extraordinario que posiciona Galicia na escena internacional, e que, ademais, neste momento é especialmente importante, de reconstrución económica, de apoio aos sectores hostaleiros, hoteleiro e industrias culturais despois de meses dramáticos.

O Xacobeo é tamén patrimonio de todos os galegos, independentemente da nosa ideoloxía. Leva séculos transformando a nosa cultura, a nosa xeografía. Estamos moi acostumados a escoitar que os Camiños de Santiago vertebraron Europa, penso que é importante dicir máis veces que todos eses Camiños que veñen desde todos os rincóns do mundo, esas forzas culturais, esas forzas peregrinas, pois rematan en Galicia e, polo tanto, levan século a século perfilando a nosa personalidade, e hoxe en día podemos dicir que o fenómeno Xacobeo é irrenunciable da galeguidade, e polo tanto unha oportunidade única para construír país, para cohesionar, e tamén para avanzar xuntos orgullosos de ser galegos e galegas.

Neste contexto vímonos sorprendidos por unha campaña da organización xuvenil do BNG na que, de xeito directo, atacaba o Xacobeo, dun xeito expreso, sen matizacións, cunha campaña que dicía no título «*Rachemos co Xacobeo*», unha campaña irracional neste momento tan delicado para todo o sector. E digo que nos vimos sorprendidos porque estou convencido de que, por suposto, os deputados deste grupo parlamentario, pero tamén deputados deste Parlamento, pois tamén se viron sorprendidos pola irracionalidade dun ataque a un dos nosos símbolos máis universais.



Nesta situación, gustaríalle a este grupo parlamentario coñecer a valoración que o Goberno da Xunta de Galicia fai da campaña da organización xuvenil do BNG «*Rachemos co Xacobeo*».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Vereia.

Resposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Pois mire, señor Vereia, a verdade é que, como vostede dicía, moitas veces temos debatido neste Parlamento sobre o Xacobeo, temas relacionados dun ou doutro xeito coa influencia, eu creo que beneficiosa e creo que o pensa unha gran parte de Galicia, é dicir, a práctica totalidade, pero xa vimos que non. Porque é certo que viamos tamén nestes debates que o BNG tiña ese nerviosismo que se lle poñía sempre entre dicir que non nos gusta o Xacobeo, pero tampouco non nos gusta moito que se saiba que non nos gusta o Xacobeo. É dicir, temos que dicilo, pero non temos que repetilo moitas veces porque sabemos que non é sinxelo de entender unha cousa que non ten moita explicación.

E bueno, ao final é certo, veu Galiza Nova a resolverlles esa contradición. Apareceunos a *turismofobia* en Galicia. Xa sabemos que ao BNG, segundo partido desta Cámara e cunha alta representación tamén de moitos alcaldes, que, afortunadamente, creo que teñen un pouco máis de cabeza que algún membro desa organización, como partido, mentres non se nos diga o contrario —e hai que dicilo, que non se nos dixo—, ao BNG non lle gusta o Xacobeo, non lle gusta que veñan moitas persoas a Galicia como turistas, como visitantes, que repitan despois, que sexa a gran porta, a gran canle de entrada de tanta xente que coñece Galicia a través do que supón o Camiño de Santiago, a través do que supón esta oportunidade de ano e medio que nos queda aínda de Xacobeo. E, polo tanto, hai que concluír, despois de moito tempo de dicir que a *turismofobia* —que estamos vendo noutros sitios e que tanto dano está facendo— a Galicia non vai chegar, pois resulta que si chegou con esta campaña. Xa se lle sacou a careta, e o BNG confirma, a través da súa organización xuvenil, que non lle gusta o Xacobeo.

É certo que retiraron a campaña inmediatamente. Pero aquí está a señora Iria Carreira, por exemplo, aquí temos estes carteis —insisto, non desautorizados por ninguén do Bloque— (*O señor Rueda Valenzuela amosa uns carteis.*), onde se di claramente que están evidenciando que non falan cos hostaleiros, non falan cos seus propios alcaldes, non falan con moitísima xente, seguro que do BNG tamén e que está de acordo en que o Xacobeo, con todas as cousas que haxa que mellorar, con todas as aportacións que estamos dispostos a recoller, ao final, lóxicamente, é algo moi boi para Galicia.

Polo tanto, supoño que lles fastidiaría tamén moito que se prorrogara, supoño que lles fastidiaría moito tamén que empecen a encherse os Camiños: 50.000 peregrinos e segue esta tendencia alcista que imos ter antes de que remate este mes de xuño, un mes de agosto



tamén á alza, e tamén un pequeno síntoma, un síntoma principal, máis que pequeno, de que, con todas as dificultades que hai, empezamos a ver un pouco a luz ao final do túnel tamén nisto, e temos esperanza, e supoño que todo isto lles fastidia bastante.

Mire, eu simplemente diría que todos os que promoven esta campaña, todos os que cren que non é bo desautorizala, os que a autorizan simplemente co seu silencio, que falen cos máis afectados polos beneficios, que son os hostaleiros.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Vereá.

**O señor VEREÁ FRAIZ:** Grazas, señor vicepresidente.

É evidente que a campaña é un ataque directo ao Xacobeo, é evidente, como acabamos de ver, sobre un fondo vermello unha cuncha de peregrino quebrada pola metade, e ese slogan claro, explícito, sen ningún tipo de matización: «*Rachemos co Xacobeo*». Unha agresividade conceptual que é tan evidente, como digo, que ás poucas horas retirouse esa campaña, pero foi unha retirada en falso, unha retirada pola porta de atrás, porque no momento en que se anunciaba a retirada dicíase que era precisamente para non caer en manipulacións, pero que se mantiñan o ideario, a filosofía e os obxectivos da mesma.

Non sobra en política moitas veces recoñecer os erros, todos nos equivocamos e moito máis en política, e pensamos que esta era unha ocasión ideal para ese recoñecemento dun erro dunha campaña, que é unha auténtica aberración.

Aproveitando, señor vicepresidente, que está vostede aquí, e que estamos en metade do mes de xullo, avanzada xa a campaña de verán, o que nos gustaría coñecer son as previsións tamén de evolución do Xacobeo, se están funcionando as campañas e tamén, sobre todo, se o resto de administracións están cumprindo cos obxectivos e cos compromisos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Vereá.

Peché da pregunta, señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Non, é todo unha risa, señor Vereá, xa ve que ao señor Bará lle fai moita graza todo isto, fálle moita graza que na Porta Faxeira haxa catro membros do BNG, unha delas deputada, dicíndolle á xente —supoño que tamén votantes do Bloque, onte pasaron por esa porta 857





persoas, seguro que algunha do Bloque había tamén —, unha benvida, dicindo: marchade de aquí, o que estades facendo non vale para nada, isto é unha desgraza, isto está prexudicando a Galicia; polo tanto, rachade con todo isto, estades equivocados.

Esa é a benvida que vostedes lles dan, que non foron capaces de desautorizar. Esa covardía política de facer unha campaña e retirala ao día seguinte, despois do ridículo que se estaba facendo, e supoño que algún toque de alguén sensato do Bloque lle chegaría, pero non son capaces de dicir: equivocámonos, isto é un disparate e, dende logo, estamos pensando todo o contrario. Non, non, non o fan, queda aí: *turismofobia* do Bloque a través do produto estrela do turismo este ano para tantos hostaleiros en Galicia. (Aplausos.)

¡Isto é o que hai! Isto é o que tanta graza lle fai ao señor Bará. Alégrome de que non coincida vostede nin sequera co seu alcalde, señor Bará, que cando hai actos do Xacobeo vén, porque se dá conta de que é bo para a súa cidade, se dá conta de que é bo para Galicia. O que pasa é que vostedes teñen esa eterna contradición, identifican, equivocando as cousas, cren que se lle vai ben ao Xacobeo isto debe de ser bo para a Xunta de Galicia, e, polo tanto, se é bo para a Xunta de Galicia é bo para o Goberno do señor Feijóo. E se é bo para o Goberno do señor Feijóo é bo para o PP e, polo tanto, é malo para vostedes, e dálles igual, ¡rachan con todo!, co Xacobeo e con calquera cousa que sexa boa para Galicia.

E isto hai que sabelo, hai que sabelo sobre todo para enderezalo. Non pode ser que quede a imaxe de que o segundo partido de Galicia neste Parlamento estea dicindo que non queren para nada as persoas que van vir de moitísimos sitios este ano grazas ao Xacobeo, non só como peregrinos senón a través do Xacobeo e a través de coñecer Galicia facendo o Camiño de Santiago, indo despois a moitísimos sitios. É o que está desexando todo o mundo, créanme, incluídos os seus. É o que quere tantísima xente que sabe que temos unha oportunidade. ¡Pero se acabamos de estar en Roncesvalles con presidentes de comunidades autónomas de todas as cores políticas, tamén nacionalistas, que pensan que é unha sorte que teñamos este final de todos os camiños e que oxalá lle vaia ben a Galicia!. E que nos din: tedes que seguir con ese patrocinio, tedes que seguir con ese impulso, porque todo o mundo que chega a Galicia facendo o Camiño en moitísimos casos antes pasou por moitísimas comunidades autónomas, e isto é unha riqueza para todo o mundo.

Isto é algo bo que entende todo o mundo menos os de sempre. Polo tanto, ía dicir: benvida a *turismofobia* a Galicia. Diso nada, co que hai que rachar é cos que pensan que a Galicia lle vaia ben en materia de turismo, que a tantos hostaleiros que o pasaron tan mal durante tanto tempo empecen a ver agora unha oportunidade, empecen a ver que miles de persoas chegan todos os días, iso está ben, por moito que lle amole ao Bloque, por moito que confundan as cousas que lle van ben a Galicia coa cousas que lles van mal aos rivais políticos. Se lle vai ben a Galicia vains ben a todos, e iso, cando o entenda o Bloque, avanzará moitísimo para entender este país. (Aplausos.)

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.



**Interpelación de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coas posibilidades de traslado de Ence de Lourizan, na ría de Pontevedra**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular esta interpelación, ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Teño que comezar dicindo que non deixa de sorprendernos o Partido Popular, traendo aquí unha pregunta ao Goberno nada máis e nada menos que para facerlle oposición ao BNG e facerlle oposición a Galiza Nova. *(Aplausos.)* ¿Pero non teñen máis cousas das que falar? Pero, ademais, dun tema no que non hai caso. Un tema que xa non está no debate, que xa está sobrepasado, que esa campaña xa non existe, foi retirado ese slogan e esa imaxe.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor BARÁ TORRES:** Pero, claro, esta pregunta é un síntoma de algo, é un síntoma do seu nerviosismo, da súa preocupación polo medre imparable do BNG. Iso é o que os pon nerviosos, e por iso teñen que vir ao Parlamento, utilizar o Parlamento cunha pregunta do Grupo Popular ao Goberno para atacar o BNG. Isto anímanos, motívanos, é un sinal de que realmente estamos facendo as cousas ben. Pero non hai caso.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor BARÁ TORRES:** Non hai caso.

Miren, se non lles quedou claro, en todos os debates que tivemos aquí, en todos os posicionamentos públicos cando gobernamos, onde gobernamos, a nosa posición sobre o Xacobeo é que non entenderon nada ou non queren entender nada. Outra cousa é que non compartamos a utilización partidista que fan do Xacobeo, ou o feito de que queiran substituír toda a política turística que hai que facer neste país e que non se fai polo Xacobeo. E, desde logo, o que non van facer é calarnos, o que non van facer é evitar todos os debates que traeremos aquí, e levará Galiza Nova onde faga falta sobre a necesidade de alternativas de proxectos de vida e proxectos de futuro para a mocidade. Aí non nos van calar. *(Aplausos.)*

Si, agora vou con vostede, señor Conde, non me esquezo. Si, claro, é que vostedes veñen por aí provocando e entón respondemos.

Mire, señor Conde, se tivéssemos que explicarlle a unha persoa allea a Galiza o debate que hai sobre Ence, teríamos que falarlle claramente dun conflito de intereses. Por un lado están os intereses do noso país, de Galiza, os intereses da ría de Pontevedra, e tamén da riqueza e diversidade do monte galego, e doutra os intereses dunha empresa do IBEX, dunha multinacional cos seus superpoderes do diñeiro e tamén das portas xiratorias. Dunha parte está o Concello de Pontevedra, está a maioría social de Pontevedra, está o interese público. E da outra parte ¿sabe quen está? Da outra parte están, como unha unidade de destino universal, Ence e o Partido Popular. Ese é o dilema, ese é o conflito. Pero hai que lembrar que non sempre foi así, polo menos con respecto ao emprazamento da fábrica. Durante moito tempo,



vostedes, o Partido Popular, defenderon unha postura contraria á que defenden agora, unha postura, por certo, coincidente co que sempre defendeu o BNG, que aí non cambiou, non cambia. Pois vostedes defenderon, con acordos do Consello da Xunta, con acordos deste Parlamento, unánimes, e tamén con acordos publicados no DOG e cos propios programas do Partido Popular, que a fábrica tiña que saír da ría de Pontevedra, ¿ou non? ¿foi así ou non? 2009, 2010, 2011, 2012, 2013.

Vostedes reiteradamente defenderon que a fábrica tiña que saír da ría de Pontevedra e despois cambiaron. ¿E por que cambiou a posición da Xunta e do Partido Popular? ¿Sabe por que cambiou? Cambiou porque lles deron ordes de Madrid, déronlles orde das portas xiratorias, déronlles orde do IBEX, déronlles as ordes do Partido Popular de que tiñan que deixar de defender os intereses do pobo galego, da ría de Pontevedra, tiñan que defender os intereses de Ence. E isto estará sempre como un cargo no seu haber, nas súas conciencias, e como exemplo escandaloso de traizón a Galiza; non se pode chamar doutra maneira, señor Conde. Iso foi unha traizón a Galiza, cando vostedes aprobaron unha das maiores infamias que se cometeu na historia contemporánea de Galiza, que foi esa prórroga indecente tomada no último día, no último minuto, no último segundo, por un goberno en funcións, que non se pode facer así, contrario á lei, e co informe favorable, por certo, da Xunta de Galiza.

Pois ben, agora pasaron cinco anos dese feito lamentable e estamos noutro contexto, estamos nun tempo diferente, nun tempo novo que está marcado pola inminencia dunha sentenza xudicial a respecto desta cuestión e tamén por outros condicionamento, por outras exigencias tamén ambientais e legais.

E a realidade para o BNG está clara, para o Concello de Pontevedra tamén, para moita máis xente tamén, e é que Ence non pode seguir na ría de Pontevedra e que hai que buscar alternativas. Pero é que, ademais, hai posibilidade real de que unha sentenza diga iso, e hai que poñerse a traballar en buscar alternativas e solucións. E onde vostedes ven un problema nós o que vemos é unha grande oportunidade, fíxese que diferenza, unha grande oportunidade. E a diferenza tamén está, o problema tamén está, en que vostedes, o Partido Popular, actúan como accionistas dunha empresa privada, como accionistas de Ence. E o BNG, nós actuamos como accionistas tamén pero dunha empresa distinta, dunha empresa que se chama Galiza. Esa é a grande diferenza.

E nestes momentos estamos diante dunha oportunidade porque temos a posibilidade de tomar unha das grandes decisións, fíxese vostede, unhas das grandes decisións da política económica e ambiental que se poden adoptar neste momento neste país, con amplitude de miras, con ambición, con visión de futuro, con audacia, con valentía, señor Conde, hai que tomar esta decisión transcendental que pode cambiar radicalmente, positivamente, a política para a ría de Pontevedra e tamén para o monte galego. Desde logo, para a ría de Pontevedra porque permitiría recuperar 600.000 metros cadrados de terreos de dominio público, ocupados pola fábrica, que, comparados, serían 60 campos de fútbol —fíxese a dimensión do que estamos a falar— e o que iso suporía para a recuperación deste ámbito de conexión, de interrelación, de Pontevedra e Marín, e para a propia ría. En segundo lugar, permitiría desenvolver unha nova política forestal, unha nova política para o monte galego, que non esquezamos que supón os dous terzos do territorio do noso país. Non é calquera cousa. E esa



política forestal non pode estar ao servizo dunha empresa, ten que estar ao servizo dun país e da maioría social.

Pois ben, para esta grande operación, para esta gran oportunidade que temos por diante de facer esta política ambiciosa, necesítase un goberno que governe, non que faga oposición, como estamos acostumados a velos a vostedes. Un goberno que exerza como goberno deste país, non como recadeiro e como [mamporreiro] (*Expresión retirada do Diario de Sesións, por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*) da empresa Ence.

Porque vostedes teñen as competencias para facelo, cousa que se empeñan en evitar, teñen as competencias en ordenación do territorio, teñen as competencias en materia ambiental, teñen tamén as competencias en política industrial, e teñen que exercelas, non poden derivalas cara a outros lados.

E teñen vostedes que sentarse con todas as partes, pero facelo vostedes, lideralo vostedes, porque son o Goberno galego. Sentarse coa empresa, sentarse co comité de empresa, que tamén está contemplando como lle dixeron esta semana a opción, como unha posibilidade, do traslado da fábrica, e tamén cos outros axentes institucionais, por suposto.

Este proxecto, que é un proxecto moi ambicioso, tense que facer con iniciativa, con impulso, e con participación pública, aproveitando tamén a oportunidade que nos dan agora, a posibilidade de acollerse a fondos europeos, porque non se pode deixar unha decisión deste calado e un proxecto deste calado nas mans e nos intereses dunha empresa privada. E por iso a Xunta ten que impulsar e liderar ese proxecto, que ten que ser un proxecto industrial, señor Conde, un proxecto que inclúa o peche do ciclo produtivo cunha fábrica de papel e a produción de novos materiais. Unha nova política forestal que aposte por un monte vivo, multifuncional, que produza madeiras de calidade e tamén produtos con alto valor engadido e, por suposto, tamén unha grande operación de rexeneración da ría, de descontaminación e de recuperación dos terreos ocupados por Elnosa e tamén por Ence.

E, desde logo, nós non imos entrar nos debates trampa que nos está tendendo a empresa e o Partido Popular, a respecto de se hai ou non terreos. En fin, ímonos fiar nós dunha consultora que está traballando ao ditado do Partido Popular, faltaría máis, e de Ence! Non nos fiamos, non confiamos, non entramos nese debate, tampouco sobre os custos que di a empresa que tería esa operación. Posiblemente, os custos serían moito maiores porque non hai que ir a unha operación de pequeno calado, como plantexa a empresa, senón a unha gran operación de transformación económica e ambiental da ría de Pontevedra e tamén do monte galego.

E disto non poden derivarse máis que vantaxes, que grandes beneficios, señor Conde, e teñen que velo así. Desde logo, é unha operación que tería un impacto en materia económica e de creación de emprego que sería impresionante. Creación de emprego e postos de traballo no mar que agora se perderon, centos de postos de traballo no marisqueo e na pesca de baixura que se poderían recuperar. Tamén postos de traballo en terra, con toda esa grande operación urbana de recuperación dos terreos que ocupa a fábrica, da súa descontaminación e da súa rexeneración. Tamén centos de postos de traballo, miles de postos de traballo, diría eu,



nunha nova política para o monte, que vostedes non están facendo, porque están apostando a unha única carta, que é a que lles dita o IBEX.

E, por último, moitos máis, centos de empregos máis na política industrial e na industria forestal e nesa nova fábrica que se faría con todo o ciclo completo. Polo tanto, señor Conde, remato cunha pregunta que resume todas as preguntas que xa lle fixemos na interpelación: ¿van poñerse vostedes á fronte deste proceso, deste proxecto?, ¿van aproveitar esta oportunidade que temos?, ¿van defender o interese común ou van seguir como ata agora defendendo os intereses de Ence?

Nada máis e moita grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Non é por entrar en polémica, señor Bará, pero hai unha palabra que é —eu, que estiven atento ao debate— a palabra «mamporreiros» da empresa Ence. Eu creo que esa palabra lesiona a dignidade dun grupo e eu tamén lle pediría que a retire. Se é posible retirámola.

**O señor BARÁ TORRES:** Esa palabra ten un sentido literal, un sentido...

**O señor PRESIDENTE:** Como a da mañá.

**O señor BARÁ TORES:** ...literal.

**O señor PRESIDENTE:** Pois entón retirámola.

**O señor PRESIDENTE:** No sentido literal.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Queda retirada esa expresión.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará.

Despois de ter comprobado que a pregunta sobre Ence non tiña moito interese para vostede, que empregou unha boa parte da súa intervención en falar doutros temas, o certo é que á Xunta de Galicia e ao Grupo Parlamentario non nos quedou moi claro se vostedes están dispostos a condenar esa campaña «*Rachemos co Xacobeo*». Eu creo que tiña, (*Aplausos.*) e ten, unha magnífica oportunidade, xa que a situación dos traballadores de Ence, aos que non no-





meou en ningún momento —nin aos traballadores de Ence, nin aos transportistas, nin aos traballadores da Autoridade Portuaria de Marín, nin ao sector forestal galego...—, xa que todo iso, a vostede e ao Bloque Nacionalista Galego non lles interesa, ten unha oportunidade na réplica para condenar a campaña «Rachemos co Xacobeo», porque nin Galicia nin todos os esforzos que os galegos e as galegas estamos facendo por desenvolver dende o Xacobeo unha visión desa Galicia amable e esa Galicia cordial se merece que o Bloque Nacionalista Galego pretenda condenar esta situación e este traballo permanente por Galicia.

Mire, son moitas veces as que, dunha forma simplemente oportunista, vostedes traen aquí a situación de Ence. E eu voulo resumir, porque seguramente xa temos falado moito pero creo que hai tres cuestións bastante claras que creo que seguramente resumen a situación.

Fala vostede de conflito de intereses. Efectivamente, hai un conflito de intereses entre o interese xeral do emprego e o interese do Bloque Nacionalista Galego en destruír a industria en Galicia. Ese é o conflito de intereses no que nós, loxicamente —si, é certo—, somos accionistas dos intereses dos galegos —do interese xeral dos galegos— e somos accionistas na defensa do emprego. Lamentablemente, vostedes están simplemente intentando pechar empresas industriais en Galicia por un tema puramente ideolóxico.

Segundo, unha falacia do Bloque Nacionalista Galego que, por moito que a repita, non se vai converter en verdade. Falan vostedes do impacto medioambiental, e eu o que lle preguntaría, sinxelamente, é ¿por que o Bloque Nacionalista Galego, sendo parte da Xunta de Galicia dentro do Goberno do Bipartito, aprobou no ano 2008 a autorización ambiental integrada de Ence? ¿Que mudou dende o punto de vista medioambiental? ¿Cal é a diferenza? Simplemente, unha posición puramente ideolóxica en contra de Ence, en contra do emprego industrial.

E, en terceiro lugar, estamos, señor Bará, ante unha decisión política. Un Goberno, o Goberno do Partido Socialista Obreiro Español e de Podemos, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, que toma a decisión política de pechar Ence. Iso, sinxelamente, é unha responsabilidade que nós non compartimos. E si lle diría que, unha vez que un Goberno toma unha decisión, ten que asumir tamén as consecuencias e ten que introducir todos os elementos para poder corríxila. E, polo tanto, o que eu lles pregunto a vostedes —e pregúntolle ao Partido Socialista e pregúntolle a Podemos— é onde está esa alternativa, onde está a alternativa para o sector forestal galego e para os traballadores de Ence. E, sobre todo, ¿onde están os fondos europeos Next Generation que está centralizando o Partido Socialista e que non pon á disposición desas alternativas que vostede traslada?

Polo tanto, creo que estamos ante unha situación na que, simplemente, vostedes están tomando, dende un punto de vista puramente ideolóxico, unha negativa aos dereitos dos traballadores de Ence para seguir desenvolvendo a súa actividade, e sobre todo unha decisión que pode facer un dano enorme ao sector forestal do noso país. E eu lamento que dous partidos políticos que din que defenden os intereses galegos se unan, simplemente, para pechar unha industria que xera 800 empregos en Pontevedra, en Marín e en Poio, e que ten un impacto no sector forestal de máis de 5.000 empregos no conxunto de Galicia. Xa o fixeron no ano 2018, non nos olvidamos. Non nos olvidamos de como o Partido Socialista e o Bloque





Nacionalista Galego pechou Elnosa, da que dependían arredor de 400 empresas directas e indirectas. Non nos olvidamos porque o noso interese xeral, señor Bará, é o emprego.

Vostedes seguen con esa pancarta ecoloxista que simplemente responde a vellos estereotipos e que nada ten que ver coa realidade actual, nada, absolutamente nada. E nada ten que ver e non están medindo as consecuencias de promover cambios sen ter unha solución. Vostedes teñen unha política bastante sinxela e daniña: primeiro boicotean; despois pechan empresas; e, finalmente, pretenden trasladar responsabilidades á Xunta de Galicia. Pero, mire, señor Bará, sabemos ler entre liñas, os galegos sabemos ler entre liñas tamén; e sabemos perfectamente que as receitas do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista Galego e de Podemos simplemente supoñen paro, paro e máis paro. E, dende logo, para iso non contan co Partido Popular, porque nós temos claro que a necesidade que ten Galicia nestes momentos é de xerar emprego e non destruír o que temos.

Polo tanto, creo que o debate que vostede trae aquí é un debate estéril, en ningún momento vostede nomeou —simplemente por respecto— os traballadores de Ence, non nomeou —por respecto— o sector forestal. E, simplemente, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista Galego terán que asumir as consecuencias directas dos seus actos. E a min o que me gustaría é que vostedes fosen a Pontevedra, lle mirasen aos ollos aos traballadores de Ence; que fosen ás Pontes, que lles mirasen aos ollos aos traballadores da central das Pontes, e seguramente terían que pensar realmente as decisións ideolóxicas que están tomando en contra do emprego en Galicia. Unha irresponsabilidade que creo que non se merece Galicia e, dende logo, non se merece ter dous partidos políticos que simplemente defenden aspectos puramente ideolóxicos en contra dese interese xeral que é o que nos corresponde.

Nós imos seguir defendendo a continuidade de Ence, e imos seguir defendo a continuidade de Ence onde a empresa di que é o único sitio onde pode ter viabilidade ese emprazamento industrial. E, polo tanto, se vostedes pretenden pechar Ence poden trasladalo con toda tranquilidade, pero non se apoien na transición ecolóxica; non, non, non, esa é unha escusa que *no cuela*, señor Bará, *¡no cuela!* E xa está ben de utilizar o medio ambiente simplemente para pechar empresas.

Imos seguir buscando a maneira de garantir a continuidade da biofábrica na ría de Pontevedra. Están demostradas as súas garantías dende o punto de vista medioambiental e dende o punto de vista da seguridade industrial. E, lamentablemente, os intereses ocultos que ten o BNG intentando pechar Ence teraos que explicar no seu momento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica. Señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señor Conde, di vostede que este é un conflito sobre o emprego. Pois acéptolle a cuestión; pois si, ten un conflito sobre o emprego. Eu xa lle dixen e xa lle propu-



xen aquí distintas iniciativas e fórmulas para multiplicar o emprego, para crear máis postos de traballo, porque nos preocupa esta cuestión. E asegúrolle que se poderían multiplicar ata por 3 os postos de traballo coas propostas que lle fai o BNG.

E di vostede que é ideoloxía. Claro que é ideoloxía, ideoloxía é o que fan vostedes servindo os intereses de Ence, servindo os intereses do IBEX, seguindo os intereses do capital. ¡Iso si que é ideoloxía! Iso é ideoloxía de libro. E, claro, ideoloxía é defender o traslado da empresa, pero cando o facían vostedes ¿non era ideoloxía?, ¿que era entón? Porque vostedes tamén defenderon o traslado, ¿ou xa perderon a memoria?

E, miren, defenderon o traslado, ademais, no momento da peor crise económica, moito peor que a actual en termos de perda de postos de traballo, que chegaba o paro case ao 30 %. E vostedes naquel momento acordaron, nun Consello da Xunta feito en Pontevedra a propósito, defender o traslado da empresa, e dixo aquela famosa frase o señor Feixóo —que non me resisto a volver dicila aquí e direina as veces que faga falta—: «Ence non pode seguir na ría de Pontevedra. Non imos dicir unha cousa e facer a contraria». Iso é o que vale a palabra do Partido Popular, do señor Feixóo. (*Aplausos.*) Non vale nada, ¡non vale nada! (*Aplausos.*)

E aprobámolo aquí nun acordo unánime no Parlamento. Vostedes puxérono negro sobre branco. Miren, (*O señor Bará amosa un folio.*) isto é o programa do Partido Popular do 2012, ¿era ideoloxía cando vostedes puñan isto no papel? ¿Era ideoloxía ou que era? Agora que o dicimos nós é ideoloxía, pero cando o dicían vostedes non era ideoloxía. Era unha chanza, era unha broma, ¿non?, —«na procura de facer compatible a actividade produtiva coa calidade ambiental». Fálame vostede agora de calidade ambiental, pois son vostedes os descubridores da calidade ambiental, mire o que puxeron no programa: «Continuarase a política adoptada en relación coa situación da empresa Ence na ría de Pontevedra. Logo de acordada a saída ordenada de Elnosa na lexislatura rematada en 2012, o PPdG mantén a súa aposta para que Ence abandone o seu actual emprazamento». Señor Conde, posto no programa do Partido Popular en 2012, nunha crise tremenda, coa perda de miles de postos de traballo. ¿Isto que era?, ¿era unha tomadura de pelo? Isto ¿sabe o que era?, isto era unha traizón. O que fixeron despois foi unha traizón a Galiza, unha traizón a Pontevedra, cando vostedes se desdixeron do que puxeron no seu programa, do que acordaran tamén no DOG, do que puxeran tamén nas Directrices de ordenación do territorio ou no Plan de ordenación do litoral, que prevé aí o que prevé. E é o que defendemos nós, non por ecoloxismo de fantasía, porque o pon o POL, o Plan de ordenación do litoral, aprobado pola Xunta en 2011. Di que aí hai que crear unha área de mellora ambiental e paisaxística, que hai que recuperar e rexenerar eses terreos. Dío un instrumento da ordenación urbanística de Galiza e, polo tanto, débese cumprir; e iso é o que defende o BNG.

Pois ben, señor Conde, fala vostede de oportunismo. De oportunismo nada, falamos de oportunidade, porque hai unha oportunidade neste momento. Hai unha posibilidade real que vostedes non queren ver, están ofuscados aí coas orelleiras defendendo a capa e a espada os intereses da empresa e non queren ver nada máis; tamén no debate sobre o emprazamento. Pero é que, ¿quen pode crer esa patraña de que o único sitio de Galiza onde pode estar unha pasteira —o señor presidente da Xunta dixo que había que poñer dúas, a ver onde vai poñer a outra— son terreos de dominio público na ría de Pontevedra e Lourizán? Que non hai nin-



gún outro sitio en Galiza para poñer unha fábrica pasteira e tamén para completar o ciclo; que é o que hai que facer, pechar o ciclo e facer unha fábrica de papel e outros moitos produtos derivados que se poden facer coa enorme riqueza que ten o noso monte. Que vostedes desaproveitan porque temos, efectivamente, o 50 % das cortas pero só temos o 13 % da facturación e do emprego. Entón é que aí algo falla, ¿é que non o ven?

E eu si fixen referencia ao comité de empresa e aos traballadores, que lles están dicindo tamén —non sei, non o queren escoitar, só escoitan o presidente de Ence, só escoitan o capital— que, no caso dunha sentenza desfavorable para os intereses da empresa, defenden o traslado da fábrica. E hai que poñerse a traballar niso, nós cremos que hai que poñerse a traballar en moito máis, con moita maior ambición e visión de futuro. Porque hai que facer moitas máis cousas que trasladar unha fábrica, esa é unha visión limitada, curtopracista, cativa. Hai que facer moito máis, hai que darlle unha volta completa á política forestal, á política para o monte, á política industrial e á política para a ría de Pontevedra. E hai que deseñar unha grande operación, como fixeron outras cidades, para converter ese problema nunha grande oportunidade, esa é a realidade. Iso é no que non están vostedes, señor Conde.

E remato xa cunha afirmación que tamén resume de que vai isto. Isto vai da necesidade de escoller, porque a política é escoller entre distintas opcións. Escoller, por un lado, a ría de Pontevedra, os intereses de Pontevedra, os intereses da maioría social, os intereses de Galiza; ou escoller os intereses do consello de administración de Ence e das portas xiratorias. Ata o de agora vostedes estiveron nesta posición pero teñen a posibilidade, a ocasión, a oportunidade, de cambiar, hai unha ocasión de ouro para facelo. E se non o fan por vontade propia van ter que facelo pola presión social e pola necesidade dunha sentenza que os vai poñer, queiran ou non, a traballar en todo isto que estamos propondo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Peche da interpelación. Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moi ben. Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, queda constatado que o Bloque Nacionalista Galego non rexeita a campaña «Rachemos co Xacobeo», *(Risos.) (Aplausos.)* consta nesta súa intervención. *(Aplausos.)*

O máis curioso —por non dicir patético— é ver o Bloque Nacionalista Galego sendo e actuando como avogado defensor do Partido Socialista e de Podemos. Isto é realmente curioso e realmente sorprendente.



E, señor Bará, nós con Ence só temos un obxectivo e creo que o estamos demostrando de forma bastante clara, que é defender as empresas, defender os empregos vinculados neste caso a Ence, e defender o emprego en Pontevedra. Os únicos que están traizoando a esas familias son vostedes, e iso si que quedará no seu currículo, no currículo do Bloque Nacionalista Galego, como unha das decisións máis negras da industria en Galicia. E eu o único que espero é que a Audiencia Nacional e os tribunais poidan corroborar que, efectivamente, esa decisión da ampliación da concesión se axusta á legalidade e que, polo tanto, eses empregos poden ter a súa continuidade; e, dende logo, nós imos seguir defendéndoa.

E se se trata de escoller, que, efectivamente, se trata de escoller, vostede ¿que quere?, ¿empregos industriais en Pontevedra ou en Asturias? Esa é a decisión que temos que tomar. Parece que o Partido Socialista pretende deslocalizar estes empregos cara a Asturias, ao mellor hai algunha explicación que se nos poida trasladar, pero polo demais... A partir de aí entramos nos argumentos, non lle escotei ningún. Porque o único argumento que vostedes pretenden trasladar nestes momentos para que se peche Ence é o medioambiental. E a miña pregunta é onde está o problema medioambiental. Se no ano 2008, cando vostedes autorizan e aproban a autorización ambiental, a integrada, non había ningún tipo de problema ambiental, ¿agora si? ¿Agora hai un problema medioambiental? ¿Onde? ¿Fala vostede de crear empregos vinculados á política forestal e á transición ecolóxica? Niso estamos. Pero ¿por que teñen que pechar Ence? Por unha decisión ideolóxica, puramente ideolóxica. ¡Asuman as súas decisións! E non intenten enganar nin desviar a atención porque a constatación é bastante evidente.

En calquera caso —como lle dicía—, vostedes, realmente, son os únicos que están mudando a súa posición. (*Murmurios.*) (*Risos.*) ¿Por que agora resulta que hai un problema medioambiental? ¿Agora hai un problema medioambiental? Cando estaban vostedes no Bipartito non o había, agora haino, iso si que é mudar a súa posición dunha forma realmente sorprendente.

Sería ben tamén saber, realmente, cal é ese motivo oculto —porque é un motivo oculto— polo cal o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista de Galicia están poñendo en risco máis dun cento de empresas asentadas no litoral de Galicia. Nós seguiremos defendendo as empresas asentadas no litoral e esperemos que vostedes non poidan seguir avanzando nesa dirección, porque o único que sería sería seguir xerando desemprego en Galicia.

Ence saben que é clave para o desenvolvemento do sector forestal de toda Galicia e nós, dende logo, imos seguir defendendo eses 5.100 empregos xerados en Galicia pola biofábrica de Pontevedra, todo o impacto que se xera nas empresas provedoras da madeira —1.800 empresas contratadas en Galicia—, e, sobre todo, todas esas familias que reciben algún tipo de beneficio coa venda da madeira de Ence. E, polo tanto, creo que ese debate —que é un debate ficticio—, que vostedes queren abrir agora, sobre a alternativa á ubicación actual, sabendo que é inviable e sabendo que é a propia empresa a que está trasladando a súa inviabilidade, lévanos simplemente a unha decisión que tería un impacto irreversible dende o punto de vista do emprego industrial.

Polo tanto, nós seguiremos apelando ao Partido Socialista, ao Bloque Nacionalista Galego e a Podemos para que rectifiquen. Rectificando, señor Bará, tamén se pode acertar, e dialo-



gando tamén se pode acertar. E, polo tanto, ante esa mala decisión, seguramente, se nos centramos no interese xeral e nos centramos nos empregos vinculados a Ence, seguramente vostedes mudarían a súa posición actual.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

(*Pausa.*) (*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

### ***Debate acumulado de dúas interpelacións***

Debatemos agora de xeito acumulado dúas interpelacións.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Mercedes Queixas Zas e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia respecto da presentación de candidaturas a Patrimonio da Humanidade pola UNESCO**

*Acumúlase na anterior a seguinte:*

**Interpelación de D<sup>a</sup> Noa Susana Díaz Varela e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto das candidaturas do patrimonio que opten a recoñecementos internacionais**

**O señor PRESIDENTE:** Comeza formulando a interpelación dona Mercedes Queixas, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Beizón, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Se tivese que pór un título a esta interpelación sería «non hai peor xordo que o que non quere oír», ou «non hai peor cego que o que non quere ver». E seguramente se estará a preguntar o porqué desta miña escolla, señor conselleiro, e a razón é simple: a súa falta de visión, a súa falta de escoita e a súa falta de palabra ante o episodio que acabamos de vivir no que non podemos menos que cualificar no BNG como dun importante descrédito para Galiza. Por iso incluso pensei nun subtítulo que sería «que falen de min aínda que sexa mal».

O noso titular non responde —asegúrolo— a impresións e valoracións subxectivas, non, responde á obxectividade da lectura, á literalidade do que cualificamos no BNG como severo informe do Consello Internacional de Monumentos e Sitios, o ICOMOS, que cualificou a candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade, impulsada pola Xunta de Galiza.

Transcorrido xa hai algo máis dun mes desde o rexistro da nosa primeira interpelación puidemos, evidentemente, dar lectura do Informe ICOMOS unha vez feito público. Mais teño





que dicir aquí publicamente que non conseguimos acceder á candidatura que elaborou e impulsou a Xunta de Galiza malia, por suposto, rexistrar a nosa petición.

A lectura converteu as sospeitas iniciais en evidencias que resumían o informe nunha palabra: fracaso. Rexistramos inmediatamente petición de comparecencia neste Pleno do señor conselleiro de Cultura, mais —como vostede ben sabe— o Partido Popular vetou esa comparecencia. Rexistramos novas iniciativas tamén, por suposto, con preguntas para resposta escrita, mais —como tamén vén sendo habitual, veuno sendo durante todo este período de sesións— tampouco chegaron esas respostas. Xa lle adianto que a demorada lectura deste informe nos fixo sentir unha profunda vergoña allea, apenas aliviada con frecuentes paradas para tentar asimilar o que neste informe con profuso detalle se describe.

Ogallá o Grupo Parlamentario do Partido Popular nesta Cámara tamén o teña lido para entender ben as miñas palabras, mais sobre todo para entender o alcance e a gravidade dos feitos que coñecemos e dos que vostede, señor conselleiro, algo falou, si, penso que en Madrid e en París, mais non en Galiza; e, desde logo, en calquera caso non explicou nada. A día de hoxe o pobo galego segue sen saber pola súa boca que razóns foron as que impediron que esta candidatura prosperase. E sorprende cando, precisamente, non ten o Partido Popular problemas para achegar mediaticamente as súas mensaxes á sociedade galega, iso xa nolo reservan para a principal forza da oposición e para a alternativa de goberno que estamos a representar no BNG.

Porque, efectivamente, son moitas, moitas —todas, podería dicir— as preguntas aínda sen resposta deste que podemos cualificar tamén xa como un fracaso colectivo; efectivamente, fracaso colectivo, mais —non o esquezamos— con nomes e apelidos. Por exemplo, ¿por que esta falta de transparencia, esta opacidade ante o que é o fracaso dunha candidatura que xerara a máxima expectativa tanto na Ribeira Sacra como en toda Galiza? ¿Quen elaborou esta candidatura? ¿Como foi o proceso de concurso, selección e adxudicación? ¿Canto nos custou dos impostos dos galegos e das galegas? ¿Quen vai dar conta de tanta incompetencia pagada con fondos públicos? ¿Quen vai asumir responsabilidades técnicas e políticas do que, sen dúbida, é un absoluto chasco? ¿Que investimentos se levan realizado?, ¿como?, ¿onde?, ¿con que criterios?, despois daquel anuncio de destinar 34 millóns de euros nun plan coordinado por unha comisión interdepartamental creada *ad hoc* para este fin na que —se non lembro mal— participaban 6 consellerías.

¿Que foi tamén do anunciado Plan estratéxico da Ribeira Sacra? Que tentamos, por certo, contrastar na súa web e a pantalla dínos, hoxe si, mañá tamén, que esta páxina non existe. Todo parece que vai cadrando, infelizmente, non existe esta páxina porque non existe plan e por iso é que non existe a día de hoxe candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.

O presidente Feijóo ten recoñecido en público, en declaracións e entrevistas, que a recomendación que fai o ICOMOS de non inscrición da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade foi —literalmente— «un revés e non menor». E en privado tamén ten admitido a gravidade afirmando que non ten máis percorrido esta candidatura. No medio do camiño está vostede, señor conselleiro, e aí está a temperar este fracaso colectivo retorcendo ata a extenuación a





léxico-semántica, argumentando unha xustificación malabar dicindo que se trata dun aprazamento estratéxico. Entendemos que este aprazamento estratéxico se refire á súa estratexia de programar o silencio como caldo de cultivo da progresiva amnesia colectiva, ¡malo será que as calores do verán non axuden a esquecer! Mais o certo, señor conselleiro, é que aí fóra as calores do verán non chegan; xa sabe vostede aquela peza dos Resentidos, *Galiza sitio dis-tinto*. (Aplausos.)

E acontece isto nun ano prorrogado en que o patrimonio cultural galego debiera ser, efectivamente, o principal reclamo para a nosa proxección no mundo. Esa porta de entrada que representa o noso patrimonio, de entrada propia á nosa cultura por parte de tantas persoas que ogallá efectivamente nos visiten. E unha tradición patrimonial na —asegúrolles— na que o BNG non só acreditamos senón que ademais nos recoñecemos nela. Esa porta xiratoria que representa para nós, efectivamente, o patrimonio cultural galego que nos retroalimenta con outras culturas do mundo, con todas as culturas do mundo dende a Idade Media. Moi lonxe desas outras portas xiratorias ás que temos que volver apelar aquí que expropian e espolian con gobernos que teñen sempre un pé no Consello da Xunta e outro nos consellos de administración desas empresas.

O ICOMOS —teñámolo sempre presente— é un organismo externo, é unha entidade consultiva da UNESCO. E retrata neste informe —infelizmente para nós— o decadente perfil das políticas practicadas polo Partido Popular nos últimos 12 anos no Goberno da Xunta, viradas sempre de costas ao coidado do noso territorio. ¡E que levan 12 anos comprometendo o noso futuro demográfico, social, paisaxístico, económico e, por suposto, tamén patrimonial, como agora se ratifica! En definitiva, o ICOMOS delatou a inexistencia dunha planificación política patrimonial do Partido Popular na Xunta; evidentemente, entendida esta planificación no sentido do seu coidado, da súa protección e da súa posta en valor.

As palabras finais do informe son, señor conselleiro, para o BNG unha sentenza demoledora, pois literalmente di: «o ICOMOS recomenda que non se inscriba a candidatura da Ribeira Sacra na lista do Patrimonio Mundial». Velaquí a primeira reflexión que cómpre facer, esta recomendación non é un punto e seguido e vostede sábeo; esta decisión saben que é un máis que probábel punto e final. Abandonen, por tanto, a súa soberbia política e comecen a estrearse na reconfortante práctica de aprender con humildade e empatía con todas e de todos, escoitando as persoas e escoitando os colectivos que coñecen a Ribeira Sacra no seu conxunto. De telo feito, probablemente non estaríamos agora a pasar por esta vergoña colectiva. Porque, efectivamente, víase vir, todo o mundo o vía vir; non causou sorpresa a quen tan analizada ten a Ribeira Sacra e presentou informes e presentou multitude de alegacións. Señor conselleiro, a todas elas vostedes responderon única e exclusivamente co silencio ou coa trampa dalgunha pequena maquillaxe nalgunha fotografía para xustificar algunha das demandas que se facían dende ICOMOS.

No BNG estamos convencidas de que, de telas tido en conta, hoxe teríamos outro resultado ben máis positivo para a Ribeira Sacra e para Galiza. Non hai máis que ler o Informe do Consello da Cultura Galega ou o Informe da Asociación do Patrimonio Medieval, *O sorriso de Daniel*; por certo, un colectivo fundamental no estudo e defensa do patrimonio a quen vostedes en 2018 recoñeceron co Premio da Cultura Galega ás iniciativas en prol do patrimonio cul-



tural. Efectivamente, ¿onde estamos agora?, ¿en que punto estamos agora? Unha oportunidade perdida. Se cadra, dáme por pensar que igual o que fallou é que a esta candidatura lle faltou un segundo título, igual se fose Ribeira Sacra Xacobeo si terían posto vostedes moita máis atención. *(Aplausos.)*

A candidatura da Ribeira Sacra —vou rematando— converteuse, infelizmente, nunha metonimia do país, un reflexo de como está a intervir a política do Partido Popular na degradación de Galiza. O despoboamento, as modificacións e agresións da paisaxe, as reforestacións, a pegada das especies invasoras, o impacto de encoros eólicos e liñas de alta tensión, a presión turística ou os lumes forestais son algunhas das razóns que se converten en argumentos para o ICOMOS recomendar pór freo a esta candidatura. O seu lema electoral —*Galicia, Galicia, Galicia*— agora ao completo: Galiza anegada, Galiza deforestada, Galiza sacrificada. *(Aplausos.)*

O ICOMOS deulles a oportunidade de emendar erros, de responder aclaracións, de achegar documentación complementaria en varias ocasións. E, sen embargo, vostedes, señor conselleiro, non foron quen de demostrar o que é fundamental neste proceso, o valor universal destacado da Ribeira Sacra como paisaxe cultural. Cómpren, pois, respostas, cómpre asumir responsabilidades, e sobre todo cómpre aprender para rectificar. Ten vostede agora o seu tempo e a oportunidade de explicar por que presentaron unha candidatura incompleta, falta de rigor, descohesionada, pouco ambiciosa, incoherente, que prescindiu do elemento artístico central e común denominador da zona como é a arte románica, que ignora o lamentábel estado de conservación de moitos dos bens que se mencionan, que exclúe os núcleos de poboación e que falta, sobre todo, a necesaria e imprescindible colaboración cidadá.

Confiamos, señor conselleiro, en que aproveite esta oportunidade para facer unha profunda autocrítica sobre as razóns que nos trouxeron a esta situación e da que son responsables primeiros e últimos.

Obrigada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Queixas.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Ten agora a palabra a señora Díaz Varela, do Grupo Parlamentario Socialista.

**A señora DÍAZ VARELA:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, conselleiro.

Eu, antes de comezar, quería novamente agradecerlle —xa o fixen onte— a súa presenza na sesión nese debate sobre a Lei de universidades, que finalmente saíu aprobada dunha maneira —ao meu modo de ver— que rompe todas as regras de xogo democráticas, como así



tamén onte o fixen público. E comezo agradecéndollo porque non pasou exactamente o mesmo coa conselleira de Igualdade, que se ausentou durante o debate de dúas leis de vital importancia no noso país, e ademais que lle concernían directamente a ela.

Ben, imos ao tema que hoxe nos ocupa. E é que volvemos debater, señor conselleiro, e tere-mos hoxe algo máis de tempo, porque logo da nosa pregunta do Pleno pasado a nós quedá-ronnos moitísimas dúbidas sen resolver. E xa me vou adiantar, porque vou tomar as súas respostas daquel día un pouco como o fío condutor da miña intervención. Non estamos a utilizar este tema politicamente, non, en absoluto, o que facemos é amosar a nosa fonda preocupación con este proxecto; e non só con este senón tamén con outros tres que están tamén agardando.

Eu non vou entrar hoxe a nomear as excelencias da Ribeira Sacra que a fan merecedora dese recoñecemento de patrimonio mundial porque non temos tempo para facelo, pero non creo que haxa ningunha dúbida de que o é. Hoxe o que pretendemos é que vostede dea conta do traballo da consellería que dirixe —ou do non traballo, xa veremos ao final que é o que nos conta—.

O primeiro que hai que dicir é que a retirada da candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade é a mostra da incapacidade do Goberno do señor Feijóo para redactar un proxecto suficientemente solvente. E como digo, iso preocúpanos e preocúpanos moito, por-que, para ter ese recoñecemento mundial, non serve só que ese ben patrimonial, cultural, paisaxístico sexa excepcional —do que non temos ningunha dúbida—; a cuestión é que hai que demostralo, hai que documentalo. E aquí vese que non se fixo ese bo traballo que tería que terse feito, con todo o que iso supón e con todo o que iso suporá.

E non o dicimos nós, tamén o expuxo aquí a voceira do BNG, xa o manifestaba o ICOMOS no seu informe —non lembro moi ben cal foi o cualificativo que empregou—; e para nós, dende logo, é un informe demoledor —demoledor é a palabra—. Ese informe do ICOMOS, que, fóra dalgún aspecto que, obviamente, é certo que está errado —vostede xa o dixo e tamén me vou adiantar ao que poida dicir despois—. Hai algún erro nese informe do ICOMOS que, evi-dentemente, terá que ser emendado. Pero o que fai o ICOMOS é poñer en cuestión a esencia do proxecto, esa conceptualización á que vostede aludía hai 15 días e que a nós nos deixa estupefactas. Porque 25 anos dende que esta candidatura entrou la lista indicativa pensamos, dende logo, que é tempo dabondo para ter artellado un proxecto sólido e, dende logo, ben conceptualizado. Se o problema é o concepto, tempo tiveron. Vostede falaba de que o pro-blema é ese concepto da paisaxe que non acabamos de entendelo ben. E nós dicímoslle que a normativa da UNESCO ten ben artellada esa cuestión conceptual, onde ademais xa fala de paisaxes cambiantes pola acción natural, e tamén mesmo pola acción humana.

Pero, claro, imos ao gran: ¿Como vai estar ben artellado ese proxecto se as xentes da zona, os concellos, o tecido cultural, o tecido económico e mesmo as deputacións non teñen nin idea del? ¿Como vai estar ben artellado? Non estamos a falar dunha muralla ou dunha cate-dral, señor conselleiro, estamos a falar dunha paisaxe cultural viva, e está viva porque alí vive xente que interactúa con ese territorio. E se esa xente non foi chamada a participar no proceso, ¿como ían atinar nese concepto? ¿Como ían atinar? Ninguén coñece o proxecto pre-



sentado, e vostede sabe ben que ninguén coñece o proxecto presentado, e cando digo ninguén digo ninguén; ninguén dos que deberían, claro. E non estou falando do proxecto en si, que aí podo entender que haxa equis cláusulas de confidencialidade; e nós tamén, como o BNG, queremos ver ese proxecto. Xa non estou falando diso, falamos das liñas estratéxicas dese proxecto, ¿que información teñen os concellos, señor conselleiro? ¿Que información teñen as deputacións? ¿Que información ten o tecido cultural desa zona? ¿Que información teñen?

Dixo vostede, ademais tamén sen ningún tipo de pudor, que esta denuncia que lle facemos sobre a ausencia de participación é ou unha broma ou un descoñecemento supino —díxoo o outro día—. Claro, nós volvemos repetirlle que nos diga exactamente con quen, cando e como se reuniu coas xentes da zona. Deixe de mentir, señor conselleiro, e de acusarnos de que nós o estamos a facer porque non é certo. A non ser que vostede, claro, se refira a eses casos con claves que organizou a súa consellería para sacar a foto alí na zona e lanzar unha nota de prensa na que unicamente había vontade e moitas palabras baleiras, nada máis. Ou tamén pode ser que se referise a esa comisión interdepartamental creada *ad hoc* para impulsar e fortalecer esa candidatura. A voceira do BNG falaba de 6 consellarías e eu contabilicei 7 —é igual, 6 ou 7, tanto dá—. E sobre a que a nós nos gustaría tamén coñecer cantas veces se reuniu nun ano crucial para a candidatura; e, de terse levado a cabo esa reunión —ou esas reunións, se é que existiron—, non sei se nos pode dicir quen asistiu doutros organismos e entidades locais presentes no territorio como concellos, consorcios, deputacións, asociacións, ou bispados; tal e como consta no decreto de creación desta comisión. Non o dicimos nós, aparece nese decreto, un decreto no que se explica que un dos obxectivos desta comisión é ser a canle para a participación activa das comunidades locais do territorio da Ribeira Sacra.

Eu preguntollo porque nesa sesión plenaria vostede tamén anunciaba que a partir de setembro, cando retomen de novo todo isto, «corrixirán, encauzarán...» —son palabras literais— «...e axustarán o proxecto en colaboración total e coa complicidade dos axentes do territorio...» —e que nos dá a risa— «...con encontros científicos e divulgativos que busquen unha maior involucración da cidadanía». Claro, iso que denota que ata o momento non se fixo, díxoo vostede, non o dixo esta deputada. ¿A quen pretenden enganar con todo isto? Un problema conceptual, ¿de verdade pensan e escúdanse en que isto é todo un problema conceptual?

Tamén di vostede —e nós tamén facemos referencia— a que con este aprazamento estratéxico haberá máis tempo para avanzar co fin de seguir facendo da Ribeira Sacra un territorio máis vivo, mellor coidado e máis recoñecido en todo o mundo. Bueno, isto merece un aparte, pois díxo así tamén sen ningún tipo de pudor. E nós preguntámonos ¿que fixeron en todo este tempo? ¿Que fixeron? ¿Que accións de calado puxeron en marcha para coidar as contornas patrimoniais, para manter a actividade viticultora e, por tanto, tamén a paisaxe? ¿Que fixeron para impulsar especies arbóreas foráneas non invasoras, para formar o persoal dedicado ao turismo co fin de que este sexa sustentable e respectuoso co medio? ¿Ou para activar, por exemplo, programas de recuperación, rehabilitación e restauración do románico? Ese románico que aparece bastante pouco —supoñemos— nese proxecto. E estamos citando só algunhas. ¿Que fixeron ata agora, señores? Porque o que é certo e tamén nos poderá contar —que tamén nós lle preguntamos nesta interpelación—, que nos diga por favor que é ese



plan de Ribeira Sacra: ¿onde?, ¿para quen?, ¿cando?, e ¿como se van distribuír eses 34 millóns de euros? Queremos ver ese documento, queremos ver ese plan de acción, porque estamos certas de que non existe sobre o papel. O que fixeron foi sumar accións que xa existían e que estaban programadas seguramente de diversas consellarías, pero como plan non existe.

E dígolle algo: ese plan é preciso, é moi necesario, xa non só para avanzar na candidatura senón tamén para desenvolver e protexer a Ribeira Sacra, que para nós, dende logo, xa é patrimonio mundial. Queremos que o siga a ser e por iso é preciso ese plan, así que elabórenos e déixense de entelequias e de subestimar, por certo, a intelixencia deste grupo parlamentario e, sobre todo, das institucións e da sociedade civil da Ribeira Sacra.

Vostedes o que fixeron foi facer seu este proxecto ilusionante que impulsou de maneira decidida hai unha década a Deputación de Lugo para de novo sacar a foto, pero sabemos ben que a implicación foi nula e así quedou demostrado ata hai pouco, ata hai un par de anos, en que decidiron de novo relanzala con brindes ao sol, plans rimbombantes, soños en forma de fondos Next Generation, e un proxecto final que fai auga por todas partes.

E, bueno, ata aquí a Ribeira Sacra e as preguntas que tiñamos formuladas na interpelación que xa ten vostede. Agora a seguinte preocupación: temos outras tres candidaturas máis que optan a este recoñecemento: Ancares-Somiedo —que foi incluída na lista indicativa no ano 2007—; o Ferrol da Ilustración, o mesmo ano tamén; e o Parque Nacional das Illas Atlánticas-Illas Cíes, no ano 2018. Entón, se aprazamos a da Ribeira Sacra pero continuamos con esta candidatura a partir de setembro —que, por certo, saben ben, non enganen, non vai ser tan sinxelo, isto non é cousa dun ano ou dous anos, isto pode traer moita cola e estenderse moito no tempo—, ¿que pasa coas outras tres galegas?, ¿están xa traballando nelas? Dígoo máis que nada porque, claro, hai que ter en conta tamén que quen a presenta é o Goberno de España, que ten 31 pendentes, 4 delas son galegas pero aínda ten 31 pendentes. ¿Podemos fiarnos do Goberno do señor Feijóo ou temos tamén que temer que a xestión para todas elas vai ser a mesma que fixo coa Ribeira Sacra? ¿Pensa falar cos concellos, co seu tecido cultural, co seu tecido socioeconómico? ¿Ou tamén vai manter a toda esta xente á marxe?

Mire —xa remato, que se acaba o tempo—, no PSdeG, dende logo, estamos convencidos e convencidas da excelencia cultural e paisaxística do noso país; que, sen dúbida algunha, merece ter todo o recoñecemento mundial. Diso estamos seguros. Pero teño que dicirles que miramos con moito pesimismo cara ao futuro, con pesimismo e con moita preocupación polo desinterese deste Goberno que temos agora, presidido polo señor Feijóo, para co noso patrimonio. ¡Coidado porque nos estamos xogando moito, polo menos o futuro cultural do noso país e, por tanto, dos nosos fillos e fillas, netos e netas, e demais xeracións!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Varela.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*





Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, don Román Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):**  
Moitas grazas, presidente.

Señorías.

A verdade que esta sesión parlamentaria, ao final, é unha oportunidade máis para explicar todo o traballo feito e levado a cabo por parte do Goberno en impulso da candidatura da Ribeira Sacra e todo o que nos queda por facer. E facelo con total transparencia e facelo con total humildade. E tamén —como xa dixen na anterior sesión parlamentaria— estamos dispostos a contalo tantas veces como sexa necesario, porque creo que todos desexamos o mesmo, que ese territorio sexa declarado Patrimonio da Humanidade.

Nós entendemos que este é un proxecto que segue vivo, que segue en marcha, que ten ilusión, que é un reto de país e un reto de futuro. E o que nos gustaría, ¿verdade?, gustaríanos contar con vostedes, pero despois de escoitalos a verdade é que creo que vostedes están máis contentos se este proxecto fracasa que se sae adiante.

Certamente, demos moitísimos pasos en positivo para chegar ao último punto, que é valorizar e protexer a Ribeira Sacra. Este Goberno, igual que as deputacións de Lugo e Ourense, igual que o Goberno do Estado, igual que todos os concellos, igual que os veciños, cremos no potencial da Ribeira Sacra, e por iso iniciamos este proxecto e iniciamos este reto. E estou seguro de que a decisión de impulsar esta candidatura foi tremendamente positiva para a Ribeira Sacra, todos os indicadores demostran que o impacto positivo e transformador que xa está a ter a candidatura sobre o territorio e os seus habitantes, a xestión desta candidatura. E, por suposto, imos seguir transitando con ilusión e con traballo e con humildade por este camiño para que a Ribeira Sacra obteña canto antes e coas maiores garantías posibles o máximo recoñecemento da UNESCO.

É certo que os avances en firme, que os pasos firmes que demos contrastan co Informe emitido por ICOMOS no último paso. Este é un documento metido por un órgano técnico asesor que é público, que se pode consultar. E tamén a nós nos sorprendeu, as súas conclusións sorprendéronos claramente, quizais polo bo ritmo que tivo todo o procedemento ata chegar ata aquí. E, en calquera caso, señorías, fóra dese catastrofismo, a non inclusión dunha candidatura no comité final non é algo único, novidoso, é algo bastante normal pese a esa visión catastrofista que vostedes plantexan. É algo normal que ten pasado en España, por exemplo, co Priorat, cando [...], por exemplo, ou mesmo, a nivel internacional, coa paisaxe moi parecida ao de [...] con Italia, que se retirou e un par de anos despois o sacou adiante. Eu, a verdade, lamento a falta de visión de país e o pesimismo do Bloque Nacionalista Galego. A verdade é que me sorprende porque, realmente, no territorio o Bloque Nacionalista Galego posicionouse en contra da declaración de BIC. Curioso, moito falar do patrimonio, da preservación, da conservación... e o Bloque a nivel local fixo accións para intentar posicionarse e evitar que houbera un BIC, hai carteis postos, había carteis e fotografías postas.





E, claro, vostedes falan de rectificar, de víase vir... vostede incluso fai unha chanza dicindo: se fora a Ribeira Sacra Xacobeo. A Ribeira Sacra é xacobeo, pola Ribeira Sacra pasa un camiño, o Camiño de Inverno, e se falan de Xacobeo, e se falan de rectificar, eu creo que vostedes rectificaron hai moi pouco unha campaña que ía precisamente orientada a desprestixiar o Xacobeo. (*Aplausos.*) É algo francamente curioso, e falan de rectificar e de xa se vía vir... pois é o que fixeron vostedes neste ámbito; cando, por certo, o Camiño de Santiago —igual que a declaración da Ribeira Sacra— se algo é, é un elemento de dinamización integral do territorio rural por onde pasa.

En todo caso, e creo que dun xeito coherente con todo o proceso que fixemos, plantexamos un aprazamento estratéxico, e é unha decisión coordinada —por iso me sorprende tamén o que di o Partido Socialista—, unha decisión coordinada co Goberno de España, a través do Ministerio de Cultura e o Ministerio de Asuntos Exteriores, a través do embaixador de España ante a UNESCO. E non hai nada máis que escoitar as declaracións do señor Perelló plantexando o porqué do aprazamento que decidimos conxuntamente. A non ser que o señor Perelló non sexa do Partido Socialista —cousa que entendo que si o é—, creo que vostedes deberían reflexionar respecto a esta crítica.

En todo caso, creo que as explicacións foron dadas. Hai un erro conceptual, unha visión conceptual diferente, e creo que o aprazamento foi explicado e deuse a cara con total transparencia. Primeiro, na propia sede da UNESCO co embaixador español, cuxas declaracións están aí e non son para nada parecidas ás que vostedes din, para nada, parecen un partido absolutamente diferente. Segundo, explicóuselles a todos os alcaldes da Ribeira Sacra de xeito inmediatamente posterior e aos principais axentes do territorio; por certo, todos apoiaron esta liña de traballo. Terceiro, explicouse, neste caso aos membros do propio comité da UNESCO, que son os responsables políticos da decisión, e neste caso aos embaixadores de diferentes países. Fomos absolutamente transparentes. E creo que xa o dixemos, hai dous elementos: por unha parte, as presas que se atopan na zona; e, por outra parte, a desamortización, nun concepto diferente do que se entende por unha paisaxe cultural viva. En ningún caso se ocultan as presas —en ningún caso— no expediente, plantéxanse, fálase da súa capacidade para transformar e integrarse na paisaxe. E tamén o mesmo pasa coa desamortización, como historicamente o proceso de ocupación secular ao longo dos mosteiros produciu unha progresiva ocupación das ladeiras da Ribeira Sacra.

O Informe de ICOMOS en ningún caso e en ningunha liña pon en dúbida a protección do territorio; é máis, nin a xestión do territorio, nin os plantexamentos de ordenación do territorio, é máis, clasifícaos como positivos. Tamén é certo que no informe de ICOMOS hai erros, por exemplo, di que hai 10 pantanos —hai 3—, di que hai parques eólicos —non hai ningún—.

Señorías, pódese facer política con case todo pero facer mala política con este asunto realmente ten pouco sentido. Nós entendemos —e así o imos seguir facendo— que este territorio ten uns valores únicos e excepcionais. E, obviamente, o que temos que seguir é mirando ao futuro, como se fixo noutros expedientes, que non é nada novidoso a nivel nacional nin internacional. Dialogar, explicar as cuestións que non puideron ser entendidas neste caso polo órgano técnico de ICOMOS, facelo con total humildade, corrixir tamén os posibles erros,



e defender aqueles aspectos nos que pensamos que temos razón. Temos que reformular — xa o dixemos— para volver con máis forza e facelo con máis ilusión, e facelo como se fixo ata o momento: con participación local e en coordinación co Goberno do Estado.

Hai factores que xogan ao noso factor. O propio Consejo de Patrimonio Histórico Español plantexou unha moratoria de 5 anos para introducir novas candidaturas. Agora mesmo hai 5 candidaturas neste caso e temos 5 anos para sacalas adiante, non van poder introducirse novas candidaturas dentro da lista plantexada ao comité de ICOMOS. Isto fai pensar que hai confianza en sacar a adiante e hai viabilidade desta proposta. A verdade é que a min me entristece que vostedes non teñan confianza nesta proposta, nunha actitude que —como xa dixeran— choca, sobre todo no caso do Partido Socialista, cos intereses do Goberno do Estado. E voulle dicir o que dixo literalmente un membro destacado do Goberno de España, como é o embaixador ante a UNESCO: «a candidatura ten densidade, calidade e está ben establecida». Os técnicos que elaboraron esta candidatura, xunto cos técnicos da Xunta, son os técnicos do Ministerio de Cultura. Dende o ano 2019 esta candidatura non é só da Xunta, é da Xunta e é do Estado; sorpréndeme que o Partido Socialista cuestione unha candidatura do Estado; forma parte e é unha candidatura do Goberno de España.

Vostedes, obviamente, pensan en pasado, o seu único obxectivo é culpabilizar a Xunta, buscar un rédito político a curto prazo. Pola nosa parte, nós miramos cara ao futuro e seguiremos traballando como o fixemos ata agora, con participación e baseándonos sempre na verdade. Non é tolerable, non se pode tolerar, non é tolerable que se diga que non houbo participación. ¡Non é tolerable! (*Murmurios*.) Vostede plantexa, di aquí, e incluso nos acusa de mentir. Pídlle que rectifique por unha sinxela razón: houbo 36 reunións formais cos axentes do territorio, ¡36!; nalgunhas delas participei eu persoalmente con alcaldes, con institucións, con organizacións empresariais, con colectivos culturais, con asociacións de produtores da D.O. ¡36! Insisto, con algunhas fun eu persoalmente, e o meu equipo directivo a todas, formais, convocadas, e despois moitas máis.

Vostede fala de que ninguén coñece o expediente. Pero ¿como é posible dicir iso? Houbo unha declaración de BIC, por exemplo, que é a base do expediente, a exposición pública. ¿Saben cantas alegacións houbo? 30 alegacións. No expediente BIC de maior dimensión da nosa historia, e aceptamos practicamente o 80 % das alegacións, e incluso algunhas delas déronnos pé a iniciar expedientes que vostedes cuestionan, como plantexar a declaración do románico da Ribeira Sacra como un conxunto de bens de interese cultural que se rematará neste ano 2021. Vostedes falan de oídas e falan do que lles gustaría dicir ou do que lles gustaría ser, pero realmente cando se constata cos datos sorpréndeme.

Falan de que houbo unha comisión que nunca se constituíu. ¡Oia!, esta comisión constituíuse hai aproximadamente un ano. Nos seus estatutos di que ten que facerse unha vez ao ano a súa reunión do consello principal. Xa se fixo no ano 2020, no ano 2021 teremos aínda tempo, co cal estamos absolutamente cumprindo co acordado.

Vostedes falan de que hai un Plan Ribeira Sacra que é un invento, que hai 34 millóns, que hai 7 programas, que hai tantas accións, que non hai investimento... Vostedes, non sei, eu creo que o plan estivo á disposición de todo o mundo, presentóuselles aos alcaldes, colgouse



na páxina web... E iso non é o máis importante, o máis importante é que se está investindo. E se vostedes colleran o plan e mirasen os investimentos que se están facendo na Ribeira Sacra daríanse conta de que aproximadamente o 90 % das accións do ano 2020 se están desenvolvendo. O 90 % das accións plantexadas no Plan Ribeira Sacra para o ano 2020 están en proceso de desenvolvemento, e as do 2021 igual. Co cal, realmente, pódese dicir o que se queira pero dúbida doutras cuestións e do apoio da Xunta a todo este territorio, cando se puxo en marcha —por parte doutras consellerías, obviamente, porque estamos ante un proxecto transversal— un pacto pola paisaxe, unha ADI, un plan de sustentabilidade turística; que vostedes se plantexen que non se está facendo nada na Ribeira Sacra pois é realmente sorprendente.

E incluso parece que lles parece mal que se puxera en marcha un proxecto Next Generation, de 40 millóns de euros, previo a que houbo ningún tipo de plantexamento ou de fixación de posición por parte neste caso de ICOMOS. Son 40 millóns de euros e está remitido ao Ministerio. Ao mellor algún día o Partido Socialista nos dá unha alegría dicindo que se acepta este proxecto, esperemos que así sexa. E, dentro dese proxecto, plantéxase a protección e a posta en valor a nivel patrimonial, paisaxístico, ambiental...

En todo caso, vostede, señora Díaz, pregúntanos se podemos fiarnos do Goberno. E eu voulle dicir unha cousa: neste caso concreto —polo menos ata o momento— eu fíome do Goberno de España, neste caso concreto, porque todas as accións, todas as decisións que se levaron a cabo leváronse a cabo de xeito consensuado e pactado entre ambas as partes. Porque lle repito que dende o ano 2019 esta é a candidatura do Reino de España, ¿impulsada por Galicia?, si; pero coordinada, elaborada, xestionada, planificada e executada dun xeito conxunto. E todos os adxectivos tan bonitos que nos dedicou —porque aquí digo que nos dedicou a vostedes, Partido Socialista, e a nós, Partido Popular— o BNG tamén llelos está dedicando a vostedes. Sexan conscientes disto, porque vostede aquí di unha cousa pero debería preguntarlles aos técnicos e aos directivos do Ministerio de Cultura, ou aos directivos —neste caso ao embaixador de España ante a UNESCO— cal é a postura.

E despois o que non se pode, obviamente, é falar barato: non se fixo nada en patrimonio. Dende o ano 2019, 5 millóns de investimentos en rehabilitación do patrimonio. As obras están aquí, moitísimas: Santa Noalla de Miño, Santa María de de Pesqueiras, Colexio do Cardenal, San Vicente do Pino, Diamondi... bueno, Pombeiro, Portomarín, San Vincenzo de Pinol... 5 millóns de euros só en rehabilitación de patrimonio. A verdade, señorías, que eu non teño dúbida de que foi un revés, é difícil, é algo que nos colleu por sorpresa, co que non contabamos. Pero iso non quere dicir que teñamos que retirarnos, iso non quere dicir que teñamos que aceptar o que nos vén de fóra sen ter tempo a replicar. E eu creo que deberíamos —insisto— escoitar as declaracións do señor Perelló para darse conta de que temos que facer, temos traballo por diante. Pero, obviamente, podemos reformular a candidatura e podemos seguir optando á súa declaración como Patrimonio da Humanidade. É obvio que hai dúas opcións: rendernos á primeira e desaparecer —é o que di o Bloque: fracaso, fracaso, fracaso, fracaso... ¡váianse vostedes!—; ou o que podemos é, ¡oia!, levantar os puños e seguir traballando. Nós optamos pola segunda e imos seguir facéndoo como o fixemos ata o de agora, con participación, con humildade, con transparencia porque cremos neste caso que o esforzo paga absolutamente a pena. Paga tremendamente a pena porque estamos ante un dos terri-



torios máis singulares, sen dúbida, de Galicia e que ten uns valores sobranceiros. E o que é obvio, que un informe técnico que plantexa unha visión conceptual do que é unha paisaxe —por unha parte, unha paisaxe fosilizada ou unha paisaxe viva— tennos que levar á reflexión pero non pode levarnos...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Ten que terminar, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...a esquecer as nosas responsabilidades que é, sen dúbida, seguir traballando con todo o mundo —cos veciños, coa sociedade civil, coas administracións locais, co Goberno de España— como o levamos facendo ata o momento para sacar a adiante este proceso. Seguirémolo facendo, ese é o noso plantexamento, e gustaríanos —insisto— contar con vostedes. Vexo polas súas declaracións que vai ser difícil e realmente o que máis me preocupa é a postura do Partido Socialista, que contrasta claramente co que fai o seu Goberno a nivel de Goberno de España, tanto no ámbito do Ministerio de Cultura como tamén no ámbito do Ministerio de Exteriores.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, conselleiro.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Na quenda de réplica, polo Bloque Nacionalista Galego, a señora Queixas Zas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** Bexón, señora presidenta.

Señor conselleiro, obrigada por subscribir o contido da miña intervención, á vista de que non refutou ningún dos argumentos que deixei aquí explícitos nesta tribuna. E se vostede está realmente —como dixo— interesado en contar co BNG eu de verdade convídoos a que nos chame sen medo, asegúrolle que non o defraudaremos, como nunca defraudamos co noso traballo a Galiza e ao pobo galego. *(Aplausos.)*

Dende logo, acaba de descubrirse vostede mesmo na súa mentira identificando ese voto negativo do Bloque na comarca para o BIC no seu momento. Sabe vostede que iso é mentira e aí queda retratado e descuberto. Da mesma maneira que o pobo galego está descubrindo as súas mentiras e cada vez se está convertendo nun maior aliado do Bloque Nacionalista Galego e do proxecto alternativo que representamos. *(Aplausos.)*

Mire, señor conselleiro, de corazón lle digo que acaba de perder unha magnífica oportunidade para exercer aquí o seu maxisterio como xeógrafo. Confiaba en que se implicaría na recuperación desta candidatura dende o seu coñecemento e dende a súa formación curricular, dende a súa experiencia profesional como doutor en Xeografía. Se cadra é que leva xa demasiado tempo instalado noutras xeografías máis abstractas e alonxadas da realidade, que é a que pisamos todos os días os galegos e as galegas de a pé.



Confiaba tamén en que, como galego e como máximo representante e responsábel político da cultura galega, demostraría ter lido a alguén a quen eu admiro profundamente como é o xeógrafo —entre outras funcións— don Ramón Otero Pedrayo, seguramente que o terían redescuberto coa celebración do centenario do Grupo Nós. De telo lido, efectivamente, estaría ben resolto o que é o alicerce principal e que fallou nesta candidatura. Porque para don Ramón Otero Pedrayo a concepción da paisaxe —por iso viva— parte da integración da xeografía física —como vostede sabe ben mellor ca min— coa xeografía humana. Xa que para poder comprender eses procesos vivos da paisaxe da nosa contorna, o que ocorre no territorio é necesario interrelacionalos, unha non vive se non é en cohabitación coa outra.

Pero imos ao que nos di o Informe ICOMOS, porque ese é o trazo obxectivo. Dinos que a candidatura fallou pola base porque presenta, literalmente, un importante problema de integridade, e que as condicións de integridade e autenticidade de toda a serie non se cumpriron. Isto é o que di o Informe ICOMOS, e eses son —sabe vostede perfectamente, señor conselleiro— os elementos centrais para demostrar a raíz desta candidatura, que é o valor universal excepcional que ten a Ribeira Sacra; teno, mais vostedes non o souberon demostrar. Iso só pode ser por dúas cuestións: ou ben por desleixo, exceso de confianza, ou ben por ignorancia. En calquera dos dous casos permítame que lle diga que, infelizmente, a imaxe que transcende —que transcendeu de nós— é que este tema lles quedou demasiado grande e que o Goberno ou non soubo ou non quixo estar ao nivel do noso patrimonio cultural. Deixemos que sexa, logo, o informe o que se exprese aquí e agora.

A información proporcionada confirma que os incendios forestais provocan anualmente danos significativos na paisaxe. A forestación levou á perda de conexións visuais entre os mosteiros e entre eles e os ríos, a infraestrutura a grande escala para a produción de enerxía, con catro grandes presas —leo literalmente—, «alteraron significativamente a contorna natural e o ecosistema da paisaxe, a xeomorfoloxía, os ecosistemas e posibelmente mesmo o clima da paisaxe cultural e histórica alteráronse irreversibelmente. O despoboamento, o envellecemento, a xentrificación engaden un reto adicional a esta candidatura». ICOMOS non considera que se teña demostrado ningún dos criterios culturais —insisto, para que non haxa dúbidas, en que estou lendo literalmente o ICOMOS—. Isto é moi grave, porque a candidatura se centraba na categoría de paisaxe cultural. O Informe ICOMOS di que vostedes non demostraron ningún dos criterios culturais, ese é o grandísimo problema, que é unha candidatura que non reproduce a realidade do noso país.

Estamos, por tanto, ante un informe que é unha tripla denuncia externa, obxectiva e argumentada. En primeiro lugar, a ausencia dun plan de xestión do patrimonio por parte do Partido Popular na Xunta dende hai 12 anos. En segundo lugar, a incapacidade de interlocución e escoita activa da Xunta coa poboación local e cos colectivos de estudo e protección do patrimonio. E, en terceiro lugar, a irresponsabilidade da Xunta de entender o patrimonio galego como un simple escaparate turístico e cun valor de mercado sen alma nin identidade.

Señor conselleiro, vostede xa non é conselleiro de Turismo, é conselleiro de Cultura; por favor, aplíqueo no desenvolvemento do seu traballo.





A candidatura da Ribeira Sacra centrouse nas debilidades, na zona fluvial, con máxima catalogación BIC e moi alterada —como ben sabemos— polos encoros, fronte aos mosteiros, que quedaron cunha moito menor protección. En segundo lugar, na sacralización do territorio, que actualmente é residual. Ou, en terceiro lugar, nunha paisaxe vitivinícola en soccos, que é moi frecuente en múltiples zonas que aparecen comparadas. Pola contra, esqueceron fortalezas tan importantes para nós como é o románico galego.

A Ribeira Sacra é un territorio con valores abondos, efectivamente; claro que si, ratificámolo, mesmo aí está ese recoñecemento de BIC. Por iso dende o BNG traeremos ao vindeiro Pleno unha moción con propostas para reactivar esta xoia do noso patrimonio material e inmaterial, convidándoos, por suposto, a participar; e, sobre todo, aprendendo dos erros manifestos que houbo nesta súa falida tramitación.

Hai un tempo, no cuestionario PRUS, o crítico Ramón Nicolás preguntáballe ao escritor Agustín Fernández Paz —ao que volvemos lembrar estes días no seu quinto cabodano— en que país desexaría vivir; ao que Agustín Fernández Paz respondeu: «gústame Galiza malia todas as desfeitas». Estamos ante unha desfeita máis do Partido Popular no país, efectivamente, do que máis gustamos...

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Ten que acabar, señora Queixas.

**A señora QUEIXAS ZAS:** ...no BNG, en Galiza —remato xa, señora presidenta—. O noso reto, o noso compromiso é revolvemos contra todas as desfeitas e devolverlle a ilusión e a esperanza nun tempo novo ao pobo galego; tamén, por suposto, para a posta en valor do noso ben patrimonial colectivo. Galiza é oportunidade en si propia e no BNG queremos acompañala e impulsala.

Obrigada. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señora Queixas.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para a quenda de réplica, polo Partido Socialista, señora Díaz.

**A señora DÍAZ VARELA:** Señora presidenta.

Ben, eu agardo que á voceira do BNG non lle importe o que vou dicir agora, pero tamén quero comezar tirando de refraneiro para esta miña quenda de réplica, e é aquilo de «mexan por nós e din que chove».

Claro, señor conselleiro, a ver, é que, claro, son tantísimas cousas que ao final aparteí o guión e vou contestar a algunha das cuestións que vostede dixo aquí. Claro, xa empezando por cousas como «temos en marcha un proxecto Next Generation» pero, de verdade, é que...; quero dicir, eu creo que hai cuestións coas que teñen que ser vostedes, que están gobernando, un pouco máis serios.





Fala do Plan da Ribeira Sacra. Sígolle preguntando: ¿onde está o plan? Pero se vostede di que ese plan existe e está escrito e a Deputación de Lugo non o coñece, e os alcaldes da zona da Ribeira Sacra, cos que nós temos falado, tampouco o coñecen, entón eu emprázoo —porque está pedido xa polo artigo 9, nós temos ese documento pedido— que, por favor, agora mesmo vostede dea a orde de que a esta deputada lle sexa remitido ese Plan da Ribeira Sacra. (Aplausos.) Píddollo por favor.

E falan tamén da comisión interdepartamental. ¡Claro!, a Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra na reunión de constitución... eu non dixen, polo menos, que non se tivera reunido. Unha tivo que ser porque efectivamente se constituíu, a primeira no ano 2020 —non sei en que mes foi—. Esa comisión constituíuse no mes de outubro, claro, sabendo que o Informe do ICOMOS se ía coñecer no mes de xuño, eu entendería que houbera algunha outra reunión. Dinme vostedes agora que, claro, sabendo ademais que era un organismo, unha comisión creada *ad hoc* para esta candidatura. Entón, claro, non entendemos moi ben cando pretenden ter outra reunión desa comisión, ¿que vai ser, en decembro? Non o entendemos.

Indo ao tema, ademais, que é unha cuestión importante: o tema do Goberno do Estado. Mire, claro, evidentemente, vostede saberá ou entenderá que nós estamos en conversas co Goberno do Estado. E esta candidatura é súa, evidentemente, porque confiaron neste proxecto. Pero quen elabora o proxecto é neste caso o Goberno autonómico e ten toda a lóxica ademais —ten toda a lóxica— porque é quen coñece sobradamente o patrimonio do que se trata. O que fai o Goberno do Estado e os técnicos do Estado é pór á súa disposición todos os medios técnicos para a tramitación e algún asesoramento, pero non elabora ese proxecto. Non nos tomen por parvas, porque non é así, non, non é así e vostede sábeo ben. Non, non é así, e finalmente o que vostede tenta é darlle un pouco a volta ao argumentario e dalgunha maneira tamén tentar culpabilizar o Estado. O Estado bastante fixo, o Ministerio de Cultura e de Asuntos Exteriores e o noso embaixador bastante fixeron con confiar en vostedes; ao mellor ese foi o problema, que confiaron demasiado en vostedes. Por suposto, seguiremos con iso.

Eu o que lle quería dicir —xa rematando— é que o artigo 78 do documento da UNESCO, que establece as categorías polas que un territorio ou un patrimonio poida aspirar a ser declarado Patrimonio da Humanidade, fala —e xa o dixo tamén a voceira do BNG— «para ser considerado valor universal excepcional...», —que é o *quid* da cuestión— «...debe cumprir ese ben tamén as condicións de integridade e autenticidade, e debe contar cun sistema de protección e xestión axeitado para garantir a súa salvagarda». E aí está, entre outras cuestións, o problema, señor conselleiro, non houbo en todo este tempo por parte do Goberno da Xunta ningunha implicación, non só con esta candidatura e coas outras tres senón coa Ribeira Sacra, xa non coa candidatura, coa Ribeira Sacra, nin no territorio onde se asenta cada un destes bens patrimoniais de excepcional valor. Son precisos para asegurarnos o éxito plans estratéxicos e, si, plans estratéxicos, ese plan da Ribeira Sacra —que vostede, como digo, vende a diestro e siniestro—. E fan falla plans estratéxicos de desenvolvemento socioeconómico, cultural, de desenvolvemento turístico acorde a estándares de calidade e de sustentabilidade; moi importante, e máis na Ribeira Sacra, a sustentabilidade. Non chega con presentarnos nun momento a un premio así, presentámonos un momento a un premio e non chega con iso; que hai que facer esforzos, hai que ir traballando ao longo do tempo e



implicarse con compromisos rigorosos, cuantificables tamén. Só así é como imos asegurar-nos o éxito.

Vostede dicía que non e parece que é o que busca, parece que buscaba iso; pero nós, dende o PSdeG, dende logo, esta vez si queremos tenderlle a man para conseguir que a Ribeira Sacra sexa Patrimonio da Humanidade. Teremos que buscalo entre todos e todas e se finalmente non se consegue, pola razón que sexa, que sexa algo co que efectivamente todo o tecido, todos os axentes sociais, culturais e económicos desas zonas conveniamos, acordamos da maneira que sexa —nese caso, de non ser así, tamén habería que pensar nese plan estratéxico do que estou falando—. Claro que temos a man tendida, claro que si; pero, dende logo, o que pedimos é algo máis de transparencia, algo máis de colaboración. E algo que lles gusta moito a vostedes —que xa o dixen aquí algunha vez— algo máis de sentidiño.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Moitas grazas, señora Díaz.

*(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)*

Para a réplica, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** Moitas grazas, señora presidenta.

Comeza a deputada do Bloque Nacionalista Galego plantexando unha lexítima aspiración política: tempo novo para o pobo galego. Paréceme unha lexítima aspiración política, moi repetitiva no tempo, pero a verdade é que vostede aquí tamén ten pouca consistencia, porque está negando que o Bloque Nacionalista Galego non fixo campaña en contra do BIC na Ribeira Sacra. ¡Pero se había carteis nas tabernas, en contra do BIC, do Bloque Nacionalista Galego! Non onde gobernaban, onde había alcaldes, que hai algún alcalde máis ou menos normal, pero onde eran oposición poñíano absolutamente nos lugares públicos.

E vostede fala dun tempo novo. Bueno, realmente non deixa de ser sorprendente. E se temos que levalos a vostedes de aliados non sabemos a quen facerlles caso, se aos seus alcaldes, onde son goberno, ou onde son oposición, porque o seu punto de vista era absolutamente diferente. *(Murmurios.)*

¡Home!, vostede cuestiona aquí e fala de xeografía. Eu non quero falar de xeografía, obviamente, pero fala das paisaxes de Bocarribeira e de don Ramón Otero Pedrayo. Un dos seus principais discípulos, Augusto Pérez Alberti, catedrático de Xeografía Física da USC, formou parte do equipo que elaborou esta candidatura. Co cal, realmente, en certa medida é un argumento que non ten sentido.

Aquí estamos a falar —díxeno e pódoo dicir vinte veces— dunha visión conceptual diferente entre os técnicos que redactaron a candidatura e os técnicos que a avaliaron respecto dunha cuestión vertebral da interpretación do que é unha paisaxe cultural. Por unha parte, os ava-



liadores entenden que unha paisaxe ten que estar fosilizada en certa medida, ou interprétase como unha paisaxe fósil, estática; e, por outra parte, os técnicos que elaboraron a proposta entenden que é unha paisaxe viva, evolutiva, que evoluciona. Unha presa, unha ponte ou calquera estrutura humana non é mala nin boa en si mesma, a infraestrutura pode ser un pantano, pode ser unha ponte, que melloran a paisaxe se se fan ben. ¿E cantas paisaxes as temos visto valorizadas cunha infraestrutura humana?, moitísimas. Pero é unha cuestión conceptual. Se eu parto da base de que unha paisaxe ten que estar fosilizada, calquera alteración que a modifique, con independencia de que xere un maior ou maior atractivo na propia escena paisaxística, véxoo negativo. E iso é o cerne da problemática e o que plantexa a diferenciación dun valor excepcional universal. Como a sucesión ao longo do tempo de diferentes accións humanas sobre un territorio, sobre un medio físico tremendamente complexo, fixado por unha depresión tectónica, cun curso fluvial encaixado, ¿posibilita unha mellora do mesmo ou non unha presa? Ao mellor ou non, haberá formas de interpretalo, para os que teñen unha visión fósil da paisaxe non, para outros non ten por que ser negativa en si mesma. E ese é claramente o cerne do informe negativo.

A verdade é que dá a sensación de que isto lles importa pouco. Vostedes só intentan aproveitar esta cuestión para facer un desgaste do Goberno, pero ven só unha parte do informe. Hai unha parte do informe que di que hai tres elementos básicos fundamentais que están moi ben plantexados, que se ven moi positivos: a planificación, a coordinación e a protección; xunto coa participación e a transparencia. Creo que isto está reflectido no propio Informe de ICOMOS e vostede pódoo ver.

En todo caso, a señora Noa Díaz di que non hai plan de xestión. ¡Home!, eu pódolle dicir que estivemos nos Peares o señor presidente da Xunta, dous conselleiros e varios alcaldes presentando un plan con investimentos concretos. Que se está executando, que no ano 2020 o 90 % das accións están executadas e que no ano 2021 se están facendo. Que estivo colgado na páxina web. E vostede está aí, iso é como se vostede nega que non fixemos investimento na rehabilitación do patrimonio cando lle poño 5 millóns en fronte. E claro que hai fotos do que era o patrimonio antes e do que é o patrimonio agora, pódoo ver aí. Vostedes sígano negando, é o seu problema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É o seu problema.

En todo caso, nós imos seguir —como xa digo— traballando con humildade, con seriedade e tamén con optimismo. E imos corrixir os puntos débiles, que os hai. E teremos que falar con ICOMOS para ver como os encauzamos. Pero, claro, vostede aquí... Claro, agora a señora Noa tamén di que, bueno, nós culpabilizamos o Goberno de España. ¡En ningún caso! Nisto somos socios, cousa da que vostede non se dá conta, absolutamente socios dende o ano 2019. Mire o que di o seu embaixador: «creemos que hay un buen trabajo técnico y un buen trabajo de toda la gente que ha colaborado. Esta candidatura —yo personalmente la he podido visitar— merece no ir de prisa y no llevar el informe tal y como está, puesto que no daría tiempo a que el órgano político de la UNESCO se pronunciara con objetividad». Podo dicir varias frases literais: «Desde mi punto de vista la candidatura tiene calidad y tiene densidad, está bien establecida. Pero discrepa el órgano evaluador, y eso hay que verlo con el tiempo que sea necesario, el que ahora mismo no tenemos. Aplazarlo es lo más adecuado y es lo que vamos a hacer». Estas son palabras dun destacado membro do Partido Socialista do Goberno de España. Eu, señora Díaz, entendo que o Bloque *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*



poida dicir o que queira pero vostedes debían ser un pouquiño máis prudentes, porque este éxito ou este fracaso é compartido.

E dicir aquí que non hai plans dende a Xunta de Galicia cunha visión transversal e integral para potenciar a Ribeira Sacra cando hai un Plan de sustentabilidade turística —aprobado polo Goberno de España—, cando hai un Plan de Ribeira Sacra con investimentos específicos —e trouxen aquí os de patrimonio—, cando hai un pacto pola paisaxe, cando hai unha serie de accións concretas... realmente é, bueno, eu non sei que dicirlle máis, non sei que dicirlle.

Mire, en todo caso, o que si lle vou dicir a vostede e a esta Cámara é o que imos facer —que xa o dixen o outro día na resposta—: en setembro imos comezar a traballar os técnicos da Xunta de Galicia, os técnicos do Goberno do Estado cos técnicos de ICOMOS. Imos pedir unha reunión. Imos plantexar como debemos interpretar a dinámica paisaxística: ou como unha condición fósil estática ou como unha condición dinámica. Imos seguir traballando, promocionando actividades que teñen en si mesmo xa un aspecto positivo para a propia Ribeira Sacra, porque estamos convencidos, absolutamente convencidos, de que ten valores sobranceiros e universais excepcionais para o seu recoñecemento, sen ningún tipo de dúbida. E, insisto, aquí traballamos todos —comunidade autónoma, Goberno, concellos, deputacións, os colectivos máis significativos e os veciños— e seguiremolo facendo nesta liña, porque a verdade é que o resultado, con independencia desta retirada estratéxica, desta retirada puntual que se ten feito en moitas outras ocasións noutros expedientes, entendemos que hai que seguir mirando para adiante e tendo confianza na Ribeira Sacra e no seu patrimonio.

Insisto, os investimentos están aí —xa o dixen antes—, o Plan da Ribeira Sacra está aí, todo está aí. A proposta de Next Generation está no Goberno de España. Non cabe dúbida de que non foi agradable, non esperabamos isto, non o esperabamos, pero si tamén sabemos que non hai que enterrar o proceso, nin moito menos; hai que rectificar, hai que avaliar, hai que reconfigurar. Pero si se pode seguir a adiante e iso é o que imos facer.

E, mire, dentro duns anos verémolo. Ao final o tempo é sempre o mellor xuíz e o tempo pon-nos a cada un no seu lugar. E eu teño escoitado aquí en moitas, moitísimas ocasións visións catastrofistas de diferentes proxectos do Goberno que, unha vez que se materializan e chegan a bo porto...

**O señor PRESIDENTE:** Ten que rematar, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE (Rodríguez González):** ...pois realmente ao final é o mellor xuíz e é o mellor indicador. E aí espero, sobre todo neste caso o Partido Socialista, que apoie este proxecto, que é tamén neste caso un proxecto compartido entre o Goberno da Xunta, entre o Goberno autonómico e tamén o Goberno de España. No cal ata o momento estamos absolutamente aliñados e coordinados neste proxecto.

Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Grazas, señor conselleiro.



(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rematadas as interpelacións, pasamos ao punto 10 da orde do día, preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Marta Novoa Iglesias, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas de apoio prevista pola Xunta de Galicia ante o impacto das novas tarifas eléctricas**

**A señora PRESIDENTA (Prado Cores):** Ten a palabra, señora Nóvoa.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidenta.

Boa tarde, señor vicepresidente segundo.

Hoxe o Grupo Popular vese na obriga de traer esta pregunta sobre o elevado prezo da electricidade. Fixémolo no mes de xaneiro cando se vislumbraba xa o subidón que se confirmou ao longo de todo o ano 2021, e confirmouse o pasado mes de xuño, motivado e axudado co cambio de tarifas, que coloca a luz española nun 40 % máis cara que hai un ano.

A verdade, señor vicepresidente, é que este Goberno central ten un récord, ten varios récords. É o Goberno dos 39 ministros en menos de dous anos, é o Goberno tamén que permite que os consumidores españois paguen a luz máis cara de toda a historia de España, e tamén de toda a Unión Europea, e o peor de todo é que temos que vivir un *remake* daquel nefasto Ministerio de Industria que provocou que a luz en España subise dende o ano 2004, en que estaba ao redor do 30 euros megavatio/hora, ata os máis de 90 euros megavatio/hora que estamos a vivir durante todo este ano.

103 euros megavatio/hora esta fin de semana, o prezo máis alto nun día non laborable, cousa antes nunca vista, e o señor Sánchez estivo todo a fin de semana preocupado por dar e quitar sillóns, iso si, o da ministra responsable do ramo quedou no mesmo sitio.

Miren, levamos meses soportando prezos da luz desorbitados, os consumidores domésticos, os autónomos, as pequenas empresas, que levan todo un ano intentando sobrevivir tras estar inmersos na crise máis impredecible e maior dos nosos tempos, e a realidade, señor vicepresidente, é que nos tocou vivir o peor momento da nosa historia co peor Goberno que podíamos ter. Iso si, un Goberno social e progresista, pero que, lonxe de ver a realidade nun momento en que a luz estaba xa sumamente alta, decidiu no mes de xuño provocar un cambio de tarifas, ademais de incitarnos a traballar de noite, provocou a maior subida da luz da historia.

Tras a presión que houbo durante todo este mes, o Goberno viuse abocado a rebaixar o IVE do 20 % ao 10 %. Iso si, unha medida temporal que non arranxa o problema, porque chegaron as facturas deste mes de xuño e máis ou menos son iguais que as de maio, antes de cambiar o IVE.

E o futuro que nos agarda, señor vicepresidente, é o de continuas subidas, e a resposta da vicepresidenta Teresa Ribera é que hai que aguantar, hai que resignarse e agardar ata o ano





2023, ou 2028, cando ao mellor temos a factura da luz máis barata. Mentres, a oposición, tranquila, recollendo firmas, iso si moi silenciosamente, facéndose cómplice do Goberno socialista en Madrid, e tamén aquí en Galicia, tamén por un deses sillóns.

Señor vicepresidente, gustárame que hoxe nos expuxera aquí cales son as medidas que está a afrontar a Xunta de Galicia ante esta situación tan delicada que están a vivir as familias e as nosas empresas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Nóvoa.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, efectivamente, a mala política sempre ten consecuencias e, lamentablemente, os feitos están demostrando que todas as medidas que adoptou o Goberno socialista desde que asumiu as súas responsabilidades no ano 2018 vinculadas co *mix* enerxético, están demostrando que son medidas erróneas, e sobre todo están demostrando que esa transición enerxética a están pagando as familias e as empresas. Unha situación que é impropia, que está poñendo en risco miles de empregos, como no caso de Meirama e das Pontes, e que está producindo un aumento do prezo eléctrico, rexistrando cifras récords un día si e outro tamén. O último, o pasado domingo, no que o prezo máximo no mercado ao por maior acadou os 90 euros/megavatio, cun récord de xuño a través dunha media mensual de 83 euros/megavatio.

Todos os galegos e as galegas estamos vendo na factura de xuño as consecuencias desa mala política, pois, recollendo os datos da Organización de Consumidores, un fogar medio pagará no mes de xuño preto de 70 euros, que, incluso tendo en conta a rebaixa do IVE do 21 % ao 10 %, suporá un 28 % o incremento que vai a sufrir esa factura do mes de xuño. Unha situación que non é razoable e que demostra que esas medidas temporais que nos está trasladando o Goberno para saír ao paso dun problema son insuficientes.

E o que lle estamos reclamando é unha rectificación desa política, unha rectificación da transición enerxética para que sexa realmente unha transición enerxética xusta e que, polo tanto, se poñan en marcha medidas.

Nós trasladamos as medidas e as propostas a través da proposición non de lei que promoveu o Grupo Popular, e ao mesmo tempo estamos tamén adoptando medidas dende a Xunta de Galicia no eido das nosas competencias. Estamos intentando trasladar a todos os galegos e as galegas a información necesaria para aforrar na factura da luz, a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, estamos ampliando por segunda vez o bono social eléctrico galego ata os 2 millóns de euros, o que vai supoñer un incremento en máis dun 60 % do crédito que tiñamos previsto nos orzamentos, 1,3 millóns de euros, que é unha clara de-





mostración de como esta política enerxética inxusta está repercutindo tamén sobre as familias máis vulnerables. Esperemos esa rectificación e, sobre todo, esperemos que o Partido Socialista e Podemos realmente desenvolvan unha política enerxética xusta para as familias e para as empresas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Nóvoa.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidente.

A verdade é que, señor vicepresidente, levamos tres anos sufrindo unha transición enerxética totalmente desplanificada, que provoca unha subida dos prezos da enerxía desorbitados tanto a nivel doméstico como a nivel industrial.

Falaba antes dos prezos a nivel doméstico, pero é que a nivel industrial resulta xa insostible. Despois de decidir que as térmicas tiñan que pechar 15 anos antes do previsto, de decidir que se suprimían todas as axudas por interrompibilidade e provocar o anuncio do peche primeiro de Alcoa A Coruña e logo de Alcoa San Cibrao, levamos dous anos agardando medidas que permitan que as nosas empresas, altamente consumidoras de enerxía, consigan un prezo da enerxía competitivo. Porque foron capaces de aprobar un estatuto electointensivo sen ningún tipo de consenso e que só conseguiu rebaixar uns euros o megavatio/hora.

Pero aquí, señor vicepresidente, estamos sos, sos ante a loita polos innumerables empregos que se van destruír. O problema, señor vicepresidente, para esta oposición é a instalación de enerxía renovable na nosa comunidade, que, por outra parte, axudaría a baixar o recibo da luz, pero non é un problema que o mes de xuño fose o máis caro da historia da factura da luz ou que o gas estea no seu máximo dos últimos tres anos, ou que os combustibles suban un 65 %. Para a oposición nacionalista a solución é a tarifa galega, bloqueada polo PP, din, cando transcribiron o seu estudo nese pacto de Ana e Adriana que levan cero cumprimentos. E outra solución é unha empresa pública de enerxía, como se iso fose sinónimo de non cobrarlles a luz aos consumidores.

E para a oposición socialista a solución pasa polo «si, bwana» ao señor Sánchez. E, sobre todo, despois dos dedazos da pasada fin de semana, que provocan cesen fulminantes. Pleitesía ao límite ata o punto de votar que non á nosa proposta de baixada do prezo da luz de hai un par de plenos. É dicir, señorías, como sempre, o PSdeG colócase sempre do lado do señor Sánchez e nunca do lado dos galegos.

Polo tanto, e remato xa, quería que nos dese nesta última quenda a súa opinión de como está a afectar o prezo da luz no ámbito industrial.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Nóvoa.

Peche desta pregunta, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Nóvoa, efectivamente, en política cando hai que avaliar as diferentes decisións que se toman por parte do Goberno é moi sinxelo, sobre todo cando se poden cuantificar. E a política enerxética hai que cuantificala no impacto que ten sobre as familias e sobre as empresas. E dende o ano 2018 estamos atopándonos nunha situación en que as familias están pagando máis polo recibo da factura da luz —un 30 % neste mes de xuño con respecto ao mes de xuño do ano pasado— e que as empresas, especialmente as empresas hiperelectrointensivas, están pagando o dobre polo prezo enerxético que os seus competidores no resto da Unión Europea. Impacto nas familias, que cada vez pagan máis, impacto na empresas, que cada vez son menos competitivas.

Creo que merece unha reflexión por parte do Goberno e merece unha rectificación, porque realmente o que non pode ser é que esa política enerxética, simplemente por unha decisión ideolóxica, impacte negativamente nas familias e nas empresas. Non é razoable e, dende logo, estamos poñendo en risco miles de empregos en España, estamos poñendo en risco a industria en España, especialmente a industria electrointensiva.

E o que non pode ser é que, cando ti tomas decisións en contra de todas as decisións que están adoptando o resto dos países europeos, penses que tes a razón. Algo pasará cando as túas decisións van en contra do que deciden outros países europeos, cos mesmos obxectivos: ti tes impactos negativos, eles positivos, e non rectificas. Creo que rectificar é de sabios e, polo tanto, esperemos que haxa esa rectificación.

E nós, como dicía, trasladamos a este Pleno da Cámara —o Goberno— as nosas propostas, para que se poidan revisar, no caso das familias, os tramos horarios, para que se poida reformar a fiscalidade, harmonizando esa fiscalidade co resto dos países europeos, dándolle máis peso específico ao que consumes que ao que tes contratado na potencia, que é o que ten sentido común; ao mesmo tempo que poder acollerse ao prezo voluntario do pequeno consumidor ás potencias iguais ou inferiores a 15 quilovatios. Medidas para aforrar na factura da luz para os consumidores e medidas tamén para que as empresas sexan máis competitivas.

O estatuto dos consumidores electrointensivos é un fracaso, estamos pagando o dobre pola enerxía que os países cos que competimos a nivel europeo. ¿Por que non se reconece o fracaso do estatuto de consumidores electrointensivos e se adoptan medidas para salvar miles de empregos e para salvar, no caso de Galicia, a situación que teñen os traballadores de Alcoa e os traballadores de Alu Ibérica A Coruña,...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** ...igual que o resto de traballadores...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** ...de empresas electrointensivas?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera e D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que está a levar a cabo o Goberno galego para garantir o acceso presencial da cidadanía aos servizos financeiros básicos, en especial nos 45 concellos que carecen de oficina bancaria**

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Ben, nós plantexamos hoxe unha pregunta que ten que ver co sistema financeiro, co que está ocorrendo no país como consecuencia do peche das oficinas, especialmente nos concellos máis pequenos. É verdade que é un proceso que non é de hoxe, non se están pechando dende hai un mes, pero si é verdade que este proceso é moito máis intenso dende hai un ano e medio, onde entidades bancarias especialmente arraigadas no país están pechando de continuo oficinas. Isto está provocando exclusión financeira, está provocando que moita xente non teña acceso aos servizos financeiros, está provocando especialmente que a xente maior e a xente con menos posibilidades, con menos capacidades, teña moitas máis dificultades de accesibilidade a un servizo fundamental e básico como o acceso a un servizo financeiro e, en definitiva, ao diñeiro efectivo, que é tamén o que se está privando como consecuencia do peche das oficinas.

É verdade que hai un proceso de impulso dende as entidades financeiras hacia a banca dixital, un proceso que non é necesariamente negativo para todo o mundo, pero si que está causando un prexuízo evidente —insisto— na xente maior e na xente con menos recursos.

En Galicia, dende o ano 2008, levan pechado practicamente mil oficinas, hai 45 concellos neste momento que non teñen ningunha oficina bancaria, especialmente na provincia de Ourense, onde 28 concellos están excluídos deste servizo. 118 concellos, se non son máis xa, única e exclusivamente teñen unha oficina de banco e, por tanto, este proceso ao que nos está levando o sistema financeiro está privando a moitos cidadáns do país de acceder aos servizos e facer as operacións básicas que se fan nunha entidade financeira.

Ultimamente e estes días estamos vendo como unha entidade, a entidade con maior negocio bancario no país, Abanca, está anunciando peches continuados de oficinas en Cerdido (A Co-



ruña), en Carballedo, no concello de Cerdedo-Cotobade, en Soutelo de Montes e mesmamente na localidade de Seixo, no concello de Marín. Recentemente, viamos unha manifestación de xente e de cidadáns desa localidade manifestándose no concello en defensa deste servizo básico.

E ao mesmo tempo e en paralelo, esta entidade obtén beneficios multimillonarios e millonarios como amosan as súas contas de resultados recentemente publicadas.

Diante desta situación, nós preguntámoslle á Xunta que está a facer para evitar ou para garantir —mellor dito— os dereitos dos cidadáns ao acceso a unha oficina física dunha entidade bancaria naquelas localidades, especialmente...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** ...naqueles concellos que non teñen neste momento oficina. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Francisco Rivera.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Valeriano Martínez García.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García):** Grazas, señor presidente.

O primeiro que lle quería comentar, señor Rivera, é que compartimos con vostede a preocupación polas consecuencias que este problema está a ter no acceso dos cidadáns aos servizos financeiros, no ámbito rural sinaladamente. *(Murmurios.)* Direille que este é un problema, efectivamente, como dixo en parte vostede, que non é de agora, nace co máximo histórico que se tivo en España, con 46.000 unidades de oficinas que había en España no ano 2008 — en setembro me parece recordar — e que a día de hoxe pouco máis de 22.000.

Efectivamente, en Galicia temos 45 concellos, que representan aproximadamente o 2 % da poboación, en España a media é do 3 %. Con isto non quero dicir ningunha alegría, para min vale o mesmo cada persoa, e, polo tanto, o que temos é que traballar cunha política útil para darlles servizos a estes cidadáns que viven nestes concellos.

Polo tanto, dende hai xa moitos meses —e a última vez foi o protocolo que asinamos— houbo un primeiro protocolo, pero o definitivo, que asinamos en decembro do ano pasado —hai uns meses, polo tanto— coa Federación Galega de Municipios e Provincias, que é o interlocutor correcto respecto dos concellos, foi para facilitar ¿que? Que nas dependencias municipais se poida poñer un caixeiro, que poida haber tamén unha atención presencial para resolver dúbidas e que poida haber tamén unha formación en banca electrónica, que é o que se está demandando.

Polo tanto, desde a Xunta de Galicia estamos facendo, ao noso entender, o que non se está facendo desde o Goberno central. Porque, verdadeiramente, este é un problema común, de-



bería de haber unha coordinación a nivel xeral tendo en conta as distintas vertentes que conflúen sobre o problema, pero, en esencia, política útil é o que estamos facendo.

En xuño saíu a orde de bases de convocatoria —este 22 de xullo remata a presentación de ofertas— e, obviamente, a partir de setembro desde a Xunta daremos, de acordo cos concellos, os requirimentos para que se poida ter. Creo que son cartos moi ben investidos. Nestes momentos, un máximo de 2.800.000 euros en catro anos, que van permitir esa atención, porque, unha vez máis, na Xunta non soamente falamos senón que tamén tratamos de facer as cousas. Creo que vai polo bo camiño, da man do municipalismo, e moi pronto veremos os resultados desta política.

Si lle podo adiantar que a día de hoxe dos 45 concellos temos 34 xa asinados. Proximamente esperamos ter outros 4 ou 5 concellos e xa lle avanzo que unha cousa é falar politicamente o que temos que facer a maioría de todos, das distintas cores que aquí poida haber e outras que non están aquí, pero cando repasas os concellos que asinaron o convenio resulta que hai de todos: hai concellos do PP, concellos do PSOE, concellos do Bloque e concellos incluso *mediopensionistas* ou de índole independente, de distinto signo. Polo tanto, non hai nada mellor que predicar co exemplo e [...]

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro. Ten outro turno despois. Grazas. (*Aplausos.*)

Réplica, señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Si. Grazas, conselleiro.

Inicialmente, nós non nos opoñemos, loxicamente, a que haxa un convenio coa Fegamp, dende a Xunta de Galicia, onde se busquen solucións a este tipo de cuestións. Nós o que cuestionamos é que, efectivamente, o diñeiro público maximice o beneficio das entidades financeiras. Polo tanto, os caixeiros e o custo que supón a súa instalacións e os custos de mantemento teñen que asumilos as entidades financeiras e non pode asumilo baixo ningún concepto a Administración pública. Porque o que non pode a Administración pública é, novamente, rescatar, neste caso, os bancos, neste caso bancos que obteñen beneficios millonarios constantemente, ano tras ano, desde que, no caso dunha entidade xa citada, foi adquirida no ano 2012 por un prezo absolutamente moito menor do que foi capitalizada no seu momento co diñeiro público.

Polo tanto, señor conselleiro, porque esta non sería a solución, efectivamente, unha solución para solucionar un tema puntual, se é que as entidades bancarias non seguen pechando oficinas nos concellos, porque, se seguen pechando oficinas nos concellos, ao paso que imos e nesas 118 concellos onde só hai unha oficina as entidades financeiras seguen pechando os concellos, digo eu que a solución non será que a Xunta de Galicia siga poñendo diñeiro para que os bancos monten alí ou maximicen novamente o seu beneficio montándolles a eles os caixeiros.

A solución ten que ser política. Do mesmo xeito que vostedes meteron na xestión de fondos europeos a entidade Abanca, cousa que non nos parece mal, sería bo tamén que metesen a



Abanca e a outras entidades financeiras na solución deste problema, e os metesen en cintura e fixesen política neste sentido dialogando, loxicamente, con eles, dialogando coas entidades financeiras e fundamentalmente con aquelas que [...]

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Francisco Rivera, grazas. (*O señor Francisco Rivera pronuncia palabras que non se perciben.*) Grazas. (*Aplausos.*)

Peché da pregunta, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García):** En España, a nivel comparado, nacente en principio polas deputacións de distinta cor política, incluso a Deputación de Tarragona, que me parece recordar que xa no ano 2018 era presidida por Esquerra Republicana, teñen instrumentos moi similares, non tan completos como en Galicia, estamos tendo, temos Almería, Badaxoz, Guadalajara, incluso a Comunidade Valenciana —pode repasar, señor Rivera—, que ten un esquema moi similar ao noso, non tan ambicioso, pero sería bo que tivésenos en conta que o que estamos é tratando de arranxar os problemas, política útil, que dicía hoxe... Hoxe á mañá oínlle ao seu presidente de grupo dicir unha frase que tiña que ver con iso, que a política arranxara os problemas dos cidadáns. Nós iso non só o dicimos, senón que levamos moitos anos facéndoo.

Pero sería bo tamén, señor Rivera, que ás veces leramos o que estamos facendo. Eu soamente lle vou ler unha cousa, e creo que me vai dar tempo nestes dous minutos.

Mire, no Senado o pasado 9 de setembro a iniciativa do Grupo Socialista aprobouse unha moción, voulla ler: «En primeiro lugar, elaborar un estudo detallado sobre a situación real de exclusión financeira, especialmente en zonas rurais e remotas». Moi propio do Partido Socialista isto de *a la parálisis por el análisis*. Estudar, como se non souberamos onde está o tema e cales son os problemas. «Ofrecer... —este discurso que acaba de facer vostede— ...ofrecer ás entidades financeiras incentivos e espazos de dependencias». Señor Rivera, ¡por favor!, hai que gardar un certo nivel de coherencia. «Elaborar un plan de desenvolvemento, de despregamento de redes de caixeiros multientidade. Impulsar o emprego de mecanismos que faciliten a accesibilidade de servizos financeiros e favorecer que as entidades financeiras desenvolvan cursos no medio rural e permitan aos seus habitantes, especialmente aos de maior idade, familiarizarse cos servizos de banca electrónica».

Repase a nosa orde, verá que iso é o que estamos facendo. Nós non predicamos senón que damos exemplo, exemplo que será real en moi pouco tempo.

Polo tanto, leccións moi poucas e xa vai sendo hora de que o Goberno central asuma as súas competencias, incluso as de simple coordinación, nun problema que é común. E vólvelle repetir, cando chamamos á porta aos concellos verá que hai de todas as cores, ¿por que? Porque o máis importante é que cada persoa que vive no ámbito rural, a nivel individual e a nivel de negocio, a nivel das distintas entidades, poidan ter un acceso que a día de hoxe non teñen. Primeiro tapemos esta carencia que teñen, fagámolo evolucionar, e despois miremos outras derivadas. A iso é ao que nos dedicamos, e creo que lle estamos dando bastante cumprimento e, por certo, coma nós e a día de hoxe ninguén en España.





**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García):** Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Seguinte pregunta.

**Pregunta de D. Xosé Luís Rivas Cruz e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impulso polo Goberno galego para exixirlle á empresa propietaria dos terreos da mina de Touro a elaboración e aplicación dun plan de restauración definitivo dos terreos e as augas**

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, presidente.

Hai case ano e medio que vostede daba a coñecer aquí, neste hemiciclo, a denegación da autorización ambiental ao proxecto mineiro de Atalaya Mining en Touro. Facíao con eses aires que o caracterizan nas súas intervencións, como dando a entender que vostede é o único que vela pola legalidade. E fixo máis, afirmou que lle ía exixir á empresa un plan de restauración actualizada. Era ano electoral, comezaba a representación teatral.

Porque esta pregunta que lle formulamos desde o BNG ten a ver con esa promesa feita aquí, na casa da palabra, na sede da soberanía do pobo dos galegos e das galegas, para nós, os nacionalistas, lugar da máxima seriedade.

Por aquel tempo o BNG promovera en Europa —vostede xa sabe que temos unha deputada a tempo parcial, pero vale máis que cinco a tempo completo—, promoveramos unha petición de investigación da contaminación da mina de Touro, petición que fora aprobada pola maioría dos grupos con representación na Comisión Europea de Peticións. E van vostedes e desde o Goberno galego envían ao Parlamento Europeo a solicitude de peche da investigación, ¿por? E pechouse, claro que si. ¿E a súa palabra, señor conselleiro?

Hai algo que non me cadra, porque se trata da súa palabra, empeñada publicamente nesta casa, ¿ou era soamente unha promesa electoral, un cadrar ben, unha arroutada xurdida así de súpeto? Porque nada sabemos de ningún plan de restauración e si dunha forte ofensiva propagandística, preparatoria dun novo vello proxecto mineiro. ¿Será agora dabondo a segunda versión da *lei de depredación* ou van precisar dunha terceira?

¿Sabía vostede que a mina, ese espazo, posúe lugares con extremófilos, é dicir, bacterias que se adaptan ás condicións extremas de acidez e contaminación? Ata iso chegamos, porque élle diso do que as xentes do común, os mortais que non temos ese elevado intelixente e formación para o entendemento dos procesos mineiros, da legalidade, da seriedade deste goberno da Xunta, pois, mire, desconfiamos. Porque como vostede non foi quen de facer cumprir a legalidade, como desde o Goberno non fixeron ningún movemento para que a empresa presentase un plan de restauración, pois pensamos que, se aparece de novo o proxecto con outra maquillaxe pero coa mesma cute e a mesma cara, vostedes non nos ofrecen confianza ningunha e teremos que saírmos de novo coa pancarta, cometer a ilegalidade de reclamar o que é de lei. ¿Non lle parece?



Por certo, ¿sábase algo do prometido plan de restauración?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas Cruz.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivas, ¡como lle gusta a poesía, (*Murmurios.*)(*Risos.*) como lle gusta!

Mire, eu non sei onde ve vostede a contradición. Debería saber vostede que este goberno está aplicando a normativa en materia mineira que vostedes aprobaron no ano 2008, debería sabelo. E debería saber que todas as decisións que estamos desenvolvendo dende o punto de vista da autorización e seguimento dos diferentes proxectos é, precisamente, derivada da Lei da minaría que aprobou o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, o Bipartito, no ano 2008.

Onde non hai contradición é que este goberno, efectivamente, está defendendo a minaría sustentable, que estamos defendendo que a industria é motor de riqueza e de emprego e que tamén o pode ser no medio rural; e, por suposto, o que estamos defendendo é que o desenvolvemento mineiro debe de ser cumprindo a lexislación vixente e garantindo todos os impactos dende o punto de vista medioambiental.

Vostedes, señor Rivas, están sempre no boicot, permanentemente no boicot, independentemente do tipo de industria e, no caso da minaría, por suposto, non podería ser menos e unha vez máis vostedes están en contra.

Pero o máis grave, señor Rivas, é que vostede comete a imprudencia —permítame o comentario— de acusar en vez de preguntar. Se vostede, en vez de acusar este goberno de dicir que non temos solicitado o plan de restauración, por precaución preguntara, diríalle, dende o Goberno, que, efectivamente, este goberno si lle ten requirido á empresa o plan de restauración. E trasladaríalle, se mo tivese preguntado, que ese plan foi presentado; e que ese plan ten deficiencias, e que se lle requiriu que se corrixiran as deficiencias, e a empresa está en prazo para facelo. Pero vostedes sempre acusan, nunca preguntan, non vaia ser que non lles guste, loxicamente, a resposta, e que, polo tanto, o seu relato ideolóxico en contra da minaría poida ter atrancos.

O mesmo sucede co proxecto de drenaxe, que tamén foi solicitado por este goberno, para a xestión integral das augas na explotación. E tamén, de xeito provisional, aprobouse como medida cautelar un proxecto para recoller as augas que emanan de forma natural, e iniciamos un expediente sancionador o pasado 16 de xuño, precisamente por se non executar por parte da empresa esta medida.



Señor Rivas, este goberno está actuando conforme a legalidade e conforme a normativa que o Bloque Nacionalista Galego aprobou no ano 2008 coa Lei da minaría.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, este Parlamento, esta casa da palabra, está para preguntar. Eu acábolle de preguntar polo plan de restauración e agradézolle que me diga que están niso. Niso están sempre.

Mire, vamos ver, desde o ano 1986 vostedes gobernaron case ininterrompidamente aquí. Nunca, nunca exixiron un plan de restauración, que tiña que estar feito, porque, mire, a lei de 1973, o Real decreto 294/1982, ou despois o que o substituíu, o 975/2009, falan da «obriga» da restauración. A vostedes non se lles acordou ata o de agora, ata o de agora, que, polo que vostede di —eu non creo, de verdade, como Santo Tomás en vostedes—, non o crerei nunca, e non lle é por ideoloxía, é polos feitos. Non lle é por ideoloxía, é polos feitos.

Pero, mire, vostede debe saber que, 35 anos despois de suspensa a actividade mineira, as balsas de estériles están sen encapsular, as drenaxes ácidas están nun vertido continuo ás augas da bacía, e os enormes ocos abertos están aí. E vostede debía saber tamén que máis de 65 quilómetros cadrados da recolleita de augas da cunca do Ulla teñen unha grave contaminación por drenaxes ácidas e polos metais pesados. Vostede debía saber tamén que o cobre, o chumbo, o cinc, o níquel, o cromo e o mercurio son bioacumulativos e que están presentes no río Ulla. E que ao final do río Ulla está a ría de Arousa, e que todo iso son milleiros de postos de traballo, que vostede di que nós non defendemos. Pero nós neste momento estamos defendendo milleiros de postos de traballo, contra os supostos cento non sei cantos, que se traducían en 50 aparcamentos que levaba o proxecto. Esa era a promesa da mina.

Señor conselleiro, déixese de ideoloxías e vaia ao práctico, e o práctico e o seu deber é velar pola legalidade e velar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas...

**O señor RIVAS CRUZ:** ...e velar por que os proxectos sexan...

(*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas. Grazas. (*Aplausos.*)

Peché da pregunta, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.



**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rivas, eu entendo perfectamente que vostedes non teñan ningunha confianza no Goberno do Partido Popular, iso é un dato. O que me preocupa é que non teñan respecto polo Goberno e que cando o Goberno vén a este Parlamento e traslada unha información se siga poñendo en dúbida e simplemente se utilice este Parlamento para xerar alarma social e, para a través das medias verdades, intentar trasladar á cidadanía unha situación que non é real.

Mire, eu fállolle de feitos, e o feito é que este goberno denegou a autorización para a explotación mineira de Touro. Ese é o feito. Pero fíxoo o Partido Popular, non o fixo o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* Esa é a realidade.

E fixémoslo, señor Rivas, aplicando a lei que vostedes aprobaron cando estiveron no Bipartito, entre o ano 2005 e o 2008 —je que ten un baleiro de memoria que parece que vostedes non gobernaron entre o ano 2005 e o ano 2008!—. E fixémoslo, simplemente, a través de informes desfavorables por parte da propia Administración autonómica, neste caso da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e de Augas de Galicia.

Vostede acusoume de non pedir o plan de restauración, non me preguntou, acusoume. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* E acusoume dun dato sen preguntar. E nós claro que lle pedimos o plan de restauración, e como non estaba correcto pedímoslle ese requirimento que esperemos que a empresa o poida presentar en prazo.

E seguiremos aplicando a lei. ¿Onde está a contradición e, sobre todo, por que o Bloque Nacionalista Galego renega do seu pasado? ¿Por que renega do seu pasado? ¿Por que no ano 2008 o Bloque Nacionalista Galego dicía que a actividade da minaría é perfectamente compatible co medio ambiente e coa creación de postos de traballo, coa creación de riqueza e agora queren pechar todo?

Vostede, xa que non ten confianza —e insisto— debería ter un pouco de respecto, iso si, pero que non ten confianza no Goberno, seguramente, cando quere falar do impacto que ten a mina de Touro na ría de Arousa, ao mellor debería de informarse dos informes que o Instituto de Investigacións Mariñas do Consello Superior de Investigacións Científicas ten publicado, que veñen de acreditar, señor Rivas, nun informe finalizado en decembro, que a antiga mina de Touro non está a afectar a calidade das augas da ría de Arousa a través do río Ulla. Xa está ben de ideoloxía, xa está ben de demagogia e xa está ben de ir en contra da minaría e da actividade industrial en Galicia. ¡Xa está ben, señor Rivas! *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo e dezoito deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións da Xunta de Galicia para salvar os proxectos e postos de traballo da conserveira Thenaisie Provoté, do Grove**

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde, señor conselleiro.



O BNG non renega do seu pasado e eu agardo que vostede non renegue das competencias que ten como goberno, e que diso vai a pregunta que lle vou facer agora.

En maio do ano 2020 a empresa conserveira Thenaisie Provoté, afincada no concello do Grove, presentaba concurso voluntario de acredores. Esa situación fixo saltar todas as alarmas porque poñía en risco unha das empresas máis importantes do concello e un auténtico motor económico. Estamos a falar de 125 empregos directos entre a planta produtiva situada no Grove e a loxística afincada en Mos, aos que hai que sumar os 200 postos temporais para realizar campañas puntuais —o 90 % deste emprego, feminino— e todos os postos indirectos que se derivan desta actividade empresarial.

O BNG trouxo aquí a este Parlamento o problema moi preocupadas pola situación. Preguntámoslle que estaba facendo a Xunta para garantir a viabilidade da conserveira e dos postos de traballo, preguntamos polas alternativas que a Xunta estaba poñendo encima da mesa, e hoxe, un ano despois, temos que volver facerlle as mesmas preguntas: ¿Que fixo ou está facendo a Xunta de Galiza para salvar os postos de traballo, o proxecto da conserveira Thenaisie no Grove?

Pedímoslle que actuara responsablemente e acorde á responsabilidade do cadro de persoal e do comité de empresa, implicado desde o primeiro momento en buscar alternativas, que tivera correlación ese compromiso das traballadoras na Xunta de Galiza e non temos constancia de que fixera absolutamente nada ao respecto.

Mire, a situación de Thenaisie non ten ningunha xustificación. Ten instalacións modernas, ten cadro de persoal experimentado e capaz, un sector da conserva en alza, nunca tanto ten facturado. A viabilidade da empresa parece máis que evidente porque, a pesar do concurso de acredores, a pesar de estar en fase de liquidación, a maioría do cadro de persoal segue traballando e cobrando en prazo.

E ademais de todo o anterior hai propostas empresariais. Neste momento hai tres ofertas empresariais presentadas, dúas das cales inclúen o mantemento da maioría dos postos de traballo. E a pregunta, señor conselleiro, é se están facendo seguimento das propostas que se teñen presentado, das que se teñen presentado diante da administración concursal; se se teñen dirixido a algunha empresa para pedirlle ou ver se estaban en dispoñibilidade de facerse cargo de Thenaisie; se ten dirixido, á Xunta ou ao Igape, algunha empresa en demandar apoio, avais ou algunha liña de axuda e cal foi a actuación da Xunta diante dalgunha destas actuacións, se se produciron.

Porque, mire, a situación neste momento é desesperada e o tempo vaise esgotando. A día de hoxe a conserveira está en fase de liquidación e co temor de que se vexa abocada a terminar en subasta, sen que se teñan coñecido actuacións por parte da Xunta de Galiza para salvar a empresa.

Precisan que a Xunta actúe do que é, o goberno dos galegos e das galegas, e se poña do lado das empresas. Polo tanto, señor Conde, ¿que está facendo a Xunta de Galiza para salvar Thenaisie?



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Emprego e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, eu agradézolle que, a diferenza do discurso do seu compañeiro de grupo, do señor Bará, vostede, polo menos, está mostrando algo de respecto pola actividade industrial en Galicia e, ao menos en aparencia tamén, estase poñendo ao lado das traballadoras e dos traballadores de Thenaisie Provoté.

Eu o que non entendo, sinceramente, señora Prado, é que, coa información que ten vostede, que estou convencido de que ten a mesma información ca min, veña a este Parlamento intentar polemizar. Non o entendo, sinceramente. Non entendo por que hai que buscar a confrontación en vez de estar buscando espazos de diálogo e de colaboración e de traballar conxuntamente, incluso o Bloque Nacionalista Galego, apoiando a Xunta de Galicia. Porque estamos falando de traballadores e traballadoras que, efectivamente, estamos intentando que poidan manter o seu posto de traballo.

Vostede sabe perfectamente que dende o primeiro momento a Xunta de Galicia estivo buscando alternativas. Primeiro, coa empresa propietaria, con Scandia, con numerosas iniciativas, numerosas reunións e diferentes escenarios para poder apoiar un proxecto solvente por parte de Scandia.

Os propietarios non quixeron darlle viabilidade, a pesar do compromiso da Xunta de Galicia en apoiar os diferentes investimentos que se estaban a plantexar. Coñéceo perfectamente o comité de empresa e todas as traballadoras e traballadores de Thenaisie Provoté. Estráñame que vostede non, aínda que aquí pareza que o pretende omitir.

E sabe perfectamente que nestes momentos estamos no proceso concursal, onde, efectivamente, hai varias ofertas, e claro que a Xunta de Galicia está en contacto coas diferentes empresas que se están postulando. Pero debería de saber que a Xunta de Galicia o que non pode facer é comprometer ningún tipo de apoio antes de que o administrador concursal e o xuíz resolvan e poidan determinar cales das propostas e cal das iniciativas é a mellor para garantir os postos de traballo e a viabilidade.

O que si ten trasladado a Xunta de Galicia é que, dende logo, unha vez que se produza esa resolución e se identifique a iniciativa por parte do administrador concursal e do xuíz, a Xunta de Galicia claro que estará para seguir apoiando un proxecto que sexa solvente, un proxecto que sexa viable e un proxecto que, loxicamente, cando a Xunta de Galicia comprometa recursos, vaian orientados, precisamente, a garantir a viabilidade desa empresa. E a Xunta de Galicia non teña ningún tipo de dúbida de que, igual que estivo dende o primeiro momento, estará no momento no cal a administración concursal e o





xuíz poidan resolver esa iniciativa e, dende logo, apoiaremos na medida en que haxa un proxecto...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas...

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** ...que garanta esa viabilidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Polo que vexo, señor conselleiro, espera que apareza un proxecto, pero non di que está facendo para impulsar un proxecto, que é o que lle piden as traballadoras e o que lle estamos pedindo desde o BNG, que non estea sentado esperando a que apareza un proxecto, senón que se molle, que se remangue, que se poña a traballar para que haxa un proxecto. Esa é unha pequena diferenza, non esperar, senón poñerse a traballar para que haxa ese proxecto.

O Goberno galego ten competencias en política industrial, en emprego, en política pesqueira, e o que lle pedimos é que as exerza, que as exerza, que exerza de goberno, porque Thenaisie está en tempo de desconto, señor conselleiro, vostede sábeo. E vostede sábeo porque, en xullo do ano 2020, seis días antes das eleccións ao Parlamento galego, vostede comprometeulle ás traballadoras desatascar o tema, e un ano despois desa promesa sabemos que vostede está esperando a que xurda un proxecto, pero máis nada sabemos, porque vostede non tivo tempo para volver reunirse coas traballadoras.

A conselleira do Mar en outubro dixo neste Parlamento que: «Tanto o vicepresidente segundo coma min estamos convencidos de que seremos capaces de axudarlle a encontrar un investidor para que teña futuro a planta do Grove. Estamos traballando con rigor dende o minuto un, tardaremos máis ou menos pero as cousas gústanos facelas ben».

E, claro, a pregunta é: ¿en que consistiu ese traballo tan rigoroso, señor conselleiro? Porque, insisto, Thenaisie está en fase de liquidación e as traballadoras, dende logo, están moi pesimistas a respecto de cal sexa o futuro da súa empresa.

Eu sígolle preguntando que fixo, enumere esas alternativas, enumere o traballo feito, diga en que días, en que horas se reuniu, con que empresas, que propostas lle fixeron as empresas, se lle pediron algún tipo de aval, se lle pediron algún tipo ou liña de axudas. Enumere, teña a valentía de dicir aquí algo máis que botar balóns fóra. Porque ¿como vai ser capaz de explicar que, existindo unha empresa con instalacións modernas, cadro de persoal experimentado, sector pesqueiro á alza e habendo propostas encima da mesa, o Goberno galego non sexa quen de sacar adiante un proxecto empresarial que significa tanto traballo feminino e tanto traballo industrial,...



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado, grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...tan escasos en Galiza?

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas. *(Aplausos.)*

Peché da pregunta, vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, vexo que non entendeu nada do que trasladei na miña primeira pregunta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ás veces resúltame moi complicado vir a este Parlamento e dar resposta ao Bloque Nacionalista Galego, sinxelamente porque eu traslado datos concretos e vostedes simplemente non queren escoitar, ou non queren simplemente coñecer a realidade.

Eu trasladeille que, efectivamente, dende o primeiro momento estivemos en contacto coa empresa e coas diferentes alternativas, seguimos en contacto con elas e nestes momentos simplemente temos que respectar os prazos dun proceso concursal, que debería de saber que iso debe de ser así e, polo tanto, a Xunta de Galicia claro que está identificando como pode garantir a viabilidade da empresa e, polo tanto, dos postos de traballo.

Eu o que non sei é cal é a proposta do Bloque Nacionalista Galego. Seguramente a proposta do Bloque Nacionalista Galego neste caso concreto sería, seguramente, que o Goberno comprometera 30 millóns de euros, simplemente pedindo como garantía a propia marca The-naisie Provoté, que se pode valorar en 30 millóns de euros, e a partir de aí garantir, efectivamente, a viabilidade da empresa.

Iso foi o que vostedes fixeron con Alfageme, señora Prado, exactamente iso, sen que houbera un proxecto solvente que garantise a viabilidade do proxecto. ¿E sabe que pasou? Que os galegos e as galegas tivemos que pagar 30 millóns de euros pola súa irresponsabilidade, simplemente por un populismo, por unha irresponsabilidade de goberno.

Non conte co Partido Popular para tomar ese tipo de medidas. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* O Partido Popular vai traballar con calquera iniciativa que presente un proxecto de viabilidade e, na medida en que a administración concursal e o xuíz identifiquen unha iniciativa que garanta esa viabilidade, a Xunta de Galicia estará para apoiar ese proxecto.

Sábeo quen o ten que saber, que son as traballadoras e os traballadores, sábeo o comité de empresa, e eu lamento, simplemente, que, unha vez máis, o Bloque Nacionalista Galego estea de costas aos traballadores e ás traballadoras.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D. Juan Carlos Francisco Rivera e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a sanción imposta polo Servizo Galego de Saúde a un facultativo xinecólogo do Hospital Comarcal de Verín**

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Boa tarde, señor Comesaña.

Na comarca de Monterrei hai estupefacción, hai alarma en relación a un feito, unha resolución que se acaba de ditar polo Sergas en relación á incoación dun expediente a un xinecólogo do hospital de Verín. Un xinecólogo ao que se lle impón unha sanción pola posible comisión dunha infracción grave, e que o único que ten acontecido aí é que, efectivamente, ese xinecólogo se ten posicionado no seu momento na defensa do hospital público, na defensa da sanidade pública, na defensa dun paridoiro público na comarca de Monterrei.

Diante desa situación incóaselle un expediente, un expediente promovido polo xerente da EOXI, o señor Rubial, un expediente promovido a escasos días da súa caducidade e un expediente que se resolve impoñéndolle unha sanción de 2 días de suspensión de soldo, diante dunha xustificación —e vístese así o expediente— de que hai unha desconsideración cun compañeiro, neste caso cunha pediatra, cousa que nin está probado na resolución nin obedece aos feitos acontecidos naquel momento, que, simplemente, como vostede sabe —porque vostede o sabe—, que simplemente se trataba dunha discrepancia, unha discusión entre compañeiros, algo habitual, lóxico e normal en todas as empresas e tamén no Sergas.

Diante diso, a Xunta de Galicia imponse unha sanción, unha sanción que, efectivamente, non é firme, e que esperemos que no ámbito do recurso de alzada, que ten que resolver vostede, atenda esas alegacións, por unha cuestión legal e xurídica, e archive o expediente que se ten incoado a unha persoa honorable, a unha persoa que ten unha lexitimidade diante da cidadanía enorme, despois de 25 anos defendendo a sanidade pública e prestando os seus servizos naquel hospital, e que, polo tanto, evitemos que con este expediente poidamos concluír que o que aquí hai, en definitiva, sexa un axuste de contas, unha represalia contra unha persoa que o único que fixo foi defender o hospital público. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, nós non lle pedimos que lle fagan vostedes un monumento ao señor Castriño, xinecólogo do hospital de Verín, iso xa llo fai a sociedade de Verín, xa llo fai a sociedade de Verín, xa llo fai a sociedade da comarca, que lles reconece a todos, a el e a todos os xinecólogos e a todos os facultativos, todo o que levan feito pola sanidade. Simplemente lle pedimos que actúe conforme a legalidade e que non actúe, como se deduce do expediente, mediante un axuste de contas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Francisco Rivera.

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.



**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Boa tarde, presidente.

Bos días, señorías, señor Francisco.

Segundo vostede, a cidadanía de Verín está estupefacta coa resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade respecto do expediente disciplinario do xinecólogo de Verín.

Vaia por diante, en primeiro lugar, o meu respecto a todos os traballadores do hospital de Verín, aos xinecólogos, aos pediatras e a todos os profesionais dese hospital. Pero estou seguro de que esa cidadanía non está tan sorprendida coma min ao ter que vir responder a este pleno unha pregunta que dubida da independencia e do traballo dunha profesional que foi instrutora dese expediente. Non máis estupefactos ca min ao ver o seu portavoz dando unha rolda de prensa na porta do hospital, dubidando tamén dos procesos regulados para a defensa dos dereitos dos traballadores do Servizo Galego de Saúde.

Permítame que dubide eu da decisión de incluír no debate plenario esta pregunta, porque a min faime dubidar que vostedes teñan tan pouca consideración cunha facultativa, neste caso, que presentou unha denuncia. Faime dubidar da conveniencia da pregunta que sexan tan desconsiderados co traballo que realiza o Servizo de Inspección do Sergas, desconsiderados coa instrutora do expediente, unha funcionaria pública independente e soberana na instrución do procedemento. Tamén coa xefa de servizo, que avaliou o informe emitido pola instrutora para comprobar e verificar que cumpría os criterios e requisitos establecidos para os expedientes disciplinarios, e tamén coa subdirectora, que lle deu o visto bo.

Vostedes poñen en dúbida o bo facer destes profesionais e nós non poñemos en dúbida o bo facer de ningún profesional, ao considerar —repito— que o secretario xeral non debería ter asinado a proposta de resolución e a súa proposta é que arquivemos o expediente. Vostedes o que nos piden é que o metamos nun caixón. ¿E onde quedan os dereitos desa profesional que ten denunciado uns feitos polos que se sentiu maltratada por parte dese facultativo? ¿O Partido Socialista tan só vela polos intereses dun profesional en concreto ou o que vela é polos seus propios intereses?

Nós entendemos que hai que ser serios neste caso e en todos os que pasan no departamento de inspección do Sergas. Non poden vostedes empregar politicamente cuestións que están perfectamente reguladas. De feito, a sanción é grave porque así está estipulado no capítulo XII do réxime disciplinario do Estatuto marco do persoal sanitario. O profesional contou con toda a información precisa ao longo de todo o procedemento, tivo a posibilidade, e usouna, de facer alegacións, e agora ten posibilidade de interpoñer recurso de alzada e, de ser o caso, como saben, recurso contencioso-administrativo.

Polo tanto, este proceso levouse a cabo con todas as garantías para os dous implicados: a facultativa que o denuncia o profesional denunciado. E así debe ser, debe contar con estas garantías. Non podemos saltarnos os dereitos dun pero tampouco, como vostedes pretenden, os da muller que interpuxo a denuncia. Os procesos administrativos deben ser totalmente garantistas e para iso os cargos políticos non debemos interpoñernos. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Francisco Rivera.

**O señor FRANCISCO RIVERA:** Grazas.

Di a resolución que o que houbo aquí foi unha discusión entendible, un feito que se dá con maior ou menor frecuencia, iso é o que di a resolución. E vostedes a este feito estallle aplicando, dun xeito non tipificado no regulamento, unha sanción que nada ten que ver cos feitos cometidos. Porque vostedes están falando de que o xinecólogo fixo unha desconsideración á pediatra. Sen embargo, non din cal, nin cal foi ese tipo de desconsideración. ¿Cales foron os insultos, cales foron as desconsideracións das que se deduce a posible sanción que lle están metendo vostedes ao xinecólogo? Ningunha, porque non a houbo, non a houbo, e vostedes sábeno.

Este expediente está incoado con inquina polo señor xerente da EOXI, mesmamente obrigando a denunciar á pediatra, que logo se retracta no propio expediente e di que, efectivamente, foi ela que denunciou; e o que se esconde aquí, señor Comesaña, non é nin máis nin menos que un axuste de contas con aquel que ousou defender diante da cidadanía o hospital público de Verín fronte a unha decisión política que pretendía pechar o paritorio dese hospital. Iso é o que aconteceu aquí e iso é o que vostedes están sancionando.

Eu, señor conselleiro, podo optar por dúas vías: atender ás alegacións plantexadas no recurso de alzada, que vostede ten que resolver, atender á legalidade do procedemento, ou desestimálas e, loxicamente, enviar o xinecólogo e o facultativo ao contencioso-administrativo.

Tamén lle digo unha cousa: se, efectivamente, finalmente isto acaba no contencioso e hai unha resolución favorable ao xinecólogo, vostede non elixa a quen cesar, porque o PSdeG vai pedir a súa dimisión.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Francisco Rivera.

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Moitas grazas.

Ben, respecto ao expediente nós consideramos que non hai lugar a máis debate. Hai un profesional que recolle unha denuncia, outro profesional que instrúe o caso, unha serie de elementos que supervisan o proceso e unha proposta final, alegacións neste caso da persoa denunciada e resposta final. Repito, creo que o procedemento non pode ser máis garantista.

Ao final este expediente sancionador poderá ser positivo ou negativo, esa será a resolución que adopte a Inspección, non este conselleiro. E repito que ao Goberno galego lle parecerá ben calquera decisión que adopte o instructor, porque confía no seu criterio.



O curioso é que falen da loita contra o desmantelamento do hospital de Verín, ese presunto desmantelamento que consiste en que xa temos adxudicado o proxecto que permite ampliar o servizo de urxencias, así como o PAC, ou tamén facer unha mellora enerxética das instalacións. Ou, sen falar de infraestruturas, falar tamén da incorporación de novos profesionais, neste caso unha pediatra recentemente incorporada para cubrir unha praza dun pediatra xubilado.

Polo tanto, repito que a nosa aposta é continuar co hospital de Verín. Comecei recoñecendo o traballo dos profesionais que alí o desenvolven e, repito, falar neste caso dos detalles do expediente e pedirnos que arquivemos o procedemento vén a dicir cal sería a súa actitude no caso contrario. Dende logo, nós imos seguir defendendo a actitude e o traballo dos inspectores e confiando en que a proposta que faga este instrutor sexa a máis ecuánime, a máis razoable e, dende logo, a que o Goberno galego vai apoiar.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**Pregunta de D. Paulo Ríos Santomé, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para garantir unha asistencia sanitaria digna no centro de saúde de Seixo, no concello de Marín**

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Quería comezar esta intervención parabenizando xa que o venres pasado a política sanitaria da Xunta de Galiza conseguiu un fito histórico na parroquia de Seixo en Marín. Máis concretamente, conseguiu isto, señor conselleiro: que milleiros de veciñas saísen ás rúas en contra das políticas sanitarias da Xunta de Galiza, (*Aplausos.*) polo seu dereito a unha sanidade pública de calidade e libre de recortes. Polo tanto, parabéns, señor conselleiro. Unha representación deses veciños e veciñas acompañáanos hoxe no Parlamento e aproveito para agradecerlles que viñeran e para saudalas.

O centro de saúde de Seixo dá servizo ás parroquias de San Tomé, Seixo, Ardán e O Campo, as cales contan cunha poboación de preto de 5.000 persoas, mais ao que hai que engadirlle o turismo en época estival e as traballadoras das empresas da zona, algunhas delas dun tamaño considerábel, que teñen ese centro de saúde como referencia.

Este centro de saúde leva anos soportando recortes no que atinxe ao persoal. Por un lado, coa eliminación do reforzo estival por mor do turismo e, por outro lado, coa perda dun auxiliar de enfermería a tempo completo, que na actualidade ten que compartir co centro de saúde de Marín.

Dende o Grupo Parlamentario do BNG queremos saber que vai pasar coa atención no centro de saúde de Seixo, xa que este mesmo verán un dos dous médicos que dan servizos en Seixo xubilase e o outro médico debe desfrutar das súas vacacións.





Hai moitos xeitos de deixar morrer un centro de saúde, señor conselleiro, e un deles é a non contratación ou a non substitución do persoal. ¿Pode garantir a Xunta de Galiza e a súa consellería a substitución do persoal que por vacacións e xubilacións non vai poder atender a veciñanza nesas catros parroquias?

Outro xeito de deixar morrer un centro de saúde é non adecuar os servizos ás necesidades da veciñanza, pois nunhas parroquias con varios colexios e cunha escola infantil é fundamental contar con horario de profesionais de pediatría, así como tamén, pola composición das diferentes parroquias, sería necesario contar con horarios e profesionais de fisioterapia.

Señor conselleiro, ¿pode vostede garantir que non vai deixar morrer o centro de saúde de Seixo? ¿Vai dotalo do persoal axeitado para dar un servizo digno? ¿Vai implantar servizo de pediatría e fisioterapia para atender as necesidades da veciñanza?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ríos Santomé.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Boa tarde, presidente.

Señorías, señor Ríos, todos sabemos a dificultade de conseguir facultativos en particular e persoal en xeral no ámbito da atención primaria. Seguro que a todos nos gustaría ter maiores mecanismos para poder conseguilo e poder cubrir os 552 centros que hai en Galicia, repartidos en 462 centros de saúde e 90 PAC. E falamos dun total de 2.000 profesionais, neste caso de medicina familiar e comunitaria.

Con esta situación de partida temos que afrontar circunstancias como a dos períodos de vacacións ou a xubilación dalgún profesional, como é o caso que nos ocupa. Como vostede ben di, coinciden as circunstancias do período vacacional e a xubilación dun facultativo.

Aínda que houbo ese debate sobre este centro de saúde no pleno do Concello de Marín, e a alcaldesa ten trasladado perfectamente o compromiso do Servizo Galego de Saúde, trasladado dende a propia consellería, ademais de ser oído pola prensa, vostedes insisten con esta pregunta, á que intentarei darlle resposta e aclarar a situación.

Miren, a única alarma social que hai no concello de Marín respecto á sanidade é a que vostedes mesmos xeraron de xeito artificial, xa que en ningún momento, en ningún momento, se manifestou ou se tivo intención de dismantelar ou pechar ese centro.

Como dicía, a situación é similar á doutros centros, a xubilación dunha enfermeira e agora dun médico de familia fainos ter que recorrer a tipos de coberturas habituais nestes casos. Para coberturas dos médicos véñense empregando ferramentas como a intersubstitución, cobertura cun facultativo de cota do mesmo centro de saúde, ou as prolongacións de xornada.



Estas ferramentas úsanse dende hai anos en Galicia e no resto das comunidades autónomas, ante a imposibilidade de optar pola vía da contratación.

Dicía antes que temos 2.000 médicos de atención primaria e non temos 2.000 substitutos. Sería malo que houbera 2.000 médicos no paro, non temos 2.000 substitutos. Polo tanto, a cobertura das vacacións dos profesionais dos centros de saúde faise con intersubstitución ou prolongación de xornada. Esa é a ferramenta que imos utilizar.

Como vostedes saben, o profesional que se xubila non vai traballar ata o último día senón que vai coller vacacións un mes antes, que, por outra parte, ten dereito a collelas; polo tanto, a partir dese momento, en canto se xubile ou nas súas vacacións, resolverase a súa ausencia do xeito que se resolve en calquera centro de saúde da comunidade autónoma.

A praza cubrirase en canto sexa posible segundo as posibilidades existentes, pero mentres a asistencia está totalmente garantida.

Así mesmo, a substituta da profesional de enfermería que se xubilou o pasado 5 de maio ten contrato, ao menos, ata comezos de setembro. Polo tanto, como ven vostedes e todos os cidadáns da zona de Seixo e das parroquias que reciben asistencia neste centro de saúde, teñen garantida a súa asistencia sanitaria e así seguirá sendo. Polo que, lonxe do que vostedes trasladan, eu quero transmitirles a todas as persoas de Marín toda a tranquilidade, xa que poderán seguir recibindo asistencia no centro de saúde de Seixo, que nin pechará —repito, non se pechará— nin contará con menos servizos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Ríos.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, eu agradezo bastante, paréceme moi ben que considere que o BNG ten a capacidade de sacar 4.000 veciños e veciñas á rúa por un capricho ou por crear unha alarma social. A verdade é que fala moi ben da nosa organización. Pero ese non é o caso, o BNG non lle puxo unha pistola na cabeza a ninguén para que se manifestara por un dereito a unha sanidade pública e de calidade en Marín. Polo tanto, non ningunee nin faga de menos o criterio e as esperanzas dos veciños e as veciñas de Marín, de Seixo (*Aplausos.*), por ter unha calidade na súa sanidade.

Dicíalle antes, señor conselleiro, que o problema non é pechar ou non pechar o centro de saúde. É que hai moitas formas de deixalo morrer sen pechalo, unhas formas moito máis sutís, como é deixalo sen servizos. Estámolo vendo noutras partes do país e por iso tamén as veciñas e veciños desas catro parroquias están tan alarmadas, porque ven como hai outros centros de saúde que cada vez van perdendo máis facultativos, que cada vez se perden horarios e que se derivan a outros centros de saúde. Iso estámolo vendo todos os días, e, polo



tanto, é normal que a veciñanza nesas parroquias estea completamente alarmada ante esta situación que lle vén enriba ao centro de saúde de Seixo.

Eu quixera hoxe, señor conselleiro, aproveitando que xa é a última pregunta da orde do día e que están aquí as veciñas e veciños de Marín, que lles traslade persoalmente vostede ese compromiso, ese compromiso de que non van a quedar sen unha asistencia digna, que non van ver reducidos ningún dos dereitos que teñen a día de hoxe. E non só iso —e non me respostou— senón tamén un compromiso ou non, ou unha negativa, segundo vostede considere, ou unha negativa segundo vostede considere, os plans da Xunta consideren, a ser van ter unha ampliación de servizos que cremos que merecen e que son necesarios para cubrir as necesidades desta poboación. Como dicía antes, pediatría e fisioterapia.

Non deixen morrer o centro de saúde, garántanlles de verdade aos veciños, comprométanse cos veciños e veciñas das parroquias a que non van ver os seus dereitos reducidos nin un ápice neste período estival e no que queda tamén de ano. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Ríos.

Peche da pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña):** Si, señor Ríos, non terxiverse as miñas palabras, eu en ningún momento desmerecín a vontade das persoas que se manifestaron, que vostede di que son 4.000, eu non sei cantas foron, non estiven alí, seguro que vostede si.

O que digo é que vostedes manipulan, e se á xente se lle di que vai pechar o centro e llo di alguén que, supostamente, ten unha certa credibilidade, ao final a xente acábao crendo. Pero ben, non pasa nada, eu estou aquí hoxe para dicirlle á xente que está con vostedes aquí que é mentira, vostede mente, non hai ningunha intención de pechar ese centro de saúde. Pódoo dicir máis alto, máis claro... *(Aplausos.)*

Pero, ademais, fíxese, non é que o diga eu hoxe aquí. Isto mesmo xa o dixo o xerente, xunto coa alcaldesa, nunha xuntanza cos facultativos do centro e con varias asociacións. Ese compromiso díxose alí no propio centro de saúde no mes de xuño, non onte nin despois da manifestación, no mes de xuño fíxose ese compromiso. E, polo tanto, ese compromiso do xerente é meu tamén. Repito, non se vai pechar o centro de saúde de Seixo. A ver se así o entende vostede.

Por tanto, vostedes poden seguir alimentando polémicas artificiais pero a poboación finalmente poderá comprobar quen dicía a verdade. Dende a Consellería de Sanidade seguiremos traballando para ofrecerlle a mellor atención sanitaria nos centros de primaria e no PAC que temos no concello de Marín, mantendo todos os servizos instaurados e establecendo as melloras precisas sempre que sexan necesarias.

E dende a Xunta seguiremos avanzando para dotar todos os concellos, tamén Marín, e todos os cidadáns dunha atención primaria máis forte, mellor organizada e que permita unha utilización dos recursos, especialmente dos recursos humanos.



Como saben, contamos xa coas conclusións obtidas na comisión técnica para poñer en marcha as novas medidas, co obxectivo, entre outros, de mellorar a xestión das axendas, reducir as demoras, ordenar as carteiras de servizos, fomentar o traballo en equipo e comunitario, etc.

Xunto con estas medidas, seguiremos traballando para poder contar con máis profesionais que permitan atallar situacións como esta, polo que continuaremos reiterando a necesidade de acreditación de máis unidades formativas, así como, tal e como se ten aprobado no ditame recentemente na Comisión de Reactivación, convocar un MIR extraordinario e cubrir a carencia de especialistas en medicina de familia.

O noso obxectivo é que a atención primaria sexa o eixo vertebrador de toda a sanidade e para iso contamos coa contribución dos profesionais que teñen participado neste tempo na planificación da primaria do futuro e ese traballo redundará, sen dúbida, no beneficio da calidade asistencial que lles presta a todas as galegas e galegos e, en particular, aos veciños de Seixo.


Polo tanto, insisto, quede tranquilo, queden tranquilas, sobre todo, as persoas que viñeron con vostede e as que están en Seixo, a Xunta de Galicia non vai pechar o consultorio de Seixo, unha vez máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Rematan aquí estes dous plenos intensos. Eu teño que dicir, e xa levo aquí uns cantos anos, que non recordo unha produción lexislativa tan produtiva como esta que vivimos nestes oito meses. Non a recordo. E, polo tanto, eu trasládolles esta felicitación a este traballo. Creo que é labor de todos e, ben, verémonos cando toque, iso xa veremos. Será en setembro, supoño eu. Ben, que o pasen ben.

*Remata a sesión ás seis e seis minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

